



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 98

VI lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 26 de febreiro de 2004

Presidencia do Excmo. Sr. D. José María García Leira

ORDE DO DÍA

(Continuación.)

3. Mocións

3.1 06/MOC-0133 (13977)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

López Pérez, Emilio

Sobre as medidas que debe adoptar-lo Goberno galego en defensa do sector lácteo. (Moción, a consecuencia da Intepelación núm. 12276, publicada no BOPG núm. 444, do 4.11.2003, e debatida no Pleno do 10.02.2004).

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 513, do 21.2.2004

3.2 06/MOC-0134 (13981)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sineiro García, Francisco e Soneira Tajés, María Soledad

Sobre o volume do desfase existente entre as producións e as cotas de leite en Galicia na última campaña 2002-2003. (Moción, a consecuencia da Intepelación núm. 11831, publicada no BOPG núm 424, do 4.10.2003, e debatida no Pleno do 10.02.2004).

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 513, do 21.2.2004

3.3 06/MOC-0135 (13982)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Varela Sánchez, Ricardo

Sobre a situación do mercado laboral galego. (Moción, a consecuencia da Intepelación núm. 10906, publicada no BOPG núm. 394, do 29.08.2003, e debatida no Pleno do 10.02.2004).

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 513, do 21.2.2004

4. Proposicións non de lei ante o Pleno

4.1 06/PNP-0219 (9800)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seara Sobrado, Laura e 2 Deputados mais
Sobre as actuacións que se deben levar a cabo respecto do proceso de reconstrución en Iraq.

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 346, do 05.05.2003

4.2 06/PNP-0280 (11994)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodríguez Peña, Xosé Henrique e Darriba Calviño, Rosa M^a
Mercedes

Sobre a solicitude da transferencia de competencias da Administración do Estado á Xunta de Galicia do patrimonio edificado e o contorno paisaxístico e ambiental sobre o que se asenta, nas zonas fronteirizas galaico-portuguesas.

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 432, do 17.10.2003

4.3 06/PNP-0289 (12616)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pose Mesura, Modesto e 2 Deputados mais
Sobre a presentación dun plan galego de loita contra a enfermidade de Alzheimer e outras demencias, para o seu debate no Parlamento.

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 458, do 21.11.2003

4.4 06/PNP-0307 (13318)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Sobre a elaboración dun Plan de emprego xuvenil.

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 495, do 31.01.2004

5. Interpelacións

5.1 06/INT-0359 (12847)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Díaz Díaz, Xosé e Veiga Buxán, Xesús Manuel
Sobre as insuficiencias do vixente sistema de financiamento autonómico para Galicia.

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 470, do 05.12.2003

5.2 06/INT-0290 (10732)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sobre as consecuencias para Galicia da tramitación no Congreso dos Deputados do Real decreto lei 4/2003, do 20 de xuño, referente ás actuacións para o aboamento de indemnizacións en

relación cos danos ocasionados polo accidente do buque Prestige.

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 389, do 21.08.2003

5.3 06/INT-0374 (13207)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Suárez Canal, Alfredo
Sobre a defensa dunha posición galega no debate sobre a reforma do marco estatutario-constitucional.

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 495, do 31.01.2004

5.4 06/INT-0375 (13208)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rego González, Ismael e 2 Deputados mais
Sobre a campaña institucional da construción do AVE en Galicia.

Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG núm. 494, do 30.01.2004

5.5 06/INT-0377 (13237)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ferreiro Abelleira, Xosé Francisco
Sobre as contratacións do persoal substituto na rede pública do Sergas a través de contratos en precario.

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 495, do 31.01.2004

6. Preguntas dirixidas ó presidente da Xunta de Galicia

6.1 06/POPX-0045 (13995)

Pérez Touriño, Emilio
Sobre a alternativa do Goberno galego para as persoas maiores con poucos recursos que necesitan atención e non poden acceder a unha praza nunha residencia pública.

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 513, do 21.2.2004

6.2 06/POPX-0046 (14005)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Suárez Canal, Alfredo
Sobre a perda de escanos e de representación de Galicia no Congreso dos Deputados.

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 513, do 21.2.2004

7. Preguntas orais dirixidas ós membros do goberno

7.1 06/POP-0395 (13080)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
López Vidal, Pablo Xabier

Sobre as repercusións que terá na conservación dos postos de traballo da empresa Labauto Ibérica de Ourense a posible venda de 68.000 m² de terreo dos 106.000 que ocupa na actualidade.

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 501, do 07.02.2004

7.2 06/POP-0409 (13435)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego Sobre a posible venda, por parte da Xunta de Galicia, do patrimonio das cámaras agrarias.

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 494, do 30.01.2004

7.3 06/POP-0429 (14011)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Herraiz, Margarita

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para a prevención da violencia de xénero e a protección das vítimas.

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 513, do 21.2.2004

7.4 06/POP-0396 (13097)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

López Pérez, Emilio

Sobre un auto recente do Xulgado de Monforte de Lemos respecto das obras realizadas no antigo mosteiro de San Vicente do Pino e o seu contorno monumental.

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 489, do 15.01.2004

7.5 06/POP-0399 (13157)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seara Sobrado, Laura

Sobre o problema da anorexia e da bulimia.

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 494, do 30.01.2004

7.6 06/POP-0410 (13437)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Veiga Buxán, Xesús Manuel

Sobre as iniciativas adoptadas polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referente á esixencia do Goberno central dunha programación orzamentaria plurianual dos novos investimentos previstos no Plan Galicia.

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 498, do 04.02.2003

Retómase as sesión ás dez e dous minutos da mañá.

Pregunta dirixida ao presidente da Xunta de Galicia, de D. Emilio Pérez Touriño, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a alternativa do Goberno galego para as persoas maiores con poucos recursos que necesitan atención e non poden acceder a unha praza nunha residencia pública. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Pérez Touriño (S).* (Páx. 9.)

Contestación do presidente da Xunta: *Sr. Fraga Iribarne.* (Páx. 9.)

Réplica do autor: *Sr. Pérez Touriño (S).* (Páx. 10.)

Réplica do presidente da Xunta: *Sr. Fraga Iribarne.* (Páx. 11.)

Pregunta dirixida ao presidente da Xunta de Galicia, de D. Alfredo Suárez Canal, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a perda de escanos e de representación de Galicia no Congreso dos Deputados. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Suárez Canal (BNG).* (Páx. 11.)

Contestación do presidente da Xunta: *Sr. Fraga Iribarne.* (Páx. 12.)

Réplica do autor: *Sr. Suárez Canal (BNG).* (Páx. 12.)

Réplica do presidente da Xunta: *Sr. Fraga Iribarne.* (Páx. 13.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Emilio López Pérez, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en defensa do sector lácteo. (Punto terceiro da orde do día.)

Moción, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Francisco Sineiro García e D.^a María Soledad Soneira Tajés, sobre o volume de desfase existente entre as producións e as cotas de leite en Galicia na última campaña 2002-2003. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención dos autores: *Sr. López Pérez (BNG)* (Páx. 13.) e *Sr. Sineiro García (S).* (Páx. 16.)

Rolda dos grupos parlamentarios para posicionarse respecto das mocións: *Sr. Castro García (P)* (Páx. 18.), *Sr. López Pérez (BNG)* (Páx. 21.) e *Sr. Sineiro García (S).* (Páx. 22.)

Votación da moción presentada polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego:

Puntos primeiro, segundo, terceiro, cuarto e sexto: *rexeitados por 21 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 23)

Punto quinto: *rexeitado por 13 votos a favor, 37 en contra e 8 abstencións.* (Páx. 24.)

Votación da moción presentada polo G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 21 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 24.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Ricardo Varela Sánchez, sobre a situación do mercado laboral galego. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Varela Sánchez (S).* (Páx. 24.)

Rolda dos grupos parlamentarios para posicionarse respecto da moción: *Sr. Merino Mejuto (BNG)* (Páx. 26.), *Sr. Baltar Blanco (P)* (Páx. 27.) e *Sr. Varela Sánchez (S)* . (Páx. 29.)

Votación da moción: *rexeitada por 21 votos a favor, 35 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 30.)

Alteración da orde do día

O señor presidente propón, co acordo cos portavoces dos grupos parlamentarios, unha alteración da orde do día para debater a proposición non de lei núm. 9800, sobre as actuacións que se deben levar a cabo respecto do proceso de reconstrución de Iraq, antes ca número 12616, sobre a presentación dun Plan galego de loita contra a enfermidade do Alzheimer e outras demencias, para o seu debate no Parlamento. (Páx. 30.)

Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a Laura Seara Sobrado e dous deputados máis, sobre as actuacións que se deben levar a cabo respecto do proceso de reconstrución en Iraq. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente anuncia que a esta proposición lle foi presentada unha emenda polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 30.)

Intervención da autora da proposición non de lei: *Sra. Seara Sobrado (S).* (Páx. 30.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Suárez Canal (BNG).* (Páx. 33.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Rodríguez Fernández (P).* (Páx. 34.)

A señora Seara Sobrado (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 37.)

O señor Sr. Suárez Canal intervén para manifestar que non acepta a proposta de transaccionar a emenda do G. P. do Bloque Nacionalista (Páx. 38.) e o Sr. presidente somete a votación a proposición non de lei sen a incorporación desta. (Páx. 38.)

Votación da proposición: *rexeitada por 25 votos a favor, 35 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 38.)

Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Modesto Pose Mesura e dous deputados máis, sobre a presentación dun plan galego de loita contra a enfermidade de Alzheimer e outras demencias, para o seu debate no Parlamento. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente anuncia que a esta proposición lle foi presentada unha emenda polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 39.)

Intervención do autor da proposición non de lei: *Sr. Pose Mesura (S).* (Páx. 39.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Ferreiro Abelleira (BNG).* (Páx. 41.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Santalices Vieira (P)*. (Páx. 42.)

O señor Pose Mesura (S) intervén para posicionarse respecto da emenda e manifesta a súa aceptación. (Páx. 44.)

O señor presidente somete a votación a proposición non de lei coa emenda incorporada. (Páx. 45.)

Votación da proposición: *rexeitada por 23 votos a favor, 34 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 45.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Henrique Rodríguez Peña e D.^a Rosa Darriba Calviño, sobre a solicitude de transferencia de competencias da Administración do Estado á Xunta de Galicia do patrimonio edificado e o contorno paisaxístico e ambiental sobre o que se asenta, nas zonas fronteirizas galaico-portuguesas. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do autor da proposición non de lei: *Sr. Rodríguez Peña (BNG)*. (Páx. 46.)

Rolda dos grupos parlamentarios para posicionarse respecto da proposición: *Sr. López Vidal (S)* (Páx. 48.), *Sr. Ruíz Rivas (P)* (Páx. 49.) e *Sr. Rodríguez Peña (BNG)*. (Páx. 51.)

O señor presidente somete a votación a proposición non de lei. (Páx. 51.)

Votación da proposición: *rexeitada por 24 votos a favor, 35 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 51.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a elaboración dun Plan de emprego xuvenil. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora da proposición non de lei: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 52.)

Rolda dos grupos parlamentarios para posicionarse respecto da proposición: *Sra. Seara Sobrado (S)* (Páx. 54.), *Sr. Gómez Alonso (P)* (Páx. 55.) e *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 57.)

O señor presidente somete a votación a proposición non de lei. (Páx. 58.)

Votación da proposición: *rexeitada por 27 votos a favor, 34 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 58.)

Interpelación de D. Xosé Díaz Díaz e D. Xesús Manuel Veiga Buxán, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as insuficiencias do vixente sistema de financiamento autonómico para Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Veiga Buxán (BNG)*. (Páx. 58.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Facenda*. (Páx. 60.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Villarino Santiago (S)*. (Páx. 62.)

Réplica do autor: *Sr. Veiga Buxán (BNG)*. (Páx. 64.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Facenda*. (Páx. 66.)

Interpelación do G. P. dos Socialistas de Galicia sobre as consecuencias para Galicia da tramitación no Congreso dos Deputados do Real decreto lei 4/2003, do 20 de xuño, referente ás actuacións para o aboamento de indemnizacións en relación cos danos ocasionados polo accidente do buque Prestige. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Gallego Calvar (S)*. (Páx. 67.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos* (Páx. 69.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. Lobeira Domínguez (BNG)*. (Páx. 71.)

Réplica da autora: *Sra. Gallego Calvar (S)*. (Páx. 74.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos*. (Páx. 75.)

Interpelación presentada por don Alfredo Suárez Canal, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a defensa dunha posición galega no debate sobre a reforma do marco estatutario constitucional. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Beiras Torrado (BNG)*. (Páx. 76.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública*. (Páx. 78.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. Rego González (S)*. (Páx. 81.)

Réplica do autor: *Sr. Beiras Torrado (BNG)*. (Páx. 83.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública*. (Páx. 84.)

Interpelación de D. Ismael Rego González e dous deputados máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a campaña institucional da construción do AVE en Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. López Vidal (S)*. (Páx. 85.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública*. (Páx. 87.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. Rodríguez Peña (BNG)*. (Páx. 89.)

Réplica do autor: *Sr. López Vidal (S)*. (Páx. 91.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública*. (Páx. 92.)

Interpelación de D. Xosé Francisco Ferreiro Abelleira, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as contratacións do persoal substituto na rede pública do Sergas a través de contratos en precario. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Ferreiro Abelleira (BNG)*. (Páx. 94.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade*. (Páx. 96.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. Cerviño González (S)*. (Páx. 97.)

Réplica do autor: *Sr. Ferreiro Abelleira (BNG)*. (Páx. 99.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade*. (Páx. 101.)

Alteración da orde do día

O señor presidente comunica que, tras acordo das partes, despois da segunda pregunta se debaterá a que figura no sexto lugar. (Páx. 102.)

Pregunta de D. Pablo Xabier López Vidal, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as repercusións que terá na conservación dos postos de traballo da empresa Labauto Ibérica, de Ourense, a posible venda de 68.000 m² de terreo dos 106.000 que ocupa na actualidade. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. López Vidal (S)* (Páx. 102.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Innovación, Industria e Comercio* (Páx. 103.)

Réplica do autor: *Sr. López Vidal (S)* (Páx. 103.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Innovación, Industria e Comercio* (Páx. 104.)

Pregunta de D. Emilio López Pérez, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posible venda por parte da Xunta de Galicia do patrimonio das cámaras agrarias. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. López Pérez (BNG)* (Páx. 104.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Facenda* (Páx. 105.)

Réplica do autor: *Sr. López Pérez (BNG)* (Páx. 105.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Facenda* (Páx. 106.)

Pregunta de D. Xesús Manuel Veiga Buxán, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as iniciativas adoptadas polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referente á esixencia do Goberno central dunha programación orzamentaria plurianual dos novos investimentos previstos no Plan Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Veiga Buxán (BNG)* (Páx. 106.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Facenda* (Páx. 107.)

Réplica do autor: *Sr. Veiga Buxán (BNG)* (Páx. 108.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Facenda* (Páx. 108.)

Pregunta de D.^a Margarita Pérez Herraiz, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para a prevención da violencia de xénero e protección das vítimas. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pérez Herraiz (S)* (Páx. 109.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Familia, Xuventude e Voluntariado* (Páx. 110.)

Réplica da autora: *Sra. Pérez Herraiz (S)* (Páx. 110.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Familia, Xuventude e Voluntariado* (Páx. 111.)

Pregunta de D. Emilio López Pérez, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre un auto recente do Xulgado de Monforte de Lemos respecto das obras realizadas no antigo mosteiro de San Vicente do Pino e o seu contorno monumental. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. López Pérez (BNG)* (Páx. 112.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.* (Páx. 113.)

Réplica do autor: *Sr. López Pérez (BNG)* (Páx. 113.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.* (Páx. 114.)

Pregunta de D.^a Laura Seara Sobrado, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o problema da anorexia e da bulimia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Seara Sobrado (S)* (Páx. 114.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade.* (Páx. 115.)

Réplica da autora: *Sra. Seara Sobrado (S)* (Páx. 116.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade.* (Páx. 116.)

Remata a sesión ás dez e cinco minutos da noite.

Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Retomamos a sesión, tal e como quedamos, no punto sexto da orde do día, que é o de preguntas dirixidas ao presidente da Xunta de Galicia.

Pregunta dirixida ao Sr. presidente da Xunta de Galicia, de D. Emilio Pérez Touriño, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a alternativa do Goberno galego para as persoas maiores con poucos recursos que necesitan atención e non poden acceder a unha praza nunha residencia pública

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Pérez Touriño, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, para formular a pregunta.

O señor PÉREZ TOURIÑO: Señor presidente.

Señor Fraga Iribarne, o recente descubrimento dunha residencia ilegal ou clandestina para persoas maiores en Lugo provocou a atención, a preocupación e a alarma dunha boa parte da opinión pública sobre cal é a situación real da atención aos maiores da nosa Comunidade. Por iso, desde o Grupo Parlamentario Socialista, preguntámoslle que alternativa ten o seu Goberno para as miles de persoas maiores que, con poucos recursos, necesitan atención e non teñen acceso a unha praza nunha residencia pública, señor Fraga.

E a resposta non pode ser máis dramática, máis deplorable e máis inaceptable. A situación de clandestinidade, de ilegalidade ou de residencias en negro é unha consecuencia directa da súa política profundamente antisocial, que deixou abandonados á súa sorte, marxinados e excluídos, a miles de persoas maiores dependentes da nosa comunidade e necesitadas de axudas. Galicia é un país cunha poboación extraordinariamente envellecida, moi por riba da media nacional, e que conta con pensións moi baixas, moi por debaixo da media nacional. Pódese estimar que temos máis de cen mil maiores dependentes necesitados, señor Fraga, dalgún tipo de axuda ou de asistencia para poder vivir, a maioría con moi poucos e escasos recursos económicos. A súa política dificilmente pode ser máis cutre e máis escandalosa, tan só unha de cada once persoas maiores dependentes ten acceso a unha praza en resi-

dencia pública ou privada, tan só unha de entre once poden ter dereito a algún tipo de atención, dereito efectivo e real.

Xa non é, señor Fraga, que esteamos moi lonxe da Unión Europea –apenas un 25% en residencias–, xa non é que esteamos moi lonxe da media española –nun 50%–, señor Fraga, é que segundo os datos do Insero do ano 2002, en prazas públicas e concertadas para maiores de sesenta e cinco anos dispoñemos do 37% de Castela-A Mancha e dun 55% de Andalucía. É algo máis que inaceptable e deplorable, señorías.

Vostedes, señores do Goberno, señor Fraga, condenaron e abandonaron á súa sorte, persoal e familiar, sen ningunha posibilidade de acceso, a 80.000 persoas maiores dependentes, que non teñen recursos económicos e que nunca poderán acceder coa súa política a unha praza en residencia pública ou privada, porque non as hai.

Se a calidade de vida dos nosos maiores define o grao de desenvolvemento e a calidade democrática dun país, Galicia, con vostedes...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PÉREZ TOURIÑO:..., a Xunta de Galicia e a súa política reciben un suspenso clamoroso, señor Fraga. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Touriño.

Ten a palabra o señor presidente da Xunta de Galicia para a resposta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne): Señor presidente, poderíamos considerar que se fixo a pregunta e a resposta, naturalmente a resposta do señor voceiro do Grupo Socialista.

Eu teño que recordar que onte, por certo, houbo dúas comparecencias, nas que, brillantemente e de modo moi cumprido, respondeu á maior parte das cuestións a conselleira de Asuntos Sociais; sobra dicir que eu acepto todas as explicacións que ela deu e parécenme moi razoables.

Primeiro, é evidente que a evolución máis grande do noso tempo, que ten tantos cambios importantes –históricos, socioló-

xicos e tecnolóxicos–, é o cambio das relacións entre os sexos –agora dise os xéneros– e as xeracións. É evidente que a famosa pirámide de poboación –da que temos falado desde hai moito tempo– cambiou por unha forma de ánfora; agora nace menos xente, é pequeno o número de mozos e aumentamos o dos maiores o que, por certo, non é malo, agora hai quen anda dando por aí a cifra probable de cento vinte anos –da que eu acredito pouco, porque o último que me falou dela foi o doutor Christian Barnard, que se pasara á xerontoloxía, nunha entrevista aquí en Santiago, e morreu aos poucos meses de dicirno–. Pero, en definitiva, nós non contamos soamente –como xa se explicou onte– coa liña das licenzas públicas, pensamos que envellecer na casa e utilizar a familia ten moitas posibilidades e, naturalmente, a atención no fogar, as novas axudas de apoio aos familiares cuidadores de maiores dependentes, o programa de acollemento familiar, a ampliación das novas tecnoloxías, a teleasistencia domiciliaria, as vivendas comunitarias, os apartamentos tutelados, son a primeira parte da resposta.

En segundo lugar, nós queremos afrontar a dependencia, queremos fomentar o envellecemento saudable, o malo é que a partir dunha certa idade, evidentemente... Por iso queremos atraer a xente a hábitos de vida sans, exercicio físico, fisioterapia, musicoterapia, nutrición axeitada, etc., programas como o turismo social, vacacións de saúde, programas de comunicación, creatividade, formación para xente adulta, animación sociocultural, están aí, así como o Programa de cheque asistencial.

É evidente que desde que entraron a fondo as pensións, que aínda poden mellorarse, como é natural, e que, por certo, neste momento hai unha verdadeira poxa a ver quen as sobe máis, só as poderán subir os que xa crearon as bases [...] unha nova transferencia ao Fondo de Asistencia Social o poderán facer, o demais é falar por falar. Pero, en definitiva, ademais diso, como é natural, nós necesitamos recursos asistenciais; estanse a construír ata 2005, no chamado Plan velocidade, vinte e un centros multisistenciais para maiores dependentes. E teño que dicir que, neste momento, estamos falando de construír, nun prazo moi breve, máis de 107.000 metros cadrados de superficie total...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne):..., sete na provincia da Coruña... Ben, o que é perfectamente coñecido.

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne): En definitiva, nós cremos que estamos a cumprir os nosos compromisos e basta comparar o que había ao final do tripartito –case todo construído no tempo de Fernández Albor– co que hai agora, para ver a diferenza.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Pérez Touriño, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, para a rolda de réplica.

O señor PÉREZ TOURIÑO: Señor Fraga, non estamos para pretensivos e pretendidos discursos brillantes e para modernidades. A súa modernidade e a súa brillantez e a do seu Goberno consiste nunha proposta política que pretende converter as necesidades sociais en negocio privado e por aí traen vostedes o abandono e o fracaso na política social do país.

Non estamos para enganos, mentiras e estatísticas falsas. Ao seu Goberno, tras catorce anos, señor Fraga, esgotáronselle xa todas as convocatorias posibles, ofrece un 0,62% en prazas de residencia pública e cunha carestía elevadísima, nun custo estimado de máis de 1.300 euros nas prazas en residencias privadas. Vostedes condenan á exclusión, á marxinación e ao abandono, literalmente, a máis de 80.000 persoas, anciáns maiores dependentes, necesitados de praza ou de asistencia para poder vivir nesta Comunidade Autónoma, esa é a realidade deste país.

Señor Fraga, vostede está dedicando as súas enerxías políticas, as que lle quedan, á pelexa sucesoria co señor Rajoy. Temo, señor Fraga, que vostede, tras décadas subido a un coche oficial, desde a súa privilexiada atalaia na residencia oficial na que vostede vive, perdeu a sensibilidade social e o sentido da realidade. E a súa política é profundamente reaccionaria e antisocial, é a causa directa da condena á exclusión, á marxinación e ao abandono de miles e miles de persoas maiores deste país. E non mire vostede para atrás, señor Fraga, non mire para o tripartito, non fagamos historia, porque se facemos historia habería que dicir que cando vostede foi ministro de Franco nin había liberdades, nin sistema de benestar social neste país. E foi un Goberno socialista... (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Si, señorías, un

Goberno socialista (*Aplausos.*), o que creou un sistema de benestar e de pensións neste país co inmenso esforzo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PÉREZ TOURIÑO:... da maioría dos cidadáns, señor Fraga, e vostede hoxe condena á marxinação e á exclusión social a inmensa maioría das persoas maiores como vostede. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Touriño.

Ten a palabra o señor presidente da Xunta de Galicia para a rolda de réplica.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribar-ne): Señor presidente, a última arenga non merece resposta, porque non ten nada que ver coa pregunta. E, como é natural, eu respondo da miña vida e responden os que me votan, que, polo de agora, non son tantos os que votaron ao señor Laxe, ao señor Sánchez Presedo, ao señor Caballero e espero que o señor Touriño comprobe moi pronto que hai unha diferenza no aprecio. Pero, ¿que lle podo contestar?

Sigo dicindo que estamos a traballar neste asunto, que é unha verdadeira revolución o que se ten producido. Calculamos en dez anos o tempo que é necesario e, por certo, esperamos que sexa un goberno capaz de responder e non de insultar como o que agora mesmo se nos ofrece.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor presidente.

Pregunta de D. Alfredo Suárez Canal, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a perda de escaños e de representación de Galicia no Congreso dos Deputados

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Suárez Canal, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para formular a pregunta.

O señor SUÁREZ CANAL: Si, señor presidente.

As leis físicas referidas á inercia acreditan en que todos os corpos teñen tendencia a manter o estado de repouso ou de

movemento no que están e para alteralo é preciso unha forza. Seguramente estas leis son aplicábeis aos comportamentos colectivos, sexan sociais ou políticos, que tenden a manter a mesma rutina se non hai iniciativas e actuacións para modificalos. A vostede e ao Partido Popular a rutina actual seguramente lles foi ben no ámbito electoral, pero a Galiza, comparativamente falando co contorno no que se move, non. E hai datos que o poñen en evidencia con elocuencia rotunda e que nin sequera son somerxíbeis na marea propagandística que practican vostedes. Un destes datos que non pode maquillarse, que reflicte con contundencia as enormes lagoas e fracasos que en moitos aspectos ten a súa acción de goberno, é a paulatina perda de escaños nas circunscricións electorais galegas, sen que pola súa parte se fixera nada —que se saiba— para corrixir esa rutina e esa tendencia.

En política e en economía as cifras que dan a realidade dunha situación son as cifras absolutas, que avalían satisfactoriamente ou non a acción dun goberno. E alén das cifras absolutas, a perda de tres escaños entre 1993 e 2004 no Congreso dos Deputados evidencia o fracaso de determinados vectores da acción política da Xunta de Galiza e do Goberno estatal. En primeiro lugar, evidencia un papel estrutural subalterno de Galiza, que mantén a mesma rutina e non se corrixe; evidencia o fracaso de políticas sociais e económicas que non corríxen as tendencias demográficas; evidencia a súa escasa confianza e do seu Goberno no potencial existente na base material e na sociedade galega —vostedes non cren no país e na súa capacidade para modificar a tendencia, señor Fraga—; e por fin, evidencia a incapacidade e a falta de peso político para cambiar a tendencia, porque estamos ante un dato que traduce de forma dramática políticas estruturais moi lesivas para Galiza, pero tamén evidencia que, se houbera vontade política, podería terse corrixido.

Nós sabemos que se os emigrantes que contan para votar, simplemente contaran á hora de atribución de escaños, como o demandou este Parlamento de forma unánime, hoxe teríamos tres escaños máis e un senador en representación da Comunidade Autónoma. Vostede ou non quere ou non ten peso ou non ten poder para adoptar iniciativas políticas que corrixan estas tendencias. Sabemos do seu compromiso por enriba de todo co Goberno do Estado, sabemos do seu aliñamento recorrente nos últimos tempos co señor Aznar na súa cruzada —sexa belicista, sexa antinacionalista—, pero datos como estes dos escaños...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SUÁREZ CANAL:... o que nos permiten preguntarlle é: ¿E Galiza que, señor Fraga? ¿Onde está o seu compromiso con Galiza? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Suárez Canal.

Ten a palabra o señor presidente da Xunta de Galicia para dar resposta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne): Señor presidente, como sabe, sen dúbida –e non quero entrar no tema, como é natural–, unha cousa é ser nacionalista, outra é ser galeguista, unha é respectar a Constitución, outra é facer plans Ibarretxe ou sumarse a eles, e niso non vou entrar por ser obvio e entendo que o bo senso dos galegos dispénsame diso.

A distribución provincial dos deputados está dada pola Constitución española no artigo 68 e pola Lei orgánica de réxime electoral xeral no seu artigo 162. Como é sabido, as leis electorais son de difícil variación e enténdese que forman parte do bloque constitucional e aí hai un sistema de distribución que lles atribúe ás provincias dous deputados fixos e despois fixa unha serie de regras e restos para cambiar iso. Temos que dicir que, neste momento, aínda que seguimos algo por encima da media da densidade de poboación do conxunto da nación española, é evidente que a emigración noutras partes está cambiando algunhas características destas.

Pero, en definitiva –como acaba de recordar o señor preguntante–, é evidente que este Parlamento xa se ocupou dese asunto e cunha proposta, que vén do seu partido, por certo, do seu grupo parlamentario, e emendada polo noso grupo, plantexáronse todas estas cuestións que foron transmitidas debidamente ao Goberno. Infelizmente, esta comunicación, feita en setembro de 2003, veu coincidir coa case inmediata convocatoria e é pouco probable que neste momento puidera ser tida en conta. Pensamos insistir nela, porque estamos de acordo con que se poderían, en vista do aumento do CERA –CERA que, por certo, no amplo tempo do Goberno Socialista era moi pequeno e despois foise aumentando, porque sendo peor é máis fácil de controlar por certos adidos e por certos liderados, etc.–...

Pero, en definitiva, o que quero dicir neste momento é que nós facemos nosa a proposición non de lei aprobada polo Pleno do Parlamento o 6 de maio de 2003, transmitida no seu momento a Madrid, e que neste momento se atopa nesa situación das dificultades do cambio das leis electorais, e na que pensamos insistir, o que nos daría, non tres, senón catro, un por cada provincia. Ademais diso, buscaríamos tamén a presenza dese colectivo de emigrantes no Senado, que temos proposto varias veces –como está no número dous da proposta– e, igualmente, que puideran terse en conta para outros aspectos municipais estas adicións. O certo é que neste momento non era posible, pero nós mantemos a posición adoptada por esta Cámara e pensamos mantela no futuro. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor presidente.

Ten a palabra o señor Suárez Canal, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para a rolda de réplica.

O señor SUÁREZ CANAL: Señor Fraga, a súa resposta é totalmente insatisfactoria. Os escanos empezaron a perderse no ano 1993 e vostede aceptou esa rutina de forma tranquila, un dato que debería de poñerlle os pelos de punta a calquera gobernante que tivese sentimento de país, porque non é o problema só de que contén os emigrantes; como lle dixen antes, traduce fracasos en políticas sociais, en políticas económicas e necesidade dun cambio na rutina política que estabamos a seguir.

Vostede aceptou iso con tranquilidade, mesmo a última perda de escano en Pontevedra non motivou ningunha reflexión política por parte do Goberno galego. Iso si, o acordo do Parlamento de maio deste ano pasado vostede non o aplicou ata setembro, efectivamente, cando era imposíbel de cumprir e levalo a efecto para este proceso electoral. Polo tanto, o seu compromiso co noso país é realmente nulo.

As tendencias demográficas, señor Fraga, no último período do seu Goberno, tamén evidencian esta gráfica e, polo tanto, fracaso na política de corrección da demografía. Estamos neste tema e este dato evidénciase nun círculo vicioso, nun auténtico nó gordiano que impide tirar do carro para modificar a situación. Este círculo vicioso, ese nó gordiano, que se traduce nesta perda de escanos é o

seguinte: Galiza ten un papel estrutural no Estado, produto de actuacións e decisións de responsábeis e gobernantes políticos, que impiden un desenvolvemento autocentrado e que se poña en valor o potencial existente. E esa situación provoca un empobrecemento en relación co noso contorno, que contribúe a unha rutina política que favorece electoralmente as mesmas persoas que son responsábeis da situación.

Alexandre o Grande rompeu o nó gordiano que impedía tirar do carro coa súa espada; non lle caiba a vostede a menor dúbida, señor Fraga...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor SUÁREZ CANAL:..., de que o pobo galego cos seus votos, máis cedo que tarde, romperá o nó gordiano que impide frear o potencial que acubilla na súa base material e na súa sociedade. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Suárez Canal.

Ten a palabra o señor presidente da Xunta de Galicia para a rolda de réplica.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne): Señor presidente, vexo con grande entusiasmo o Bloque Nacionalista Galego defendendo o uso da espada para cortar os nós gordianos –que tomen boa nota todos os interesados– porque, efectivamente, hai moito tempo que os métodos constitucionais non o convencen. Pero supoñamos que con esa reforma puideramos chegar a ter non tres, senón catro, que fosen catro señores Rodríguez –poño por exemplo–, iso ía cambiar, evidentemente, moitos destinos de Galicia.

Mire, falemos en serio, cando se fala de demografía, a primeira vez que eu falei deste asunto, pouco despois da miña primeira toma de posesión, pois aquí houbo unhas gargalladas tremendas e eu tiven que dicir unha pequena impertinencia –que ao lado das que escoito, naturalmente, era moi pequena–: dicir que había quen non era capaz de telos; pero do que non cabe dúbida é de que hai quen non quere telos. E, desde logo, se algo temos feito sempre é política familiar e seguímola facendo. Outra maneira de ter nenos eu aínda non a coñezo –aínda que agora algúns parece que están inventando outras fórmulas–.

Pero despois disto teño que dicir que mantemos o que dixemos, procuraremos a reforma da Lei electoral no momento oportuno, tema sumamente delicado e que, por certo, para min debería facerse tamén noutros aspectos. E despois de dicir isto hai que dicir que con máis Rodríguez non amañamos nada.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor presidente.

Retomamos agora a orde do día no punto terceiro, que é de mocións, co debate acumulado de dúas mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Emilio López Pérez, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en defensa do sector lácteo

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Francisco Sineiro García e D.^a María Soledad Soneira Tajés, sobre o volume de desfase existente entre as producións e as cotas de leite en Galicia na última campaña 2002-2003

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor López Pérez, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para a defensa da súa moción.

O SEÑOR LÓPEZ PÉREZ: Señor presidente, señorías.

Dicía agora mesmo o señor presidente da Xunta que, segundo os sociólogos, as pirámides de poboación agora tiñan forma de ánfora. É falso, a pirámide de poboación galega, e sobre todo a das áreas rurais, ten unha forma que os sociólogos chaman agora o Cristo, ten exactamente unha debilidade grande naqueles sectores activos e naquelas idades activas. Eu poderíalle amosar ao señor Fraga a pirámide de poboación de Vilalba e observárase como a partir dos 40 anos os brazos da pirámide se estreitan e como se volven alongar despois dos 65 anos, e teñen os seus brazos máis longos entre os 65 e os 70 anos. Ese é un fenómeno único a nivel mundial.

Por iso o BNG, enlazando co que dicía hai un momento o meu compañeiro, o señor Suárez Canal, leva tanto tempo,

neste Parlamento e noutras institucións, facendo reflexións máis rigorosas que as que acaba de facer o señor Fraga de ter fillos por telos e sen reflexionar nos que están emigrando todos os días a Canarias, a Europa, a Cataluña, ao País Vasco ou a outros sitios, ou na propia xente formada e preparada neste país, aínda coa precariedade do noso sistema educativo, que ten que emigrar para fóra.

Hai pouco tempo facíase un estudo da Universidade, en combinación con xente doutras comunidades autónomas, sobre o sector gandeiro e sobre o sector lácteo. Alí podía comprobarse que o Goberno galego non tivera a máis mínima preocupación pola posta en valor dos nosos recursos, que o Goberno galego –como se dicía hai un momento– non fixo ningunha defensa do noso dereito a producir e así, dentro da Unión Europea, tocounos apandar coa peor parte, o mesmo que a nivel de Estado estamos prexudicados á hora de ter unha representación no Congreso dos Deputados.

O Bloque Nacionalista Galego ten presentado, practicamente todos os meses –se distribuimos uns cos outros–, propostas en positivo, como a que hoxe traemos aquí, para solucionar problemas estruturais dos nosos sectores produtivos –neste caso refírese ao sector gandeiro–. Polo tanto, non pode dicir o Goberno –como se encheu de dicir moitas veces– que sexamos os do non. É este Goberno do Partido Popular o do non, o que permite que as nosas pirámides demográficas sexan un cristo, que a nosa terra estea abandonada, que esteamos sen dereitos para producir, que os nosos sectores máis dinámicos da sociedade estean desanimados, que haxa miles e miles de vivendas baleiras e, ao mesmo tempo, suba máis que en ningunha parte do Estado o prezo da vivenda, e o que permite –e virán outros compañeiros ou outras compañeiras que o expoñan– que a nosa mocidade, sobre todo a nosa mocidade rural, non teña futuro.

Apenas o 21% das explotacións lácteas teñen hoxe perspectivas de sucesión e esas perspectivas cada vez frústranse máis. O Goberno quixo negar continuamente que houbera posibilidades de futuro para as explotacións lácteas. Aínda o outro día, o Partido Popular preguntaba desde eses escanos se as explotacións que desapareceron tiñan viabilidade ou non. Volvéndonos a referir a ese estudo, temos que decatarnos de que desapareceron grandes explotacións, fenómeno que non se daba ata o de agora. Aínda o outro día, nunha pregunta en comisión, o Goberno non daba respondido por que

desaparecen explotacións de máis de 20 ou 30 vacas e por que neste momento hai 12.000 explotacións de leite que teñen problemas de cota e non se fixo, nin se está facendo nada por solucionalo, a non ser propaganda. Efectivamente, como se dicía hai un pouco, a realidade fai ver que nin sequera a propaganda é capaz de resolver o problema.

Por iso comezabamos aquí defendendo e solicitando do Goberno a apertura dunhas negociacións entre o Goberno do Estado e a Xunta de Galiza, nas que estean presentes o conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, o conselleiro de Economía e Facenda e o conselleiro de Medio Ambiente, ademais do de Agricultura –que se supón–, para abordar a situación de explotacións de vacún en Galiza e o seu futuro. Non é que o BNG queira meter estes conselleiros nesta problemática, é que están metidas esas consellerías nesa problemática. E, se non, que se me diga cómo é posíbel que a normativa de ordenación das explotacións agrarias precisara dunha serie de directivas posteriores e, a estas alturas, estea a medio resolver algo que debería ser así de sinxelo; ou haxa os problemas que hai coa ordenación do espazo rural ou a reforestación de terras agrarias ou, simplemente, coas distancias das plantacións forestais. Aspectos importantísimos para a nosa ordenación rural e agraria na que non se fixo absolutamente nada.

Isto mesmo tamén afecta, por suposto, á Consellería de Medio Ambiente. ¿Ou como é posíbel que as axudas de indemnizacións compensatorias de zonas desfavorecidas estean sen pagar, cando de cada 100 euros, 75 proveñen de fondos da Unión Europea, e outro 12,5% procede dos fondos do Estado? Pois están sen pagar. Atopámonos co caso de que incluso a alguén se lle di –e vin unha carta o outro día asinada polo propio conselleiro– que se volve atrás e agora se lle vai corrixir a denegación que tiña da axuda; o propio interesado nin sequera sabía que estaba denegada.

Dicimos máis adiante, no apartado dous: “Elaboración urxente, no prazo dun mes, dunhas liñas mestras de ordenación do sector da carne de vacún, do sector de vacún de leite e de carne, cun plan de previsión de futuro deica o ano 2013”. ¿Por que dicimos deica o 2013? Porque se, efectivamente, a política agraria común planificou esa baixada de prezos que tamén, segundo estudos, os máis optimistas, vai quedar sen corrixir nun 52% polas axudas na OCM do leite o que quere dicir que estamos ante unha baixada de prezos

real que pode botar a perder as nosas explotacións agrarias e que empezará a partir desta campaña a efectivizarse xa, a partir do día 31 de marzo ou o 1 de abril. Así, deberíamos tomar medidas para que se puideran corrixir, como o están facendo outras comunidades, estas cargas negativas ou esta perda de poder adquisitivo e de prezo no sector lácteo e non acabar co pouco que temos.

Por iso nos parece que é o momento de resolver, ou polo menos de paliar minimamente, a situación que se lle presenta ao sector lácteo. Poñemos un prazo dun mes, porque van anos e chegou o momento de resolver o tema: ou agora ou nunca. Sería triste recoñecer as previsións —e volvo insistir, á parte do que dixera o outro día en comisión o director xeral— do Libro branco da agricultura que fixo o Goberno do Estado de que Galicia nin sequera pode ter 8.000 explotacións de leite, non digamos xa as de carne que están nunha crise permanente.

No terceiro apartado falamos de negociar, así mesmo, co Estado achegas económicas especiais para cubrir os déficits que para este sector vai supoñer a aplicación da PAC. Isto está en consonancia co que dixemos antes; a isto vénselle chamando desde xa hai anos —desde que aparece o cumio de Berlín en 1999 ou desde que se aplican con certo rigor as directrices que nela seguimos da Axenda 2000— a renacionalización da PAC. Aqueles países que teñen interese por defender a súa agricultura trazan medidas propias de apoio para os seus sectores produtivos. Teñamos en conta que son aqueles países que consideramos grandes potencias industriais —os Estados Unidos ou Xapón— os que máis defenden e apoian, con medidas suplementarias, os seus sectores agrícolas e gandeiros.

No cuarto apartado referímonos a medidas que a propia Xunta debe tomar fronte ao Estado pero tamén a medidas propias. Pedimos a paralización en Galiza de novas medidas de control da produción e daquelas que supoñan custos engadidos aos existentes neste intre para explotacións de vacún. Estámonos a referir, sobre todo, ao decreto que acaba de saír de control dos primeiros compradores de leite e de control da produción láctea. Atopámonos coa contradición de que o outro día dicía o señor conselleiro que non existía leite fóra de cota, pero faise un decreto para perseguir radicalmente o leite fóra de cota. Atopámonos con que se transferiron 400.000 toneladas ultimamente, pero o señor conse-

lleiro, que dixo que aconsellaba sempre comprar cota, di que el non sabe de ningún caso no que se comprara e que, polo tanto, esas transferencias tampouco lle constan ao señor Orza. Polo tanto, señores, se vale para isto, valerá para todo; está aberta a veda e cada un que use o diñeiro como pode usalo o señor Vioque, porque aquí non hai por que pagar impostos nin declarar ningún tipo de transferencia económica nin comercial.

Falamos tamén de que o Goberno do Estado presente diante da Unión Europea a necesidade de considerar o sector lácteo galego nunha situación de debilidade especial como acaba de facelo o Goberno italiano co mesmo sector no seu país. Por se a quen conteste ou interveña despois por parte do grupo maioritario se lle ocorre ser mal pensado, non estamos dicindo que aquí haxa que cometer delitos como os que se cometen por Italia, polos Estados Unidos ou por outros sitios respecto do que acaba de acontecer, ou está aínda acontecendo, de Parmalat. Como nos dicía o outro día un representante do Goberno da consellería, houbo uns pillos que seica colleron e malgastaron 17.000 millóns de euros. Ben, algo pillos si que deben ser. Nós non dicimos que se faga iso, agora si, non ten ningún sentido que o noso Goberno estea calado mentres cada país ordena como lle convén a regulación das cotas ou a regulación da produción.

No quinto apartado, falamos de que a Xunta será responsable das ordenacións e transferencias das cotas lácteas en Galiza, facéndose a depositaria de todas as cantidades que se transfiran e tomará medidas para que se distribúan con criterios sociais e de xeito gratuíto.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando.

O SEÑOR LÓPEZ PÉREZ: Xa remato, señor presidente.

Este é un tema suficientemente debatido e volvemos a insistir no mesmo: se algo precisan agora as explotacións lácteas é o dereito gratuíto a producir, e non hai nada que o impida; ao contrario, o Goberno ten á súa disposición a legalidade e ten competencias máis que suficientes para poder tomar esta medida. Xa nos conformariamos con que, se non son capaces de entender os outros puntos, polo menos o Goberno fora capaz de entender que lles pode facilitar aos labregos cota de xeito gratuíto. Xa o explicamos na interpe-lación tamén.

E para rematar xa, señor presidente, no apartado sexto dicimos que formará parte das negociacións co Estado, e deste coa Unión Europea, a proposta da Xunta de recoñecer como cota efectiva e legal para Galiza toda a cantidade de leite producida e comercializada neste intre polas explotacións lácteas galegas. Se é verdade –como dicía o señor Fraga– que hai preocupación polo país, aquí ten unha boa ocasión de demostralo. ¿Sería tan difícil, se existen duacentas ou trescentas mil toneladas fóra de cota en Galiza, buscar unha negociación suficiente para amparalas? ¿Sería tan difícil, nun momento en que vai haber un aumento paulatino da produción e da cota para outros países, poder negociar e poñer enriba da mesa isto que non se quixo poñer nas negociacións da PAC?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O SEÑOR LÓPEZ PÉREZ: ¿Sería tan difícil –remato, señor presidente– para o Goberno facer algo, aínda que sexa pouco, á parte de andar fozando baixo das pedras e buscar os votos?

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor López Pérez.

Ten a palabra o señor Sineiro García para a presentación e defensa da moción do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor SINEIRO GARCÍA: Si, señor presidente.

Señorías, en primeiro lugar, agradezo a presenza do señor conselleiro de Pesca aquí neste debate como o único membro do Goberno presente. Eu penso que, como mínimo respecto pola oposición, o membro do Goberno encargado da materia debiera, se é posible, asistir aos debates e dígoo porque o señor conselleiro de Política Agroalimentaria estivo presente na sesión de control ao presidente da Xunta e no medio da intervención do señor López foise. Ben é verdade que eu dubido de que escoitara ou atendera nin tan sequera á mínima parte da intervención do señor López. A democracia tamén é manter as formas e manter o debate e dificilmente se pode chegar a acordos se o Goberno fai oídos xordos e mutis polo foro. Non é que sexa unha cuestión imprescindible, pero considero que é a cuestión do bo facer, do bo trato, do talante democrático.

O que nos ocupa, e a moción que presentamos a deputada Soneira Tajés e mais eu, deste Grupo Parlamentario

Socialista, é unha moción moi concreta que non trata de poñer en cuestión nin o réxime de cotas nin a integración na Unión Europea nin a política agraria comunitaria. Eu, unicamente, o que trato é de chamar a atención sobre a necesidade de que o Goberno galego poña en marcha unha serie de medidas ante o que quere ser, por parte do Goberno do Estado, unha aplicación estrita, unha verdadeira reconversión, do sector lácteo, cando nós dicimos que é necesaria a adaptación ás cotas, pero tamén son necesarios programas específicos que teñan en conta a nosa realidade e a nosa situación.

Neste sentido, a nosa moción vai por unha vía moi diferente da presentada polo deputado señor López. É unha moción moi aberta. Nós o que pedimos a través dos dous puntos e tres apartados do primeiro punto é unha moción que pode ser asumida polo Goberno, porque nós o que pretendemos é que o Goberno presente un informe para despois elaborar un plan e ser presentado e comprometido ante o Parlamento. ¿Por que é necesario, ao noso entender, este plan? Porque hai catro feitos importantes:

Un é a propia reforma da política agraria común, que altera a organización anterior e que, entre outras cousas, a través dun descenso nos prezos de mercado compensados pola vía dunhas axudas directas, establece unhas novas normas de regulación do sector lácteo e o previsible é que o prezo de mercado baixe nunha determinada proporción, que será máis ou menos compensada a través dunhas axudas directas.

As outras tres cuestións refírense a que, a través da Lei de acompañamento dos presupostos do Estado e dos reais decretos 291/2004 e 217/2004, se altera notablemente o réxime de vixencia e de control das cotas. Nós pensamos que o que é necesario é unha medida en activo do Goberno, e que xa fora necesario que a Comunidade Autónoma, o Goberno da Xunta, que é a primeira produtora no Estado tanto en cantidade como sobre todo no número de produtores –55 de cada 100 produtores de leite son galegos– e nunha diversidade enorme de situacións socioeconómicas, tivera unha postura máis construtiva para permitir que, aínda aplicando as cotas, se tivera en conta esta realidade tan ampla, e eu penso que non se tivo. Quero mostrar isto cuns cantos exemplos e ata teño á disposición das súas señorías algo que a nós nos parece tremendamente grave: o anexo 20 do real decreto é un exemplo concreto de como aplica a política social e económica o Goberno de Aznar.

¿Que é o que pretende este real decreto? Primeiro, di falacias como que para permitir unha maior competitividade e transparencia do mercado se crea un novo rexistro de compradores, aos que se lles esixe un mínimo de compras, que van chegar no futuro a que, como mínimo, hai que comprar cinco millóns de quilos para poder comercializar o leite. Dise que se vai poñer un rexistro público destes compradores e, polo tanto, un gandeiro pode, a través de internet, saber os posibles compradores do leite na súa aldea. Pero, desgraciadamente, hai moitas aldeas, e nas zonas máis marxinais onde, ao mellor, temos soamente un comprador intermediario, pode ser varrido por este novo decreto. ¿Onde está a realidade da nosa situación, ante a que o Goberno galego cala e, nunha resposta parlamentaria a unha pregunta por escrito deste deputado, di que o novo decreto é un gran paso adiante?

Quérolle chamar a atención sobre algúns feitos. A produción de leite é unha actividade económica, iso é a base, pero tamén ten un enorme peso social e un enorme peso territorial. E o mesmo director xeral de produción agropecuaria, o outro día, na Comisión de Economía, dicíanos: “Vanse retirando as máis pequenas, as que non poden vivir do leite”. Iso é negar unha realidade evidente e é descoñecer o noso país. As explotacións que viven só do leite son moi poucas, menos de 7.000, e as outras 14.000 explotacións que aínda existen en Galicia viven do leite, doutros ingresos e viven da achega dunhas pensións. Esas explotacións necesitan tanto os ingresos do leite como as outras e quérolles poñer un exemplo.

Pode dicir o conselleiro de Agricultura que unha explotación que venda 25.000 quilos de leite non pode vivir do leite e é verdade; pero eses 25.000 quilos de leite pódennlle deixar unha marxe de arredor das 450.000 ou 500.000 pesetas a esa familia que, coa pensión do patrón e mais un traballo que fai outro membro da familia, lle permite vivir e subsistir. É que lle queremos serrar esa pata á banquetta; as banquetas antigas que había nas casas da aldea, na casa dos meus pais, tiñan tres pés de madeira e, se un abaneaba, igual caíamos, pero se se lle serra unha das patas a banquetta cae. E esta é unha realidade socioeconómica, ¡enténdano! ¿Queremos quedar só con 7.000 explotacións de leite en Galicia? ¿Ese é o plan do Goberno, un deserto demográfico? Porque, se non se vive do leite, en moitas zonas do interior, ¿de que se vive? ¿Do bosque ou dos lobos ou das setas ou das castañas ou do turismo rural? Esa é a situación.

Nós, desde logo, vemos con moitísima preocupación que cando se fala da política agraria común, o señor conselleiro de Agricultura, como un dos maiores paladíns, diga: “non, é que a política agraria común é multifuncional”. Trata a agricultura como unha actividade económica, considera os factores sociais que están na agricultura e o peso territorial e, despois, na práctica, calamos ante o Goberno do Estado. Pois ben, eu o que lle quero dicir... Estes son datos da propia Xunta de Galicia, e que, por certo, nos nega a Consellería de Agricultura, e, no propio Plan de estatística do Instituto Galego de Estatística, aparecen enquisas sobre a produción de leite e o Goberno néganos que teña eses datos. Eu vou pedir certificación por escrito sobre a súa existencia.

Ben, ¿que é o que ocorre aí? Pois que resulta que ao redor de 10.500 explotacións, das 22.000 que temos, exceden en máis dun 10% de produción a súa cota. E hai algúns que teñen producións importantes e que, podendo comprar cota no mercado, non a compran; nós non imos defender esas posicións pero si que defendemos a posición de moitos gandeiros que teñen producións de tipo medio –50.000, 100.000..., ata 150.000 quilos de leite– e non poden comprar a cota ao prezo que está, a 120 pesetas. Póñolle un exemplo: un gandeiro que produza arredor de 80.000 quilos de leite e precise comprar sobre 25.000 quilos de cota –un caso moi frecuente–, necesitaría empeñarse no equivalente a dúas veces a renda ou os beneficios que saca desa produción de leite, e é imposible.

Ademais, hai outra cuestión, e temos os cálculos na man. Coa reforma da política agraria común, por unha parte, mantén as cotas pero, por outra, depreza o valor das cotas, porque as cotas se van ir acabando cara ao final e van perder valor, e se hoxe vale 120 pesetas o litro, probablemente, dentro de tres ou catro anos –temos os estudos económicos que nos serven de base–, perderían ao mellor o 20%, o 30% ou o 40% do seu valor. É un activo que vai perder valor e penso que a Consellería non pode quedar muda ante o que poden ser os intentos desesperados de moitos gandeiros que se ven forzados a comprar o leite a eses prezos cando ese activo non vai ter ese valor no futuro e, ademais, non hai cantidade suficiente de cota para comprar. Entón, isto é sobre o que nós chamamos a atención.

Como lle quero falar sobre todo de exemplos concretos, para que vexan os problemas que se poden crear con esta

aplicación, voulle falar precisamente dos problemas cos que se pode atopar unha explotación gandeira que ao final da campaña non tivo posibilidades ou medios de comprar cota e resulta que ten máis produción que a cota que ten dispoñible. Eu véxoo con bochorno, pero cítolles a vostedes a folla 8442 do *Boletín Oficial do Estado* do sábado 21 de febreiro de 2004 para poñer exemplos de como se vai facer a compensación. É dicir, pode haber gandeiros que se pasan na súa cota, pero como hai outros gandeiros que producen por debaixo da súa cota, orixínase o que se chama unha compensación no nivel do Estado.

¿Cales son os criterios que se van dar para facer esas compensacións? Pois a través dunhas fórmulas bastante complexas que pon aquí; o propio Ministerio de Agricultura considérase ou vese na obriga de poñer tres exemplos, e eu remítome aos exemplos dous e tres. Exemplo número dous –e leo textualmente e en castelán, para que me crean que está escrito aquí, e, se non, pásolles as fotocopias correspondentes–: “*Ganadero con cuota de 175.000 kilos y con 270.000 kilos de producción*”; é dicir, que produce 95.000 quilos por riba da súa cota, un 55%; coas fórmulas do ministerio, dos 95.000 quilos, compensaríanselle a este gandeiro 68.000 quilos, soamente tería que pagar cota polos 24.000 quilos restantes.

Un gandeiro que ten unha cota de 7.000 quilos –dúas vaquiñas– e que produce 15.400 quilos excédese –estas son as porcentaxes do ministerio, o criterio das porcentaxes é un criterio erróneo e antisocial– nun 120%. Pois ben, a este gandeiro que produce 15.400 quilos de cota cando ten só 7.000, vánselle compensar só 3.112 quilos, o 35%. ¿Como é posible que a un gandeiro que produce 15.400 quilos de leite –ben é verdade que produce 8.000 quilos por enriba da súa cota, mais é imposible que poida comprar cota a eses niveis de prezo do mercado–, se lle compensen só 3.000 dos 8.400 quilos que produce e teña que pagar cota por case 5.400 quilos de leite, de supertaxa? A unha multa de 65 pesetas, serían algo así como 380.000 pesetas, que é máis do que lle queda de beneficio dos 15.000 quilos a ese pobre gandeiro. ¿Quereranmo explicar vostedes?

Eu póñolles estes exemplos. Ante estes decretos, aprobados por parte do Ministerio de Agricultura, eu teño a pregunta por escrito sobre o que di o conselleiro de Política Agroalimentaria de que estes decretos son un grande avance

na clarificación do mercado do leite en España; serán un grande avance, pero teránllo que explicar moi polo miúdo a eses gandeiros. Eu procurarei explicarllo polo miúdo nas próximas semanas, porque a min isto paréceme unha das medidas máis antisociais que se poden ver. Coido que é tremendamente irresponsable o silencio da Consellería e pregaríalle ao señor portavoz do Grupo Popular que lle transmitira isto directamente ao señor conselleiro.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Sineiro.

Ten a palabra o señor Castro García, polo Grupo Parlamentario Popular, para o posicionamento respecto das mocións.

O señor CASTRO GARCÍA: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, contan que Napoleón acostumaba arengar as súas tropas utilizando unha frase que pasou a ser famosa: “Todo soldado leva na súa mochila, no seu macuto, o bastón de mariscal”. Eu non sei realmente a que aspira o señor López –no persoal, deséxolle o mellor–, pero é evidente que, polo menos metafóricamente, o señor López na súa mochila traslada de aquí para alá unha megafonía de encarte, aproveitando e recordando aqueles vellos tempos de sindicalismo combativo de clase, e asómase a esta tribuna, unha vez si e outra tamén, con esa proclama xa clásica á que nos ten acostumados, ignorando que o hemiciclo ten megafonía, e desde que el e mais eu estamos nesta Cámara, pasou de dous micrófonos a tres que hai agora, por se falla algún.

Porque, señorías, afirmar –como el o fai– que hai unha situación de desfeita no sector lácteo galego é non saber do que se está falando. Se non fose porque ao señor López non lle fai caso ninguén –comezando polo propio sector agrogandeiro–, habería que dicir que o Bloque, por boca do seu portavoz nesta Cámara, actúa dun xeito irreflexivo, irresponsable e catastrofista; pero alá o Bloque co seu portavoz. Se a vostedes con ese tipo de discursos lles vai ben, pois a nós e a Galicia, que é o máis importante, vainos bastante mellor.

O señor Sineiro botaba en falta a presenza do conselleiro de Agricultura. Señor Sineiro, comprenderá vostede, que foi cociñeiro antes de freire ou viceversa, as responsabilidades que ten o Goberno e que ten un conselleiro, e, ás veces,

os encaixes coas súas propias axendas... Vostede, que é máis veterano ca min nesta Cámara, sabe que as iniciativas que estamos a debater son de grupo parlamentario, señor Sineiro. Por certo, xa que vostede bota en falta o señor conselleiro, eu boto en falta tamén, sendo un asunto tan importante, o señor Touriño, e xa non digo ao señor Beiras, que está *missing* hai non sei canto tempo por aí. Pero, ben, en calquera caso, son distintas ocupacións as de cadaquén, así como as responsabilidades correspondentes.

Volviendo ao asunto, se a premisa sobre a que se asenta o Bloque é dicir que hai desfeita no sector lácteo, comprenderán que nós non esteamos de acordo, porque pensamos, honestamente, que non é verdade. Galicia tampouco está de acordo con esta catastrofista análise, porque á realidade do agro nos remitimos, ao crecemento da produción destes anos, ao incremento de cota dos gandeiros, á mellora que experimentou Galicia neste eido e ao incremento de renda e de nivel de vida do sector.

Tivemos a sorte, que moitos desexan en Europa, de entrar nese club e, desde entón, a capacidade produtiva do sector mellorou de xeito evidente. As súas señorías coñecen os datos sobre produción láctea e non vou incidir demasiado neles. É certo que nos movemos nunha produción continentada, suxeita ao chamado réxime de cotas, pero iso que parece unha traba aparente, resulta ser unha garantía, e hai que dicilo con claridade, señorías; unha garantía consolidada, por certo, ata o ano 2015, e non precisamente grazas aos esforzos do Bloque Nacionalista Galego.

Afirmaba o señor Sineiro o outro día que todos respectan o réxime de cotas e hoxe volvía a insistir niso; hai que dicir que si o fan todos os que teñen un pouco de sentidiño, que son a maioría, afortunadamente, agás, ao parecer, o señor López, que segue a defender a produción ilimitada xunguida a un crecemento de prezos, cousa que todo o mundo sabe que é absolutamente imposible. Eu non sei como os que din saber algo de economía no Bloque lle deixan dicir a don Emilio o que di respecto destas cuestións.

Porque hai mellores e máis rendibles explotacións, porque hai máis e mellores vacas de leite, e, por suposto, tamén de carne, e porque hai máis cota, estamos preto xa dos dous millóns de toneladas. Todos sabemos o que Galicia producía nos anos oitenta e o que produce hoxe, todos sabemos que a

cota foi incrementándose dun xeito importante. Tamén hai que dicir que, con base na Axenda 2000, houbo unha asignación de cota para Galicia de 207.000 toneladas de leite. Neste momento, Galicia vai recibir proximamente preto das 40.000 toneladas; é dicir, o 62% da cota que hai que repartir en todo o Estado, que son 64.000 toneladas da reserva nacional. Isto quere dicir que é unha asignación vantaxosa e positiva para Galicia: o 53% das explotacións que aumentarán a súa cota son galegas e serán 3.200 os produtores que verán incrementada a súa cota en Galicia. Despois destes datos, que veña o señor López coa súa música de sempre, non deixa de ser razoablemente lamentable.

A todo isto hai que engadirlle as máis de 3.300 toneladas do programa de abandono, que se van repartir tamén, que, xunto coas anteriores, demostran a vocación leiteira inequívoca de Galicia. ¿Quere iso dicir, señorías, que estamos todos satisfeitos? Como políticos, nunca o podemos estar, porque temos que ser ambiciosos na defensa dos intereses de Galicia, e o Goberno de Galicia e o grupo que o apoia somos ambiciosos. Pero tamén temos que recoñecer que imos avanzando na mellora do noso país, na mellora do mundo agrario galego, avanzamos xuntos, agás os que aínda están no rancio discurso que pronuncian —aí está o Diario de Sesións—, que falan da descolonización na linguaxe carod-roviriana, tan de moda nestes tempos; xa saben vostedes, aquilo da autodeterminación, do independentismo, etc.

Como estamos nun debate acumulado, debo facer algúns comentarios sobre unha e outra moción sen diversificar os argumentos, sabendo que as posicións dos dous grupos son diferentes, evidentemente, aínda que eles mesmos —xa o verán, señorías—, sendo diferentes, votaran mutuamente uns á moción dos outros para quedar ben entre eles, e non me parece mal.

Saben vostedes que desde a campaña 1999-2000 non houbo penalización por supertaxa e as explotacións galegas aumentaron de xeito importante a súa produción, e non me canso de repetir esta cuestión. Son moitas as medidas emprendidas polo Goberno de Galicia e polo Goberno do Estado co fin de corraxir déficits de cota. Está previsto instrumentar un novo plan de abandono, mellor dotado economicamente, co fin de abordar unha reestruturación real do sector, que, desde o noso grupo, pensamos que é necesaria.

En canto ás medidas de apoio á mellora de competitividade, están as relacionadas coa calidade do leite, coa identificación de explotacións, co fomento da participación da mocidade na toma de decisións nas súas propias explotacións. Se falamos das alternativas complementarias e de diversificación produtiva, que xa falaba o señor Sineiro deste asunto, o señor López plantexa un millón de hectáreas de forraxe; máis forraxe para o señor López. Evidentemente, lévanos ao monocultivo, cousa contraditoria co plantexamento do señor Sineiro, que fala, razoablemente, da diversificación produtiva.

Pois ben, o Goberno de Galicia, a través da consellería responsable, está a facer unha análise comarcal, un estudo que se coñecerá proximamente e que será de utilidade no asesoramento aos produtores para diversificar a produción. O Goberno de Galicia é serio, toma as cousas con seriedade e rigor, e non solta pola boca a primeira *boutade* que se lle ocorre, como fan outros, e non miro para ningún.

Pareceume entender que non están vostedes a prol do decreto do ministerio que regula a xestión e control do réxime de taxa láctea, que saben que ten por fin asegurar a transparencia e coñecer as declaracións, acreditacións e autorizacións para primeiros compradores. Vaí ser unha regulación integral requirida polo propio sector –subliño esta cuestión: requirida polo propio sector– e garantirá o correcto funcionamento do sistema de cotas. Iso é o que pretende o real decreto. Gustaríanos tamén –aínda que, ao mellor, teremos a oportunidade de falar noutros debates– que opinaran se realmente están vostedes a prol da transparencia, do control e da legalidade; en definitiva, do sistema de cotas.

Se se fala de achegas especiais en relación coa PAC, hai que dicir que a aplicación de reforma prevé o establecemento de axudas directas a explotacións. Para Galicia, o importe será, neste 2004, de 20 millóns de euros; para o 2005, máis de 40 millóns de euros; para o 2006, máis de 60 millóns; para pasar, no 2007, a un pago único por explotación, pero que, en calquera caso, ata o 2015, representa 532 millóns de euros, que se di moi pronto. E hai que afirmar tamén –parece que algúns o queren esquecer– que a cota, como cantidade de referencia, ten carácter estatal; é dicir, as cantidades que están na reserva nacional distribúense de xeito gratuito desde o Estado. Os criterios están marcados polo Real decreto 347/2003 e Galicia vai recibir –xa ven

vostedes–, proximamente, en canto a repartimento, esas 40.000 toneladas a maiores.

Galicia, señorías, señor presidente, paseniñamente vai achegando a súa produción real á súa cota asignada. En ningunha das tres últimas campañas –2000-2001, 2001-2002 e 2002-2003– o leite comercializado polas explotacións españolas superou a cota asignada ao Estado español. Polo tanto, unha proposta de negociación que en ningún caso pode levar a cabo Galicia directamente, relacionada co obxectivo de incrementar a cota baseándose no leite comercializado, tería xustificación e apoio razoablemente.

O señor Sineiro falaba agora do bosque, dos cogomelos e do turismo rural, do que viven algúns. Señor Sineiro, estas actividades poden ser tan complementarias como outras, de maneira que esa famosa banqueta da que vostede falaba pode pasar de tres patas a cinco ou a seis, o que reforzaría a comodidade do que se senta nela. A cota, señorías, hai que entendela como unha ferramenta fundamental do traballo do gandeiro. Sabemos que é un instrumento caro, tan caro e tan útil que Galicia non vendeu nin un só quilo desa ferramenta para fóra de Galicia; pola contra, fixo un esforzo importante mercando cota fóra da Comunidade. Os gandeiros saben que é un instrumento produtivo necesario, como o é mercar un tractor, a apeiría correspondente ou vacas xeneticamente valiosas, pero hai que entender, que explicar, que comunicar, que o sector ten que moverse arredor dunhas regras de xogo que hai que respectar. Aqueles que, demagoxicamente, tentando acadar algún rédito electoral, baseándose no falseamento da realidade, tentan cuspir cara ao ceo –xa saben vostedes como remata xeralmente iso–, alá eles coa súa responsabilidade.

Vou rematando, señor presidente. Nós, desde o Grupo Popular, maioritario na Cámara, temos que facer un esforzo pedagóxico de explicación do que é Europa –teremos oportunidade de facelo antes do 13 de xuño, que hai eleccións europeas–, do que son as cotas, do que é a normativa, do que é a reserva nacional, do que é o programa de abandono, do que é Galicia como potencia produtora, do que podemos facer e acadar nun próximo futuro. Desde o Grupo Popular, imos estar no positivo con aqueles que queiran traballar en positivo por Galicia desde a realidade do país.

Non vexa, señor Sineiro, no noso voto negativo de hoxe, un rexeitamento ao que pode ser razoable, que non é outra

cousa que o que está a facer o conselleiro, que é falar con todos, escoitar a todos. Máis que papeis –que son necesarios, señor Sineiro, seguramente– temos que estar á procura do mellor para o país, máis aló deste ou daquel documento, que poderá ser necesario como ferramenta de traballo. Señorías, en definitiva, o que o país necesita é que en moitos asuntos nos poñamos de acordo no fundamental, que é a defensa dos intereses de Galicia, e niso este grupo está, polo menos, á altura do que máis tira.

Grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Castro.

Como saben, ao non haber emendas, non hai unha rolda, pero vóllela conceder para posicionarse, polo menos, respecto da moción do outro grupo parlamentario.

Ten a palabra o señor López Pérez polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O SEÑOR LÓPEZ PÉREZ: Señor presidente, señorías, di o señor Castro que están á altura das circunstancias na defensa de Galicia; iso foi do que lle falamos na proposta, pero vostede non contestou. Di que vai facer un esforzo pedagóxico para explicarnos o que é Europa; mire, moitas grazas, meus pais foron emigrantes e eu tamén, a min e a moita xente deste país non fai falta que nolo explique, e a outra moita que vai ter que marchar polo mundo, tampouco fai falta que llo explique vostede.

Señor Castro, case se me ocorrería, por beneficio do país, propoñer que a vostede lle deran algún cargo vitalicio para que non volva ao ensino, porque seguro que lle fai un exame aos rapaces, preguntalles polos Reis Católicos e, como, de paso, non lles queda máis remedio que falar da Beltranexa e de Portugal, seguro que os suspende por nacionalistas. O señor Castro obra por instintos antipaís. A natureza tamén se forma así, tamén son necesarias persoas coma vostede, que o primeiro que fan, ao saír a esta tribuna, é atacar o país e acomplexalo.

Claro, nós somos catastrofistas porque analizamos unha realidade e tratamos de transformala; menos mal que a vostede non lle deu por estudar medicina, se non, vostede ten un virus e ten que morrer; o diagnóstico do señor Castro ía ser:

“Ten que morrer”. Non hai cota do leite, hai que desfacerse das vacas; a Unión Europea acaba de facer unha reforma, hai que tal...; non podemos mercar cota, pois entón vaiámonos por aí adiante. É o partido e o grupo que sustenta o partido do Goberno. Si, vostede tamén anda nas mesmas, señor, está coas cotas tamén de Pesca: hai que morrer, pola boca morre o peixe, pola boca morre a vaca... O noso Goberno pola boca non morre, é o único que ten, fala, propaganda... ¿Non ven? Xa marcharon todos á propaganda, queda aquí un e os outros van por aí de propaganda coa televisión de todos, cos cartos de todos por diante. Por certo –e aproveito–, a ver se teñen un pouco en consideración os sentimentos da xente deste país, o Telexornal non pode ser un apartado de crimes e outro de condolencias do Goberno e do benefactor que é, dá noxo.

Señorías, ¿como é posible que veña aquí o señor Castro falar de que os asesores económicos do BNG nos teñen mal asesorados aos deputados que subimos a esta tribuna? Señor Castro, ¿onde e cando quere vostede discutir estes temas co público que queira? Onde haxa labregos, en calquera das universidades, en calquera centro de ensino, en calquera feira..., vostede escolla o lugar e a arma e nós, libres de cargas, imos alí e explicámosllos e déixelle vostede intervir a xente, e xa verá a grande análise económica que están facendo vostedes.

O outro día dicía o señor conselleiro que o que había que facer era mercar cota. Vexamos, señor Castro, sabendo as catro regras –acáballo de dicir ao señor Sineiro–, se non hai cota e nos apuramos a mercar a pouca cota que hai, o único que se pode facer é acelerar o proceso especulativo que se está dando neste momento. Se hai mil persoas para mercar dous pans, o único que podemos facer é, en función da fame ou da capacidade de poder mercalo, que suba de prezo o pan. ¿Ou a vostede non lle comentaron o que pasou despois da guerra? É que vostedes saben perfectamente cal era o proceso especulativo da compra de cota, por iso vostede non entra ao debate que propón o BNG de facilitarlles cota gratuíta ás explotacións, que si o poden facer.

Di vostede que isto non é unha desfeita. ¿Non é unha desfeita que se perderan nos últimos tempos 200.000 hectáreas de superficie agraria útil? Á parte do xesto de mala educación que tivo vostede co de “forraxe para o señor López” –eu non me vou poñer á súa altura neste detalle–, sabe vos-

tede que un dos problemas que hai –e hai un estudo que se acaba de facer concienciadamente hai pouco– son os custos elevados e que a produción de forraxe permite abaratarlles gastos ás explotacións.

Díxenlle antes –porque encima é mal alumno, porque non está atento– que se están –explíqueillo mil veces– aumentando os gastos nas explotacións intensivas, co que nos últimos anos aquelas explotacións que aumentaron o número de vacas e aumentaron os gastos da explotación, aínda que lles paguen máis, volven perdelo, porque aumentaron os custos. Xa se comprobou en Cantabria con estudos rigorosos, comprobouse na comunidade asturiana e comprobouse en Galicia. Se aumentando e intensificando a explotación non hai saída e se, ademais, aumentamos o gasto comprando cota, a cota non é un beneficio – non fai falta ser economista–. Non se pode meter no capítulo de ingresos a compra de cota, hai que metelo no capítulo de gastos.

Seguimos aumentando gastos e, ademais, polos acordos da política agraria común, van baixar os prezos, poden chegar a baixar un 20%, un 30% ou 40% ata o 2010. Señor Castro, ¿estamos ante o perigo de que isto sexa unha desfeita? ¿Si ou non? ¿Como pode haber un Goberno tan burro? Porque hai que dicirlles as cousas así; aos malos alumnos hai que falarlles desta maneira, se non, non entenden. Vostedes seguen, *imposible el ademán: tengo la televisión, tengo miles de estrellas, tengo la luna y al señor Fraga presentándose hasta que dure...* Dixo hoxe que ía durar 120 anos, ¿non dixo? Dixo que era a aspiración que tiña, e así estamos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O SEÑOR LÓPEZ PÉREZ: E *tutti contenti* –remato, si, señor presidente–, que isto dá igual.

Falou vostede da miña megafonía. Estou moi orgulloso da miña megafonía de sindicalista, sinto que vostede non poida estalo; cada un vale para o que vale, ¿entende? Vostede, para ir nas procesións de Semana Santa coa cara tapada (*Risos.*), e outros podemos ir polo país coa cara descuberta despois de telo defendido e seguilo defendendo. Xa caerán as súas torres, home. Non se preocupe, que ha de haber alfalfa para todos, incluído vostede. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor López.

Ten a palabra o señor Sineiro García polo Grupo Parlamentario Socialista.

O señor SINEIRO GARCÍA: Grazas, señor presidente.

Nós non poñemos en cuestión nin a legalidade vixente nin a capacidade do Goberno para a reforma das normas; nós o que poñemos en cuestión son as normas aprobadas. En primeiro lugar, o propio Goberno Aznar fíxera xa dous decretos –o 2659/1996 e o 1486/1998–, polo que existía xa unha normativa; terásenos que dicir en que fallaban eses decretos para facer agora estes cambios. Vostede di que non houbo aplicación de supertaxa desde o ano 1998. Non a houbo porque se amañaron os papeis. Na produción, por exemplo, de 1999, Galicia –segundo a propia Consellería de Agricultura– tiña unha produción de 1.965.000 toneladas, mentres que o ministerio, nos papeis oficiais, daba unha produción de 1.638.000. Non nos veñan agora falar vostedes de que son os paladíns da total transparencia, cando este Goberno amañou papeis durante unha serie de campañas seguidas.

¿Que é o que queremos nós? Que a aplicación das cotas teña en conta a realidade social, económica e territorial que está aí; que non se faga unha verdadeira reconversión, senón que se teñan en conta os problemas –é o que eu lle trataba de dicir–. Mire, vostede di que unha banquetta de tres patas pode pasar a cinco; si, pero poña vostede as patas, porque son algo máis de 10.000 familias as que poden ser reconvertidas mediante estes decretos, que son forzadas ao abandono da produción ou son postas en dificultades económicas moi serias. En canto ao turismo rural, hai menos de 200 familias que, sendo agricultores, teñen casas de turismo rural, o resto son outros capitais; explotacións de avestruces –contestación á deputada Soneira Tajés–, 40. É dicir, ¿onde están esas banquetas? A nós gustaríanos ter un sofá, non unha banquetta, pero díganos onde están.

Desde logo, os problemas son tan serios que ata no programa ese de reserva de cota se presentaron no conxunto de Galicia algo máis de 9.000 solicitudes e unicamente a un de cada tres gandeiros que solicitou cota se lle vai dar. Esa é a realidade e, mire –eu estou disposto a darlle a fotocopia, precisamente, do *Boletín Oficial do Estado*–, esta familia, ¿como é posible...? Póñollo doutra maneira: a un gandeiro que teña unha cota de 400.000 quilos e que produza 500.000, vánselle compensar 45.000 quilos; é dicir, vánselle perdoar

arredor de 2.400.000 pesetas de supertaxa; a ese gandeiro que produce 15.000, pero ten só unha cota de 7.000, soamente se lle van perdoar derredor de 280.000 pesetas. Esa é unha inxustiza social á que haberá que poñerlle remedio.

¿Que é o que perseguía a nosa moción? A nosa moción o que pedía, no primeiro punto, era un informe da Xunta de Galicia ao Parlamento, , non pedimos nin tan sequera un plan. No segundo punto, o que pedimos é un plan de diversificación económica. ¿É que o Goberno se nega a este mínimo diálogo coa oposición? Iso é o que lle quero poñer de manifesto. Vostede amparouse, precisamente, en argumentos doutra moción para tratar de ocultar a verdadeira realidade da nosa moción. A realidade da nosa moción é que, ante decretos que poden ter unha aplicación moi dura de reconversión en Galicia, nós pedímoslle ao Goberno que presente un informe ante esta Cámara de cal é a situación e os posibles impactos desas medidas –adiantándonos aos problemas– e, despois, que se presente un plan de medidas complementarias. Os problemas están aí, a aplicación do decreto vai ser a partir do primeiro de abril para os primeiros compradores, e, ao longo desta campaña, antes de marzo de 2005, veranse os problemas.

En relación coa moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego, desde logo eu tamén quero rebater algo do que vostede dicía. Eu tiña outros hábitos democráticos, vostede pode consultar os diarios de sesións, e mentres eu fun conselleiro de Agricultura, estívenlle presente en todos os debates en que se trataron materias de agricultura, e poño a miña palabra e vostede pódeo comprobar no Diario de Sesións. Polo tanto, non use alegremente as palabras e non confunda uns hábitos con outros. Eu considero que é un desprezo político –e póñame o de desprezo con comiñas– o feito de que estando presente o señor conselleiro uns minutos antes, non preste atención ao que é o debate de dúas propostas da oposición; pódeo facer, o conselleiro é libre para marchar, pero debiera ter a decencia política de escoitar a oposición.

En relación coa moción do Bloque Nacionalista Galego, nós pedimos, señor presidente –se está conforme o señor deputado–, que a moción se vote por puntos. Nós imos votar cinco dos seis puntos da moción, a pesar de que nós preferimos unha moción máis ampla e máis aberta para poder chegar a acordos entre os grupos, pois o señor López presenta unha moción –podemos dicir– moi partidista, onde son máis

difíciles os acordos, pero nós, en cinco dos seis puntos que presenta, podemos estar de acordo, aínda que preferimos, precisamente, unha moción máis aberta co talante de poder chegar a un acordo entre os tres grupos da Cámara, os dous da oposición e o do Goberno. Agora ben, ao mellor, ata ten razón o señor López cando presenta unha moción pechada, porque, ¿para que? Se o Goberno fai oídos xordos e non quere diálogo e non quere ningún tipo de debate.

Eu penso que desde o punto de vista democrático de tratar de chegar a acordos, o noso grupo ten razóns fundadas para presentar este tipo de moción pero, desde logo, os seus hábitos e os seus talentos, ao mellor, ata lle dan máis razón a mocions máis radicais ou máis partidistas. E nós unicamente nos absteríamos en relación co punto quinto, porque nós pensamos que a xestión da cota debe ser para o conxunto do Estado, porque permite transferencias entre comunidades autónomas.

Máis nada e moitas grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Sineiro.

Procedemos entón a votar, se ocupan os seus escanos. En primeiro lugar, someteremos a votación a moción que foi presentada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, e –se non ten inconveniente o autor da iniciativa– foi solicitado que se votara por separado o punto quinto. Entón, imos votar os puntos primeiro, segundo, terceiro, cuarto e sexto desa moción.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 21; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos.

Votamos agora o punto quinto desa mesma moción.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 13; votos en contra, 37; abstencións, 8.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto.

Votamos agora a moción presentada polo Grupo Parlamentario Socialista. Se non hai peticións en contra, votamos os dous puntos conxuntamente.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 21; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Ricardo Varela Sánchez, sobre a situación do mercado laboral galego

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Varela Sánchez, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, para presentar e defender a moción.

O señor VARELA SÁNCHEZ: Señor presidente.

Señorías, a situación do mercado de traballo en Galicia hoxe constitúe un factor desestabilizador que pon en risco o sistema de protección social e o desenvolvemento económico de Galicia. Esta é unha afirmación da que está absolutamente convencido o Grupo Socialista e que, por certo, cada vez máis amplamente asentada na nosa sociedade. Chegar a facer esta afirmación é o resultado da exposición, que xa fixemos neste Parlamento en máis dunha ocasión e que fixemos con motivo da interpelación, sobre a análise dos datos do noso mercado laboral, no que se refire tanto á cantidade como á calidade de emprego en Galicia, e todo o que conforma o modelo económico e produtivo do noso país.

Na interpelación tratábamos de traerlle á señora representante do Goberno galego, á señora conselleira, a idea de que era absolutamente necesario que dunha conciencia colectiva da nosa situación puideramos extraer conclusións e solucións para tratar de atallar a situación do mercado de traballo. Diciamos naquela intervención que pechamos o

ano 2003 cuns datos absolutamente arrepiantes para o noso país. O crecemento no emprego nese ano, o 16,07%, multiplicaba por 38 o crecemento do desemprego en España; isto quere dicir que Galicia abandeiraba, desgraciadamente, o crecemento do desemprego nacional, dobrando a seguinte autonomía que máis crecera en desemprego. E á ausencia de emprego, sumábase a ausencia de calidade no noso mercado de traballo, a ben coñecida, desgraciadamente, por todos os galegos, situación de precariedade laboral.

No noso país temos un 35% de traballadores cun emprego inestable, que non saben moi ben que vai ser da súa vida laboral ao día seguinte. A cifra chega a un 70% no caso dos mozos e a un 90% no caso das mozas; nove de cada dez contratos que se fan en Galicia fanse en precario e duran, aproximadamente, como media, dez días; e os salarios destes traballadores son un 40% inferiores ao do resto dos traballadores.

Isto ten, indubidablemente, uns efectos perniciosos para o mercado laboral, pero tamén para o conxunto da nosa economía e da nosa sociedade; ten efecto sobre a natalidade, polo tanto ten efecto sobre a caída demográfica que está a sufrir o noso país; ten efecto sobre a caída da produtividade e da competitividade – estamos a falar de traballadores con pouco tempo de duración no seu posto de traballo e con pouca formación–; ten un efecto pernicioso sobre a cualificación profesional, que non se pode facer cun seguimento axeitado nos centros de traballo; ten efectos moi negativos sobre a inseguridade e os accidentes no traballo, xa discutidos nesta Cámara en máis dunha ocasión; aféctalle negativamente á demanda interna; debilita o consumo familiar; imposibilita o acceso aos créditos e a compra de bens duradouros, posto que, loxicamente, non se sabe se se van poder afrontar eses gastos ao día seguinte; reduce a precariedade aos niveis salariais do presente –como dicíamos antes nunha media dun 40%– e, por tanto, reduce as contías das pensións dos dereitos pasivos do futuro; reduce, por tanto, os ingresos na Seguridade Social e está provocando, señorías, unha importantísima fuga de efectivos, dos rapaces mellor preparados, da intelixencia de Galicia, cara a outras partes, onde poden atopar traballos máis estables.

Polo tanto, estamos ante unha situación de escaseza de traballo e de pésima calidade do traballo. Tanto é así, que un de cada dous galegos da poboación ocupada que está en

idade de traballar, ou non ten traballo ou o seu traballo é inestable –o 50%–. Isto, señorías, supón que a escaseza de capacidade de traballo en Galicia nos coloque nunha situación de 1,6 ocupados en relación co 2,1 de pensionistas. Esta situación, que probablemente terá tamén moito que ver co que se discutía na iniciativa presentada en relación aos nosos problemas de servizos sociais, quere dicir, señorías, que perdemos unha capacidade de produción e de traballo nos últimos anos absolutamente escandalosa.

Cando chega o señor Fraga para gobernar en Galicia, hai catorce anos, o traballo galego supoñía o 8,3% do traballo nacional, é dicir, que de cada cen traballadores que realizaban a súa actividade no noso país 8,3 traballadores eran galegos; hoxe só 5,8 traballadores de cada cen de España son de Galicia, dous puntos e medio da parte do bolo do traballo nacional. Eses dous puntos e medio supoñen a perda de 350.000 traballadores nestes anos, que son precisamente os que necesitaríamos para pasar dese 1,6 ao 2,1. Eses 350.000 traballadores, que hoxe non temos e que teríamos que ter para manter a nosa parte do bolo nacional de traballo, é dicir, ter mantido ese 8,3% do traballo nacional, suporía que hoxe seríamos autosuficientes e capaces de afrontar o pagamento das nosas pensións, dos dereitos pasivos dos nosos traballadores coa nosa carga de traballo, cousa que hoxe é insuficiente, como digo, en 350.000 traballadores. Polo tanto, fomos a peor nese período, con respecto ao conxunto do Estado e con respecto ao conxunto das autonomías do noso país.

O outro día discutíase aquí, e facía eu referencia, a algunhas autonomías ás que lles gusta sacar a colación o partido que sustenta o Goberno cando se fala destes temas. Falaban de Andalucía e de Estremadura cando falabamos da precariedade, e eu lembráballes que con respecto a Andalucía perdemos nos últimos vinte anos doce puntos en diferencial de desemprego e con respecto a Estremadura dez, que tiveron un comportamento moito mellor que o noso nesta materia.

Dito isto, esta situación conforma todo un modelo de relacións laborais e de sistema produtivo en Galicia que, desde o noso punto de vista, señorías, é un modelo suicida, que está a provocar un intento de competitividade no noso mercado de traballo baseándose na baixa cualificación, nos baixos salarios, na precariedade e nas condicións de traballo inadecuadas. Un modelo, señorías, que está ensinando a punta do iceberg do fracaso do modelo económico galego,

pero debaixo desa punta hai un enorme iceberg que pode ser visto a curto prazo, se non somos capaces de poñer medidas para remedialo.

O que está a pasar hoxe coa deslocalización das empresas é un bo exemplo do que pode pasar no futuro; deslocalización que se produce en todos os lugares, pero nalgúns sitios teñen medidas alternativas baseándose na competitividade, na produtividade, na incorporación de información, de formación e de tecnoloxía para combater esa deslocalización. Por certo, en Galicia estase producindo polos feitos do noso erróneo sistema produtivo e pola axuda da propia Xunta de Galicia, que está fomentando a deslocalización das nosas industrias –e disto falaremos nalgún momento–; non só marchan porque o noso mercado non os convenza, están marchando algunhas industrias porque o fomenta a Xunta de Galicia, que está pagando a deslocalización.

Polo tanto, señorías, ante isto, nós plantexamos unha alternativa nesta Cámara. Dicimos que hai medidas, que se poden tomar moitas medidas con respecto a esta situación do noso mercado de traballo insuficiente, temporal, con baixa retribución, con moita sinistralidade e con baixa produtividade –esa é a situación do noso mercado de traballo–. Os obxectivos para iso teñen que ser, indubidablemente: máis produtividade, máis calidade, máis cohesión social e máis fomento do aforro produtivo que permita o investimento e a posta en marcha de empresas. Isto, señorías, hai que facelo cun feixe de medidas que podemos poñer todos enriba da mesa e que non vai ir a ningún lado se non se fai dunha forma consensuada, compartida polos axentes económicos e sociais do noso país, xunto cos grupos parlamentarios que estamos nesta Cámara e que representamos lexitimamente os galegos.

Por iso, presentamos unha moción no senso de, entre todos, analizar a situación, propoñer medidas e ser capaces de sacar adiante un plan pola defensa do emprego en Galicia e da produtividade do noso país, que hoxe está en mínimos moi preocupantes. Esta, señorías, non é unha idea que saia do Grupo Socialista, illada da sociedade, isto está reclamado reiteradamente polos axentes sociais e económicos, e mesmo o Goberno do Partido Popular ten nas súas mesas as cartas dirixidas polos axentes sociais solicitando unha solución. Esa solución, indubidablemente, pasa pola discusión e polo consenso. Nós, como sempre, estamos dispostos a iso.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Cuervo): Moitas grazas, señor Varela.

¿Grupos parlamentarios que desexen intervir? (*Pausa.*)

Ten a palabra o señor Merino Mejuto polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor MERINO MEJUTO: Señora presidenta, señorías, aludía onte nun debate neste mesmo Pleno á dificultade que existe por parte da oposición para establecer un diálogo razoable, coherente e dialéctico co Goberno e co grupo que o apoia, dado que nunca é posible que os argumentos que se expoñen aquí na tribuna sexan rebatidos desde unha mesma perspectiva de intento de chegar a algunha solución. O Goberno está refuxiado na propaganda e o grupo que o apoia está feliz con esta situación. Supoño que o representante do Grupo Popular que logo vai intervir traerá unha intervención preparada sobre a base de que todo vai moi ben e de que o que non está tan ben está en vías de solución. Máis ou menos, creo que me vou equivocar moi pouco neste diagnóstico. Realmente, o lóxico sería que esta Cámara tivese unha dialéctica normal, a que se ten que establecer entre o Goberno e a oposición. Efectivamente, nin todo está mal nin todo está ben, pero si que temos un problema grave no mercado de traballo.

No debate da interpelación que dá lugar a esta moción, a conselleira, nesta mesma liña, consideraba positivos os datos sobre contratos do mes de xaneiro, e á hora de buscar elementos aos que acollerse para ver algún elemento positivo, fixébase na contratación; dicía que o mes de xaneiro fora un mes moi bo para a contratación, e esquecía que nese mes, novamente, Galicia diverxe na temporalidade. Estabamos nun debate sobre precariedade laboral e, precisamente, ela incide nesta cuestión, descoñecendo ou non tendo en conta esta realidade. Estabamos nun debate sobre a precariedade laboral no noso país e nese mes, xustamente, que ela escolleu como referencia ou como o lugar onde atopar algún elemento positivo, Galicia diverxe novamente.

Polo tanto, analicemos no seu conxunto a situación do mercado laboral –teño que recalcar, por obvio, que a nosa análise parte de datos da EPA ou datos do Inem–. Partindo

do desequilibrio estrutural que ten o noso mercado de traballo, seguimos a diverxer co Estado e con Europa en todos os parámetros; non recuperamos terreo, e iso é porque o mercado é incapaz de absorber a demanda de emprego que existe na sociedade galega e por iso aumenta o desemprego. A Xunta, neste sentido, non ten vontade política, non está disposta a aceptar esta realidade, escapa dela con propaganda, e de aí que, ao non haber unha política global orientada a resolver ese problema, as cuestións estean sobre a mesa e a tendencia nos últimos tempos sexa de empeoramento. Así, por exemplo, e só a título de inventario, Galicia conta con 27.000 novos desempregados desde o mes de setembro. A EPA do cuarto trimestre dá os peores datos de desemprego desde 1995 e os datos do Inem do mes de decembro e do mes de xaneiro sitúan a taxa de desemprego nos niveis de 1998. Disto é do que temos que falar.

A conselleira dixo tamén o outro día que prefería un contrato temporal a un contrato inexistente. Seguramente esa é a opción que escollen os miles de desempregados que están nesa situación, pero isto non é o que se lle pide á conselleira de Traballo e Asuntos Sociais. A conselleira o que ten que buscar –e era o que se lle demandaba– é como solucionar o problema da temporalidade laboral no noso país, que está catro puntos por riba da estatal. Tamén dixo nese debate –creo que é importante recollelo– que as axudas para a contratación indefinida –isto díxoo como crítica a outras opcións políticas que, no seu momento, criticamos a implantación dunha contratación temporal e non causal– se gradúan en función da taxa de estabilidade acadada pola empresa, para o que se esixe un mínimo do 65%. É dicir, a propia conselleira, con esta afirmación e coas axudas que establece a consellería, está recoñecendo que a taxa de temporalidade do 35% –que é na que estamos agora– non ten vontade de resolvela; porque se ese é o mínimo de contratación indefinida nunha empresa, pártese da idea de que hai que dar por suposto que o 35% de temporalidade é o que afecta ao mercado. De maneira que isto, para nós, non é aceptable; desde logo, por esta vía non se resolve ese problema. Por outra parte, a media de contratos indefinidos no ano 2003 no Estado foi do 8,66 e en Galicia do 8,10.

Diverxemos polo tanto, señorías, nisto como noutras cuestións. Por sinalar algúns aspectos nesta dirección, temos unha taxa de desemprego peor que a de 1989 e temos, nese terreo, un desequilibrio de 2,33 puntos sobre a media estatal.

Na taxa de actividade –outra cuestión importante–, temos outro dato peor que en 1989 –datos EPA–: é 1,80% peor que a estatal. Na taxa de ocupación –que tamén é peor que a de 1989–, temos 2,40 puntos peor índice que o estatal. É dicir, que os indicadores fundamentais, sumándose ao que antes me referín da contratación temporal... A conselleira dixo o outro día que non eran certos os datos que daba a oposición, porque non estabamos en catro puntos de diferenza, senón en tres coa media estatal. Eu teño que volver recordar aquí que a Unión Europea chamou a atención do Goberno español polo índice de temporalidade situado, en 2001, no 31%. Pois ben, a taxa estatal mantense na mesma situación, pero a galega, desde entón, aumentou catro puntos, e chegou ao 35% a finais de 2003; agora estamos oscilando, nos trimestres, entre o 34 e o 35%. Por último, outro elemento que hai que ter en consideración, é a taxa de inactividade, na que tamén temos un dato peor, é dicir, hai máis xente inactiva que en 1989 e temos unha taxa dous puntos peor que a estatal.

Ben, situado o mercado laboral e os seus problemas, o grave é que a Xunta non reacciona, non atende as propostas das centrais sindicais, que incluso elaboraron un documento unitario partindo de datos obxectivos, partindo da realidade do mercado laboral, sinalando cales son aquelas deficiencias; un documento moi pormenorizado, moi detallado de cales son os problemas e a estrutura actual do mercado de traballo de Galicia. A Xunta e o Grupo Popular non atenderon ese documento, que veu aquí a través dunha iniciativa conxunta do Grupo Socialista e do Bloque Nacionalista Galego. Votaron en contra desa iniciativa, que o único que pretendía era que houboese unha reunión dos interlocutores sociais coa Xunta na que participaran tamén os grupos parlamentarios e que, a partir de aí, se puidese facer unha proposta sobre medidas para buscar solucións a este problema. Viñeron aquí multitude de iniciativas sobre precariedade laboral, sobre desemprego, sobre accidentabilidade laboral, etc., que tiveron permanentemente a oposición do Grupo Popular.

A advertencia da Unión Europea ao Estado español non ten importancia para a Xunta de Galicia. En definitiva, temos un Goberno que fai oídos xordos a un clamor social que existe sobre estes problemas, que teñen rostro, que teñen nome e apelidos na xente que está a padecer esta situación, pero tamén para o conxunto da economía, que se resente dun mercado laboral tan precario. En definitiva, unha política de

costas a esta realidade que, máis cedo que tarde, lles pasará factura, señorías.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Cuervo): Moitas grazas, señor Merino.

Ten a palabra o señor Baltar Blanco polo Grupo Parlamentario Popular.

O señor BALTAR BLANCO: Moitas grazas, señora presidenta.

Tomo a palabra en nome do Grupo Popular para posicionalo en relación con esta moción do Grupo dos Socialistas de Galicia sobre o mercado laboral galego. Esta moción é consecuencia dunha interpelación debatida no Pleno anterior coa comparecencia da conselleira de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais da Xunta de Galicia. Naquela intervención, a xuízo do Grupo Popular, informou a esta Cámara sobre unha serie de aspectos do complexo mundo das relacións laborais, do emprego, e transmitiu datos contrastados e serios, fuxindo de cifras erróneas e afastándose de plantexamentos demagóxicos.

Presidenta, señorías, volta o autor da iniciativa cualificar a situación do mercado laboral en Galicia como de declive e deterioración, nunha nova demostración de tremendismo, o que sitúa novamente o debate en terreos ou en termos pouco acordes coa realidade actual. Esta moción pretende substituír a función do Goberno, a función executiva, e digo pretende, porque é a Xunta de Galicia quen vén realizando a análise e a avaliación da situación do mercado laboral ao elaborar e promover as medidas necesarias para melloralo.

Señorías, é este un bo momento para lembrar algunhas das cuestións de importancia relacionadas co tema que estamos a debater. Non sobra dicir que desde o ano 1998 a política de incentivos á contratación da Xunta de Galicia está claramente orientada ao emprego indefinido. Subvenciónanse excepcionalmente contratos temporais, como o de prácticas ou o de interinidade, para favorecer a conciliación da vida familiar e laboral ou a contratación temporal dos colectivos en risco de exclusión social, para lograr a integración na sociedade das persoas que se atopan nesta situación ou con especiais dificultades de acceso ao emprego, como a xente nova. É o momento tamén de subliñar a discrimina-

ción positiva a favor dos sectores máis desfavorecidos, bo momento, en definitiva, para volver dicir que na liña da incentivación da contratación indefinida, no pasado ano 2003, o Programa de contratación estable favoreceu a 8.330 traballadores. Pero, señorías, tamén quedou claro que esta política de incentivos non é a única vía posible para acadar o aumento das contratacións indefinidas ou das taxas de estabilidade –obxecto da interpelación substanciada no Pleno anterior–. Así, estase a traballar tamén noutras direccións, como son os plans de seguimento da contratación temporal para detectar os posibles abusos ou fraudes.

Convén lembrar, señorías, que a regulación do mercado laboral nunha economía de libre mercado é competencia das partes que nel interveñen: as empresas, os traballadores e os interlocutores sociais. Isto non é tirar balóns fóra, é ter claro o escenario para non caer na demagogia fácil, é contemplar a realidade do punto de partida para facer un esforzo de reflexión e dirixir correctamente a acción política da Administración pública competente. En definitiva, señorías, trátase de saber cales son as regras do xogo para poñer en práctica actuacións públicas marcadas polo rigor que debe esixirse cando falamos do mercado laboral, un mercado laboral no que ocupa lugar esencial a negociación colectiva, como o mecanismo máis axeitado na erradicación da precariedade laboral e na corrección da temporalidade.

Señorías, para o Grupo Parlamentario Popular resulta evidente que a contratación indefinida mellorou en Galicia desde 1998, ano no que se asumiron as políticas activas de emprego, pasando dos 44.974 contratos indefinidos rexistrados en 1998, aos 60.239 rexistrados no 2003. Datos obxectivos, contrastables, cifras que reflicten que nunca como ata agora se rexistraron tantos contratos indefinidos. O recoñecemento dunha situación que non é autocompraxencia é un avance máis na loita por mellorar o mercado laboral galego, tarefa na que todos debemos estar comprometidos seriamente, sendo conscientes do que queda por facer, pero sen infravalorar o conseguido; unha situación que empeza a repuntar logo da reforma operada en 1997, que comezou a estimular o emprego estable, deixando atrás unha etapa que prefiro non cualificar; realidades como a cifra investida polo Goberno galego –781 millóns de euros– no que atinxe a incentivos para a contratación e mellora de empregabilidade desde a asunción de competencias en materia de políticas activas.

Señorías, o Grupo Socialista pretende, coa moción que estamos a debater, a creación dunha comisión mixta integrada por representantes dos tres grupos parlamentarios e na que poidan participar o Goberno galego e os axentes empresariais e sindicais para –segundo di literalmente–: “levar a cabo a análise e a avaliación da situación do mercado laboral e as eivas que padece, así como elaborar e promover as medidas necesarias para facer fronte á situación”. Unha pretensión que, a xuízo deste grupo, debemos rexeitar, por un principio básico como é o entender que o necesario diálogo social debe enmarcarse dentro do poder Executivo e non no lexislativo, subliñando a existencia xa dunha cuestión que parece obviarse, como é a existencia do Comité Autonómico de Emprego creado en 1999 e que se reúne periodicamente, tanto a nivel central como provincial.

Todos coñecemos que polo Decreto 32/1999, do 5 de febreiro, se crea e se regula o Comité Autonómico de Emprego e os comités provinciais de emprego e seguimento da contratación laboral, dando cumprimento así á normativa, como pode ser a que contén o traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia da xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no referente ás funcións que este tiña atribuídas nas comisións de seguimento da contratación laboral. Tamén que os servizos públicos de emprego, seguindo o Convenio número 88 da OIT e a lexislación española vixente, debían recoller a participación das organizacións sindicais e empresariais máis representativas, sendo necesario crear os órganos nos que poida realizarse efectivamente.

Tanto o Comité Autonómico de Emprego, como os comités provinciais de emprego e seguimento da contratación laboral actúan así como órganos de participación institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas. Debe lembrarse que entre as funcións do Comité Autonómico de Emprego están as seguintes: elaborar os criterios de actuación do Servizo Público Galego de Emprego; participar e informar sobre a planificación das políticas activas de emprego de acordo coas competencias da Comunidade Autónoma nesta materia; igualmente, analizar a información relativa ao mercado de traballo, así como os programas e actuacións do Servizo Público Galego de Emprego; e tamén, emitir informes sobre a programación das distintas medidas das políticas activas de emprego postas en marcha. Un Comité Autonómico de Emprego composto, ademais de polos representantes da Administración Autonómica, por

cinco representantes das organizacións empresariais e por cinco representantes das organizacións sindicais que teñan o carácter, en ambos os dous casos, de máis representativas en Galicia, de conformidade coa lei.

Tamén procede lembrar, neste momento, algunhas das funcións atribuídas aos comités provinciais de emprego e seguimento da contratación laboral: formular, por iniciativa propia, propostas e recomendacións aos órganos que corresponda sobre a situación e desenvolvemento do emprego na provincia, a eficacia das normas e os programas desenvolvidos; recibir información de empresas, traballadores e representantes sindicais sobre a situación do emprego na provincia, canalizando cara aos órganos correspondentes aquelas consultas ou propostas recibidas; igualmente, correspóndelles realizar o seguimento e a análise do desenvolvemento do emprego e da contratación laboral na provincia, así como a súa adecuación ás necesidades do mercado de traballo nela.

Señorías, as reunións destes órganos son periódicas, dándose, no mes de xuño de 2003, un gran pulo ao Comité Autonómico de Emprego coa creación dun grupo de traballo adicado á análise de problemáticas concretas do mercado laboral; unha mostra evidente do diálogo social que debe existir para buscar solucións aos problemas detectados, na liña de tratarse do vehículo axeitado para introducir mellores concertadamente cos axentes sociais; unha disposición ao diálogo permanentemente amosada, tanto polo Goberno autonómico, como polo Grupo Parlamentario que o apoia; un ofrecemento e vontade de chegar a acordos positivos para axudar a perfeccionar, de ser o caso, os programas públicos vixentes en canto ás políticas activas de emprego; un foro axeitado, como é o Comité Autonómico de Emprego ao que me referín, e que fai innecesaria a comisión que se propón na moción, coa que disentimos tamén conceptualmente.

Remato xa, señor presidente, anunciando o voto en contra do Grupo Popular a esta iniciativa.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Baltar.

Ten a palabra o señor Varela Sánchez polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

O señor VARELA SÁNCHEZ: Grazas, señor presidente.

Señor Baltar, eu xa comprendo que vostede non ten por que ter toda a información, nin ten por que estar na cousa a fondo, pero dígalles aos que lle preparan a documentación que se esforcen un pouco máis, porque que veña vostede aquí a lernos a composición e as funcións do Comité Autonómico de Emprego é un pouco forte. Todos sabemos como se compón o Comité Autonómico de Emprego e o punto un, dous, tres..., cales son as funcións e tal; o que pasa é que no Comité Autonómico de Emprego, onde están representados os axentes sociais, din que iso non funciona e son os propios axentes sociais os que se dirixen a nós e ao Goberno, por certo, para que poñamos en marcha esta iniciativa que traemos aquí ao Parlamento.

Polo tanto, cando lle dicía que isto non era un invento deste grupo, estáballe dicindo, señor Baltar, que esa é unha demanda dos axentes sociais, que non cren no Comité Autonómico de Emprego, porque o Comité Autonómico de Emprego é un máis dos instrumentos de propaganda institucional da Xunta de Galicia e que utiliza o Comité Autonómico de Emprego segundo lle convén. Polo tanto, señor Baltar, non hai xustificación, baseándose na existencia do Comité Autonómico de Emprego, para que as forzas sociais, económicas e políticas deste país non se poidan xuntar a analizar a situación do mercado de traballo e tratar de buscar solucións posibles.

Mire, vostede mente, é triste dicilo pero é certo. Vén vostede dicir que estamos nunha situación mellor de precariedade laboral que hai anos, acaba de dicilo aquí, nesta Cámara, estará recollido nas actas, repáseas vostede ou, se non, mandareille unha fotocopia. É mentira, temos unha taxa de precariedade como a que non tivemos nunca, por riba da estatal. Iso é así, unha taxa de precariedade laboral catro puntos por riba da estatal e vinte puntos por riba da taxa de precariedade do Estado.

Di vostede que tremendismo por parte da oposición na exposición dos seus plantexamentos. ¿É certo ou non é certo que estou falando de datos obxectivos? Como un dato é obxectivo cando lle din ao señor presidente que formou parte dun goberno e o considera un insulto; ese é un dato obxectivo. ¿É certo ou non é certo que temos unha taxa de paro por riba da estatal? É certo. ¿É certo ou non é certo que

temos unha taxa de precariedade por riba da estatal? Parece certo. ¿É certo ou non é certo que hai oito anos crecíamos en produtividade a un 2% e hoxe estamos crecendo a un 0,6? Parece certo. ¿É certo ou non é certo que temos unha relación de 1,6 ocupados por pensionista, fronte ao 2,1 do Estado? Parece certo. ¿É certo ou non é certo que perdemos, por non manter a nosa taxa de emprego de hai catorce anos, 350.000 traballadores? Parece certo.

Pois iso non é tremendismo, eses son datos. Se a vostedes lles parecen tremendos, terán que buscar solucións, porque o tremendo do dato non é o plantexamento que se fai nesta Cámara, é o contido do dato, é a súa natureza...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VARELA SÁNCHEZ:... e, efectivamente, como vostede moi ben cualificou, é un dato tremendo, que require solucións fortes, solucións decididas, solucións con gañas de poñerlle ao problema a cabeza. E vostedes, indubidablemente, non as teñen, porque non son sequera capaces de recoñecer que estamos diante dun problema que ten *acogotado* e que vai *acogotar* o noso país no futuro. Esa é a súa responsabilidade, se queren seguir na caverna sigan aí que están moi ben.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Procedemos a votar a moción se ocupan os seus escanos.
(*Murmurios.*)

(*Votación.*) (*Pausa.*)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 21; votos en contra, 35.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

Pasamos agora ao punto cuarto da orde do día, que é de proposicións non de lei.

Alteración da orde do día

Quero propoñerlles unha alteración, no sentido de que en vez de tratar a proposición que figura como dúas no sitio que

lle corresponde, trataremos nese sitio a que figura como terceira, estando de acordo todas as partes niso e os portavoces tamén. É dicir, agora vai a número 9800 e despois, a continuación, debateremos a 12616.

Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a Laura Seara Sobrado e dous deputados máis, sobre as actuacións que se deben levar a cabo respecto do proceso de reconstrución en Iraq

O señor PRESIDENTE: A esta proposición foille presentada unha emenda polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(*O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa do seu deputado Alfredo Suárez Canal, presenta a seguinte emenda:*

“Emenda de adición

Débese engadir un punto 6º, co seguinte texto:

‘6º. Así mesmo demandar do Goberno do Estado que, como primeira medida para promover unha solución humanitaria, dispoña o retorno das tropas do exército do Estado español que están participando nunha ocupación militar productiva dunha guerra ilegal, ilexítima e inxusta.’”)

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Seara Sobrado, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, para a defensa da proposición.

A señora SEARA SOBRADO: Grazas, presidente.

Bos días, señorías, o Goberno español meteunos nunha guerra, hai un ano que se decidiu unha guerra ilegal, ilexítima, ilícita e inxusta. Unha guerra que decidiu un Goberno apoiado, por certo, sen apenas discrepancias –algunha houbo, pero moi poucas, pouquísimas, anécdotas–, polo Partido Popular, polo seu partido. Eu creo que as guerras sempre as declaran uns cantos –aquí bastou unha simple reunión, un trío que se reuniu nos Azores–, e sempre as declaran contra homes e mulleres convertidos en reféns e vítimas.

E permítanme que hoxe, señorías, xa un ano despois de que aquí, ademais, en sede parlamentaria, se fixeran varios

debates sobre esta cuestión, un ano despois con todo o ocorrido, que poidamos pensar que algo inconfesable debeu ou debe estar en xogo, algo máis ten ou tiña que haber, algo máis que o intento do derrocamento dunha ditadura. Falando de ditaduras, vostedes teñen mirado cara a outro lado con moitas ditaduras, o Partido Popular ten mirado cara a outro lado con moitas ditaduras; Estados Unidos, o máximo impulsor desta guerra, incluso as ten apoiado. Eu creo que a ditadura de Saddam Hussein, a ditadura de Iraq todos a condenabamos. Vostedes e nós, todos a condenabamos, incluso aqueles que nos puñamos coas pancartas para berrar contra a guerra; condenabamos todos a ditadura de Hussein. Por certo, o Partido Socialista condenaba esa ditadura, condenou todas as ditaduras, incluso, por suposto –e moito máis–, a que vivimos no noso país durante corenta anos e que a vostedes lles dá moita vergoña recordar e condenar –é raro pero é así–; invaden un país porque xustifican que hai que derrocar unha ditadura, pero aquí aínda lles costa condenar unha ditadura de corenta anos.

Volvendo ao que estaba, algo máis –diciálles– tiña ou ten que haber, algo máis que crer que había armas de destrución masiva. Miren, digo isto, ademais, con toda claridade, porque os Estados Unidos teñen no seu poder 30.279 toneladas de armas químicas –hoxe, en 2004– e, por certo, non deixan entrar os inspectores da ONU para revisar este tipo de armas. Por iso é patético, señorías, ver como os que teñen armas e ameazan con usalas –porque cabe recordar que eles, os americanos, nesta guerra ameazaron con usar as armas de destrución masiva–, son os mesmos que empezan unha guerra ilegal, fôra da orde internacional, coa finalidade de eliminar outras armas; por certo, armas que hoxe xa –hai un ano non– si sabemos que non existen. Saddam Hussein puido ter armas no seu momento, hai anos, pero hoxe e hai un ano esas armas non existían, e hoxe seguen sen existir. É obsceno, señorías, e non se traga.

¿Que intereses tiña o señor Aznar? Díganme tranquilamente, ¿nunca se pararon a pensalo? Porque vostedes foron seguidistas nesta cuestión, foron moi disciplinados, sempre o son. A verdade é que dan leccións de disciplina política a todos os partidos, pero, polo menos, no seu foro interno, ¿nunca se pararon a pensalo? Foron vostedes os convidados de pedra, pero ¿nunca se pararon a pensar que algo máis tiña que pasar, tiña que haber, que algo estaban ocultando? ¿Que lles estaba ocultando o Goberno do señor Aznar a vostedes?

Porque a nós estábamos ocultando toda a verdade, pero a vostedes estáballes ocultando tamén o mesmo. ¿Non se pararon en ningún momento a pensalo?

Para que un presidente cun goberno e o seu partido ao completo decidan seguir o señor Bush, decidan mentir no Parlamento, decidan mentir á sociedade enteira, decidan apertar escandalosamente a todos os medios de comunicación ata límites insospeitados... Hoxe si o sabemos, porque xa se denunciou; un ano despois, as cousas vense doutro xeito. Hai un ano sospeitabamos, viámolo, hoxe xa o temos constatado. O señor Aznar, o señor Rajoy, o señor Zaplana e os surrealistas señora Ana Palacio e señor Trillo –porque xa non cabe outra expresión para cualificar estes dous ministros– mentiron dúas veces: mentiron, primeiro, para xustificar a intervención directa de España nesta guerra e mentiron e manipularon, aínda máis, na posguerra, e seguen facéndoo.

Vostedes foron cómplices e armaron un estrago de magnitudes incalculables. As Nacións Unidas quedaron absolutamente debilitadas e vostedes contribuíron a que así fora; o referente internacional da política internacional dos países de ben, como se autoproclaman todos os que están nas Nacións Unidas –eu, polo menos, creo que nas Nacións Unidas–, quedou absolutamente debilitado coa súa irresponsabilidade. A Unión Europea quedou tocada, quedou ferida, quedou debilitada. As relacións de Estados Unidos e Europa quedaron completamente rotas, salvo con vostedes, co Reino Unido e con Portugal. A credibilidade da cidadanía nas institucións foi e é nula; hai unha ruptura –aínda que vostedes non a queiran ver– importantísima da sociedade coas institucións por culpa do seu posicionamento. Tamén as alianzas da diplomacia española quedaron absolutamente rotas polos complexos e pola egolatría do seu presidente; foi capaz de botar por terra todas as alianzas feitas por unha diplomacia que, mellor ou peor, foran construídas durante moitos anos –como digo, despois dunha ditadura dura por culpa da cal España tivera rotas moitas alianzas–. Despois de todo o que custou reconstruír isto, vostedes, con esta actitude e con este racharon con todo.

Miren unha cousa, nós temos claro que no día de hoxe aos Estados Unidos moveunos o poder, o control da cidadanía e o petróleo –hai que dicilo–, pero é que nós aínda non entendemos hoxe que foi o que moveu o señor Aznar. ¿Que lle interesou, ademais da submisión a Bush? ¿Que intereses

tiña España con este apoio? Á parte da indignidade da que estamos falando, é que algo máis tiña que haber. ¿Que pasou? Esta historia de submisión e de mentiras...

Miren, voulles recordar algunhas perlas. Primeiro, España, antes de declarar a guerra, dimitiu na Comisión de Dereitos Humanos da ONU. ¿Saben para que fixo esta renuncia expresa? Para que os Estados Unidos ocuparan o seu lugar. España apoiou a Colombia, que nese momento presidía o Consello de Seguridade de Nacións Unidas, para que lle entregara o informe aos Estados Unidos antes que ao resto do Consello de Seguridade de Nacións Unidas –iso está probado–; España, que foi a que apoiou a Colombia, estivo de alcaiota nesta cuestión. Mentíronlle con aleivosía ao Parlamento, á cidadanía e ao Exército. Miren, non sabían xa que inventar.

Voulles tamén lembrar tres perlas máis que teño aquí que son bárbaras. A señora Palacio, antes de producirse a invasión, dixo que había conexións con Al-Qaeda, que estaban probadas e que había conexións claras co atentado do 11 de setembro; non pasou nada, era unha mentira estrepitosa, señorías. Despois, dixeron que Iraq intentaba conseguir uranio, e aínda lembro as palabras do señor Colin Powell –por certo, avaladas pola señora Palacio– dicindo que o que Saddam quería facer era producir a varíola, díxoo nunha reunión na ONU: “Temos probas de que Saddam Hussein quere reproducir a varíola”. Mentres, despois de saberse todo isto, Aznar segue sen comparecer e sen dar explicacións. Teño que recordar aquí tamén que, polo menos, o señor Bush e o señor Blair si que o fixeron, á súa maneira, pero fixérono. O Goberno británico admitiu erros no informe que levou á guerra e os Estados Unidos aínda non se negaron a unha comisión de investigación, foron aos parlamentos respectivos a dar explicacións. O vaqueiro señor Bush fixo iso, cousa que o señor Aznar non fixo.

Vostedes calan e Aznar e Rajoy menten, non comparecen, pero menten dicindo que van baixo o mandato da ONU. Enviaron 1.300 militares sen debatelo no Parlamento e dinos despois que foron a unha misión de paz, cando, realmente, ao que foron foi a unha misión de ocupación. Tamén lembro –non me esquecín– hai un ano as palabras do señor Rajoy, que nisto tiña moito que dicir, o que pasa é que o teñen escondido agora, non vaia ser... Ten moito que dicir cando dixo con toda claridade: “*Toda la comunidad interna-*

cional sabe que Irak tiene armas de destrucción masiva, menos el PSOE”. Isto díxoo o señor Rajoy hai un ano. Mentía de novo, mentía con mala fe, mentía moi consciente de que o estaba facendo, porque saben vostedes que o Centro Nacional de Intelixencia –tan de moda agora– tiña advertido ao Goberno de que non había armas de destrución masiva, e este informe anda por aí tamén bailando. Vostedes tamén lle impediron ao director do CNI que comparecera.

O trío dos Azores pensou que a orde internacional se pode ditar de maneira unilateral, que se pode seguir defendendo o concepto de guerra preventiva –como o fixo Hitler, xa o dixen hai un ano tamén aquí– e falar de armas de destrución masiva sen que existan. Foi e é unha guerra ilegal, pero tamén foi unha guerra de mentiras. Non estamos ante a primeira gran mentira de Aznar, pero si, probablemente, estamos ante a máis grave. Ademais, hai que engadirlle –tiña pensado estenderme aquí, pero non teño tempo– a caza de meigas e a manipulación informativa, unha caza de meigas como no macartismo máis absoluto, recuperando as formas máis rancias e obsoletas. Onte mesmo, uns periodistas independentes sacaron un informe onde demostraban claramente que os informativos das televisións públicas controladas por vostedes mentiran estrepitosamente, manipularan estrepitosamente, unha manipulación escandalosa do señor Urdaci e dos responsables de informativos das cadeas públicas onde vostedes gobernan.

Miren, cando falan de reconstrución, parece que non aprenderon a lección do que pasou en Afganistán...

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora SEARA SOBRADO:... –remato xa, permítame, señor presidente, un minuto–, porque vostedes en Afganistán mandaron imaxes de catro mulleres sen o burka e de catro rapaces xogando ao fútbol e pensaron que chegara a paz a Afganistán, pero non foi así.

En Iraq non pode pasar isto, así non se axuda a reconstruír un país que primeiro se arrasou. Hai que poñer en mans da ONU toda a reconstrución, non con forzas de ocupación, senón a partir de equipos multinacionais liderados pola ONU. Por certo, os países árabes teñen que ter aquí un protagonismo que se lles está quitando, algo do que vostedes agora mesmo son cómplices; vostedes deberan apoiar unha

nova resolución das Nacións Unidas para que recuperen o seu papel internacional.

Desgraciadamente, a causa humanitaria –remato xa– pasou a un segundo plano pola gravísima cuestión política, pero non deixa de ser menos grave: a mortalidade infantil está disparada, as epidemias, a pandemia, a fame, etc. Máis do 95% da poboación está necesitando axuda humanitaria urxente, pero vostedes estanse rindo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora SEARA SOBRADO: Remato xa, presidente.

Onte presentouse un libro de Goytisolo e un filósofo que se chama Emilio Lledó fixo a presentación, na que falou, respecto a este libro, de reivindicación de liberdades e de utopía. Referiuse ao inferno e dixo que non é doutro mundo, que aquí está o inferno, dixo que o inferno é a ignorancia da maldade e o inferno son as xentes mutiladas de Bagdad. Este inferno non o crearon vostedes, señores do PP de Galicia, estou segura e convencida de que non o crearon vostedes, pero foron totalmente cómplices dos que provocaron este inferno. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Ten a palabra o señor Suárez Canal para a defensa da emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor SUÁREZ CANAL: Grazas, señor presidente.

Señoras deputadas e señores deputados, un delegado dun país pequeno, na súa intervención na sede das Nacións Unidas, sentou unha máxima que, ao noso xuízo, orientará a reflexión que pretendemos traer hoxe a esta Cámara: “Os agresores nunca serán imparciais e nunca restablecerán os principios que pisaron”.

A reflexión que nós traemos hoxe aquí pretende moverse no territorio das ideas, aínda que sabemos que o que está en xogo tamén son fortes sentimentos. Dicimos no territorio das ideas, no territorio da racionalidade, porque, ao noso xuízo, a emenda que propoñemos á proposición non de lei do Grupo Socialista sitúa o problema no que para nós é prio-

ritario e mesmo no que pensamos que é o punto de partida para que, en realidade, se puidese dar unha actuación que tivese o cualificativo de humanitaria. Na actualidade, o que se está producindo en Iraq –falando de forma clara e contundente– é unha ocupación militar produto dunha guerra de invasión ilegal, ilexítima e inxusta. Só cando iso desapareza, poderemos empezar a falar de actuación humanitaria.

Pídlles aos deputados e ás deputadas un certo grao de abstracción da conxuntura e da confesionalidade política que cada un de nós poidamos ter, porque, para nós, neste asunto, estamos ante unha situación que se move no fundamento das sociedades humanas, na dialéctica entre racionalidade e animalidade, a racionalidade fronte á barbarie. Estamos ante un acontecemento que pon a proba a decisión da especie humana de regular as súas relacións, entre persoas ou entre colectividade, de forma racional.

Na historia da humanidade, esa dialéctica de racionalidade fronte a barbarie existiu sempre, e a compoñente animal, a compoñente de barbarie, a compoñente de impoñer a lei da selva, a lei do máis forte, sempre houbo quen a quixo aplicar, fora para relacións entre persoas ou para relacións entre colectivos. Efectivamente, sempre houbo quen se guiou pola máxima de que o home podería ser un lobo para o home. Sempre que isto se fixo, ademais, en agresións colectivas, utilizáronse grandes palabras e mesmo o apoio en certos principios para xustificar as actuacións máis mesquiñas e bárbaras.

Os seres humanos temos que recordar hoxe aquí que nos diferenciamos dos animais na capacidade de articular a nosa convivencia, de articular as nosas relacións a través da lei –con maiúsculas– e non como proxecto lexislativo concreto, senón como conxunto de normas, valores e principios, por suposto, non inmutábeis e si cambiantes no tempo en función das necesidades e da utilidade para a humanidade; a lei –con maiúsculas– para darlle corpo a principios, dereitos e deberes que teñen que atravesar a todos os homes e mulleres por igual, sen distinción de razas e sexo, a todos os pobos por igual, e que ten que regular a súa convivencia pacífica en beneficio mutuo e en liberdade.

A vulneración desta perspectiva failles perder ás sociedades humanas a súa razón definitoria e insta a lei da selva como o principio reitor da orde internacional. A guerra de

Iraq foi e é para nós un acto de barbarie, que fai retroceder a historia da humanidade, seguramente, aos tempos en que os clans intentaban marcar territorio, é dicir, aos tempos primitivos; desde logo, na orde internacional, fai retrotraer a historia da humanidade a tempos pretéritos á II Guerra mundial, esa guerra que debería ternos ensinado os dereitos e os deberes fundamentais que recolle a Carta das Nacións Unidas, que, á hora de regular as relacións entre os pobos, non pode permitir unha guerra de agresión, unha invasión dun pobo por outro; eses principios están hoxe sendo pisados na invasión de Iraq.

Por iso lles pido a todos vostedes un certo grao de abstracción guiado, ademais, polo humanismo, pola racionalidade, pola esencia que nos diferencia do resto das especies. Nós defendemos un proxecto de convivencia para os pobos que respecte a dinámica interna de cada un deses pobos; que non se produzan invasións duns por outros; que o futuro no que nos debamos incardinar todos sexa un futuro de paz, no que ningunha nación se poida considerar como a única imprescindible para a humanidade. Estas palabras que poderíamos pensar todos que foron pronunciadas por Hitler son pronunciadas hoxe polos dirixentes americanos, pronunciounas primeiro Clinton e despois Bush.

As relacións entre os pobos non poden guiarse pola lei do imperio, pola lei do máis forte, senón polo imperio da lei como norma que regula as convivencias. Hoxe ratificamos o que todos vostedes, os desta Cámara, xa sabían aínda que o ocultamos: para proceder á invasión de Iraq utilizáronse xustificacións indecentes para impoñer a lei da selva, a lei do máis forte, nas relacións entre os países. Nós temos que recordarlles, como Neruda, a eses novos guerreiros: “¡Oh!, novos guerreiros, que xurda no mundo outro Deus que o diñeiro”, porque, no fondo, iso é o que motivou a actuación en Iraq.

O que está en xogo hoxe é, precisamente, que levantemos un muro de contención para que o forte non impoña a súa orde en función de intereses estratéxicos, de acción política e de control de todos os recursos baixo unha batuta única. Hoxe, descaradamente, aparece a guerra con meridiana claridade como a destrución e o masacre de miles de persoas para ocupar e administrar un país, para apropiarse dos seus recursos naturais en función da cobiza, da xeopolítica dos USA, para darlle saída á industria armamentística e ao control do planeta.

Teñan vostedes claro que o que ocorreu en Iraq vai proxeccionar a súa sombra, seguramente, pola historia inmediata da humanidade, porque estamos –insisto– ante un problema de dialéctica entre racionalidade e barbarie, e cando a dialéctica se sitúe nese territorio, os seres humanos, os que pensamos, os que fundamentamos o noso proceder en política no territorio das ideas, dos principios e dos valores temos que acreditar en que os comportamentos racionais son os que deben de guiar as relacións entre os pobos. O que se pretende hoxe –insisto– é unha desorde xeopolítica.

En definitiva, do que se trata é de se no futuro da especie humana que está por escribir vai existir unha única letra maiúscula, a dos Estados Unidos de América, e os demais serán letras minúsculas –o Estado español, polo comportamento, seguramente todo o máis será un *c* que dirá o señor Bush onde se coloca– ou se, en realidade, estamos apostando por unha orde de convivencia e de tolerancia pacífica.

Eu insisto, señoras deputadas e señores deputados, en que hoxe temos que apostar pola racionalidade fronte á barbarie e iso significa dicir o que está nas nosas mans, que é reclamar que desapareza esa guerra de invasión, que remate esa ocupación militar, produto dunha agresión ilegal, ilexítima e inxusta. Ese é o obxectivo da nosa emenda. Non busquemos xustificacións bonitas e grandes palabras. O que está en xogo –insisto– é a racionalidade fronte á barbarie: a invasión de Iraq é a barbarie e a solicitude de que volvan as tropas é a racionalidade. Teñan vostedes por seguro que este sempre será o principio que moverá a nosa actuación no plano político. Recordo novamente palabras de Neruda: “Para nós, ese principio será aquel que achegue a aurora, que achegue a hora na que o iracundo non teña xa sitio no mundo.”

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Ten a palabra o señor Rodríguez Fernández, polo Grupo Parlamentario Popular, para o seu posicionamento.

O señor RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señoras deputadas e señores deputados.

En primeiro lugar, teño que dicir, dona Laura Seara, que as vésperas electorais producen milagres, porque a súa señoría falou aquí de todo menos do contido da proposición non de lei, que era a reconstrución de Iraq. Ademais, como eu podo dedicarlle moi pouco tempo á súa intervención oral, porque realmente ao que teño que dedicarme é ao contido da proposición non de lei, permítame que lle diga simplemente que non houbo ningunha mentira por parte do Goberno español (*Risos.*) (*Murmurios.*). Repito, non houbo mentira ningunha por parte do Goberno español; actuouse en función das resolucións 660, 678, 687 e 1441... (*A señora Seara Sobrado pronuncia palabras que non se perciben.*) Por favor, eu non interrompín a ningúen.

O señor PRESIDENTE: Señora Seara, a vostede non a interromperon. Hai que escoitar.

O señor RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ: En segundo lugar, a intervención española foi estritamente humanitaria, como direi agora. Volvo repetir que se actuou en función das resolucións das Nacións Unidas, interpretadas, talvez, como non as interpretan outros.

Correspóndeme fixar a posición do meu grupo, o Grupo Parlamentario Popular, respecto desta proposición non de lei socialista sobre as actuacións –esta é a proposición non de lei– que se van levar a cabo para a reconstrución de Iraq. Non se trata dun exercicio de oportunismo e de demagogia, como a súa señoría tratou de facer desde aquí. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) e procúroo facer nos seguintes termos.

En principio, cabe salientar certas consideracións que a min me parecen substanciais:

Primeiro, en tanto que Iraq non recupere a seguridade, a reconstrución institucional e a reconstrución de infraestruturas e de servizos será practicamente imposible ou moi difícil, e esta dificultade atinxe tamén, por suposto, á propia axuda humanitaria.

Segundo, non se pode esquecer que Iraq está arruinado, pero non está arruinado polas guerras libradas nos últimos vinte e cinco anos, senón polas nefastas consecuencias derivadas dun réxime despótico montado sobre o terror. Basten para probalo datos tan elocuentes e significativos, entre outros moitos que se puideran dicir, como este: o produto

interior bruto de Iraq no ano 1980 era de 180.000 millóns de dólares e reduciuse no ano 2001 a tan só 50.000 millóns de dólares.

Pero hai tamén un dato arrepiante, estremeedor: a morte de nenos menores de cinco anos, que era de 50% no ano 1991, incrementouse ata 131%. Ademais, un terzo do produto interior bruto estaba destinado a gastos militares e calcúlase que a débeda exterior deixada polo réxime iraquí é de 383.000 millóns de dólares, o que resulta dificilmente asumible para os efectos de que haxa condonacións por parte dos estados acredores. Esta é a penosa e gravosa herdanza que deixou Saddam Husseim.

Terceiro, na guerra de abril de 2003 non houbo grandes desprazamentos de poboación, nin grandes fames, nin epidemias, tal como se temía.

Cuarto, en pouco máis de vinte anos, Iraq involucrouse en tres guerras e sufriu unha década de sancións económicas e políticas por incumprimento das resolucións das Nacións Unidas. Durante este tempo, e como consecuencia do réxime de terror, morreron ou desapareceron centos de miles de persoas. Desde mediados dos anos oitenta, o réxime gobernante apenas lles prestou atención aos investimentos e ás infraestruturas públicas, e acadouse un grao sensible e alto de descomposición, abandono e degradación nesta materia, acentuado polos efectos dos conflitos bélicos. Os sistemas de distribución dos alimentos, máis aínda no sur de Iraq, con esa brutal e insensata decisión de drenaxe das zonas pantanosas, foron manipulados polo réxime de Saddam para ter controlada, dominada e sometida a poboación.

Isto que digo non é, por suposto, un comentario particular meu nin o resultado da análise dun experto particular, isto é –memorizado– o apartado 2.10 do informe emitido en outubro do ano 2003 polo Grupo de Desenvolvemento das Nacións Unidas –a sigla en inglés é UNDG– e polo Banco Mundial. Todo isto non se pode esquecer e hai que telo en conta cando se fala da reconstrución de Iraq.

En canto ás necesidades de reconstrución en materia de infraestruturas básicas e de servizos, foron valoradas polo Banco Mundial en 35.589 millóns de dólares, concretamente, 9.272 millóns de dólares para este o ano, o 2004, e para o trienio 2005-2007, 26.317 millóns de dólares. O destino

primordial abrangue: electricidade, saneamento de augas, depuración de residuos, transportes, educación e telecomunicacións. Agora ben, a autoridade provisional da coalición engade 19.440 millóns de dólares máis para os efectos de seguridade de policía.

A participación de España na reconstrución de Iraq –isto é necesario resaltalo– faise ao abeiro da Resolución 1483, adoptada por unanimidade polo Consello de Seguridade das Nacións Unidas o 23 de maio de 2003. Nela, no seu primeiro punto, que se omite con moita facilidade por negligencia, por descoñecemento e ás veces con intencionalidade, faise un chamamento aos estados membros para que lle axuden ao pobo de Iraq na reforma das súas institucións e na reconstrución das súas infraestruturas, contribuíndo a que haxa en Iraq condicións de seguridade e de estabilidade.

Tamén se recordan na resolución as numerosas resolucións ditadas sobre Iraq –totalmente incumpridas por Saddam Hussein–; recoñéceselles o status de potencias ocupantes ao Reino Unido e aos Estados Unidos e maniféstase a satisfacción porque algúns países –entre eles, España– expresan xa a súa vontade de contribuír á reforma institucional, á reconstrución do país, á seguridade e á estabilidade. Na Resolución 1500, do 14 de agosto de 2003, as Nacións Unidas acollen con beneplácito a creación do Consello de Goberno iraquí e, ao mesmo tempo, recolle a creación da Misión de Asistencia das Nacións Unidas para o pobo de Iraq como órgano de apoio ao secretario xeral das Nacións Unidas, Kofi Annan, para os efectos de cumprimento do mandato emanado da Resolución 1483.

Queremos dicir, polo tanto, que as tropas españolas están en Iraq cumprindo ese chamamento feito pola Resolución 1483 das Nacións Unidas. Estamos plenamente de acordo co que dixo o noso candidato á presidencia do Goberno, Mariano Rajoy, sobre que deben volver canto antes as tropas, pero unha vez que teñan cumprida esa misión de proporcionarlle á zona centro-sur onde se atopan, ás provincias de Diwaniya e Nayaf, seguridade e estabilidade, porque sería unha irresponsabilidade abandonar 26 millóns de iraquís á súa sorte.

Xa máis concretamente, a participación de España na reconstrución de Iraq comprende a axuda humanitaria, a reconstrución institucional, financeira e de estruturas e servizos, así como a seguridade e a estabilidade que se procu-

ran coa presenza –como xa dixen– desas tropas xunto con tropas doutros varios países, concretamente, de países centroamericanos.

Durante o conflito armado, a axuda humanitaria fíxose efectiva na distribución de alimentos, na rehabilitación dalgunhas escolas, na desactivación de explosivos e na asistencia médica, farmacéutica e hospitalaria no porto da cidade de Umm Qasr achegándose á atención de 5.238 pacientes e a 1.129 intervencións, tanto de cirurxía maior como menor.

Quinto. Superado o conflito, a axuda humanitaria resúmese deste xeito: Axencia Española para a Cooperación Internacional, 16.390.000 euros; Ministerio de Economía –achega feita a través da Unión Europea–, 7.280.000 euros; Ministerio de Economía –achega por outras canles–, 2.600.000 euros; Fondo de Axuda ao Desenvolvemento (FAD), que funciona perfectamente ben, neste caso non a través, precisamente, de créditos brandos senón de doazón a favor do pobo iraquí e dos refuxiados iraquís en países veciños, 20 millóns de euros; Fondo de axuda para o desenvolvemento na reconstrución financeira de Iraq a efectos da emisión de moeda iraquí na Fábrica Nacional de Moeda, 16.500.000 euros; e achegas de comunidades autónomas, concellos e deputacións, 10.321.000 euros.

No que atinxe á Xunta de Galicia, cómpre salientar o seguinte: o día 27 de maio de 2003 asinou un convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Axencia Española para a Cooperación Internacional encamiñado á prestación de axuda humanitaria á poboación iraquí, comprometéndose a Xunta a cofinanciar con 750.000 euros a realización de diversas actividades. A subvención destinouse á primeira fase do proxecto chamado “Desenvolvemento rural integral en Diwaniya”, por importe de 3.300.000 euros, achegados por comunidades e concellos. O proxecto, nesta primeira fase, cunha duración prevista ata decembro deste ano 2004, pretende a mellora da seguridade alimentaria da poboación de Iraq na área rural da provincia de Diwaniya mediante o acondicionamento de terreos de cultivo que posibiliten a produción diversificada de produtos hortícolas, recuperación do cultivo do arroz e plantación de cultivos forestais, así como a formación dun colectivo de agricultores e a creación dunha comunidade de regantes.

En canto á reconstrución institucional, hai que referirse á elaboración e aprobación dunha constitución e á realización

de eleccións xerais. O motivo da polémica é o ritmo de execución desta reconstrución; é necesario atopar un punto de equilibrio necesario entre estruturas tribais, grupos étnicos e relixiosos: sunnitas, xiítas, kurdos, etc.

Permítame que remate xa, señor presidente, recordando que no ano 1962, cando se produciu a crise cubana dos mísiles e o mundo estivo ao borde dunha guerra nuclear, o presidente Kennedy enviou diversos emisarios aos países amigos coa finalidade de solicitar o seu apoio; a Francia acudiu Dean Acheson –o que fora secretario xeral de Estado con Harry Truman–, que se entrevistou co presidente De Gaulle, e lle explicou polo miúdo a situación e cando lle quixo amosar as fotografías demostrativas da existencia de foguetes dotados de cabezas nucleares, o presidente De Gaulle díxolle: “Non é necesario que me ensine esas fotografías, non as quero ver, bástame coa palabra do seu presidente. Francia estará sempre ao lado dos Estados Unidos”. É certo que actualmente hai un fallo nesta relación de mutua confianza...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ:... –xa remato, señor presidente– e de credibilidade, pero o certo é que o mundo vive un tempo de inseguridade provocado polo terrorismo intenso e global, que no caso de Al-Qaeda acada natureza proteica, cambiante de formas, métodos e configuracións organizativas, inseguridade que tamén procede da posesión de armamento nuclear en mans de varios gobernos. E a inseguridade hai que acometela e hai que afrontala desde o exercicio permanente de realismo e firme capacidade de resolución e idealismo, de valores e dignidade, sempre no marco das Nacións Unidas. E xa remato, señor presidente, lembrando aquilo que dixo Dag Hammars Kjold: “As Nacións Unidas non se crearon para levar a humanidade ao paraíso, senón para salvala do inferno”.

Moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Rodríguez.

Ten a palabra a señora Seara Sobrado, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, para a rolda de posicionamento respecto das emendas.

A señora SEARA SOBRADO: Señor Maximino, eu cando se fala do tema da guerra miro moito para vostedes, non só aquí no hemiciclo, cando tomamos un café aí fóra, e vexo que sempre baixan a cara, a cabeza, os ollos (*Murmurios*). Estabamos falando aquí e estaban baixando os ollos, vostedes saben perfectamente que mentiron, pero a desvergoña súa de chegar aquí e dicir que non mentiron roza absolutamente todo... (*Murmurios*.) Por favor, parece vostede, señor Maximino, Roberto Alcázar. ¿Lémbrase vostede da personaxe de cómic Roberto Alcázar? Non é da miña época pero vostede seguro que sabe quen é e o que defendía Roberto Alcázar. Se non o sabe, léao un pouco, pero seguro que si.

De horror cualifico a súa intervención. (*Murmurios*.) O Goberno do PP, o señor Aznar e o señor Rajoy mentiron, o peor é que vostedes menten, eu pensei que só mentían eles, pero vostedes tamén. (*Murmurios*.) E o mellor de todo é que máis do 60% da poboación o sabe, señorías. Vostedes mentiron e seguen mentindo, non fan un exercicio para asumir o que pasou e dar explicacións, é que lle dixen antes que ata Bush e Blair deron explicacións, ata o vaqueiro Lucky Luck, o señor Bush, lles foi dar explicacións ás institucións parlamentarias do seu país e vostedes non, e mandan á xente, ao guerreiro do anteface –como o señor Maximino– vir aquí seguir mentindo. Porque, hai un ano, vostede foi un pouquiño máis comedido co tema da guerra, houbo obxección de conciencia por parte dalgún alcalde, etc., pero, desde logo, señor Maximino, chegar aquí e dicir todo o que vostede dixo, roza todo o que eu pensei que aquí nunca se ía producir.

Os Estados Unidos foron facer caixa a Iraq e vostedes foron os caixeiros dos Estados Unidos en Iraq. Antes díxenlles que foran as comparsas, agora dígolles que foron os caixeiros, é dicir, eu creo que os Estados Unidos tiñan uns obxectivos claros –o control, o petróleo– pero, vostedes, ¿que obxectivos, que necesidade tiña? É que aínda hoxe non o sabemos e a sociedade estao demandando, queren unha explicación, non queren que veña aquí falar coma un papagaio a falarnos do arroz que están mandando, señor Maximino. (*Murmurios*.) O que pasa é que é un drama. Antes falei do inferno, do drama que era isto, da barbarie... (*Murmurios*.) Vostedes seguen rindo, pois sigan vostedes rindo e así nos irá.

Lémbrolle, por certo –xa que vostede é tan rigoroso–, que antes se remitiu aquí a unhas datas nas que falaba de

Iraq xa como a gran besta negra de occidente. Recórdolle, por se vostede non o sabía, que nesas datas o señor Fraga se reuniu co número dous do señor Saddam Hussein. Non se decatou e como lle dixen antes mentiu estrepitosamente Aznar e vostede segue mentindo, non ten ningún reparo en chegar aquí e mentir.

Vou deixar xa de facerme dano a min mesma, porque, ás veces, é o que consigo cando subo aquí para intentar falar con vostedes para chegar a uns mínimos de acordo respecto dalgunhas cuestións.

Respecto á emenda do Bloque Nacionalista Galego, teño que dicirlles que nós somos absoluta e rotundamente contrarios á guerra de Iraq, como quedou absolutamente claro; o Partido Socialista manifestouse desde o primeiro momento en contra da guerra de Iraq. Pero o que quero dicir tamén é que se se empezou esta barbarie –non co noso nin co seu voto, si co voto de vostedes– eu creo que agora non se pode deixar o país á súa sorte nas condicións nas que se atopa neste momento; isto levaría a este país a unha desfeita humana de proporcións xigantescas.

Dicía antes o señor Suárez Canal de apostar pola racionalidade e tiña toda a razón; é dicir, esta guerra ilegal, inxusta, ilexítima, controlada agora mesmo por un organismo unilateral –os Estados Unidos controlando absolutamente todo o que está ocorrendo en Iraq– cremos que non é, desde logo, o que se ten que facer agora mesmo. Por iso nós estamos dispostos a transaccionar, porque estamos completamente a favor do regreso das tropas de Iraq e damos de prazo ata o 30 de xuño, que é a postura que está defendendo a ONU, para que as Nacións Unidas asuman o control deste país, e xa dixo recentemente que non se van poder producir eleccións este ano dada a situación que está a vivir o país, por iso nós si estamos a favor da retirada das tropas –por suposto–, pero estamos dando este prazo. É dicir, sempre condicionado a que as Nacións Unidas tomen o control do país.

Nós temos uns compromisos internacionais...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora SEARA SOBRADO:..., somos un partido internacionalista e temos unha postura clara e concreta neste tema.

E –repiño– eu estou disposta a facer unha transacción co señor Suárez Canal respecto á emenda, porque estamos absolutamente de acordo coa finalidade, o que si queremos é condicionar este regreso das tropas ao control das Nacións Unidas respecto a Iraq neste momento.

Máis nada.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Houbo unha oferta de transaccionar o contido da súa emenda, señor Suárez Canal.

O señor SUÁREZ CANAL: Si, señor presidente.

Pola nosa parte, se tiveramos algunha esperanza de que a sensibilidade do grupo maioritario participara na transacción para chegar a un acordo, non existiría ningún tipo de dificultade de propicialo. Moito tememos, pola intervención do Partido Popular, que o seu voto vai ser contrario, loxicamente, á proposición non de lei. E, nese sentido, nós queremos manter a nosa emenda –advertindo que imos votar igual á proposición non de lei se non se acepta a emenda–, porque pensamos que a ocupación de Iraq non ofrece outro cualificativo, hoxe en día, que unha guerra de invasión e unha invasión o principio...

O señor PRESIDENTE: Non volva outra vez a...

O señor SUÁREZ CANAL: –é para explicarlle por que non acepto a transacción– polo que non ten que empezar é pola retirada das tropas.

O señor PRESIDENTE: Non volva outra vez ao tema, xa estivo vostede dez minutos para explicalo.

O señor PRESIDENTE: ¿Hai acordo por parte do Grupo Parlamentario? (*Negación.*) Non hai acordo para que haxa suspensión para a transacción, polo tanto, procedemos a votar a proposición non de lei tal e como está publicada sen a incorporación da emenda.

(*Votación.*) (*Pausa.*)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 25; votos en contra, 35.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposición non de lei.

Debate e exposición da proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Modesto Pose Mesura e dous deputados máis, sobre a presentación dun plan galego de loita contra a enfermidade de Alzheimer e outras demencias, para o seu debate no Parlamento

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei foi-lle presentada unha emenda polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Xosé Francisco Ferreiro Abelleira, presenta a seguinte emenda:

“Emenda de adición

Debese engadir, ao final da parte resolutiva, un novo punto:

‘O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a establecer un Plano de vivendas ou residencias de ‘respiro ou alivio’ das familias que teñan enfermos de alzheimer ao seu cuidado’.”)

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Pose Mesura, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, para a defensa da proposición.

O señor POSE MESURA: Grazas, presidente.

Señorías, esta proposición non de lei que trae o Grupo Socialista aquí hoxe vén ser unha continuación do debate da comparecencia de onte da señora conselleira de Servizos Sociais. Estamos falando dos mesmos temas, de xente que require unha gran demanda de servizos sociais; estamos falando de xente con dependencia ou cunha gran dependencia.

A vulgar polas palabras que dicía hoxe o presidente don Manuel Fraga, a comparecencia da señora conselleira de

onte, en fin, foi perfecta e parece que estivemos en dous debates diferentes; mellor dito, o señor Fraga non estaba no debate e, entón, debeu de ver o que sae nos medios de comunicación e por iso foi perfecta. Claro, cren a propia propaganda que transmiten e eu creo que iso xustifica, moitas veces, moitos erros que cometen.

Hoxe traemos esta proposición non de lei que leva o título dos afectados do Alzheimer, pero que, obviamente, abrangue todas as demencias, pero titulámola Alzheimer porque –como vostedes saben– é, desde logo, a demencia máis frecuente. O Alzheimer, señorías –vostedes xa o saben pero é para facer un breve recordatorio–, é unha enfermidade dexe-nerativa das células cerebrais, polo de agora de orixe descoñecida, que provoca unha deterioración paulatina e importante das funcións cognitivas, fundamentalmente, da memoria, do comportamento, da comprensión, do cálculo, etc. Como dicía antes, é o tipo de demencia máis frecuente e significa arredor do 60% de todas as demencias. A incidencia do Alzheimer varía segundo os treitos de idade: é relativamente infrecuente en menores de sesenta anos, aínda que cando se produce, desde logo, ten unha agresividade superior a cando se produce máis tarde; dos setenta aos oitenta anos aparece en tres de cada cen; en maiores de oitenta anos, en un de cada dez; e en maiores de noventa, un de cada cinco anciáns está afectado.

En España calcúlase que o número de afectados é de 500.000 diagnosticados, e mais, aproximadamente, uns 300.000 que están sen diagnosticar. En Galicia, a Xunta calcula –aínda que eu non coñezo moi ben as fontes das que o saca–, ou iso é información que dá –unha información parlamentaria que se pediu por escrito, tamén nun libro que publicou–, que temos afectadas unhas 37.000 persoas de demencia, das que 24.000 serían enfermos de Alzheimer. Segundo ese mesmo informe, cada ano en Galicia prodúcese 9.000 casos de demencia e 6.000 de Alzheimer. Polo tanto, estamos ante un problema moi importante de saúde pública pola súa prevalencia, pola frecuencia, pola súa gravidade, polo deterioro funcional que ocasiona, e moi importante pola repercusión económica e social que causa. Calcúlase que o custo dun enfermo de Alzheimer pode oscilar entre os 18.000 e os 24.000 euros/ano, ou sexa, entre os 1.500 e os 2.400 euros/mes e isto en España; en países europeos máis avanzados, como Francia e Inglaterra, que dedican máis recursos de tipo social, o custo dun enfermo de

Alzheimer pode roldar os 50.000 euros. Como saben as súas señorías, estas cargas, sopórtanas, basicamente –que era un pouco o debate que tiñamos antes–, as familias galegas, e dentro das familias galegas, fundamentalmente as mulleres galegas, que son as que teñen a responsabilidade, en xeral, histórica, en Galicia, de coidar estes anciáns.

Señorías, temos en Galicia un problema importante, pero é que temos un problema de futuro moito máis importante. Se hoxe temos aproximadamente, como dicía a conselleira onte, 580.000 persoas maiores de 65 anos, máis ou menos, a esperanza de vida, hoxe en día, segundo os últimos datos, está para os homes en 75,5 anos e para as mulleres en 83 anos de idade, e vai progresando, afortunadamente, así que imaxinen o problema de futuro que temos. Para o ano 2010, que está aí, incrementaranse os gastos por atención a este tipo de pacientes nun 50%. Estes gastos son uns custos directos de asistencia sanitaria, de consultas, de tratamentos farmacolóxicos, de cueiros, de cadeiras de rodas, de camas ortopédicas, etc., e son gastos indirectos de horas perdidas, de traballo, de coidadores, etc. Estamos, sen dúbida, ante o problema sociosanitario máis importante deste século XXI.

Hoxe en día, se ben non existe un tratamento curativo, si existen algúns tratamentos capaces de atrasar a progresión da enfermidade. Polo tanto, é importante un diagnóstico precoz, porque con iso podemos atrasar, polo menos, o deterioro da enfermidade. Estes tratamentos, en fin, son de varios tipos e eu creo que non procede agora aquí falar dese tema, pero o que si temos que ter claro é que é moi importante que en Galicia teñamos un diagnóstico precoz para atrasar o desenvolvemento da enfermidade.

Ben, señorías, posto que esta enfermidade ten moitas vertentes, moitas arestas, moitos aspectos a contemplar especificamente asistenciais, aspectos de servizos sociais, aspectos familiares e incluso aspectos de modo de vida, nós pensamos que debemos de poñer enriba da mesa medidas específicas que contemplan o problema de xeito global. Xa me dá un pouco medo de chamarlle plan; a proposición non de lei, obviamente, fala de poñer en marcha un plan, pero como teñen tantos plans, eu teño medo que con poñerlle o nome, xa queden tranquilos e non fagan nada máis. Obviamente, un plan é un plan, pero nós o que estamos pedindo é que se poñan euros enriba da mesa para afrontar este problema, que é o problema prioritario de servizos sociais que

probablemente ten a comunidade autónoma; é un problema de tipo sanitario dunha magnitude moi importante. Se nos poñemos e facemos un plan ben feito e poñemos enriba da mesa medios económicos, estamos facendo un investimento de futuro e estamos aforrando cartos para o que nos vai custar o futuro.

Ben, eu quería dicir que o Grupo Socialista presenta esta proposición non de lei para que, dunha vez por todas –tanto que falamos de coordinación sociosanitaria, de coordinación de servizos sociais e de sanidade, de coordinación de atención primaria e atención especializada, pero logo, na práctica, pasa o que pasa–, poñamos en marcha unhas medidas, un plan, no que contemplemos a prevención da enfermidade, as medidas preventivas que imos poñer en marcha cos nosos maiores, o diagnóstico precoz e quen o fai, porque, señorías, tal e como está isto hoxe en día, que estes pacientes acoden ao neurólogo, non hai área sanitaria... Ben, ao mellor estou esaxerando e nalgunha área sanitaria non hai listas de espera tremendas para o neurólogo, pero na inmensa... Estame dicindo Cerviño, que é o experto nestes temas, que non hai área sanitaria en Galicia –o que eu me temía– que non teña unha lista de espera para ir ao neurólogo absolutamente inaccesible.

Na área sanitaria onde vivo eu, desde logo, a lista de espera para acudir ao neurólogo é de nove meses, co cal imaxinen vostedes unha persoa que empeza con alteracións de memoria, que é un tema no que é importantísimo facer un diagnóstico diferencial, porque, como todos vostedes saben, cando unha persoa se fai maior... Non lle pasa ao señor Maximino, porque el vén aquí con todo moi ben apuntado, e, ademais, ten unha memoria realmente envexable; gustaríame que conservase esa memoria, pero que analizara os feitos cun pouco máis de obxectividade. Deixamos o debate anterior da guerra, pero, realmente, señor Maximino, irritoume especialmente a súa intervención e téñolle moito aprecio persoal. Pero o que quería dicir é que é moi importante acudir a un profesional para que faga un diagnóstico diferencial, porque hai perda de memoria fisiolóxica, que a perde todo o mundo, pero hai outra perda de memoria e, nun inicio, ás veces, non se distinguen e ten que ser un profesional o que o faga.

Noutras comunidades autónomas, señorías, estase apostando pola investigación. Por certo, a proposición non de lei

que trouxemos noutra época tamén para a investigación con células nai... Outras comunidades autónomas –estao facendo Andalucía e empeza a facelo Asturias– estano facendo e aquí temos un problema de conciencia para a investigación con células nai e, mire, tamén é unha saída, unha posible vía, para os enfermos de Alzheimer.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor POSE MESURA: Poñamos en marcha a homologación e os protocolos de tratamentos eficaces, o seguimento da enfermidade, a información e axuda aos familiares, a cobertura, a coordinación en atención primaria especializada, e poñamos unha rede de servizos sociais. ¿Que centros de residencias asistidas fan falta? ¿Que centros de día? ¿Que axudas a domicilio? ¿Onde as situamos?

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Pose.

Ten a palabra o señor Ferreiro Abelleira para a defensa da emenda do Bloque Nacionalista Galego.

O señor FERREIRO ABELLEIRA: Grazas, señor presidente.

Señorías, en primeiro lugar, quero adiantar o noso voto afirmativo á proposición non de lei, e dicirlle que eu seguí con moita atención o debate anterior sobre a guerra de Iraq. Eu estou –isto sábeno vostedes– especialmente sensible con este tema e quería apelar un pouco ao sentido común destas bancadas, porque existe unha gran contradición: vostedes, que son bos, que algúns de vostedes van á misa, adoitan ser os peores.

O señor PRESIDENTE: Non é o tema desta cuestión.

O señor FERREIRO ABELLEIRA: Si, pero os que ouriñan auga bendita son os peores (*Risos.*)

Entón, o problema é o seguinte: resulta que vostedes non teñen ningún problema en que morra xente, pero, en cambio, cando se trata, por exemplo, de falar do Alzheimer e da utilización dos sistemas científicos das células nai, votan en contra, porque resulta que o das células nai e o dos embrións é un problema. Habería que abordar este tema, pero non é o

que nos ocupa, evidentemente, só dixo o señor Pose unha cousa, pero non ten xeito que vostedes plantexen o tema en termos de tanta frivolidade e, neste caso, resulta que rachan as vestiduras.

Eu, coido que é un tema preocupante, e que, desgraciadamente, lles afecta a moitas familias de Galicia e do Estado Español. Miren vostedes, a nosa preocupación reflíctese tamén despois dun anuncio, como vén sendo habitual, da ministra dona Ana Pastor, que en proceso electoral dixo que o Servizo Nacional de Saúde incluíra nas súas prestacións a atención sociosanitaria aos pacientes desta enfermidade. Saben vostedes que nós non temos ningunha independencia de tipo político, estamos dependendo xustamente de Madrid, do que diga Ana Pastor, neste caso, pero dona Ana Pastor, como ten transferidas as competencias, di iso ou di calquera outro tipo de cousas; o problema é como se aplica en Galicia. Eu agradezo que estea a señora conselleira presente, porque, en definitiva, merece a pena saber cales son as iniciativas que ten a consellería ao respecto ou se, polo menos, realmente, isto merece a pena transaccionalo, falar de algo, se hai algún plano establecido ou non.

Mire, cando nós presentamos esa pregunta, contestouse dicindo o seguinte: a Administración galega prestaralles atención sanitaria e sociosanitaria, non só aos pacientes que padecen a enfermidade de Alzheimer, senón a todos os que padecen demencias ou calquera outra necesidade de atención de coidados de longa duración, así como atención sanitaria e convalecente, rehabilitación con déficit funcional recuperable nos termos contidos na Lei de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde.

Por certo, a Lei de cohesión di que todos os usuarios e usuarias teñen a mesma accesibilidade, supostamente, á carteira de servizos que emanan de aí, pero non é verdade. Saben vostedes que en Ourense non temos os mesmos servizos que teñen na Coruña ou que teñen aquí mesmo, en Santiago. Polo tanto, é unha fraude, pero se iso é preocupante, a Lei de cohesión non se aplica e resulta que a nós, ao Bloque Nacionalista Galego, sacados do que se acaba de aprobar, precisamente a través do articulado da LOSGA, en relación ao dispositivo sociosanitario de enfermos crónicos, preocupanos porque se elimina a gratuidade e se establece o módulo de cofinanciamento.

Eu digo, ¿realmente estamos en condicións de abordar isto con rigor? Nós cremos que é un tema bastante preocupante, sobre todo porque lle afecta a un colectivo moi amplo e non soamente a ese colectivo de usuarios e usuarias que, desgraciadamente, padecen a enfermidade, senón que, pola súa peculiaridade, lle afecta a todo o contorno en moitos casos; automaticamente, convértese nun problema familiar, e, ás veces, hai que tratar psicolxicamente a todo o ámbito familiar, porque é xente con hiperactividade á que ás veces a desborda a posibilidade que ten de atendela na casa.

Neste intre, non existe un dispositivo suficientemente importante para abordar esta temática. Hoxe, no ámbito familiar, salvo aquelas persoas que teñan, primeiro, uns coñecementos extensos, e, sobre todo, uns medios económicos que permitan ter persoas dispostas permanentemente de apoio na súa casa, non poden, máis ou menos, atender estas persoas que padecen da enfermidade da Alzheimer.

Polo tanto, nós pensamos que é un tema de rigor, interesante, e non se trata neste momento de lanzar balóns fóra, e de dicir, facendo un brinde ao sol, que está previsto. Señoritas e señores do Partido Popular, é un tema de urxencia para tratalo nesta Cámara. Creemos que é verdade que o abordar inmediatamente, cun anuncio, que vai haber *equis* –non sei cantas– prazas, é inviable neste momento, pero imos ser rigorosos, imos analízalo, e de aí que eu xa paso a explicar a nosa emenda.

Probablemente, señor Pose, dentro da súa parte dispositiva, xa contemplara o que nós dicimos agora, pero queremos expresalo claramente. Tampouco nos doen prendas en dicir que neste momento son fundamentais algunhas das propostas que a propia consellería ten ao respecto de facilitarlle aos familiares de quen poida ter algunha patoloxía similar, uns programas, uns plans de vivendas ou residencias, chamadas de respiro ou alivio, dirixidas precisamente a todas esas familias que teñen poucos recursos económicos, porque as outras, as que teñen moitos cartos, son como aquel que quere ter moitos fillos: eu tería 14 fillos, o problema é ter 14 *nurses* ou 14 non sei que. O problema é que, neste momento, hai que facer unha avaliación de cal é a realidade e facer os dispositivos suficientes importantes para que leven a este termo.

Insisto no que dicía ao principio –e remato–: coído que non só temos que facer recuperación e rehabilitación, pero

é que estamos por enriba incluso da prevención. Neste momento, pódense estar estudando as células nai e enfermidades coma o Alzheimer, enfermidades coma a diabetes, hoxe practicamente poden estar resoltas. Polo tanto, señorías, coa mesma actitude que vostedes tiveron para outro tipo de cousas, non deberían de rachar as vestiduras e incentivar. E, de feito, eu coído que hai que retomar esa iniciativa de falar en serio e de apelar á comunidade científica e non con *titiritadas* e con cousas de rango de igrexa e de cousas deste tipo. Señores, neste momento estamos en condicións de establecer medidas que poidan, nin tan sequera facer que os pacientes teñan unhas recaídas inmediatas, senón abordalo no momento que merecera a pena e, polo tanto, que traballen nesa dirección, na dirección da investigación, de poñer en mans dos profesionais isto. Vostedes, por cuestións que ignoramos –de ética, de relixión e cousas bastante raras– non están polo labor; para nós é fundamental.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Ferreiro.

Ten a palabra o señor Santalices Vieira, polo Grupo Parlamentario Popular, para a rolda de posicionamento.

O señor SANTALICES VIEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

Empezarei por dicir que coincido con algunhas das cousas que aquí se dixeron, polo menos en canto a datos de incidencia e problemática relacionada con esta patoloxía, algo que xa anunciaba un dos expertos que temos en Galicia no nivel mundial, o profesor Cacabelos, que no ano 1988 dicía que o Alzheimer sería a causa máis común de demencia –cifrábaa en torno ao 50-70% a partir dos 65 anos–. Aquí, o certo é que non se enganou. Esta entidade, como aquí tamén se comentou, unha entidade nosolóxica, é un tipo de demencia senil que aflixe a un 3-5% da poboación en países occidentais e Xapón, e ten unha prevalencia media dun 4,15%. Tamén dicía o profesor Cacabelos que, tendo en conta que para o ano 2000 os maiores de 65 anos formarían un amplo sector de poboación mundial, a enfermidade de Alzheimer erixiríase nun desafío médico e económico, tendo en conta as persoas afectadas. Tampouco aquí hai que dicir que se enganou.

Por todo iso, centrándonos xa no que é obxecto desta proposición non de lei, a Consellería de Sanidade e a Consellería de Asuntos Sociais –falarei das súas respectivas programacións–, elaboraron un documento co título: “Plan galego de atención ao enfermo de Alzheimer e outras demencias”. Nese documento defíníanse as liñas e as accións dos diferentes departamentos con responsabilidades na atención destas patoloxías. O plan, que tiña unhas datas –1999-2001–, significaba un tempo para o seu inicio, non así para a súa finalización, xa que as accións se seguen a manter no tempo, mellorando os diferentes programas que conviven nel e incluso potenciándoo.

Así, neste senso, cabe destacar a actuación da Consellería de Sanidade, no eido de darlles máis e mellor atención aos pacientes e máis información aos cidadáns. No ano 2003 actualizouse o libro *Preguntas arredor do Alzheimer*, do que se fixo unha tirada de 9.000 exemplares. Potenciáronse as consultas de neuroloxía con profesionais de referencia en todos os complexos hospitalarios e continúaase coa formación dos diferentes profesionais da saúde da atención primaria, pero facendo un especial fincapé na mellora dos coidados no domicilio. Tamén é certo que se achegan os diferentes fármacos existentes no mercado e debidamente indicados para a prevención da deterioración. Mellorouse –isto si que é certo–, a coordinación e a atención cos centros residenciais para persoas maiores.

Da mesma maneira, incídese tamén nos programas de atención primaria, no aspecto preventivo de deterioración cognitiva: máis controis, máis sensibilizacións, en concreto, das consecuencias que poden ter a hipertensión a obesidade ou a falta de exercicio, e unha mellora dos programas de prevención de saúde.

Por outra banda, desde a Consellería de Asuntos Sociais púxose en marcha o plan de maiores, que, sen dúbida, incrementa e incrementará máis os recursos residenciais para estas persoas. Deste xeito, a Consellería de Asuntos Sociais ten en marcha unha serie de programas e recursos concretos co claro obxectivo de mellorar a calidade asistencial das persoas maiores e dos que poidan beneficiarse tamén as persoas con Alzheimer e outras demencias. Citaremos:

Programas destinados a manter a persoa no seu fogar, no seu medio social habitual, algo no que, basicamente, todos estamos de acordo. E aquí hai sete programas:

Primeiro: atención no fogar. Conxunto de atencións de carácter persoal, psicosocial, educativo ou doméstico, facilitando a permanencia no propio contorno onde vive o paciente.

Segundo: axudas económicas individuais. Neste senso, poden ser solicitadas as axudas, coma calquera outro cidadán, para adaptar funcionalmente o seu domicilio: eliminación de barreiras arquitectónicas, etc.

Terceiro: apoio social ás persoas con demencia e aos seus coidadores, como pode ser a posibilidade de quince días de estancia nunha residencia dotada dos recursos necesarios para a atención, tratando así de integrar persoas maiores que teñen unha demencia. O beneficiario poderá tamén acudir acompañado do seu coidador habitual.

Cuarto: centros de día. Contribúen a que os beneficiarios deste que viven no seu fogar poidan estar debidamente atendidos nun centro durante o tempo que os responsables dos seus coidados necesiten para realizar as súas tarefas, porque por coidar ás persoas están ocupados, pero necesitan tamén realizar as súas propias tarefas.

Quinto: acollemento familiar. Preténdese facilitar a integración dos usuarios no seo dunha familia.

Sexto –señor Ferreiro, algo que vostede contemplaba, nese sentido ía a súa emenda–: respiro familiar. Dúas modalidades aquí: estancias temporais, afastamento temporal nun centro residencial cando os seus coidadores precisen de descanso ou non lles poidan prestar os debidos coidados; vacacións de saúde, gozar duns días de descanso nunha residencia-balneario. Permite tamén o descanso dos coidadores.

Sétimo: cheque asistencial. Facilita o acceso e a atención no fogar, centro de día, respiro familiar e residencia. En definitiva, polo que o paciente opta.

Outra actuación da Consellería de Asuntos Sociais vai no nivel dos centros xerontolóxicos. Neste senso, quero dicir que os centros residenciais da terceira idade –públicos, concertados e privados– se ocupan da atención das persoas maiores, incluídos os maiores que padezan enfermidade de Alzheimer, que pola súa necesidade teñen que ser internados. Nestes centros estanse a desenvolver os dispositivos intermedios, como o recurso de internamento parcial ou a

posibilidade de internamento por un período de tempo concreto. É o que se chama a “descarga familiar”.

Tamén é certo que no campo da formación se están facendo cousas. As residencias públicas da terceira idade dispoñen de persoal que está a participar en distintas actividades de formación, actualizada e especializada, para atender adecuadamente os distintos usuarios en función do tipo de limitación.

Esta formación abórdase de forma multidisciplinaria, dándolle unha especial importancia ao enfermo de Alzheimer, debido á súa especial patoloxía. Tamén é certo que os cuidadores dos beneficiarios do Programa de apoio social ás persoas con demencia están a participar en cursos sobre atencións básicas, nutrición, evolución de patoloxía, adecuación do fogar, etc.

Todos estes recursos que eu fun sinalando estanse a impulsar progresivamente. Xa lles anuncio que proximamente se vai crear un centro de día na provincia de Lugo, onde se implantará un programa exclusivamente destinado a persoas con Alzheimer e con outras enfermidades neurodegenerativas. Tamén é importante destacar que, no último mes de 2003, se puxeron en funcionamento dous programas novos relacionados coa aplicación de novas tecnoloxías, porque ata niso nos temos que ir adaptando:

Por un lado, dispositivos de localización para persoas con demencia leve-moderada. Este programa permite contribuír non só á mellora da calidade de vida das persoas inmersas en procesos demenciais, senón tamén ao apoio dos seus cuidadores. Estes dispositivos de referencia permitiranlles aos cuidadores da persoa con demencia coñecer en todo momento onde se atopa o seu familiar, contribuíndo desta maneira a unha certa tranquilidade.

Segundo, detectores de movemento para persoas maiores. Trátase de poñer a disposición dos usuarios dispositivos que contribúan ao mantemento e ao incremento da súa autonomía e, en concreto, no caso das persoas que viven ou pasan moito tempo soas.

O certo é que, aínda que a teleasistencia é un instrumento eficaz para proporcionarlles unha certa tranquilidade a estas persoas, segundo os últimos estudos non garante unha

atención e apoio permanente. Para evitar que se produzan situacións de incomunicación –que, ás veces, se producen nestas patoloxías–, faise necesario que implementemos mecanismos coma o que acabo de comentar, porque pode suceder que pola patoloxía que teña o home, non poida accionar o dispositivo que ten que levar ou pode, naquel momento, esquecelo.

Polo tanto, e a modo de conclusións, a Xunta de Galicia é consciente de que a atención a esta enfermidade é un gran reto, fundamentalmente debido á lonxevidade dos nosos cidadáns. Por iso, tanto desde o sistema sanitario coma desde a protección social, incrementáronse as accións preventivas e asistenciais nos últimos anos. Os pacientes, que son atendidos con continuidade, e os profesionais fórmanse tanto nos centros de atención primaria, coma nos centros de atención especializada.

Polo tanto, dado que a actividade preventiva e asistencial xa se está realizando, e incluso hai actuacións que están reflectidas no Plan de saúde 2000-2005, e que están basicamente contempladas, non é o momento de que establezamos un novo plan, senón que cumpramos o que está en marcha, porque penso que, nestes momentos, a nova carteira que se vai fixar dentro do Sistema Nacional de Saúde contempla actuacións moi específicas neste tema. Polo tanto, señor presidente, imos rexeitar esta proposición non de lei.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Santalices.

Ten a palabra o señor Pose Mesura para o posicionamento respecto das emendas.

O señor POSE MESURA: Si, señoría.

Señor Santalices, hoxe fixen o firme propósito de saír aquí moi suave e de tratar este tema con racionalidade. Pero é que un, ás veces, escóitao e como vostedes veñen coas cousas preparadas, dígase o que se diga aquí non se cambia o chip.

Eu escoiteino a vostede e a min bótanme por debaixo... Porque empezan a dicir: “Todos os plans...” e dá a impresión –esaxerando un pouco– de que fan un plan para cada persoa.

Onte, a conselleira de Servizos Sociais, aquí –cousa que nós discutiamos, porque estaba mesturando co que vai facer para o 2006 e non co que hai feito– falaba de seis mil e pico prazas de asistencia, sumando aí todo. En fin, sume vostede a axuda a domicilio, as prazas de residencia para a xente que non se pode valer por si mesma, o cheque asistencial, etc., súmelle o que queira e sume despois o número de afectados con demencia que, segundo as cifras da propia consellería, son 37.000. Estaremos de acordo –vostede é médico, pero se non preguntello ao señor Mayán– en que unha persoa afectada con demencia é unha persoa dependente; súdeos todos e non chega ao 10% dos afectados de demencia. Todas as prestacións que temos sumadas non chegan ao 10% dos afectados por demencia. Pero é que hai moitos máis dependentes que requiren axuda que non son dementes, porque están os lesionados medulares, os que teñen parálise infantil, etc.

Entón, por moito discurso que fan... Claro que queda moi bonito: “Temos Programa de respiro familiar”. ¿A cantas familias lles damos Programa de respiro familiar? (*Murmurios.*) Perdón por cabrear-me. Ao cheque asistencial, ¿cantos teñen acceso? Iso é do que temos que falar.

Hai cousas que, ademais, non custan cartos. Di que teñen un plan; pois mire, eu dígolle como funciona. Hoxe unha persoa empeza con depresión –moi típico–, a perder un pouco de memoria, e a ter algún comportamento sospeitoso en calquera sitio de Galicia, ¿a onde vai? Ao médico de cabeceira. O médico de cabeceira sospeita que pode ter unha demencia, ¿a onde o manda? Ao neurólogo. Pois mire, para ir ao neurólogo ten que esperar nove meses –oito, nove, depende dos sitios– e nalgúns sitios máis. Cando chega ao neurólogo, este, para facer un diagnóstico, ten que pedir unha resonancia magnética. Para facer esa resonancia magnética ten que esperar outros dous ou tres meses dependendo da área, ou máis. Cando volve coa resonancia magnética, ten que ir outra vez ao neurólogo, ten que esperar outro mes. ¿É así ou non, señor Santalices? É así, que llo digo eu, que o sei. Logo, é cando o neurólogo fai o diagnóstico. Eu doulle unha idea, que o debe de facer un grupo de expertos... ¿Por que, baixo un protocolo que diga en que condicións se debe de facer, non pode un médico de atención primaria, un médico de familia, que ten preparación suficiente, ante unha sospeita de demencia, pedir directamente unha resonancia magnética? ¿Ten vostede unha idea? Eu o que lle digo é que

me parece un tema tan importante –perdoe o acaloramento, eu son así, é a miña maneira de ser–... Eu creo que son temas que nos afectan.

Faloume do profesor Cacabelos. Non vou discutir para nada a competencia nin o coñecemento do profesor Cacabelos, pero outro día, se quere, falamos de EuroEspes, do que significa, de como se xestiona e do que é o centro de referencia hoxe... (*O señor Santalices Vieira:* Non debería dudar de Cacabelos.) Eu non dubido de Cacabelos, eu falo de cousas obxectivas e de funcionamento do centro de referencia de EuroEspes.

Dime vostede que en Lugo montan un centro para asistencia e tal. ¿E que lle importa ao afectado de Vigo que o monten en Lugo? Está moi ben que se monte en Lugo, pero do que estamos falando aquí é de facer un plan e de dar unha cobertura horizontal para toda Galicia, que teñamos... É dicir, damos estas prestacións.

Dispositivos de localización. Moi ben. Apláudoo. ¿Para cantos o van poñer? Do que se trata é de abordar... Trátase de que todas aquelas persoas que están moi afectadas teñan unha abordaxe global. Eu reitérolle a disposición do noso grupo neste tema, que nos parece importante. Non me diga que teñen un plan en marcha, reconsideren a posición. Nós estamos dispostos a transaccionar, estamos dispostos, por estas persoas que están afectadas, a facer un esforzo e mellorar, que é o que nos interesa, a situación dos dementes en Galicia.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: ¿Inclúe a emenda ou non?

O señor POSE MESURA: Si, a emenda do Bloque Nacionalista Galego, do señor Ferreiro, aceptámola, aínda que está incluída na propia proposición non de lei, pero máis especificada. Aceptámola.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Pose.

Procedemos entón a votar a proposición non de lei, incluíndo a emenda de engádegas que foi presentada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(*Votación.*) (*Pausa.*)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 23; votos en contra, 34.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Henrique Rodríguez Peña e D.^a Rosa Darriba Calviño, sobre a solicitude de transferencia de competencias da Administración do Estado á Xunta de Galicia do patrimonio edificado e o contorno paisaxístico e ambiental sobre o que se asenta, nas zonas fronteirizas galaico-portuguesas

O señor PRESIDENTE: Para a defensa desta proposición, ten a palabra o señor Rodríguez Peña.

O señor RODRÍGUEZ PEÑA: Señor presidente, señorías, quero agradecer esta consideración que tiveron por un tema particular, e xa entramos en materia.

O señor PRESIDENTE: Agradézallo á Cámara.

O señor RODRÍGUEZ PEÑA: Agradézollo á Cámara, pero fágoo a través do presidente.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ PEÑA: Señorías, non é unha preocupación illada esta proposición non de lei que trae o Bloque Nacionalista Galego hoxe aquí ao Pleno, senón que en distintas comisións temos presentado a lóxica preocupación por un patrimonio de competencia estatal que forma parte de todo o territorio transfronteirizo con Portugal, noutrora lugar de aduanas, de paso, de referencias de control por mor da propia fronteira en si de dous estados distintos, por mor do contrabando, por mor de moitas cousas; non obstante, hoxe é un tema xa vencido dentro do esquema da Unión Europea, da que formamos parte. Ese patrimonio tiña obxectivos que xa non cumpre e ten referencias distintas en función da dinámica que algún concello próximo fixo coa Administración do Estado, non no sentido de variar o patrimonio, que segue sendo do Estado, senón da súa utilización e da procura dunha conservación. En todo caso, isto non é que se repita

con frecuencia, senón que, máis ben, o que hai é un abandono.

Entón, esta proposición non de lei vén guiada, non só por unha preocupación que o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten ao respecto, senón incluso por un malestar –quero entendelo así, vostedes estarán para corrixirme–. O propio Grupo Parlamentario Popular entendía como construtiva e positiva a preocupación que se derivaba da mesma proposición non de lei en comisión e animaba a que se lle dera carácter máis xeral, para tratar de meter esta situación e esta demanda no paquete de competencias que a Xunta de Galicia debe de demandar da Administración do Estado, non só por evitar a perda do patrimonio edificado, senón tamén pola importancia que ten o territorio onde se localiza ese patrimonio dunha cultura común, que ten moito que ver coa conservación da natureza. Estou falando da natureza, da paisaxe e de todo un proceso que podíamos dicir dunha cultura de territorio, dunha cultura de múltiples formas de vida e de hábitat común, como nalgúns casos da cultura miñota e noutros casos, perdéndose o Miño, con culturas semellantes, coma a do Couto Mixto, na provincia de Ourense, e tantas outras.

É por iso que este tema, ademais, poderíamos invocalo desde aquilo do *limes imperii* dos romanos, que, evidentemente, eran liñas que non eran trazadas por acordo das partes, senón que eran máis ben lugares onde quedaban as lexións romanas –non é o caso, aínda que foi o caso–. Pode haber fronteiras físicas nas que, por exemplo, accidentes xeográficos ou liñas divisorias, leitos de ríos, etc., poden provocar esa fronteira –concorre neste caso–; pode haber fronteiras antropolóxicas, como límites de tribos ou límites lingüísticos; fronteiras condicionadas, dependendo da existencia próxima de propiedades privadas –non é o caso–; pode haber fronteiras complexas, que pertencen a un ou máis tipos; pode haber fronteiras antecedentes que, normalmente, é o caso das fronteiras dos colonizadores; poder haber fronteiras subsecuentes; ou poden ser fronteiras sobrepostas, que me parece que é o que mellor define o caso do que falamos. As fronteiras subsecuentes xorden despois de producirse o desenvolvemento dese territorio, é o caso que corresponde á maior parte das fronteiras que a Unión Europea foi eliminando e que, practicamente, constitúen a tradición do que era a habitual fronteira dos países, dos estados, dos pobos de Europa. As fronteiras sobrepostas seccionan

áreas territoriais onde existe unha unidade cultural, e aquí tamén podíamos entender que estamos no caso que nos ocupa.

Desde a desembocadura do Miño; da Illa Canosa; Ariño da Pasaxe; da illa de Goián; de Tui; das terras de Arbo; de Salvaterra; de Crecente; de Cequeliños; de Ribeira; da Serra de Leboeiro, en Lobeira; da Serra de Santa Eufemia; do Xurés; da Serra de Larouco; de Arzádegos, nas terras de Vilardevós; da Esculqueira, na Gudiña; do río Esmoriz a Penarrubia, en Padrenda; do río das Veigas e do río da Azu-reira, na Mezquita; do río Támega de Verín, Feces de Abaixo; do río do Terroso; do río Piñal; do río Regosende, en Vilardevós; do río Arzoá e do río Mente, en Riós; dos río Ribeiriña e Pereira na Gudiña; e do río Limia, ¿como non?... Estes son antecedentes de toda unha historia e de toda unha riqueza paisaxística e cultural que define unha cultura común e que, ao eliminarse todo o que foi aquel concepto de fronteira, que é a situación actual, quere o Bloque Nacionalista Galego hoxe –se ben ao principio falaba da riqueza do patrimonio edificado e da súa utilización– darlle relevancia ao patrimonio e ao lugar onde se localiza.

Eu creo que nalgúns casos debería de caernos a cara de vergoña polo tratamento exquisito que a parte portuguesa –non digo en todos, pero nalgúns casos– lle está dando a isto, en tanto que nós estamos no esquecemento máis absoluto. Hai que recorrer ao criterio e á dinámica dun concello nalgún caso ao negociar para, por exemplo, dada a importancia do remo no país, ter instalacións de remo situadas nalgún tipo de anexo complementario ao que foi a aduana; pero non debemos de quedarnos aí. Esta proposición non de lei eleva o tema ata tratar de que a Xunta de Galicia poida incorporar un patrimonio que nos axude, incluso, fíxese ben... Dícímolo como unha proposición dentro dun esquema planificador que o Bloque Nacionalista Galego ten traído a esta Cámara, en tanto que demandamos directrices territoriais. No modelo que se nos foi adiantando dunha posibilidade de directrices territoriais para o país galego, para Galicia –¿como non?–, podemos incorporar todo o patrimonio natural onde se sitúa todo este perímetro fronteirizo importante en quilómetros, importante en riquezas de todo tipo.

Aquí podería acabar a miña preocupación, pero tamén quixera lembrar a alguén preocupado por isto –de aí que fose pai da nosa xeografía–, Otero Pedrayo, que fai, probable-

mente, con moita máis densidade da que o vou facer eu aquí, un canto que moitas veces se queda na riqueza dunha expresión literaria ou dunha descrición xeográfica dunha persoa eminente, que é recoñecida universalmente, cando fala de por Queixa, Tamagos, Tamaguelos, Mandín, Feces de Abaixo, o val do río Támega e a estrada que entra en Portugal ata Chaves, antiga, coas Flavias. Ou por Filgueira, Frieira, Pousa, Arbo, paisaxes de val, estreitado no comezo do tramo inferior do río Miño, confluencias do Avia e do Arnoia no Miño. Na parte portuguesa, Torre e vilas de Melgaço e Valadares. Na fronteira, proporciona Tui vida particular de tránsito, desde Guillarei, Areas, Santa Comba, Pazos de Rei, San Bartolomeu de Rebordáns. Ou ben nas zonas das terras de Entrimo, desde Quintela ao val da Limia, seguindo por Baños de Bande, Cabaleiros, e cruzando na confluencia do Salas entrando en Portugal por Lindoso, por Lobios e Rio-caldo, no encontro con Portugal en Portela do Homem. Encontro de itinerarios do sur dos viais de Ourense aos portugueses ata Braga, e todo o proceso histórico que hai aí.

Esta é un pouco a preocupación: que cando falamos da riqueza patrimonial non nos quedemos no edificado. Quere-mos traer aquí o feito de que se lle dea consideración e relevancia a todo ese territorio. Os vales da Limia e Salas, Rio-caldo, Entrimo, Olelas e Araúxo gozan do mesmo clima e flora de Portugal, da riqueza de viñedos, de laranxeiras, de limoeiros e de oliveiras. Isto podería formar parte dunha exposición motivada de algo que cremos que pode estar no ánimo de todos os grupos, que é requirir, de forma planificada, a cesión e as competencias do patrimonio edificado e do patrimonio onde se asenta o discorrer de todo o encontro con Portugal.

Creo que na petición que este deputado formula en nome do BNG, é unha achega importante que todos fagamos un acto de consideración a algo co que cremos que ninguén pode estar en contra. Este deputado dille ao deputado que me respondeu en comisión nalgunha outra ocasión que debería dárselle rango de que sexa de interese xeral e levado a un Pleno... Isto cúmpreo hoxe o Bloque, na espera de que o Partido Popular, que daquela entendía que esta preocupación podería ter esta dimensión, poida ter un encaixe razoable e razoado, porque eu creo que sería, en todo caso, unha riqueza común, que estaría defendida por todos os grupos.

Nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Cuervo): Moitas grazas, señor Rodríguez Peña.

¿Grupos que queiran intervir?

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra o señor López Vidal.

O señor LÓPEZ VIDAL: Grazas, señora presidenta.

Señorías, a iniciativa que presenta o Bloque Nacionalista Galego danos pé para falar de algo que nos preocupa e que nos ocupa, sobre todo, a esta Cámara: das transferencias e da asunción de competencias dun goberno autonómico coma o noso.

Se facemos un resumo conciso, sinxelo, do que levamos desta lexislatura, temos que concluír, lamentablemente, que só conseguimos miudezas do Goberno amigo. Isto si que son miudezas e non as outras. Son unhas miudezas que valen só para facer o de sempre: *parafernalia* mediática, para que o señor conselleiro da Presidencia, o señor Pita, faga comunicados anunciando que estamos no teito e que o imos romper, que imos romper a barreira –xa somos mellores ca os cataláns–, e, sobre todo, para disfrazar a realidade cotiá que nos toca vivir.

Vou poñer un exemplo –aquí teño dúas testemuñas que aseverarán o que vou dicir–. Hai uns días fomos a Madrid a unha reunión da Comisión Bilateral de Transferencias, porque o Goberno amigo considerou oportuno transferirle á Xunta de Galicia, ao Goberno de Galicia, á nosa Comunidade Autónoma, unha parcela na Coruña de 550 m² –disfrazada por un pouco de permuta, segundo puidemos entender máis tarde con outras explicacións que nos deron– tres depósitos para cereais e unha praza de auxiliar de Escolas Vixairas cun soldo que ascende a 923.000 pesetas.

Este foi o contido exacto do último encontro que celebramos no Ministerio de Administracións Públicas. Por certo, este deputado encargouse de levar esta memoria que achegou non hai moito tempo o señor presidente da Xunta de Galicia, na que se ve con clara e manifesta transparencia o que aínda queda pendente de transferir a esta Comunidade Autónoma, na que se ve, lonxe da propaganda que se fai diariamente, o que temos aínda por facer. Para o único que ser-

viu o encontro –teño que lamentar que fora así– foi para coñecer a ministra de Administracións Públicas, que é unha muller parca en palabras, iso que despois se estendeu en comentarios lamentables que todos coñecemos, pero transmitiu o que pensa e o que pensan moitos de vostedes, señores do Partido Popular; é dicir, quitou a careta, que estamos en tempos de carnaval, e fixo unha alegoría, ou unha utilización partidaria do terrorismo que nunca debería facer, e despois dixo que fora un lapso. Ben, isto foi para o único que nos serviu o encontro en Madrid recentemente.

As transferencias da iniciativa parécenos total e absolutamente correctas, e máis vindo dunha provincia como da que procede o deputado que lles fala, que é Ourense, onde se palpa diariamente esta realidade. Se facemos un informe actual e rigoroso sobre o estado dos antigos edificios de aduanas e o seu contorno, a situación é clarificadora: estado lamentable, abandono total. Estes edificios son pasto de invertebrados e de vertebrados e das silveiras, e iso supón unha imaxe dos nosos pasos fronteirizos terceiromundistas. Pero para iso, como xa digo, hai que percorrer o país e palpar o territorio para darse conta do que acontece. As edificacións –xa fixo aquí un extenso relatorio o propoñente–, en toda a provincia de Pontevedra e na de Ourense, están nun estado de conservación patético; en Verín, na Baixa Limia, por exemplo, ou en Ponte Barxas, no concello de Padrenda, onde hoxe os veciños están encerrados, reclamando xustiza, loitando contra o avasallamento e a protección que fai o seu partido, señores do Partido Popular, dunha empresa que os intenta asoballar e roubarlles os seus dereitos. Alí, hai un edificio que está nun estado de conservación patético, coma case todos.

A comparativa con Portugal deixa moito que desexar, como tamén dixo o propoñente e fainos caer a cara de vergoña, porque eles si que os teñen restaurados, rehabilitados e explótanos como teñen que facelo. Por iso, anunciamos o apoio á iniciativa do Bloque Nacionalista Galego, na que se insta o Estado central, o Goberno amigo –espero que por pouco tempo–, a demandar o traspaso das competencias destas edificacións e do contorno onde están localizadas, para evitar o seu esmorecemento, como está acontecendo todos os días, e o seu estado paulatino de deterioración. Esperemos que sexa así, aínda que xa chegamos tarde, coma sempre.

¿Cal é o paso seguinte, que tamén vén contemplado na iniciativa, se non sería oportuno que este grupo lle presenta-

se unha emenda? O paso seguinte é a posta a disposición dos concellos onde están localizados destes edificios e dos seus contornos para darlle un fin e unha utilidade pública, non privada –non veñamos coas concesións esas que a vostedes lles gustan tanto para fins que todos sabemos–; un fin público, social, cultural, vivendas de protección ou o que vostedes queiran, pero que teña un fin público, porque moitos destes concellos onde están, e Padrenda é un deles, por exemplo, non teñen ningún lugar público onde facer calquera tipo de evento social ou cultural ou onde xuntar os veciños.

Señorías, non poden seguir así por máis tempo estas edificacións e o seu contorno, porque forman parte da nosa idiosincrasia, do noso patrimonio. Pero para iso, como para moitas outras cousas, hai que ter sensibilidade e vostedes, de momento, nesta cuestión, coma en moitas outras, non demostraron que a teñan.

Nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Cuervo): Moitas grazas, señor López Vidal.

Ten a palabra o señor Ruíz Rivas polo Grupo Parlamentario Popular.

O señor RUÍZ RIVAS: Señora presidenta, señorías, ao noso grupo parécelle que esta proposición que presenta o Bloque Nacionalista Galego é incorrecta tanto no fondo coma confusa na forma.

Nos últimos tempos, estamos asistindo a multitude de debates sobre o modelo do Estado, sobre cotas de autogoberno, sobre as transferencias que esta ou outra comunidade deben ir collendo, sobre o feito de se o modelo está permanentemente aberto ou haberá que pechalo dunha vez, etc. Nese senso, teño que dicir que xa a finais do ano 2002 o presidente presentoulles aos grupos desta Cámara un documento –aquí fíxose mención a ese documento–, coñecido por vostedes, que lle foi entregado ao Ministerio de Administracións Públicas, no que se facía mención ás transferencias que quedaban pendentes.

Do mesmo xeito, o Bloque Nacionalista Galego, tanto no escrito presentado nesta Cámara en xaneiro deste ano coma,

posteriormente, no que presentou o seu deputado en Madrid, Francisco Rodríguez, en xuño, tamén deste ano 2003, recollía nun documento propio o que consideraba que eran as transferencias que a Comunidade debía demandar e polas que debía loitar. Se digo isto é porque en ningún destes documentos dos que falo, que deron lugar ao debate, se facía mención destas transferencias concretas. Co cal, se o xuntamos con outra serie de actitudes que nas últimas datas tivo o Bloque Nacionalista Galego, como na propia Comisión de Pesca, onde pedi a transferencia da cartografía mariña dalgúns aspectos relativos á seguranza marítima, lévanos a pensar que ou vostedes non saben ben o camiño a seguir ou utilizan ou varían este camiño á súa comenencia.

A proposición é incorrecta tamén no fondo, porque, como a vostedes non lles escapa, saben que o que se transfere son materias; é dicir, non se poden transferir competencias sobre patrimonio ou sobre contorno paisaxístico. As transferencias son de competencias de determinadas materias, e os inmobles forman parte dos medios materiais que se entregan para poder exercer precisamente esas competencias transferidas. Normalmente, estes bens, como pode ser o caso que estamos a tratar, son de dominio público e están afectos ao uso dese servizo público.

No presente caso, os inmobles aos que vostede fai referencia na súa parte non dispositiva son de competencia exclusiva do Estado, en virtude do artigo 149 da Constitución, afectos ao servizo de aduanas, e, neste senso, non serían transferibles. ¿Cal puidera ser a solución? A cesión destes bens á Comunidade Autónoma, a través da lexislación patrimonial, ou aos concellos, unha vez xustificada a súa conveniencia para o interese público.

A proposición é confusa porque vostede, na súa parte dispositiva, en ningún momento distingue entre o que é o patrimonio público edificado e solicita a transferencia de todo el, o cal parece un pequeno despropósito. Non fai vostede mención á titularidade dese patrimonio na súa parte dispositiva. Da literalidade da súa proposta, pódese entender tanto que pide a transferencia das estacións de Renfe, coma das delegacións de Facenda ou ben da propia casa do concello. Estou a falar da literalidade da súa proposta. É confusa, tamén, porque non distingue, nesa parte dispositiva, entre o patrimonio que xa poida ter un uso ou unha utilidade e aquel que non a ten, aquel que puidera estar infrautilizado ou

abandonado. Por dicirlle un exemplo, en Verín hai unha parte dese patrimonio onde está a Policía Nacional e os arquivos da Axencia Tributaria, e, outro, o de Feces de Abaixo, que está infrautilizado.

Non distingue tampouco entre aquel patrimonio que poida ter un uso ou valor cultural do que non teña esta característica. Na súa proposta, tampouco está a pensar nos custos que puidera ocasionar o seu mantemento no futuro, tanto para a Comunidade Autónoma coma para os propios concellos, e o que se está é liberando desta carga a Administración do Estado.

Centrándome neste aspecto do interese cultural, teño que dicirlle que a Xunta, no que é o patrimonio cultural, ten a competencia que lle dá a lei sobre aqueles que teñan interese cultural. ¿E cales son? Desde o punto de vista obxectivo, os que teñan valor artístico pola singularidade no aspecto arquitectónico, decorativo, pola relevancia das obras, etc. E desde o punto de vista subxectivo, os que teñan valor histórico, é dicir, os edificios vinculados a feitos relevantes acontecidos no pasado.

A proposición é confusa, tamén, porque vostede creo que pon o carro diante dos bois, pois o primeiro que ten que facer, sobre todo, con aqueles que puideran estar, como hai algún deles, dentro do inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia, é pensar o uso e utilización que se lle vai dar para, unha vez que estea aprobado por Patrimonio, pasar á súa obra de conservación, porque a súa utilización é a única forma que garante a conservación futura. E dentro de todos eses bens que vostede solicita de forma xenérica, hai algúns que, tanto polos plans xerais dos propios concellos como por outra serie de normas urbanísticas, teñen ese interese xeral. Polo tanto, nós pensamos que é máis axeitado que sexan os propios concellos –aquí falou, por exemplo, dalgúns concellos– os que, sabedores da carencia que poidan ter nalgún eido tanto no social coma no cultural, soliciten a cesión deses inmobles, sabendo os medios cos que conta e as axudas coas que vai contar, inescusablemente, tamén, por parte da Administración autonómica.

Respecto ao contorno paisaxístico, quero dicir que o propio Estatuto de autonomía concedía a posibilidade de ditar normas complementarias en canto á protección do medio ambiente. Precisamente, ao abeiro dese posibilida-

de, nace a Lei 9/2001 de conservación da natureza, que supón a totalidade de competencias neste eido. En virtude desas competencias, a Xunta de Galicia ten proposto integrar na Rede Natura 2000 lugares de importancia comunitaria, como o Baixo Miño, a Baixa Limia, a serra do Xurés, o río Támega ou Pena Maseira, e todos eles están na mesma franxa fronteiriza da que vostede fala. Para a xestión deses contornos non só están as partidas que ten a Xunta de Galicia no seu propio presuposto, a través da Consellería de Medio Ambiente, senón que tamén ten aprobado para esa zona un proxecto específico financiado con fondos Interreg III da Unión Europea, que, para este presuposto do 2004, conta con dous millóns de euros.

Antes de rematar, por algunha alusión que facía o Grupo Socialista, quero dicir que na época do Goberno amigo se transferiron 46 competencias, con máis de 15.000 millóns das antigas pesetas, con máis de 3.000 postos de traballo ou funcionarios. Polo tanto, déuselle un pulo importante ás transferencias e non se pode dicir o mesmo da etapa na que vostedes estiveron gobernando.

Remato, señorías, dicindo que nós non dubidamos da bondade da súa proposta, pero –como din na miña vila ou en moitos concellos– pensamos –sen ningunha acritude– que lle falta un fervor, que non está o suficientemente madurada; e dígollelo porque a súa pretensión pide transferencias de algo que non é posible transferir senón que, en todo caso, sería de cesión, na que non se distingue entre patrimonio cun valor cultural e patrimonio que non o teña; na que non se distingue entre os propietarios dese patrimonio; e, sobre todo, non se está poñendo primeiro a vontade daqueles que, en definitiva, van ter que facer uso desas instalacións e da súa conservación. Ademais, o primeiro que se debe facer non está feito, que é pensar na utilidade que se lle vai dar, que é a única forma de que verdadeiramente se poidan conservar eses bens.

Eu espero con impaciencia a súa contestación porque vexo que está recibindo moitos consellos e espero que lle sexan de moita utilidade.

Máis nada e moitas grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Ruíz Rivas.

Ten a palabra o señor Rodríguez Peña para unha breve rolda de peche.

O señor RODRÍGUEZ PEÑA: Señor presidente.

Señor portavoz do Partido Popular, se vostede me di que lle falta un fervor, eu dígolle que lle falta fervura. Entón, vostede non entende nada porque o entende desde o fervor, non desde a fervura, ¿enténdeme?; iso é importante. Podía dicirlle, tamén, non como din na miña vila, pero si nalgunhas, que a vostede lle falta un verán.

Dicir que se isto estivera máis maduro... Miren, vostedes non entenden nada e ese non é un problema seu. O problema é que vostedes levan gobernando moitísimos anos e aínda hoxe non se sabe cales son os seus obxectivos en materia de ordenación territorial. Entón, estamos tratando de dicirlles que cun esquema que axude a planificar unhas directrices territoriais, que, por certo, pódolle dicir que están obrigados, dentro de poucos meses, a presentar por lei... Estábanos invitando a dicirlle que todo un patrimonio edificado –e non edificado, que é máis importante que o edificado– por cultura común –faleille da cultura miñota, explíqueille aquí unha parte, que son como margaridas que non sei para que lles serven a vostedes–... Fíxenlle unha descrición que dixeran que excede o que pode facer a miña descrición xeográfica literaria, porque é a de Otero Pedrayo. E faleille de todo un patrimonio: desde limoeiros, laranxas, etc., das que calquera de vostedes, cando van por alí, din: “¡Que preciosidade!”. A iso hai que darlle forma de país cando se goberna e vostedes non pasan de ser unha xunta parroquial pequena, de verdade que non pasan (*Risos*).

Hai máis sensibilidade nun concello que ten precariedade [...]... Vostedes non son Xunta de Galicia, vostedes non saben o que é iso. O seu presidente, cando fala do Goberno, fala sempre referíndose ao español, nunca falou do Goberno galego e algún día dirémoslle para que, collendo o Diario de Sesións, cando di: “xa dixon o Goberno...” que saiban vostedes, cando fala de “goberno”, de que goberno fala. Isto é algo que aparecerá proximamente, xa llelo digo.

Entón, quero dicirlles que isto é imposible que vostedes o entendan; “é incorrecto”, “o modelo é pechado”, pero, ¿como vai haber un modelo pechado? Se resulta que está todo por facer, ¿é un modelo pechado?. Ou sexa, que pedir que se trate

de que un patrimonio que, sendo público, está... Mire, en Ourense fan, no interior dun patio do núcleo histórico, corenta vivendas e teñen expropiadas vivendas do núcleo histórico para facer vivendas novas no interior desa *mazá*; esta é a súa filosofía. Entón, teñen un patrimonio público, que a min me dá igual que sexa do Estado ou da Xunta, pero, neste caso, visto o que fai o Estado, estamos pedindo que se pida a transferencia para darlle unha utilidade a un patrimonio edificado que é a perda do criterio das aduanas pola perda das fronteiras. E vostede dime que é inmadura, pero é incorrecta, é unha realidade. O tema da sanidade exterior hoxe –pode preguntarllo aquí a este señor conselleiro de Pesca– sabe que é un tema que excede o tema da vixilancia por sanidade exterior, que é puramente española, é así.

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor RODRÍGUEZ PEÑA: Hai moitas normativas que cumprir que saen dese ámbito. Ou sexa, quero dicir que se perdeu o criterio de aduana e teñen vostedes edificios tirados, perdidos, e o asunto é que o concello, ou quen corresponda, segue construíndo. O asunto é seguir construíndo cando hai patrimonio edificado inútil, e di: “isto é incorrecto e inmaduro”. Os que son incorrectos, inmaduros e incapaces para gobernar son vostedes.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Procedemos a votar a proposición non de lei.

(*Votación.*) (*Pausa.*)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 24; votos en contra, 35.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposición non de lei.

Defensa e votación da proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a elaboración dun Plan de emprego xuvenil

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Pontón Mondelo, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para a defensa desta proposición non de lei.

A señora PONTÓN MONDELO: Grazas, señor presidente.

Señoras deputadas e señores deputados, a evolución da economía galega tivo unha influencia moi negativa na demografía e no mercado de traballo galego, especialmente desde o comezo dos anos oitenta, e estivo sometida a políticas de reestruturación nos seus sectores básicos ditadas maioritariamente desde o exterior do noso país, orfo da capacidade e da vontade política necesaria para a súa defensa. Este comportamento negativo, que lle afectou ao conxunto da poboación en xeral, tivo unha especial incidencia no sector da mocidade, dificultando a súa posibilidade de realización e emancipación, máis aínda fronte á carencia ou á insuficiencia das políticas artelladas polo Goberno galego a través de medidas específicas concibidas desde criterios de transversalidade e integralidade.

Esta proposición non de lei ten por obxecto cubrir estas carencias e insta a Xunta de Galiza a aprobar a elaboración dun Plan de emprego xuvenil. Trátase dunha proposta moi ampla e o tempo dispoñible para poder expoñela aquí non cubriría para todo o que se necesitaría falar sobre todos os elementos que a integran, pero, cando menos, eu estou segura de que tiveron a ocasión de lela.

A necesidade e a oportunidade desta proposta baséase na análise dos datos oficiais a respecto da incorporación da mocidade ao mercado laboral que poñen de manifesto o fracaso das políticas que nesta materia desenvolveu a Xunta de Galiza e tamén na conclusión lóxica de que é preciso un cambio de rumbo destas. Na realidade, non na propaganda, a mocidade foi a grande ignorada polos diferentes programas no ámbito das políticas de ocupación da Xunta de Galiza, sen mostrarse capaz de mobilizar os recursos necesarios en beneficio dunha estratexia integrada e coordinada no mercado de traballo e no contorno produtivo que permitira darlle unha resposta axeitada ás necesidades laborais da mocidade. Se botamos man do segundo informe intermedio comunitario sobre a cohesión económica e social, ou do terceiro, que se fixo público estes días, constátase que a posición económica e laboral de Galiza está aínda moi lonxe das medias do Estado e das comunitarias, como o evidencian os datos contidos neste informe e, a modo de resumo, citamos algúns que exemplifican o que acabamos de dicir.

No ano 2001 a taxa de ocupación galega é do 58,8 %, o que sitúa o noso país no lugar 41 pola cola das 211 rexións da Unión Europea 15. No mesmo ano, en termos dunha Unión Europea 27, a taxa de paro galega sitúanos no lugar 40, tamén pola cola. E no ámbito da mocidade, a súa baixa proporción relativa no conxunto da poboación e a súa elevadísima taxa de paro, que duplica a media existente no nivel comunitario, son un reflexo do negativo comportamento da demografía e do mercado de traballo galegos e da insuficiencia e a inadecuación das medidas adoptadas pola Xunta ao longo destes anos para impedir que semellante situación se producira.

No Consello Europeo de Lisboa, celebrado no ano 2000, situouse que no 2010 as políticas económicas e de emprego aplicadas deberían elevar a taxa de emprego total ao 70% e a taxa de emprego das mulleres, como mínimo, ao 60%. Posteriormente, no Consello de Estocolmo, que tivo lugar no ano 2001, fixéronse como obxectivos intermedios para o ano 2005 unhas taxas de emprego total e feminino do 67% e do 57% respectivamente. Obviamente, tanto no conxunto do Estado como moi especialmente en Galiza, o cumprimento destes obxectivos requirirán do establecemento de políticas ben diferentes, en concreto sobre o mercado laboral.

Os datos do propio INE confirmannos que a mocidade é o sector máis afectado polo paro, e que padeceu, nos catorce anos comprendidos entre 1989 e 2002, taxas de paro entre o 25% e o 42%, mentres que a taxa de paro total oscilou entre o 12% e o 24%. As mozas e mozos galegos soportan en maior medida a inestabilidade laboral, a falta de garantías de calidade no traballo, a inadecuación entre a formación e as demandas reais do ámbito produtivo ou os baixos niveis salariais en relación co posto de traballo desempeñado.

Este pésimo comportamento do mercado laboral xuvenil galego ten lugar malia que na década dos noventa o acumulado total da emigración tanto ao resto do Estado como fóra del abrangueu a 120.851 galegos e galegas, dos que o 15% se corresponden ao ano 2000 e no que hai unha tendencia marcada e temporalmente crecente, e as características máis relevantes desta son a súa elevada afectación tanto á xuventude en xeral –máis da metade destes emigrantes tiñan entre 19 e 34 anos– como nun grao crecente a persoas altamente cualificadas. Asemade, a inadecuación e o fracaso evidente das políticas aplicadas pola Xunta de Galiza fanse patentes

no ámbito do que se coñece como precarización do mercado de traballo.

Para o período 1997-2002, a Xunta de Galiza estableceu unha serie de medidas para incentivar a contratación estábel co obxectivo de acadar unha taxa de precarización do 13%. Pois ben, se a taxa de precarización inicial, que se situaba no 32,9%, xa triplicaba a existente como media na Unión Europea e estaba un punto por debaixo da taxa estatal, no ano 2002 non só non se avanza cara a este obxectivo senón que se vai na dirección contraria incrementándose ata o 35%; é dicir, 4,8 puntos por riba da taxa de precariedade existente neste mesmo ano no nivel estatal. Ademais, este intenso proceso de precarización e incremento da temporalidade no traballo concéntrase de maneira moi especial na xuventude a acádanse taxas que só se poden cualificar de disparatadas.

En resumo, a evolución económica do mercado de traballo galego nos últimos anos evidencia o fracaso do Goberno galego respecto dos obxectivos que pretendían alcanzar, sen lograr que Galiza fora quen de abandonar os lugares inferiores que continúa ocupando dentro do Estado e da Unión Europea.

Pola súa parte, as políticas laborais de emprego para a mocidade son, como moito, un lavado de cara; a Xunta limítase a desenvolver campañas de imaxe e a deseñar políticas con carácter electoralista e propagandístico. Neste sentido é urxente e necesario un cambio nas políticas de emprego para a mocidade e desde o BNG propoñemos que se elabore un Plan plurianual de emprego xuvenil integrado por un conxunto de obxectivos, medidas e programas ben establecidos, eficaces e consensuados, con participación no seu deseño e seguimento de asociacións xuvenís, sindicais e organizacións empresariais.

Este plan debe contemplar, entre outras medidas que se detallan na proposición non de lei, as seguintes: o fomento dos plans de ocupación, a mellora da cualificación e das capacidades profesionais reforzando a formación profesional, regrada e ocupacional; a asunción das competencias de formación continua; a renovación das escolas obradoiro, das casas de oficio e dos obradoiros de emprego; o impulso dos novos sectores de ocupación ligados á satisfacción de novas realidades sociais e medioambientais; a creación das condicións de incorporación da mocidade ás actividades primarias

e das medidas activas orientadas a unha nova contratación xuvenil a prol do traballo estábel e de calidade a través do fomento da contratación indefinida e dunha aplicación das condicións a cumprir polas empresas beneficiarias; debe propiciar a orientación e información laboral para todos os mozos e mozas que leven seis meses en paro, a revisión do funcionamento do Servizo Galego de Colocación ou a creación dun salario de inserción laboral destinado á mocidade en formación, co obxectivo de acadar experiencia ou para aquela que especialice a súa formación.

Este plan debe ter temporalizado o logro dos seus obxectivos e a concreción orzamentaria anualizada para todas e cada unha das medidas que integren. Debe, así mesmo, marcarse como obxectivo básico a converxencia das diferentes variábeis do mercado de traballo xuvenil galego coas existentes como media na Unión Europea. Particularmente, no horizonte dos próximos catro anos, a taxa galega de emprego xuvenil deberá situarse no 55% e a taxa de emprego temporal, no 13%. O Goberno galego debería conformar unha estratexia, que, tendo o traballo como prioridade e o eixo das políticas de xuventude, se sustente nos principios de integralidade, superando as respostas parcializadas e os compartimentos estancos, que estea focalizada, fuxindo do universalismo das medidas, descentralizada, concertada e cunha participación real e efectiva.

Pensamos, desde o BNG, que a cuestión do desemprego e da precariedade do emprego xuvenil debe ser prioritario, pois a situación actual xera desaxustes e desequilibrios para a mocidade mais tamén para o conxunto da sociedade galega; concretamente, este tema ten moito que ver coa situación demográfica que ten o noso país. Ter acceso a un traballo digno é un dereito fundamental e como tal, a mocidade galega non pode estar privada del. A Xunta ten a obriga de garantir este dereito, de lograr a superación da vía da emigración como a única saída laboral e de posibilitar que as mozas e os mozos galegos dispoñan das condicións necesarias para constituír un proxecto de vida propia en Galiza.

Grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Ten a palabra a señora Seara Sobrado, polo Grupo Parlamentario Socialista, para a rolda de posicionamento.

A señora SEARA SOBRADO: Grazas, presidente.

Moi brevemente, para dicir que, por suposto, o Grupo Socialista vai votar favorablemente esta proposta do BNG para instar a Xunta de Galicia a pór en marcha un novo Plan de emprego para a mocidade. Falta por ver se o Grupo Popular o aproba, se o Goberno dá o seu consentimento para que esta iniciativa sexa aprobada, e a ver se a señora Pontón, coa proposta de crear un novo plan de emprego, ten máis sorte da que tivo o Grupo Socialista. E dígollo porque no pasado Pleno, cando aquí tamén se debateu unha iniciativa de emprego xuvenil referente ao apoio aos concellos para fomentar o emprego xuvenil, lembrei aquela primeira iniciativa –creo que foi no primeiro Pleno da Cámara, tamén o dixen– que os socialistas trouxeron sobre emprego xuvenil, que foi a posta en marcha dun Plan de emprego xuvenil. Este Plan de emprego xuvenil fora unha promesa electoral do señor Fraga e, así, o meu compañeiro Ricardo Varela tróuxoo, e os socialistas, inmediatamente, trouxemos unha iniciativa para obrigar o Goberno galego a pór este plan de emprego en marcha. O PP, por suposto, votou a favor daquela iniciativa e aprobaron esta iniciativa e puxeron en marcha o Plan Labora, que foi todo menos un plan de emprego xuvenil.

Por certo –está aquí a conselleira–, cando traian a avaliación –se é que a teñen, eu creo que os resultados si que os saben– á que temos todos dereito –pois despois dun plan, o normal é avalialo–, xa nos dirán o resultado, pero eu creo que chega con ver as estatísticas e as cifras da situación da mocidade respecto ao emprego en Galicia. Eu creo que as propias cifras son a mostra, sen sacar máis conclusións, do fracaso do Plan Labora. As cifras fálannos da incerteza e da desesperación da maior parte da mocidade respecto ao seu futuro.

A señora Pontón fixo aquí alusión a varios informes e referiuse a varios datos, tanto de institucións públicas como privadas –a propia iniciativa fala do informe da Barrié–, pero o último informe do CES é moi revelador, di que a situación laboral empeorou nos últimos anos, e a situación dos mozos en Galicia aínda empeorou moito máis. O 90% dos mozos que traballan fano en empregos temporais, xa non falamos dos que non traballan, e a duración media de cada contrato é de dez días. Como digo, non son cifras que eu saco da chistera, son cifras que están no informe do CES,

e o salario –isto a min paréceme gravísimo– é o 40% inferior á media dos salarios.

Durante os anos do Goberno do PP no Estado –en Galicia xa non llo digo, porque xa non lembro cando vostedes non gobernaban– a precariedade laboral entre os mozos institucionalizouse, converteuse nunha situación habitual para a maioría deles. Varios organismos advertiron xa do perigo que supón esta situación, que eu creo, ademais –e témolo dito aquí máis veces–, que non é exclusiva de Galicia, pero aquí está claramente agravada e, como tal, temos que actuar tendo moi presentes estes datos.

A completa inseguridade na que viven a maioría dos mozos galegos eu creo que debería preocuparlles, e eu creo que no fondo si que lles preocupa, si que o saben, tanto os membros do Goberno como o propio Grupo Parlamentario Popular. Apenas –e vostedes sábeno ben– se poden realizar plans de futuro máis alá da duración do último contrato, que pode ser dun día e pode ser dunhas horas –hai bastantes contratos que son de horas– e son sempre os mozos os contratados nestas condicións. Polo tanto, falar de temporalidade e de precariedade no emprego é unha constante; e moito máis, se falamos do emprego xuvenil.

Eu quería dar un dato aquí, porque ademais da temporalidade e da precariedade, hai outra cuestión, que é a sinistralidade, que se está a producir nos traballadores mozos, que sofren o triplo de accidentes laborais que o resto dos traballadores. Houbo en Galicia un aumento do 10% da sinistralidade, e eu fixenlle unha pregunta á señora conselleira en varios traballos parlamentarios e en diferentes comisións a respecto desta cuestión da sinistralidade laboral dos mozos e eran clarísimos eses datos, porque ademais a Xunta deunos sen ningún tipo de problema: o aumento dun 10% nos sinistros laborais entre os mozos galegos entre o ano 1999 e 2001, son datos oficiais dados pola Xunta a unha resposta desta deputada. Estes datos sinalaban que só no ano 1999 houbo 22.042 accidentes en mozos, e ascenderon ata 24.536 en 2001; son unhas cifras brutais pero, ademais, lonxe de diminuír, aumentan. Fálase de 124 accidentes mortais, etc., son uns datos moi preocupantes, señora conselleira.

Ademais, hai outro dato, que é a vulnerabilidade total que teñen os mozos. Como lle dicía antes, o perigo é a normalización, non se pode ver como normal esta situación, e

os mozos están empezando a ver como normal ter un contrato de dous días ou ter un contrato, incluso, dunhas horas. É o que lle dicía antes, o de institucionalizar a situación, e isto é tremendamente perigoso, porque os mozos están case acostumados a traballar nestas condicións laborais.

Eu creo que non se lle pode dar as costas a esta realidade –como lles dicía antes–, e vostedes sábeno. As dimensións da precariedade son extremas e creo que iso, ademais, é unha consecuencia de todo o demais; a temporalidade e a precariedade é a consecuencia de todos os males: levan á inestabilidade, a non ter, en absoluto, recursos estables; hai unha dependencia clara da familia –falaba a señora Pontón da emancipación, por suposto, a emancipación tan tardía que temos en Galicia–; hai unha falta de equidade, ademais, nos salarios entre homes e mulleres, que sempre existiu, pero que lonxe de diminuír aumenta e agrávase no caso dos mozos; hai unha perda continuada de dereitos; estamos asistindo a un acoso sexual e laboral –o *mobbing*–, e as máis prexudicadas, neste caso, case sempre, son as mulleres novas traballadoras.

Falaba o outro día tamén da pobreza encuberta. Non quero facer aquí outro debate sobre a feminización e a xuvenilización da pobreza –mencioneino o outro día e quero mencionalo outra vez, pero hai que seguir lembrando que o 44% do total dos pobres en Galicia teñen menos de vinte e cinco anos e o 23% de persoas sen fogar teñen entre dezaioito e vinte e catro anos. Eu creo que esta xuvenilización ten tamén as súas causas e fagan vostedes tamén un exercicio. Despois, hai outro dato, que é vivir só para traballar, non saber o que é a calidade de vida; aos mozos traballadores estalles comezando a ocorrer isto, é unha realidade. Estas condicións –dicía antes– levan tamén a atrasar o proceso emancipatorio dos mozos e das mozas, o máis tardío da Unión Europea.

En Galicia viven 628.000 mozos de entre 15 e 29 anos, o que supón o 23% da poboación total de Galicia –son os últimos datos do INE aos que tiven acceso–. Díxenlle tamén o outro día que emigrar xa non era unha opción, senón que para moitos, comezaba a ser unha necesidade –a señora Pontón fixo tamén antes referencia a esta cuestión–. Calculen o que pode pasar se non se pon remedio á situación da precariedade do emprego xuvenil en Galicia, a sangría que pode ocorrer neste país como non se poña remedio á situación de

precariedade, temporalidade, sinistralidade e paro que sofren os mozos galegos. Creo que deben recoñecer que a situación non é a mellor, os datos cantan –díxenllo ao principio–, deberían analizar os resultados do Labora, que os teñen, que os coñecen, e creo que deberían poñer en marcha un novo plan de emprego contando esta vez cos axentes sociais implicados, coa propia mocidade –teñen un Consello da Xuventude e múltiples asociacións xuvenís en Galicia, que nos gustaría que foran máis, pero hainas e hai referentes–, de acordo cos concellos, coas empresas, coas universidades, un plan de emprego de verdade, que xere emprego. Díxenlles o outro día tamén que hai moi pouco os empresarios galegos dixeron que en Galicia só había emprego para o 1,8% dos parados, é dicir, é imposible con estas cifras; hai que facer un plan de emprego que xere emprego, señora conselleira. Eu creo que isto pode ser un volver empezar, poden aprobar a iniciativa –eu creo que o deberían facer–, que insta a facer un novo plan de emprego cunha serie de criterios; fagamos un novo plan de emprego –eu non vexo por que non se pode facer, eu creo que o deberían poñer en marcha–.

Remato dicindo que creo que estamos ante un dos maiores problemas de futuro –xa de presente– de Galicia por cuestións demográficas, sociais, de natalidade, etc. Eu creo que vostedes, o Goberno galego, o Partido Popular, debería adiantarse antes de que sexa un problema sen solución; creo que case é un problema de moi difícil solución, pero creo que aínda estamos a tempo.

Como lle digo, o voto a favor do Grupo Socialista.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Seara.

Ten a palabra o señor Gómez Alonso polo Grupo Parlamentario Popular.

O señor GÓMEZ ALONSO: Señor presidente.

Señorías, nunca deixa un de sorprenderse, xa que me resulta bastante rechamante que a exposición de motivos desta proposición non de lei comece cunha análise macroeconómica da realidade da economía galega, pero interpretada desde un punto de vista subxectivo e, evidentemente, ao seu libre albedrío. Isto contrasta co feito de que na realidade

a nosa economía está, como no resto de España, a beneficiarse dunha etapa de crecemento sostido que nos está permitindo converxer con Europa nun contexto de profundos e transcendentais cambios socioeconómicos, que se están a reflectir na modernización do agro e da pesca, no desenvolvemento do sector industrial e do sector servizos e no incremento da porcentaxe da poboación activa.

Galicia viviu nos últimos catorce anos, e moi especialmente no período 1996-2002, unha etapa de converxencia económica co resto de España e coa Unión Europea sen precedentes. Así o amosa o feito de que ao longo da década dos noventa o produto interior bruto de Galicia medrara dous puntos máis ca a media do conxunto de España e oito puntos por riba da media de crecemento da Europa dos 15. Precisamente por iso, converxemos coa economía española 2,1 puntos en termos de produto interior bruto *per capita*, ao pasar de representar o 80,2 no ano 1995 ao 82,3 no ano 2002. Converxemos coa economía europea nunha media de 1,9 puntos/ano en termos de produto interior bruto *per capita*, ao que ademais hai que engadirlle os datos de que a economía galega medrara no ano 2003 un 2,6%, dúas décimas máis que no mesmo trimestre do ano anterior. Do mesmo xeito, hai que subliñar que o número de empresas se incrementara desde o ano 1996 a 2003 nun total de 21.778, preto dun 50% de variación relativa, e que o grao de apertura da economía galega pasara do 30,1% do ano 1995, ao 51,3% do ano 2002. Ademais, vostede non pode afirmar que os niveis económicos de Galicia están moi afastados das medias estatais e comunitarias, como o amosa o feito de que nos anos 2002 e 2003 a economía galega crecera, respectivamente, o 1,9 e o 2,2, mentres que a Unión Europea crecía por debaixo do 1%.

¿Como se van interpretar ben e correctamente os datos macroeconómicos se tamén se parte dun erro interpretativo sobre a evolución do emprego en Galicia? Isto non é algo que diga eu, porque, segundo a EPA, Galicia é a terceira comunidade na que máis crece o número de activos –máis de 50.000– e a quinta onde máis aumentou o número de ocupados –preto de 32.000 no último ano–. Nese crecemento, hai que destacar a incorporación da muller ao mercado de traballo, xa que das 50.000 persoas activas, máis de 33.000 son mulleres. Ademais, a evolución da contratación en Galicia é favorable, xa que no ano 2003 se superaron os 700.000 contratos iniciais rexistrados. É dicir, lonxe do vitimismo, esta-

mos a vivir un bo momento da nosa economía, pois estase a xerar emprego, están a ser creadas numerosas empresas e estase modernizando o noso tecido produtivo.

Polo tanto, a súa proposición non de lei comeza mal, pero aínda remata peor, porque non é serio propoñer a instauración dun Plan de emprego xuvenil que tan só conteña un compendio de obviedades, unha declaración de principios sen obxectivos, sen achegar nada novo. En definitiva, o problema da proposición non de lei é que carece de implementación, non establece medidas concretas, así que eu interpreto que o que a oposición quere facer aquí é un debate sobre os obxectivos, e nós xa os temos claros. O debate hai que centralo sobre as medidas: se son eficaces, cal é o seu alcance, cal é o contido, cales son os segmentos aos que se refiren e os orzamentos e as partidas presupostarias que as avalan; todo iso, evidentemente, para facilitarlle o acceso ao emprego á mocidade galega e o tránsito da vida escolar á laboral.

Ademais, tampouco é serio falar da instauración dun plan de emprego xuvenil cando a Xunta de Galicia xa o puxo en marcha no ano 1994 (*Risos.*), un plan que posteriormente se vertebrou no conxunto de medidas activas de emprego deseñadas e implantadas en 1994, a partir do proceso de transferencias e da consecución do Servizo Público de Emprego, no marco dos acordos sobre medidas para o crecemento do emprego en Galicia 1998-2001, subscritos entre a Xunta de Galicia, a Confederación de Empresarios, UXT e Comisións Obreiras. Así, estableceuse un plan de actuación integral para favorecer o desenvolvemento profesional e a estabilidade do emprego dos mozos galegos, a través de cinco liñas de acción que trouxeron como resultado que a taxa de paro xuvenil descendera en máis de 14 puntos desde o ano 1996 –cando andaba sobre o 40%–; que dos 357.000 contratos indefinidos realizados en Galicia desde o ano 1997, 180.000 foran para mozos menores de trinta anos; que a taxa de paro pasara do 33,1% no ano 1998 ao 25,7 en 2003; e que a evolución da demanda de emprego dos mozos menores de 25 anos pasara de máis de 28.000 no ano 1998 a preto de 23.000 no ano 2003. (*Murmurios.*)

De lavado de cara nada, porque se non non sería posible que o número de desempregados menores de 25 anos descendera de 48.900 no ano 1998 a 35.600 en 2003, e que se reducise a taxa de paro do 33,1 ao 26,3; nin que os titulados

universitarios pasaran de representar o 12,96 dos ocupados a representar o 16,01 dos traballadores galegos. E de falar de electoralismo, tampouco, porque se non, ¿como se explican vostedes que por medio do contrato en prácticas se lle facilitara a primeira oportunidade de traballo a preto de 1.800 mozos titulados durante o ano 2003, cun esforzo presupostario de cinco millóns de euros ao ano? ¿Como explican que o Programa Labora lles facilitara un posto de traballo a máis de 13.000 mozos e mozas galegas menores de trinta anos nos dous primeiros anos de funcionamento desta iniciativa? Isto permitiu que máis de 4.300 fosen contratados só polas empresas privadas entre 2002 e 2003.

Polo tanto, esta iniciativa chega tarde, porque desde o ano 1994 as nosas políticas activas de emprego teñen dous claros obxectivos: o fomento do emprego e a mellora da empregabilidade. Pero tamén lle direi que as nosas políticas activas de emprego se están adaptando en todo momento á realidade social e económica de Galicia. Por iso, neste ano 2004, estanse a reorientar as políticas activas de emprego como consecuencia da aprobación da Lei de emprego. Tamén se está a proceder a redireccionar o Programa Labora cara á empresa privada, para atender a todos os menores de trinta anos inscritos no programa; estase sobreincentivando cun 10% a axuda á incorporación ao mercado de traballo a través das distintas fórmulas de autoemprego dos mozos inscritos no Programa Labora; estáselles a explicar aos empresarios, a través de correos electrónicos directos, as vantaxes de contratar os beneficiarios do Programa Labora; estanse incentivando os programas de contratación por conta allea e todas as modalidades de contratación temporal, e non só o contrato en prácticas para os beneficiarios do Programa Labora, senón para facelo máis atractivo para os empresarios.

Ademais, se estes empresarios transformasen estas contratacións temporais en indefinidas, concederáse un sobreincentivo, de xeito que, sumados ambos os dous, se pode chegar a unha axuda global de preto dos 7.000 euros. Concederáse un sobreincentivo dun 10% adicional en todas as liñas de axuda para o autoemprego cando os beneficiarios sexan mozos adscritos ao Programa Labora, ben a través da contratación por unha empresa por conta allea, ben a través do autoemprego.

Ademais, reordenaranse os programas centrados na promoción da contratación indefinida e potenciaranse os incen-

tivos á contratación temporal, pero só para colectivos como son os mozos do Programa Labora. Aínda estes días, a Xunta de Galicia anunciaba a creación de seis centros integrados para adaptar as necesidades da formación profesional ás empresas e para elevar esa información e esa orientación a onde están os alumnos que a requiren.

Loxicamente, imos manter os nosos plans de cooperación, os nosos plans de escola taller e de casas de oficio. En total, para os programas de políticas activas de emprego, destinarase en incentivos un orzamento de máis de 167 millóns de euros –case 28.000 millóns das antigas pesetas–, que atenderán a máis de 37.000 beneficiarios.

Insisto en que chegan vostedes tarde; chegan tarde en materia de políticas activas de emprego, chegaron tarde cando se elaborou o Plan de acción xove e chegaron tarde cando se elaborou o Plan galego de formación profesional. Por iso non podemos apoiar esta iniciativa, porque iso sería recoñecer que vostedes están a incentivar medidas nas que nós xa levamos traballando desde o ano 1994, porque iso sería dicir que desde o ano 1998 non existen políticas activas de emprego para a mocidade. Existen políticas activas de emprego; o noso compromiso é mellorar a inserción laboral e as condicións de traballo, porque nós temos un compromiso con todos os galegos e todas as galegas deste país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Ten a palabra a señora Pontón Mondelo, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para unha breve rolda de peche, porque non hai emendas.

A señora PONTÓN MONDELO: Grazas, señor presidente.

Se tiveramos un observador imparcial que vira a evolución e a situación actual de Galiza, podería chegar á conclusión, á vista do discurso e das políticas do Goberno e do Partido Popular, de que o seu obxectivo é situar a Galiza no furgón de cola. Entón, como o obxectivo está cumprido, entenderíase a autocompracencia e a satisfacción cos resultados. Esta é a conclusión á que eu e moita xente podemos chegar cando escoitamos o que se di sobre un tema tan claro e tan evidente como é o problema da inserción laboral da moci-

dade. Dá igual que os datos sexan de organismos oficiais, porque son claros e irrefutables. O Goberno galego está satisfeito cunha taxa de precariedade entre os menores de 30 anos do 68%, que nos sitúa en 4,8 puntos por riba da media estatal e que supera en 21 puntos a media comunitaria. O Goberno galego está satisfeito cunha taxa de paro en menores de vinte e cinco anos do 26,29%, e se tomamos como referencia o tramo dos dezaseus aos vinte e nove, do 28,1%. O Goberno galego está satisfeito con que no ano 2001 emigraran 16.028 persoas, das que case o 70% eran menores de trinta anos, mentres que o número de nacementos foi neste ano de 19.251. O Goberno galego está contento con que a poboación ocupada no ano 1989 fora de 133.800 e que no ano 2003 sexa de 100.000, é dicir, 33.800 ocupados menos. Se estamos satisfeitos, se estes son realmente os obxectivos do Goberno galego, a nosa pregunta é: ¿estes son os obxectivos ou hai a evidencia de que hai un problema que lles afecta aos mozos e ás mozas e que é necesario un cambio nas políticas que neste terreo se levan adiante?

Eu teño escoitado aquí e noutras comisións –nas poucas ás que tiven ocasión de asistir desde a miña presenza neste Parlamento– que a escusa é sempre o Plan Labora. Ben, poderíamos falar moito disto, pero a taxa de paro evidencia, en todo caso, que o problema non se soluciona aquí e que a taxa de paro en 2001, antes da posta en marcha do Plan Labora, era do 24,35% e agora é do 26,29%.

Estamos falando dun problema grave, estrutural, para a mocidade galega. Para min o problema non é que isto se aprobe ou que non se aprobe, porque vexo que hai malestar por esta proposta, porque doe, porque vai a un problema que está aí, as cifras respecto da preocupación que ten a sociedade galega pola elevada taxa de paro están aí e evidencian algo. A cuestión está en que a Xunta ten que recoñecer que o problema existe e que ten que haber un cambio nas políticas activas, na incorporación da mocidade ao mercado laboral, porque non están funcionando. Insisto en que os datos son moi claros, son datos de organismos oficiais; collamos datos de estudos de institucións, como pode ser o Instituto Pedro Barrié de la Maza, que acaba de sacar un estudo moi claro no que evidencian moitos dos problemas. Entón, recoñezamos o evidente e actuemos para mellorar a situación de moitos mozos e de moitas mozas, porque o problema é que detrás das cifras hai persoas ás que non se lles está dando posibilidades.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Se ocupan os seu escanos, procedemos a votar a proposición non de lei.

(*Votación.*) (*Pausa.*)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 27; votos en contra, 34.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

Ao punto quinto da orde do día, que é de interpelacións, pasaremos ás cinco da tarde. Ata entón, suspéndese a sesión.

Suspéndese a sesión.

Retómase a sesión.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde. Retomamos a sesión.

Interpelación de D. Xosé Díaz Díaz e D. Xesús Manuel Veiga Buxán, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as insuficiencias do vixente sistema de financiamento autonómico para Galicia

Para formular a interpelación, ten a palabra o señor Veiga Buxán.

O señor VEIGA BUXÁN: Señor presidente, señoras deputadas, señores deputados, o vixente modelo de financiamento autonómico leva dous anos de vida aproximadamente –desde logo, practicándose–. Este feito sería suficiente, abondaría, para tratar este asunto neste Parlamento, para facer un primeiro balance, unha primeira reconsideración, da aplicación deste modelo; pero é que, ademais, como saben vostedes, recentes acontecementos políticos vividos no Estado español converteron este asunto do financiamento autonómico nun tema de primeira liña no debate político. Quero, nada máis, constatar que o novo Goberno da Generalitat de Cataluña ten anunciado máis ou menos formalmente –desde

logo, por voceiros significativos e autorizados— que ese Goberno pensa plantexar no Consello de Política Fiscal e Financeira, após o 14 de marzo, unha revisión do actual modelo de financiamento autonómico. Aínda que non houbera —xa digo— esta actualidade política externa ao noso país, á nosa nación, abondaría coa importancia do tema e co tempo transcorrido.

Quero comezar dicindo —lembrando, máis ben— que o BNG, o noso grupo parlamentario, foi o único grupo político desta Cámara que estivo en contra do actual modelo de financiamento autonómico, aprobado no ano 2001. Adoptamos tal posición con argumentos, non por preconceitos ou por fundamentalismos fóra de lugar. Non, argumentamos por que considerabamos inadecuado tal sistema, tal modelo. Dixemos, entre outras cousas, que este modelo non garantía, non garante, o volume de recursos necesarios ou suficientes para prestar os servizos que necesita a nosa sociedade, para que a Xunta de Galiza acometa as actuacións no tecido produtivo galego, no conxunto do capital produtivo galego, e tamén para que a Xunta de Galiza asegure un nivel de prestacións acordes cun estado de benestar á altura do século XXI. En segundo lugar, e tan importante como o anterior, pensabamos e dicíamos que o modelo de financiamento autonómico de 2001 non proporciona o nivel de autonomía fiscal requirido para poder falar seriamente dunha autonomía fiscal no noso país. Estes eran os dous grandes argumentos que poñíamos enriba da mesa.

Certamente, pensamos que ambos os argumentos formulados naquel momento seguen tendo actualidade plena, que seguen sendo válidos dous anos despois de ser enunciados. Dicimos isto a pesar de que o grao de información facilitado polas autoridades do Estado e tamén polas autoridades do Goberno galego a respecto do propio sistema foi moi deficiente. Quero lembrar aquí que a Xunta de Galicia só dixo naquel momento —e segue facilitando hoxe esa información, é certo— cales eran as cifras correspondentes ao noso país, canto nos tocaba e canto saíamos “gañando” a respecto do modelo de financiamento anterior; pero non nos facilitou —alegando que non as coñecía— cales eran as cifras correspondentes ás outras comunidades autónomas, e o Goberno central, o Estado, tampouco facilitou esas cifras.

Eu teño dito moitas veces —e reitéroo hoxe— que este é un sistema de financiamento multilateral. Isto é un “xogo” con

varios xogadores, e é un xogo de suma cero: establecido un volume de recursos, o que gaña un pérdeno outros, ou o que perden uns gañano os demais; sistema multilateral, por tanto. É necesario que todos os xogadores, todos os que estamos nese sistema, saibamos o que gaña ou o que perde e o que ten o outro xogador que participa no modelo, porque, se non, iríamos a un modelo bilateral. A nós non nos desagrada un modelo bilateral, en ningún caso, non temos ningún problema cun modelo bilateral; pero, se este é un modelo multilateral, actuemos en consecuencia coa súa multilateralidade.

O noso grupo parlamentario tivo que facer as cifras, os nosos cálculos, e hoxe temos que dicir con satisfacción que os nosos cálculos coinciden cos datos oficiais facilitados recentemente pola Consellería de Economía. Nese sentido —sabe seguramente o señor conselleiro o que vou dicir—, quero dicir que, de non mediar unha condición que existía no modelo, que é unha garantía de mínimos, ou —dito con outras palabras— de non mediar a condición de que ningunha comunidade autónoma ía perder a respecto do que xa tiña antes do sistema de 2001, se se aplicasen libremente as variábeis do modelo aprobado en 2001, Galiza sairía perdendo recursos; non perdeu porque se aplicou esa condición de garantía de mínimos.

Non pode —¡ollo!— ser presentado por parte do Goberno galego ese feito como unha mostra de solidariedade do resto do Estado; non, mire vostede, é que só faltaría que saíramos perdendo. Non coñezo ningún acordo de financiamento autonómico dos anos oitenta ou noventa no que algunha comunidade autónoma aceptara ese modelo sabendo que perdía a respecto do que gañaba antes. Non, iso non é ningunha mostra de solidariedade, iso é un principio de sentido común, unha condición mínima do xogo entre xogadores que queren, polo menos, ter un mínimo punto de partida equilibrado.

A Comunidade Autónoma de Galiza recibiu os famosos 13.000 millóns de pesetas de máis, de 1999, que nos pasaron vostedes moitas veces por diante dos fociños. Esa suba que tivo Galiza, aplicándolle unhas determinadas condicións que permitían que fose así, porque se non, non a tería —non me vou parar, porque non teño tempo—, en todo caso, representou o 56,6%, un pouco máis da metade do crecemento medio que houbo no conxunto do sistema; de tal maneira que, se Galiza recibira o volume de recursos igual que o crecemen-

to medio do conxunto do sistema, teríamos, en pesetas do ano 1999, 10.000 millóns de pesetas máis. Mesmo teríamos máis se aplicáramos un correctivo en función da renda inferior que tiña Galiza no ano 1999 e que segue tendo a respecto da media estatal, pero, sen aplicarlle ese correctivo ou ese coeficiente favorecedor de Galiza, corrector das desigualdades, teríamos 10.000 millóns naquel momento. Como sabe o señor conselleiro, se lles aplicáramos un principio de actualización, unha renda perpetua recibida –posto que o sistema é perpetuo, é ilimitado–, o valor actual dunha renda perpetua, aplicándolle unha determinada taxa de actualización, que tiña que ver co ITE, co crecemento dos ingresos tributarios, podíamos ir ata un billón de pesetas que Galiza non recibiu, ou recibiu de menos, por ter acordado ese sistema de financiamento nos termos acordados.

¿Saben vostedes cal é o problema de que Galiza recibise menos recursos? Que a sanidade, por primeira vez, se mete dentro dese sistema, que o sistema ten unha duración ilimitada, que non é revisábel por principio e que, por tanto, a facenda galega, a Xunta de Galicia, ten que abordar a cobertura de servizos tan importantes como a sanidade ou como o ensino. Quero agora sacar a colación este déficit das universidades galegas como un problema moi serio que temos enriba. Agora non hai recursos. ¿Como se sacan estes recursos? ¿Sácanse con este sistema que nos proporcionou menos do que nos podía proporcionar, cuns orzamentos do Estado –que xa foron analizados aquí no pleno anterior polo meu compañeiro, don Xosé Díaz– que claramente nos proporcionan un nivel de investimentos inferior ao que nos correspondería mesmo por porcentaxe de poboación? Co principio do endebedamento cero –ou sexa, do chamado déficit cero– non hai forma de recuperar máis recursos, a non ser pola vía do chamado “aforro corrente”, ou sexa, gastando menos: posto que non van ingresar máis, gastando menos. ¿En que? En cousas como a sanidade, ensino ou outras prestacións sociais.

Remato, porque non teño tempo xa nesta primeira intervención. ¿Cal foi o nivel de autonomía deste modelo? Se collemos os orzamentos para 2004, o nivel de autonomía, entendendo por nivel de autonomía aqueles recursos sobre os cales a Xunta ten algún grao de poder fiscal propio, é o 23,58% dos ingresos non financeiros. Se collemos outro concepto que o señor conselleiro é moi amigo de coller, a chamada capacidade de autofinanciamento, é do 39,5%

sobre os ingresos non financeiros, pero iso non garante autonomía fiscal, señor conselleiro; só hai autonomía fiscal sobre o 23,58% dos ingresos non financeiros.

En definitiva, o problema da suficiencia e o problema da autonomía eran para nós a proba do nove no ano 2001, eran para nós as razóns que avalaban a nosa posición contraria, e seguen sendo hoxe a materia pendente deste sistema de financiamento autonómico. Queremos coñecer, por iso, cuál é a posición da Xunta, dous anos despois de ser aprobado este modelo, a respecto destas e doutras cuestións que non me deu tempo de plantexar polo momento.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Veiga Buxán.

Ten a palabra o señor conselleiro de Economía e Facenda para a resposta por parte da Xunta.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E FACENDA (Orza Fernández): Señor presidente, señorías, señoras deputadas e señores deputados, señor interpelante, eu creo que si temos que abordar o modelo de financiamento vixente. Hai algunhas cuestións que creo que son claras e evidentes. É evidente e claro que incrementa o nivel de autonomía financeira. Podemos ter conceptos non exactamente coincidentes respecto a cal pode ser o que se pode entender por autonomía; en principio, por autonomía débese entender aquela capacidade de influír sobre a contía e composición dos ingresos, pero tamén ten importancia o autofinanciamento, é dicir, qué cantidade dos ingresos depende da capacidade tributaria do territorio. Se temos en conta estas dúas circunstancias, o nivel de autonomía vese fortemente incrementado; practicamente, é máis que o dobre respecto á situación anterior, e tamén hai máis competencias sobre máis impostos e sobre cada imposto en función de que se é capaz ou é posible intervir sobre elementos esenciais máis importantes dentro de cada imposto.

Talvez, falando de autonomía financeira, convén facer algunhas reflexións que poden parecer académicas, pero que a min me parece que son moi importantes; trátase, en definitiva, da conexión que existe entre autonomía financeira e a necesidade de gasto. A un nivel de autonomía financeira determinado correspóndelle un nivel de gasto en función da capacidade tributaria do territorio. Calquera necesidade de gasto adicional tense que cubrir ou co incremento de presión

fiscal ou con transferencias de solidariedade, e esta é a nosa situación. A nosa situación é que a nosa capacidade tributaria, a nosa capacidade de autofinanciamento, sumando aí os dous conceptos de autonomía financeira, non é suficiente para dar cobertura a todas as necesidades de gasto; iso é unha obviedade na que non é necesario insistir. Polo tanto, é inevitable que existan transferencias de solidariedade.

Nun sistema de financiamento que puidera ser propio de países federais –certamente, estamos máis cerca dese modelo que de calquera outro–, o nivel de autonomía está determinado polas necesidades ou polo nivel máximo que pode ter aquel territorio que teña a maior riqueza e que, por tanto, con ese nivel pode dar cobertura ás súas necesidades de gasto. A partir de aí, todos os demais territorios se van afastando dese óptimo e van, obviamente, necesitado transferencias de nivelación, transferencias de solidariedade. Creo que iso é suficientemente claro como para que poidamos valorar a importancia e a transcendencia do que estamos a falar, precisamente, ademais, tendo en conta o que vostede acaba de mencionar a respecto de propostas de financiamento que parecen plantexarse desde outros ámbitos do Estado, nas que non é hoxe o día de tratar e que serán obxecto, probablemente, dunha comparecencia que penso que está pedida e que eu teño moito gusto en presentar, en asumir e en aceptar.

A segunda cuestión importante desde o punto de vista do actual modelo, é que se incrementou substancialmente a autonomía financeira. Obviamente, non ten o mesmo nivel de autonomía financeira –entendido iso co concepto que lle demos– que pode ter unha autonomía rica, por así dicilo, polo que acabamos de dicir: porque o nivel de autonomía está directamente relacionado coa capacidade tributaria dun territorio, e temos a que temos. A segunda cuestión é que o actual modelo, certamente, incrementa a suficiencia de financiamento para Galicia, e incrementaa dunha maneira importante. Vostede recordou aquí as ganancias do novo modelo, que supoñen arredor de 81 millóns de euros –ou, dito en pesetas vellas, máis de 13.400 millóns de pesetas do ano 1999–, distribuídos en competencias comúns, 6.300 millóns das antigas pesetas e máis de 7.100 millóns de pesetas para as competencias sanitarias.

A cuestión da suficiencia eu creo que todos vostedes estarán absolutamente de acordo en que é unha cuestión

importante, pero, ao mesmo tempo, sempre é relativa. ¿Cando é suficiente un modelo? ¿Cando son suficientes os recursos presupostarios ou de calquera outra natureza? Esa sempre será –insisto– unha cuestión relativa e sempre parecerá que deberían de ser maiores os recursos para atender as necesidades. O que sucede é que non hai unha única prioridade á que dar resposta, hai que facer isto compatible, obviamente, cun conxunto de prioridades. O consenso atopouse, probablemente –ninguén estivo satisfeito nese consenso, nin a Administración central, porque lle supoñía cantidades adicionais importantes, nin, desde logo, as comunidades autónomas–, nas cifras das que estamos a falar. Polo tanto, con esa relatividade, hai que entender que esas cifras parecían suficientes con este concepto relativo de suficiencia desde un primeiro momento e, desde logo, máis suficientes do que foran no modelo anterior, posto que partiamos con 13.000 millóns adicionais respecto do modelo anterior.

Por certo, isto non funciona nun nivel de xogo de suma cero; se houbera un nivel de xogo de suma cero, evidentemente, a aplicación das variables distributivas e redistributivas terminaría dando ese resultado, non habería cantidade adicional no sistema e non habería a posibilidade de que xogara a restrición inicial á que vostede se ten referido. Evidentemente, vostede coñece que hai recursos adicionais no sistema e recursos importantes e que se distribúen de acordo co conxunto dos criterios, das variables, das modulacións que todo o conxunto do modelo utiliza.

A min paréceme, ademais, que o modelo é un modelo que incrementa ou que reforza a solidariedade. Xa sei que a vostedes garantir o *statu quo* –é dicir, a restrición de mínimos– parécelles algo obvio, e tal vez o sexa, pero custa cartos, e eses cartos soamente teñen un nome, que é –digamos– afondar na solidariedade do sistema. Explícome: esa restrición equivale a dicir que a variable de poboación que explica o 94% de todo o conxunto do financiamento para Galicia permaneceu inalterable; que non contou en contra de Galicia que perderamos poboación en termos absolutos e en termos relativos, porque, se iso fose así, se contase, se realmente se aplicase a distribución das variables en función da poboación, en función da extensión, en función da dispersión da poboación, en función das diferentes variables distributivas, resultaría que teríamos cantidades moi distantes e moi diferentes da que estamos a ter. ¿Por que? Porque o modelo –insisto– parte da base de que non se produciu esa situación

e mantén o *statu quo*; a aquelas comunidades autónomas que incrementaron a súa poboación, recoñécello o modelo e naquelas que a perderon, o modelo fai como unha abstracción e supón que se mantén no mesmo esquema. Iso é o que quere dicir. ¿Sabe canto supón para Galicia? Máis de 14.000 millóns de pesetas no ano inicial, no ano base. A iso vostede, se quere, non lle chame solidariedade, chámelle restrición inicial; pero a restrición inicial non é gratuíta, custa cartos. (*Pronúnciase palabras que non se perciben.*) ¡Home, como non vai custar cartos! Porque pense vostede que, entre o modelo anterior e o modelo actual, a poboación de Galicia caeu en 80.000 persoas. Se se aplicara a distribución por poboación, como corresponde, teríamos, exactamente, moitos menos recursos dos que temos. Vostede non entende o modelo –vaime permitir que llo diga– e con moito gusto brindaríame a comentarllo sen ningún problema.

En definitiva, quero queixar claro que iso cada un intérpreto como queira, pero supón engadirlle ao modelo cantidades adicionais para garantir esa restrición inicial. ¿Cantas máis? No caso de Galicia, 14.000 millóns. Vostedes chámenlle como queiran.

Na cuestión da solidariedade, a min paréceme que hai un tema importante que é preciso contemplar agora, neste momento, antes de que se me acabe o tempo. O financiamento *per capita* medio no modelo está situado en 1.422,6 euros, o financiamento *per capita* de Galicia no modelo está situado en 1.536,9 euros; en definitiva, 114,3 euros *per capita* máis que a media. Iso supón 19.000 pesetas máis por habitante que a media, esa diferenza supón máis de 51.000 millóns das antigas pesetas, precisamente, por ter un nivel de financiamento superior á media en termos *per capita*, e supón que Galicia ten un nivel de financiamento que está situado no 108% respecto da media, e que Andalucía, por exemplo, está situada no 98,6%, Cataluña no 98,2%, Valencia no 93,5% e Madrid no 87,8%. Pensar, polo tanto, que o modelo non é solidario ou pensar que o modelo ten xogado en contra dos intereses de Galicia, eu creo que son afirmacións, obviamente, que non se sosteñen.

Nada máis, moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor conselleiro.

¿Grupos que queiran participar?

Ten a palabra a señora Villarino Santiago polo Grupo Parlamentario Socialista.

A señora VILLARINO SANTIAGO: Moitas grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, vou empezar case polo final, que lle dicía vostede ao señor Díaz: “Vostede, vaime perdoar, non entende o modelo”. Ben, pois, probablemente, para nós, ese é un dos elementos importantes que nos fan cuestionar o modelo de financiamento autonómico, sobre todo polo resultado final. Quero dicir que empezou dun xeito e acabou, ao final, como acabou, con acordos políticos bilaterais, con parches; literalmente, unha chapuza.

Eu teño aquí a propaganda do Ministerio de Economía e Facenda do señor Rato, falando do financiamento autonómico –isto é para que o entendamos vostede e máis eu, señor Díaz, para que o entendamos os dous– e di palabras como: “integrado”, “solidario”, “corresponsable”, “suficiente”, “estable”, “transparente” –o mesmo ministro que non publica nin un só dato–, “reforzo de relacións coas axencias tributarias”, e “dialogado”. Non se poden poñer máis inexactitudes –por non dicir mentiras que, ao mellor, tendo en conta a etapa na que estamos, deberíamos dicir literalmente mentiras– nun só folio.

Señor conselleiro, eu vou repetir, practicamente, a miña intervención de cando falamos no seu día do modelo de financiamento autonómico. Nalgúns criterios puxémonos de acordo, o que sucede é que, daqueles criterios nos que estabamos de acordo, ao final de todo o proceso, non se cumpriu practicamente ningún. En primeiro lugar, e empezando por iso do final, non é un modelo nin un sistema de financiamento autonómico. Vostedes tamén perderon nisto unha ocasión magnífica de articular un país moderno, cunha Administración moderna, ou sexa, transparente, cunhas competencias perfectamente delimitadas entre administracións, cunhas relacións de cooperación e de coordinación entre as administracións, co principio de lealdade institucional por enriba de calquera outra cousa. Tiveron esa ocasión e non o fixeron. Vostedes acordaron consigo mesmos un modelo de financiamento autonómico e tiveron que impoñelo; foi, literalmente, un *trágala* para unha parte importante das comunidades autónomas deste país.

Por iso lle dicía que, se ben teoricamente estivemos de acordo con vostedes nalgúns criterios, ao final, por exemplo, o dun modelo estable, transparente, consensuado, iso foise todo ao garete polo camiño. Modelo, en primeiro lugar, imposto. En segundo lugar, nin estable nin transparente, porque vostede sabe moito mellor ca min, porque se dedica exclusivamente a isto, que non hai datos, que as comunidades autónomas non saben o que lle pasa á comunidade autónoma do lado; e, desde logo, estable, ¿en que sentido é estable? ¿Cuns mecanismos de revisión de suficiencia nos servizos esenciais, como educación e sanidade, que son practicamente inaplicables? ¿Esa é a estabilidade da suficiencia dun sistema que se supón, segundo a vocación que vostedes teñen debe ser permanente?

Mire, unha das cuestións que nós aplaudimos da Lei 21/2001 é que se definen os servizos públicos esenciais no artigo 67: educación e sanidade. É un principio importantísimo para garantir a equidade, a igualdade e a solidariedade de todos os cidadáns do territorio español definir os principios esenciais, pero hai un pequeno detalle: que vostedes non establecen nin un só parámetro para determinar en que condicións de igualdade se prestan eses servizos nos diferentes territorios do Estado. Fan vostedes, por un lado, unha determinación dos custos deste servizo, cuns indicadores que poden funcionar ou non funcionar e, vostede, precisamente por quererse poñer medallas, acaba de plantexar aquí que Galicia recibe un financiamento medio por riba do resto das comunidades autónomas. E eu preguntolle: ¿É o xusto? ¿É o que temos que recibir? ¿Ese financiamento por riba da media do resto das comunidades autónomas é suficiente en Galicia para prestar os servizos públicos básicos dun estado do benestar en igualdade de condicións que nas outras comunidades autónomas? ¿Vostede está en condicións de dicir iso hoxe aquí? É o que tiña vostede que ter pelexado en Madrid, pero non de xeito bilateral. Eu, desde logo, niso discrepo absolutamente coas relacións bilaterais, porque *“hoy gano y mañana pierdo”*, e nós cremos nos dereitos dos cidadáns, temos dereito á igualdade, entre outras cousas, porque nolo garante a Constitución; non é cuestión de regateos, é cuestión de dereitos, e nós cos dereitos non regateamos.

¿Está vostede en disposición de dicirnos que, con eses cento e pico de euros a maiores, en Galicia se lles prestan os servizos básicos do estado de benestar aos cidadáns galegos en igualdade de calidade que no resto do territorio do Esta-

do? Non, non está en condicións, señor Orza. Iso para nós é importantísimo.

E falando da solidariedade, ¿está vostede en condicións, señor Orza, de dicirnos hoxe aquí que, co que se aveciña —que xa se vía chegar—, coa ampliación da Unión Europea —vostedes non fan máis que poñer vendas e tropezar coas pedras cando as teñen directamente nos pés—, coa ampliación da Unión Europea, coas novas perspectivas financeiras...? ¿Está vostede en condicións de dicir hoxe aquí que, tal como se artellou o Fondo de Compensación Interterritorial, se nos vai permitir a Galicia converxer con España —xa non digo con Europa—? ¿Están vostedes en condicións de dicir que, logo de dous anos dun sistema de financiamento que vostede dicía *“para toda la vida”*, con mecanismos de revisión cero, os que ten, inaplicables...? ¿Están vostedes en condicións de dicir que foron tan previsores os señores responsables políticos do Partido Popular, Goberno de España — neste caso, Goberno galego—, sabendo que se ampliaba Europa e que os países que entraban son países receptores netos de fondos de converxencia, de fondos de cohesión e que nós, polo efecto estatístico...? Xa llo dixemos aquí —eu, mil veces—: *“Nos van a tocar con el efecto estadístico”*; e vostedes dicían: *“Ya estamos en ello”*. E chamábanlle *“estamos en ello”* a mandar un director xeral dar unha conferencia a Bruxelas; iso si, gran profusión mediática en Galicia, como se foran vostedes facer grandes negociacións. A hora da verdade xa chegou, señor Orza, ¿está vostede en disposición de dicir que o Fondo de Compensación Interterritorial, absolutamente conxelado e que descendeu na etapa do Partido Popular, vai suplir os fondos de solidariedade e de cohesión que procedan de Europa? ¿Imos seguir falando de converxencia en Galicia ou xa imos quedar definitivamente ao pairó?

Este modelo, señor Orza, algo que a vostede me parece que lle preocupa... Quedame un minuto e vinte e dous segundos, váiseme o tempo sen falarlle da necesidade... Sabe que nós estamos plantexando o noso modelo, o mesmo, o de sempre, cun engadido, que vai un pouco máis alá, que cremos... (*Murmurios.*) Si, pásolle rapidamente despois o papel, ningún problema. (*Murmurios.*) Si, si. Non, ti non o entenderías, Pita, pero ao señor Orza voulle pasar os papeis. Ao noso modelo engadímoslle o do espazo fiscal propio, porque cremos que, despois de vinte e tres anos de comunidades autónomas... No que plantexabamos nós, de reordenación com-

petencial e de facer un sistema estable, transparente e dinámico e que garantise sempre a equidade e a solidariedade, demos un paso máis adiante, e dixemos que temos que reformar o sistema fiscal e axustalo ao que é un país como o noso, complexo, ao estado das autonomías, a un estado federal. Cremos que é necesario que haxa axencias tributarias en cada comunidade autónoma, cousa que a vostede lle preocupa.

Voulle dar só dous pequenos detalles. En primeiro lugar, esas axencias tributarias estarían baixo un principio, obviamente, de harmonización fiscal, de cooperación e de coordinación. A cooperación só a entenden cando son todos do PP, pero voulle dar só dous datos, só dous datos, señor Orza: as axencias tributarias do Estado só se ocupan de inspeccionar aqueles tributos cuxo rendemento é cento por cento do Estado –ata agora, o imposto de sociedades e o IVE–. A fraude fiscal –non o digo eu, dinllo todos os das axencias tributarias–, nos oito anos de Goberno do Partido Popular, non fixo máis que crecer. Vostedes, cando chegaron, no ano 1996, fixéronos un inventario, desde a Reconquista para aquí, de todo o que fixemos mal; dixeron que, entre ese inventario, había unha fraude de tres billóns de pesetas. ¿Saben canta fraude teñen despois de oito anos de pasar vostedes polo Goberno do Estado? ¿Sabe canta fraude teñen? Dez billóns de pesetas. Multiplicaron máis que polo 300%. Ese é o primeiro resultado importante. A Axencia Tributaria do Estado, primeiro, desocúpase da fraude e, segundo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora VILLARINO SANTIAGO:... –xa remato, señor presidente–, só se ocupa daqueles tributos cuxo rendemento é cento por cento para o Estado. De feito, nos últimos anos non só non se incrementou a recadación por inspección, senón que baixou en termos absolutos, señor Orza, en torno ao 18%.

Nós o que lle dicimos de novo é o mesmo que lle dixemos no seu día: vostedes non cren no estado das autonomías. A involución autonómica, o centralismo renovado este do señor Aznar e de todos vostedes, nótase máis, se cabe, en como desenvolveron vostedes o modelo de financiamento autonómico.

Vólvolle repetir o que dixen cando empecei: unha gran ocasión perdida.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Villarino.

Réplica do autor da interpelación.

Ten a palabra o señor Veiga Buxán.

O señor VEIGA BUXÁN: Señor presidente, señoras e señores deputados.

Señor conselleiro, propóñolle que vostede solicite un día unha comparecencia sobre este tema. Terá vostede máis tempo. Nós non, pero vostede terá máis tempo, e así poderemos falar máis veces sobre esta cuestión importante, porque está visto que con este formato temos unha capacidade temporal limitada.

Hai unha perversión no seu discurso –xa non é a primeira vez–, que viría a ser a seguinte: vostedes fan unha identificación, ás veces explícita e ás veces subliminal, entre autonomía fiscal ou soberanía fiscal e privilexios. Veu vostede a dicir que só se lle pode permitir ter autonomía fiscal a aquel territorio, a aquel país, que ten unha capacidade tributaria. Non, non... Si, vostedes tenden a identificar iso, cando é evidente que máis autonomía ou máis soberanía fiscal non significa, automaticamente, máis suficiencia; porque, no límite, un Estado formalmente independente como Portugal ou como o Estado español necesita, hoxe en día, no cadro da Unión Europea, recursos, ¿ou non? ¿Non estamos recibindo recursos da Unión Europea o Estado español e Portugal? ¿Non son formalmente independentes? ¿Non son soberanos fiscalmente ata onde é posible ser soberano hoxe na Unión Europea? Pois nós pedimos para Galiza, *mutatis mutandis*, o mesmo nivel de autonomía fiscal no marco do Estado español que ten o Estado español a respecto da Unión Europea, nin máis nin menos; pero vostede nega de principio que nós teñamos dereito, baixo o argumento, pretendidamente serio, de que nós temos pouca capacidade fiscal. Pois o Estado español tamén ten pouca, que ten que recibir fondos de Europa.

Señor Orza, ¿vostede cre de verdade no que di a Constitución española e os tratados da Unión Europea do principio da cohesión e do equilibrio territorial? ¿Cre neles? ¿Si ou non? Se cre neles, iso ten que materializarse, por iso ten que

haber transferencias do Estado e da Unión Europea cara a Galiza, porque a situación de Galiza parece que é un *fatum*, un destino, un fado –que dirían os portugueses–, fatal. Non, non, isto é froito dunha determinada situación e, se vostede utiliza o termo “solidariedade” para facer referencia a eses fondos que veñen da Unión Europea ou do Estado español para Galiza, tamén eu lle vou dicir que, froito da solidariedade galega, así se explica o desenvolvemento maior do País Vasco, de Cataluña, da zona de Frankfurt, da zona do gran París, etc. Tamén lle podo dicir iso, ¿ou non foron emigrantes galegos, man de obra, a eses territorios que lle acabo de dicir? ¿Non houbo transferencias en sentido inverso durante o franquismo?

Mire, aí ten vostede o caso do franquismo: maior centralización fiscal, imposible; teoricamente, segundo vostedes, debería haber unha gran solidariedade, posto que non había soberanía fiscal no caso galego. ¿Cal foi o balance en termos de suficiencia, en termos de translación de recursos para Galiza? ¿Cal foi o efecto no desenvolvemento económico? Iso é unha falacia, esa ecuación que fan vostedes é unha auténtica falacia. Nós si cremos nos principios da cohesión e do equilibrio territorial e, por iso, dicimos o que dicimos, pero non me mesture vostede unha cousa con outra.

O mesmo nivel de autonomía fiscal ou de soberanía fiscal que ten o Estado español a respecto da Unión Europea reivindicámolo nós respecto ao Estado español, non é pedir nada doutro mundo. Evidentemente, discutindo entre todos os que estamos dentro do Estado español, porque se quixeramos propoñer un estado independente, xa o fariamos, pero non estamos propoñendo iso; se o quixeramos propoñer, xa o teríamos proposto fai tempo.

En relación á suficiencia, que era un dos aspectos concretos que eu lle plantexaba en relación ao sistema de financiamento autonómico, di vostede que a suficiencia é un termo relativo. ¡Home! Si, todo é relativo neste mundo, incluso a condición humana é relativa, porque acaba deixando de ser. Efectivamente, todo –e non nos imos poñer tan filosóficos a estas horas da tarde– é relativo, pero o problema que ten vostede como administrador das finanzas galegas e que temos nós como institucións galegas é prestar unha serie de servizos dignos á poboación e asegurar unha serie de infraestruturas básicas para que se poida desenvolver

unha actividade económica merecente de tal nome e que provoque desenvolvemento económico.

Polo tanto, a suficiencia que teña Galiza hai que medila, entre outras cousas, con base en tres elementos, pero, sobre todo, en dous. Un: ¿cal é o punto de partida de Galiza en relación á dotación de capital produtivo e capital social básico? ¿Cal é o punto de partida? Estará vostede de acordo comigo –e hai datos que non vou invocar agora– en que a situación de partida de Galiza é deficitaria a respecto dos parámetros medios do Estado español.

O segundo factor para valorar a suficiencia é cal é o custo en Galiza da prestación dos servizos básicos –educación, sanidade, etc.–. ¿Cal é o custo aquí? Esta é unha das materias pendentes, señor Orza, e vostede sabe moi ben que non se fixo no Estado español desde os anos oitenta. A LOFCA dicía nun artigo que tiña que facerse un estudo de canto custaba nos distintos territorios do Estado a prestación dos servizos, porque non se pode falar de igualación, de equilibrio territorial, se non se ten iso enriba da mesa. ¿Por que non se fixo? Vostede sabe moi ben por que, porque non houbo vontade política, interese político, entre distintos responsábeis –non só do seu partido– para que iso se fixese no Estado español, e hoxe é o día que se segue utilizando –vostede caeu outra vez– o financiamento *per capita*. Vostede sabe que non vale; vale en parte, pero non vale definitivamente. ¿A min que máis me dá que me fale vostede de *per capita*? Dígame vostede canto custa prestar a sanidade aquí ou o ensino aquí, en Cataluña, en Madrid, en Andalucía. Fálame vostede así, pero non me diga *per capita*, porque, en parte, dime algo, pero, en parte, non me di nada. Vostede sabe moi ben que non lle custa o mesmo, e ten vostede feito diso, ademais, unha defensa bastante digna en ocasións. Por tanto, eses son os factores que explican a suficiencia.

Eu, para rematar, só lle digo unha cousa –a vostede xa sei que non lle gusta–, pero vostede creou o tramo autonómico do imposto de hidrocarburos para financiar a sanidade, en parte, porque vostede sabe que se lle acaba a garantía dos tres anos de crecemento dos recursos que contempla o modelo de financiamento sobre a sanidade, que acaba este ano. Entón, no ano 2005 e seguintes, vai haber necesidades de recursos na sanidade que non lle veñen por ese sistema, e ten vostede que ir poñendo algo por aí para buscar algunhas outras fontes de financiamento no futuro.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VEIGA BUXÁN: Aí ten a demostración de que, efectivamente, non é suficiente, nos termos relativos aos que eu aludo, o actual modelo de financiamento. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Veiga.

Réplica do señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E FACENDA (Orza Fernández): Señor presidente, señorías, vamos ver se procuramos levar o debate, á parte de con brillantez –que o fixeron moi ben–, cunha certa solidez conceptual, se me permiten.

Tanto a representante do Grupo Socialista como o representante do BNG confunden, ou veñen confundindo, dúas cuestións importantes. Por un lado, o que pode ser financiamento incondicionado, que é do que estamos a falar, que é o que achega o modelo. Por outro, o financiamento de solidariedade, que son outros mecanismos, que teñen, pola súa natureza, carácter transitorio. Estes están chamados a desaparecer cando se acaden uns niveis de desenvolvemento previstos nas diferentes normativas nacionais e europeas e non están valorados nin avaliados no modelo, senón que se engaden ademais do financiamento que corresponde percibir polo modelo.

Polo tanto, o modelo o que pretende é dar financiamento dunha maneira estable e dunha maneira incondicionada ao conxunto dos servizos que se adquiriron ou que se asumiron. En segundo lugar, existen, e téñenos algunhas comunidades –non os teñen todas–, outros mecanismos de financiamento que supoñen incrementos adicionais de financiamento para conseguir –digamos– posibilidades de converxer, posibilidades de avanzar estratexicamente. Polo tanto, non mesturemos. Se falamos dunha cousa, falemos desa e non falemos da outra. Vostede di que quere para Galicia o mesmo que España para Europa. Ben, pois España probablemente perda o fondo de cohesión para Europa. Se vostede quere que Galicia perda tamén os fondos do FCI, os fondos Feder... Esa sería a consecuencia da súa petición. Non mesturemos e falemos con rigor das diferentes cuestións.

Vostede di, logo, que a autonomía fiscal se identifica con privilexio. Non, mire vostede, a autonomía fiscal está

directamente relacionada coa capacidade tributaria, non se engane. Con independencia de que Portugal reciba ou non fondos estruturais cando acade ese nivel de desenvolvemento, ese 75% deixarao de percibir e quedaralle a posibilidade da súa autonomía, o que sexa capaz de xerar coa súa riqueza, coa súa actividade produtiva. E a España pasaralle o mesmo, a calquera territorio lle pasa o mesmo. Esa capacidade está directamente ligada coa capacidade tributaria, coa autonomía fiscal. Non nos enganemos. Se nós incrementamos a porcentaxe de participación nos impostos transferidos ou nos impostos que compartimos, se en vez do 40, fora o 80, o 90 ou mesmo o 100, non estaríamos resolvendo o problema de insuficiencia de recursos que ten Galicia. (*Un señor deputado:* ¡Ah! ¿Ten insuficiencia?) Vostede sábeo perfectamente. (*Murmurios.*) Si, a balanza fiscal negativa –vostede diso debería saber–, esa obsesión permanente. É público e notorio que a capacidade recadatoria de Galicia non é suficiente, e quen poña isto en dúbida é que non ten nin idea do que é, obviamente, un sistema fiscal nin das posibilidades deste para obter recursos, que están directamente ligados coa súa capacidade produtiva. ¿Ou pensa vostede que a capacidade recadatoria do imposto sobre a renda está ligada á súa voluntariedade? Ben, non perdamos tempo con esa cuestión, que é, obviamente, unha vez máis, froito de non comprender en profundidade as cousas e querer desvialas e desvirtualas.

Polo tanto, a cuestión é obvia: non resolveríamos o problema das necesidades de recursos que Galicia precisa por encima da capacidade de obtelos da súa actividade produtiva. Iso é unha realidade que soamente se resolverá converxendo, achegando Galicia á media nacional e europea. ¿Como se conseguirá iso? Incrementando a actividade produtiva e a nosa capacidade de riqueza e de xeración do emprego. Esa é a única cuestión. Así é como se resolve o problema do que estamos a falar, non simplemente engadíndolle ou quitándolle máis impostos, porque, en definitiva, o saldo final seguirá sendo o mesmo.

Mire vostede –por citar rapidamente tamén as intervencións da representante do PSOE–, as comunidades socialistas estiveron todas de acordo no Consello de Política Fiscal e Financeira respecto disto (*Murmurios.*) Mire vostede –sen chantaxear–, ese é o seu problema; non teñen, entón, o que se di... (*Interrupcións.*) Non diga bobadas, se vostede me permite unha expresión tan pouco académica como esa.

Estiveron todos de acordo, todos votaron a favor, parecíalle correcto e parecíalles bo.

En segundo lugar, cando vostede fala de que non hai un verdadeiro modelo, dáme a impresión tamén de que vostede non ten moi claro o que significa iso. É dicir, unha cousa é decidir a contía, canto debe de ser a cantidade de recursos que unha comunidade autónoma debe de percibir, e outra, cales son os mecanismos a través dos que os ha de obter. No que o modelo se esforzou é en procurar que a meirande parte posible desa contía estea ligada a impostos, á capacidade tributaria do territorio e á capacidade tributaria xeral do país, que é o lóxico cando se trata de financiar un sistema pluridescentralizado, de facendas múltiples. Iso é evidente. Polo tanto, non coñezo ningún outro modelo que non sexa participar, compartir e ter tributos. Logo, vostede fale de espazo tributario propio ou fale do que queira, pero, en definitiva, non hai máis posibilidades que ter tributos á súa disposición para xestionalos, que compartir tributos de ámbito estatal e nacional. Por certo, o IVE é un imposto compartido, non un imposto que sexa cento por cento estatal. O único imposto que é estatal ao cento por cento é o de sociedades. Teñen vostedes aí, niso, un pequeno lapso.

Cando vostede fala de 17 axencias tributarias, dalgunha maneira, no fondo, o que está intentando é darlle cobertura ao plantexamento catalán, pero sen plantexar nin de lonxe o fondo da cuestión catalá. Vostedes están falando de algo que se pode facer pasado mañá, non se necesita ningún cambio de estatutos nin de Constitución nin de nada. Pasadomañá pódese facer aquí unha lei, créase *la agencia gallega* e seguiremos tendo exactamente as mesmas competencias e as mesmas posibilidades de xestionar os tributos que temos ao noso cargo, porque o feito de que cree unha axencia non me vai engadir a posibilidade de xestionar a renda, nin as sociedades, nin o IVE, nin os impostos especiais.

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E FACENDA (Orza Fernández): Iso é o que piden os cataláns, e vostede está dándolle cobertura a esa solicitude e a esa petición. Iso está poñendo en perigo o financiamento do conxunto do Estado e, desde logo, o de Galicia, porque cando os cataláns queren iso, é porque queren máis cartos. Se queren máis recursos os cataláns, alguén terá menos; non se engane vostede. Voste-

des, dunha maneira pouco reflexiva, estanlle dando cobertura a ese acordo tripartito ao que chegaron en Cataluña. Dese acordo teremos ocasión de falar polo miúdo se esa comparencia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E FACENDA (Orza Fernández):... –remato, señor presidente– que creo que está pedida polo grupo se leva á orde do día. Esa é unha decisión certamente sorprendente desde o punto de vista dun partido de ámbito nacional, e é sorprendente que desde Galicia se poida pensar que, se se apoia, é indiferente e que non vai afectar negativamente nin á Facenda central nin, por suposto, como consecuencia diso, ás facendas autonómicas, en canto que dependen das transferencias desa facenda.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor conselleiro.

Interpelación do G. P. dos Socialistas de Galicia sobre as consecuencias para Galicia da tramitación no Congreso dos Deputados do Real decreto lei 4/2003, do 20 de xuño, referente ás actuacións para o aboamento de indemnizacións en relación cos danos ocasionados polo accidente do buque Prestige

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Gallego Calvar para formular a interpelación.

A señora GALLEGO CALVAR: Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes, señoras deputadas e señores deputados.

A verdade é que o señor Orza se esqueceu de dicir que os socialistas dividiámos España, que era a *coletilla* final para rematar o seu discurso separatista contra os socialistas.

Miren, eu, nestes últimos catro anos, confésolles que era unha inxenua e agora son unha escéptica. Era unha inxenua, porque eu entendía que o Partido Popular, a xente que formaba parte do Partido Popular, os militantes do Partido Popular e os señores que nos gobernan en Galicia e en España, eran demócratas. Coas últimas actuacións que se deron e coas últimas declaracións públicas de destacados membros do Partido Popular, estou descubrindo que, realmente, non o

eran. Agora son unha escéptica, ademais, porque aos señores do Partido Popular, sexan do Goberno central ou sexan do Goberno da Xunta, xa non se lles pode crer nada neste país. Isto vén a conto de todo o que está a pasar coas indemnizacións do *Prestige*.

Como as súas señorías saben, en xuño do ano 2003 o Congreso dos Deputados validou un real decreto-lei que, en teoría, servía para adiantar as indemnizacións do *Prestige* a todas as vítimas afectadas. O Grupo Socialista, naquel momento, pediulle ao Goberno central e no Congreso dos Deputados que ese real decreto-lei fora tramitado como un proxecto de lei e que nel se contemplaran tres cuestións que para nós eran fundamentais, petición que foi, evidentemente, rexeitada polo Partido Popular.

Nós entendiamos daquela e seguimos entendendo agora que a contía máxima dispoñible nese real decreto-lei, de 160 millóns de euros, para absolutamente todos os afectados, particulares e administracións é, a todas luces, insuficiente. Entendemos, ademais, que esa cantidade aínda non está asegurada na actualidade, porque informacións aparecidas nos medios de comunicación hoxe confirmannos que o Fidac, que é quen ten que nutrir os fondos para darlle cobertura a ese real decreto-lei, di que só ten xustificación de 107,3 millóns de euros do Goberno español, mentres que o Goberno español di que xa ten pagados máis de 383 millóns de euros. Polo tanto, 160 millóns de euros insuficientes e, por riba, neste momento aínda en risco; non sabemos se os imos ter. Esta é a primeira cuestión.

A segunda cuestión que a nós nos parecía fundamental que figurara neste real decreto-lei era que os afectados puideran exercer os seus dereitos como cidadáns dun estado de dereito e democrático. É dicir, que os que xa tiñan emprendidas accións xudiciais, como é o caso de particulares, de gobernos de comunidades autónomas e mesmo de concellos, puideran continuar con esas accións xudiciais, posto que, como vostedes saberán, o real decreto-lei impide esa cuestión: todo aquel que ata o 31 de decembro solicitara participar dese real decreto-lei e o firme co Goberno non pode exercer nunca máis ningunha acción de ningún tipo ante calquera tribunal de calquera organismo nacional ou internacional.

E a terceira cuestión que nós queríamos plantexar e introducir nese real decreto-lei, á que o Goberno do PP tam-

pouco fixo caso nesa ocasión, era deixar unha porta aberta para que os afectados e as vítimas da catástrofe do *Prestige* puideran reclamar danos futuros, porque nós sabemos que despois do 31 de decembro de 2003, que é o ámbito temporal que acolle o real decreto-lei, a pesca, o marisqueo, a acuicultura, os recursos específicos e os sistemas ecolóxicos van seguir tendo danos e vai haber repercusións a medio e a longo prazo na produción, no recrutamento, na alevinaxe, etc., danos que todas aquelas persoas que se acollan a ese real decreto-lei non van poder reclamar a ningunha administración, porque o real decreto-lei pecha as portas para calquera reclamación futura. Eses eran os plantexamentos que fixo o Partido Socialista no Congreso dos Deputados cando este real decreto-lei se validou pola forza da maioría do Partido Popular, sen ter en conta eses plantexamentos do Partido Socialista.

Ese decreto continuou así a súa vida e ata o 31 de decembro de 2003 os afectados de todo tipo de colectivos –estoume a referir fundamentalmente a pescadores e a mariscadores– solicitaron participar nese real decreto. Iso non quere dicir que se vaian acoller a el; iso quere dicir que esperan do Goberno unha oferta para logo decidir eles se esa oferta lles convén ou non. Aquí é cando empezan a aparecer estas cousas polas que eu lles dicía antes que me convertín nunha escéptica. Ademais, dáme moita vergonza allea o comportamento do Partido Popular, tanto en Galicia como no Estado, tanto na Xunta de Galicia como na Moncloa. Dáme vergonza allea e dáme noxo ver como un Goberno do Partido Popular quere aproveitarse das vítimas dunha catástrofe e sacar rédito electoral dunha catástrofe e da necesidade das persoas que precisan levar cada día, cada semana e cada mes diñeiro ás súas casas para poder vivir. Iso é o que trae, fundamentalmente, esta interpelación hoxe aquí, señor conseilleiro de Pesca, cómplice na torre de control hai uns días.

Pero hai máis cuestións que quero subliñar con respecto a este real decreto. Sabemos o que está a pasar, sabemos que hai varias organizacións ou varios colectivos organizados de demandantes deste real decreto que están tratando de negociar co Goberno, con todo –a razón non a sabemos, e é algo ao que quero que responda o señor López Veiga–, parece que hai unha parte deses afectados que teñen un status especial, que se reflicte en reunións con ministros, con cargos públicos ao máis alto nivel do Goberno do Estado e do Goberno da Xunta, en viaxes a Londres, a onde se celebran

as reunións do Fidac. E a última –non sei expresalo doutra maneira– cacicada que comete o Goberno do Estado e o Goberno da Xunta cunha parte que ten –parece ser– un status especial dos afectados é vir o señor Arenas, acompañado do señor López Veiga, hai uns días á torre de control a firmar un preacordo para pagarlle a unha parte dos afectados en quince días, coincidindo máis ou menos coa campaña electoral das eleccións xerais que se celebrarán o 14 de marzo deste ano. Por certo, esta parte dos afectados agora acóllese, en principio, a recibir 56 millóns de euros cando presentara nas oficinas do Fidac na Coruña reclamacións por máis de 139 millóns de euros; é dicir, unha parte dos afectados que, por afinidade política, por facerlle un favor ao Partido Popular, por saír na foto co ministro, fai que os seus representados, os seus asociados, os pescadores e mariscadores que confiaron neles renuncien a máis da metade do que reclamaran nas oficinas do Fidac da Coruña. Este é un comportamento, a todas luces, bochornoso, pero hai cuestións máis graves: ¿por que non todos os afectados teñen a mesma información ao respecto do que se negocia entre o Goberno central, o Goberno da Xunta, o Fidac e as vítimas da catástrofe do *Prestige*? ¿Por que non teñen dereito os señores de Arthur Andersen, o señor Jaime Fernández Rosende, o señor Alberto Muñoz e todos os outros bufetes de afectados que representan a vítimas da catástrofe do *Prestige* iguais que as vítimas que representa o señor Sabín, a ter a mesma información que ten a Comisión de Confrarías?

Esas son as preguntas, señor López Veiga, que eu espero que vostede conteste hoxe aquí, e non me veña con problemas administrativos ou con que faltan non sei que documentos. Eu quero de vostede unha resposta política a esta utilización partidista e partidaria, para nós noxenta, das vítimas dun accidente para facer electoralismo puro e duro para o Partido Popular.

Sabemos como actúan vostedes, sabemos o uso que están facendo dos fondos destinados ao *Prestige*. Non hai moitos días, houbo un exemplo palpable: un alcalde do Partido Popular, no concello de Vilanova de Arousa, que ten que recoñecer que meteu facturas para o Ministerio de Administracións Públicas que non tiñan nada que ver co *Prestige*, como, por exemplo, traxes de verán para a policía. A señora Julia García Valdecasas –por certo, moi famosa estes días por esas declaracións que fixo– non tivo, nin ela nin ningún

responsable político do seu departamento, a dilixencia suficiente no seu momento para facer revisión das facturas que se enviaron e deixou –premeditadamente, seguro– que coaran facturas que non tiñan nada que ver co *Prestige*. Esta é a xestión do Goberno do Partido Popular da Xunta e do Goberno do Partido Popular en España da catástrofe do *Prestige*: electoralismo, mentira, engano e aproveitarse das vítimas do *Prestige*.

Señor López Veiga, quero que vostede diga aquí por que uns teñen dereitos e outros non, por que uns teñen información e outros non a teñen, a que tipo de *statu quo* distinto obedecen estas razóns. Quero que vostede responda tamén se o Goberno galego está satisfeito con esas actuacións, supoño que vostede o estará, porque estaba alí co señor Arenas ese día na torre de control. Quero que vostede responda se o Goberno galego está satisfeito coa contía total probable das indemnizacións que vai recibir o sector e as administracións, e quero que vostede diga aquí por que se di, polo menos nos medios de comunicación, que os gobernos están encargando estudos científicos para comprobar os danos futuros e, non obstante, os mesmos gobernos néganse, pola vía deste real decreto lei, a deixar unha porta aberta...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora GALLEGO CALVAR:... para poder cuantificar e reclamar por eses probables danos futuros, por esas perdas de produción.

Nada máis e moitas grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Resposta por parte da Xunta.

Ten a palabra o señor conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos.

O señor CONSELLEIRO DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS (López Veiga): Moitas grazas, señor presidente.

Loxicamente, eu vou responder as preguntas sensatas, ás necidades non lles vou dar resposta, señora Gallego, iso está claro.

En primeiro lugar, sacar rédito electoral dunha catástrofe... ¡Manda carallo! (*Murmurios.*) Hai que ter valor para vir aquí e dicir que nós estamos sacando rédito electoral dunha catástrofe. (*Murmurios.*) Ben, moi ben, perfecto. Desde logo, voulle dicir unha cousa: nós nunca sacamos rédito electoral desta nin dalgunha outra, anteriormente, da que vostedes se esquecen. Vostede fíxo aquí unha serie de preguntas que non teñen resposta porque non son certas, para comezar. ¡Claro!, se vostede sobe aquí e di unha serie de insensateces, eu non lle podo responder a esas insensateces.

O decreto nace cunha vontade de indemnizar canto antes os afectados da catástrofe do *Prestige* e por todos os conceptos. Porque, evidentemente, si que temos, loxicamente, unha experiencia por cousas pasadas e dixemos e ambas as dúas administracións decidiron, en coordinación, que non en complicidade –a min paréceme que xa está ben tamén de utilizar certas linguaxes nesta Cámara que rebaixan un pouco o ton parlamentario–, que nós tiñamos unha experiencia do pasado e tiñamos unha serie de principios para darlle o visto e prace a este decreto. ¿Cales eran estas experiencias que tiñamos? Primeiro, o custo cero para a Comunidade Autónoma. Nós sabiamos que non queriamos que se repetira o que pasou no caso do *Mar Exeo*, no que os custos caeron por enteiro e de xeito importante sobre a Comunidade Autónoma, porque, aínda que vostede non o quere lembrar, as indemnizacións directas aos prexudicados nos primeiros días do *Mar Exeo* foron custeadas pola Xunta e só foron reembolsadas, en parte, pola Comunidade, por unha xestión directa da Xunta de Galicia. Isto non podía suceder.

Sabiamos que tiñamos que facer bastantes máis bonificacións ou exencións en comparación coa simple exención de cota da Seguridade Social, como pasou no caso do *Mar Exeo*. Tiñamos esta referencia, polo tanto, reducimos o imposto de actividades económicas, o IRPF, o imposto sobre sociedades e a Seguridade Social, que tivo unha bonificación do cento por cento. Son case 13 millóns de euros que saíron das arcas do Estado. Ou sexa que isto é importante. O que non se fixo no caso do *Mar Exeo*, fíxose por aquí, neste caso.

En referencia aos créditos ICO, abríronse unhas liñas directas de crédito que tamén resarcen danos, se vostede o quere considerar así, senón dáme exactamente igual. Hai unha liña de mediación de 100 millóns de euros e hai créditos específicos para as confrarías de pescadores de Galicia

por importe de catro millóns de euros, ¿por que? Porque tiñamos a experiencia do *Mar Exeo*.

No caso do *Mar Exeo*, o Goberno socialista o único que fíxo foi establecer unha liña de crédito de 1.000 millóns, pero que non prorrogou e, polo tanto, todos os damnificados tiveron que devolver esas cantidades cos intereses. ¿Como se solucionou isto? Vostede, ao mellor, non o sabe, pero foi porque o Goberno do Partido Popular, que veu despois, abriu un crédito de 2.500 millóns para o *Mar Exeo* e o Igape abriu unha liña de crédito, que mantivo aberta ata hai un ano, para procurar que aqueles damnificados do *Mar Exeo* que vostedes non atenderon no seu momento –iso sei que lle dá moita rabia–... Evidentemente, tiñamos que procurar que ata que non chegaran as indemnizacións do Fidac correspondentes, non tiveran que ir ao seu peto. Iso é así. Por outra parte, houbo unhas axudas directas ás federacións provinciais de confrarías. E, desde logo, hai toda unha serie de axudas que se deron en contratacións, en resarcimento de limpezas directas, e houbo moitas cousas que xa se pagaron directamente a través de convenios con Sasemar.

¿Que era o que tiñamos tamén presente neste caso? No caso do *Mar Exeo* o Estado foi condenado, ao mellor vostede non o sabe, pero o Estado foi condenado. (*Unha señora deputada pronuncia palabras que non se perciben.*) Vostede, o Goberno Socialista, foi condenado. (*Unha señora deputada pronuncia palabras que non se perciben.*) Agora non o sabemos; hai unha cousa que se chama “presunción de inocencia”, e agora non o sabemos. Só digo que, se é o caso, no caso do *Mar Exeo*, o Estado foi condenado e, polo tanto, someteu os afectados a un período de espera de moitos anos ata que foron capaces de cobrar a totalidade das indemnizacións, que aínda cobraron moi poucos días antes do sinistro do *Prestige*.

Realmente, o que quero dicir é que isto foi o único espírito polo cal se sacou o decreto. Vostede pode inventar o que lle dea a gana con referencia ás intencións do Partido Popular ou do Goberno do Partido Popular ao apoiar este decreto, pero o feito é que o único que pretende o decreto é adiantar a totalidade dos gastos, o resarcimento dos danos que se poidan derivar do sinistro do *Mar Exeo*, mediante acordos directos de... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non sei se oín un orneo por aí, pero paréceme que si. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Non interrompa, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS (López Veiga): O *Mar Exeo* pagouse hai moi pouco.

O que quero dicir é que, no caso do *Prestige*, non se podía repetir o caso do *Mar Exeo*, no que os afectados estiveron moitísimos anos para cobrar estas indemnizacións. O resarcimento de danos é pola totalidade dos danos. Hai que ler ben o real decreto, hai danos de estimación directa e hai de estimación obxectiva. Nos danos de estimación obxectiva, é un acordo transaccional, polo cal –e pásolle a ler, se quere, a cláusula, imos lela, porque ás veces convén– “resarce da totalidade dos danos que se poidan producir”. Isto quere dicir que se resarce da valoración de danos que poidan facer os afectados por danos presentes e futuros. Isto está claro. Como é transaccional, baséase na libre vontade das partes. E téñolle que dicir que non se descontan as indemnizacións xa percibidas. Ou sexa, polo tempo de paralización houbo xa unhas axudas –que vostede sabe e coñece perfectamente– que chegaron a unha contía de 114 millóns de euros, xa cobrados na súa totalidade, á parte das axudas indirectas –que xa dixemos–, e o que se cobra –eses cincuenta e pico millóns que cobrou unha parte dos afectados– é “ademais de”, e, polo tanto, inclúe a propia valoración –que xa teñen unha experiencia longa– dos posibles danos futuros que estes afectados poidan considerar que se poden producir como consecuencia no futuro, que está por ver.

Vostede di que hai un tratamento diferenciado. Eu non llo acepto. As portas están abertas para todo o mundo, e téñolle que dicir que hai unha parte dos afectados que fixeron unhas xestións. Eu non mesturaría a política coa profesión individual de certos avogados, de certos profesionais do dereito, que non están nin teñen por que estar en boca de ningún parlamentario. Eles representan un grupo privado co que a consellería non ten nada que ver, en absoluto. Hai un grupo que elixiu unha vía directa de negociación e que foi bastante máis rápida que o outro grupo. O outro grupo acudiu ao final de todo.

O grupo ao que vostede se refire, o segundo grupo, o que vai máis atrasado, que non cobra porque acudiu moito máis tarde á sinatura do decreto, simplemente acudiu á última hora. O primeiro grupo xa tiña pactada a negociación e xa tiña feito o acordo transaccional moito antes, en base pura-

mente voluntaria. O segundo grupo –eu seiño porque estiven intrigado por saber se terían a actitude de non asinar o real decreto– asinaron, practicamente, o último día e, polo tanto, non teñen todos os documentos prontos. Cando os teñan, cobrarán exactamente igual que os outros.

Tiñamos que estar contentos –polo menos eu estouno, e orgulloso– de solucionar para os directamente afectados o problema na súa totalidade nun ano e pico, cando no caso do *Mar Exeo*, vostedes, francamente, deberían de ruborizarse por como que resolveron iso.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

¿Grupos que queiran posicionarse?

Ten a palabra o señor Lobeira Domínguez polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor LOBEIRA DOMÍNGUEZ: Señor presidente, señoras deputadas, señores deputados, señor conselleiro, naturalmente, nesta vida e neste país todo ten a súa explicación, e os galegos sabemos ou aprendemos colectivamente –non estou a falar agora dunha forza política en concreto– que a nós non se nos regala nada ou que a solidariedade ou a xenerosidade, así, gratuíta, no Estado español, non existe. Esta é unha lección produto, tamén, da nosa educación e dunha experiencia que ten que ver co asunto *Prestige* e mesmo con outros sinistros marítimos que leva padecendo a nosa nación nos últimos trinta anos.

Desde logo, e como consideración previa, nós, no Bloque Nacionalista Galego, estamos convencidos de que se hoxe estamos aquí a falar ou a debater sobre a fórmula concreta de adianto das indemnizacións, é como consecuencia de que neste país houbo unha presión política e unha presión social que se traduciu nunha lección exemplar, histórica, da sociedade galega, do pobo galego, nas rúas e na reivindicación ante todo tipo de foros, dos seus dereitos. Isto provocou que a instancia política, o poder político, tanto na Xunta de Galiza como no Goberno español, tivera que adoptar algún tipo de medidas e tivera, por exemplo, que proceder á concesión dunhas axudas económicas no seu día que a nós nos parecen insuficientes, limitadas, e estamos convencidos –é

lexítimo que o digamos tamén— de que foron instrumentalizadas de forma directa ao servizo do Partido Popular; pero esas axudas están aí e teñen que ver cunha conquista colectiva desta sociedade, que foi quen, diante de toda esta situación, de toda esta historia, de todos estes antecedentes, de esixir outro comportamento por parte do poder político.

Nós estamos convencidos de que, se non se dera, a presión política, en concreto, desde o nacionalismo galego e a presión social desde a rúa, aquí estaríamos condenados a repetir a mesma situación que padeceu este país no *Mar Exeo*, no *Urquiola*, no *Andros Patria*, e en tantos e tantos outros. Voume explicar. Vostede falou moito do *Mar Exeo*: ano 1992; presidente da Xunta de Galiza, Manuel Fraga Iribarne; conselleiro de Pesca, Enrique López Veiga. Ben certo é que en Madrid gobernaba o Partido Socialista, mais ben certo é tamén que neste momento as axudas económicas concedidas aos directamente afectados proceden, nun 75%, de fondos da Xunta de Galiza, e a solidariedade do Goberno español consistía no seu día no 25%. Por tanto, ¿por que neste momento si e daquela non? E dígolle máis: desde a perspectiva, neste caso, dunha organización nacionalista e no caso da experiencia que temos en temas de sinistros marítimos, aquí xa padeecemos con todo tipo de partidos políticos e de réximes políticos. Nós non imos defender a ninguén, todo o contrario; este país padeceu con Franco, coa UCD, co PSOE e co PP. O problema que nós estamos a denunciar aquí é o desamparo e abandono do país en determinado tipo de cuestións. Non estamos a facer unha defensa gratuíta de ninguén, simplemente, estamos a reivindicar o que en Xustiza nos corresponde e nunhas condicións que nós pensamos que deberan ser xustas.

A concesión de axudas que ten que ver directamente coa fórmula particular que elixiron vostedes para proceder ao adianto de indemnizacións, ao noso xuízo, estivo fundamentada nunha serie de criterios que, desde logo, e lexítimamente, nós non compartimos. En primeiro lugar, foron axudas obrigadas. Vostedes, a instancia política no seu conxunto, víronse obrigados, aquí e no Estado español, por esa presión social e por esa presión política á que antes aludín, a ter que adoptar ese tipo de decisións, ata o punto de que a primeira orde —creo lembrar que é a do 18 de novembro— se concedeu por un período dun mes, aínda que logo se fose prorrogando. Non o esquezamos. Non esquezamos tampouco como mudaron as cousas neste país despois da histórica manifestación do 1 de decembro do ano 2002 e o que pro-

vocou tamén no que ten que ver coa concesión de axudas e mesmo coa súa ampliación a outros sectores alén de mariñeiros, mariscadores e armadores.

En segundo lugar, está a utilización e a instrumentalización destas axudas ao servizo do Partido Popular. Señor López Veiga, señor conselleiro de Pesca, a vostede, se cadra, non lle parece de uso parlamentario este tipo de expresións —seica unha resposta que lle deu antes a anterior interviniente—, este tipo de opinións, que, en todo caso, son opinións. Nós opinamos tamén, lexítimamente, que non é de recibo que veña alguén do Goberno galego dicirlles aos afectados na Costa da Morte que aquí un Goberno vén con pan quente debaixo do brazo e outros veñen falar. Iso non nos parece de recibo, xa non digo desde unha perspectiva ideolóxica, senón desde unha perspectiva democrática; como non nos parece de recibo, señor López Veiga, a súa famosa frase —dentro do elenco de frases grandiosas que concretamente vostede, mais tamén o conxunto de membros do Goberno galego e do Goberno español dixeron— vinculando a concesión de axudas co turrón de Nadal que daría a Xunta de Galiza á espera de se o Goberno español lles dá o mazapán ás que naquel momento eran 4.000 familias afectadas, que logo foron bastante máis.

Por tanto, nós pensamos que iso non é que non se debera dicir, é que pensamos que son exemplos que ilustran, máis alá dunha anécdota, unha situación xeral de instrumentalización descarada do que debera ser o exercicio dun dereito lexítimo de traballadores e traballadoras que perderon o seu posto de traballo. Substituíron iso por un favor concedido graciosamente polo Goberno da Xunta de Galiza ou do Goberno español, polo señor Rajoy ou polo señor Fraga, dános igual. Iso, naturalmente, deu pé a unha utilización perversa, descarada e electoralista de todo este proceso ata o día de hoxe, como veremos a continuación.

En terceiro lugar, venderon como solidariedade do Estado español o que, en realidade, foi para nós indiferenza ou, mesmo, puro desprezo, no que xa ten que ver coa contía das axudas, ese 75% e ese 25%. Por certo, entendiamos antes, no anterior debate sobre o financiamento da Comunidade Autónoma de Galiza, que os galegos somos pobres e, por riba, se temos unha catástrofe, máis. Pois, mira ti, os pobres temos que pagar o 75% dos cartos para as axudas, alén doutro tipo de gastos, fóra do que significa o pobre papel no ámbito

internacional que o Estado español tivo durante e antes deste sinistro. Lembremos que o vertedoiro internacional de hidrocarburos no planeta Terra é Galiza, e o Estado español non foi quen, historicamente, de modificar os criterios do Fidac á hora da concesión de axudas, mesmo facendo que danos que son cuantificábeis nunha catástrofe destas características non sexan finalmente indemnizábeis, consonte á legalidade vixente na actualidade no Fidac. En cuarto lugar, por tanto, a lexislación internacional anacrónica, entre outras cuestións, polo que acabo de trasladar.

En quinto lugar, unha diferenza irresponsable, ao noso xuízo, na cuantificación dos danos da catástrofe. Fíxense vostedes nos exemplos clásicos que todo o mundo pon enriba da mesa: *Erika*, 1999; estimación do Goberno francés: 840-860 millóns de euros nunha zona que non é comparábel a Galiza en canto a recursos pesqueiros nin en canto a poboación ocupada, nin sequera pola extensión de territorio afectado –vostede sábeo como o sabemos nós–. *Exxon Valdez*, en 1990: unha contía de 2.100 millóns de euros, cunha pesca que non é comparábel a Galiza, con menos territorio contaminado, cun petróleo que non é tan contaminante como o fuel pesado do *Prestige*, etc. Con todo, o Goberno español continúa nesa liña.

Neste contexto, ¿que é o que defende o Bloque Nacionalista Galego? Pois algo tan evidente –e para que quede claro– como que os afectados por esta catástrofe cobren canto antes, pero que cobren todo o que lles corresponde sen renuncia a ningún tipo de acción que, eventualmente, poidan adoptar, se é que queren, por danos que vostede non sabe se se van producir –pero reconeza que, eventualmente, si se poden producir–. E aos señores aos que lles dan os adiantos, teñen que asinar un papel, que está aquí, publicado hai uns días no *Boletín Oficial del Estado*, que di así: “Antes de asinar, o damnificado que reciba o importe da indemnización desiste, de forma expresa, irrevogábel e incondicional, a calquera acción, recurso, instancia ou reclamación xudicial ou extraxudicial, pendente de resolución, e, así mesmo, renuncian a establecer no futuro calquera acción, procedemento ou reclamación, calquera que sexa a súa natureza, carácter ou denominación xudicial, ou extraxudicial, relativas ao sinistro do buque *Prestige*”.

¡Vaia! Vostede reconece que, no caso do *Mar Exeo*, que foi un sinistro de menor entidade, comparativamente, os

efectos –están documentados–, mesmo no preito co Goberno español duraron, como mínimo, dez anos. Vostede iso reconece; desde logo, o xulgado si o reconece. No caso do *Prestige*, ¿que? ¿A xente non vai poder reclamar? ¿Para que? ¿Para blindar o Goberno español na eventualidade de que, por exemplo, poida saír condenado no proceso xudicial en marcha en Corcubión? ¿Como poden obrigar a alguén a renunciar á posibilidade de usar a vía xudicial ou calquera outra vía ou reclamación, mesmo fóra da vía xudicial, por calquera dano que considere no seu momento?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOBEIRA DOMÍNGUEZ: Remato, señor presidente. Hai outro tipo de cuestións. A percepción destas axudas é incompatible, por exemplo, coa percepción de axudas para o desmantelamento de embarcacións. ¿Por que se teñen que descontar as axudas económicas percibidas con motivo da paralización? A ver que explicación hai para este tipo de cuestións.

E, desde logo –remato xa, señor presidente– este trato non é de recibo. Dicímosllo desde o Bloque Nacionalista Galego coa lexitimidade que temos de ser, señora Gallego e señor conselleiro, a única forza política que no Congreso dos Deputados se opuxo a este real decreto lei. Nós pensamos que, na mesma liña que se apuntou antes en relación co resto das confrarías, non é de recibo unha diferenciación pola cal mariñeiros das Rías Baixas ou mariscadores de a pé das Rías Baixas cobran menos de...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOBEIRA DOMÍNGUEZ:... 200.000 pesetas, os da Costa da Morte cobran outra cantidade...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor LOBEIRA DOMÍNGUEZ:... porque queren, e demais... Polo menos, igualdade de trato aos afectados, fóra de utilizacións doutro tipo que vostedes descaradamente realizan.

Grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Ten a palabra a señora Gallego Calvar para a rolda de réplica.

A señora GALLEGO CALVAR: Moitas grazas, señor presidente.

Por se non lle quedara claro ao señor Lobeira, evidentemente, o Grupo Socialista, no debate da validación do real decreto lei no Congreso dos Deputados, abstívose, e antes manifestou o que eu manifestei aquí: nós queríamos que os afectados cobraran canto antes, que cobraran o cento por cento, que non se lles impedira exercer reclamacións *a posteriori* e que puideran reclamar danos futuros. Esa foi a postura do Grupo Socialista que, desde logo, ao meu xuízo, defendeu brillantemente o meu compañeiro Ceferino Díaz Díaz no Congreso dos Deputados en xuño do 2003, señor Lobeira.

Señor López Veiga, sabía que vostede non ía responder as preguntas que lle fixo esta deputada, escudándose en argucias administrativas ou de acto administrativo. Díxalle que o Partido Popular en Galicia e en España e o Goberno do Partido Popular en Galicia e en España estaba aproveitando política e suciamente das vítimas desta catástrofe. E dígolle algunha cousa máis: parecera que tamén o Goberno do Partido Popular –eu non confundo institución con partido político; cando condenan o Estado, non están condenando o partido político, están condenando o Estado, é dicir, a todos nós, que aquí tamén somos Estado– parece querer facer caixa co *Prestige*; repito, por se alguén non me escoitou: o Goberno do Partido Popular parece querer facer caixa co *Prestige*.

Explícome: resulta que os señores do Goberno presentan reclamacións na asemblea do Fidac de maio do 2003 –estou-llo dicindo de memoria– de arredor de 662 millóns de euros de valoración de danos e outros 100 millóns probables de euros máis para o sector turístico. ¿Certo? Ao mesmo tempo, o Goberno presenta unha reclamación xudicial en xulgados de Nova York cunha valoración de danos de 2.000 millóns de euros. E despois, para pechar o círculo, o Goberno pretende que todos se acollan ao real decreto-lei, que o 31 de decembro pechemos a catástrofe e que ninguén poida exercer reclamacións posteriores. ¿Por que? Porque quere quedar co patrimonio de exercer el só as reclamacións posteriores, e como despois os afectados non van poder reclamarlle ao Goberno,

se este gana nos tribunais de Nova York contra a clasificadora ABS, ¿onde queda ese diñeiro, señor López Veiga?

Por iso eu lle digo que este Goberno, á parte de discriminar, á parte de non dar axudas paritarias, de non tratar todas as vítimas igual, aínda por encima, quere facer caixa co desastre, coa catástrofe do *Prestige*. Iso é intolerable, a todas luces, nun Estado democrático, se este que temos hoxe, despois de catro anos de maioría absoluta do Partido Popular en Madrid e despois de catorce anos de goberno en maioría absoluta do señor Fraga na Xunta de Galicia, fora un Estado democrático, como o era, desde logo, cando gobernaban os socialistas.

Voulle dicir algo con respecto ao *Mar Exeo* e imos deixar xa o tema resolto dunha vez, señor López Veiga. Mire, contías mínimas percibidas por mariscadores a pé pola catástrofe do *Mar Exeo* –tome nota–: 7.800 euros. Media de contías que van recibir os mariscadores a pé pola catástrofe do *Prestige*: catro mil e pico euros. Os cidadáns afectados pola catástrofe do *Mar Exeo* no ano 1992 puideron emprender accións xudiciais, non houbo ningún goberno que lles quitara este dereito que tiñan como cidadáns. O Goberno do Partido Popular, neste momento, quérellelo quitar a través dun ofrecemento dun pago de menos, inclusive, dun 15% do que son as valoracións de danos que cada un dos afectados ten no seu poder; esa élle a cuestión. Uns actuaron conforme ao estado de dereito e outros actúan tratando de comprar vontades e tratando de comprar votos a conta dunha catástrofe. É máis, tratando, no futuro –parecera, polas intencións deste Goberno de pechar todo o 31 de decembro–, de facer caixa coa catástrofe do *Prestige*.

Esíxolle, señor López Veiga, no nome do Grupo Parlamentario Socialista, que dea unha resposta política a esta situación que estamos a ter; que diga aquí se é certo ou non é certo que o Goberno do Partido Popular lle está dando un trato distinto a cada un dos afectados do *Prestige*; se é certo ou non que só unha parte dos afectados –e non hai só dúas, hai máis de dúas, xa llas citei aquí antes– se despraza ás negociacións ou está presente nas negociacións do Fidac co Goberno español; que diga aquí que paridade é esa que se preestablece nas indemnizacións cando os mariscadores e os pescadores das Rías Baixas, os que teñen maiores rendas en función dos seus ingresos habituais, van cobrar cantidades ínfimas. Nós queremos que os afectados cobren...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora GALLEGO CALVAR:... o cento por cento dos danos –xa remato, señor presidente—, que teñan axudas paritarias, que se contemple unha porta aberta para as reclamacións de danos futuros e que se lles permita continuar coas accións xudiciais emprendidas. E para que vostede dea conta cada certo tempo nesta Cámara, queremos que se constituía unha comisión de seguimento neste Parlamento para avaliar as consecuencias dos danos futuros da catástrofe do *Prestige* e que traían vostedes aquí os datos da produción, da mingua da produción, do recrutamento de alevíns, etc., para que todos os cidadáns deste país poidan saber a verdade dunha vez por todas.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Ten a palabra o señor conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos para a rolda de réplica.

O señor CONSELLEIRO DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS (López Veiga): Señor Lobeira, eu teño que aclararlle que é certo que no momento en que se sacaron as axudas, que foi inmediatamente despois de producirse o accidente, a Xunta de Galicia non sabía de onde ía sacar o diñeiro para pagar, e, por iso, se arbitrou un método extrapresupostario, que permitiu sacar a orde, apoiar a orde, e facerlle fronte aos primeiros pagos. Non me parece correcto, no sentido de precisión, dicir que estas axudas se sacaron baixo presión, porque se sacaron ás escasas horas de producirse o accidente.

Téñolle que dicir outra cousa: as ordes teñen que ter todas un período de expiración, por norma; non se pode sacar unha orde presupostariamente aberta, ten que ter un período de caducidade, e púxoselle un mes, como foi no caso do *Mar Exeo*. No caso do *Mar Exeo*, señora Gallego, a única Administración que pagou algo... Por iso que hai que ter bigote para vir aquí defender a actuación do Goberno do Partido Socialista no caso do *Mar Exeo*, hai que ter moito valor. Iso váillelo explicar vostede ás confrarías e aos afectados, que saben moi ben o que non axudou o Partido Socialista daquela, nada de nada.

Quero dicir unha cousa: daquela, efectivamente, sacouse unha orde e sacouse un decreto complementario, señor

Lobeira, no que Madrid arbitraba uns complementos. Tras unha serie de negociacións, eu téñolle que aclarar e clarear que o custo destas primeiras axudas para Galicia é cero; o Goberno central asumiu todo o cofinanciamento dos fondos, que tamén se lograron da propia Unión Europea. Eu non sei por que se pode dicir que cando un saca unha orde, se trata a xente discriminadamente. Cando se saca unha orde, non hai mendicidade nin caridade, xérase un dereito. Desde o momento en que se sacou a orde de axudas –tanto do Goberno autonómico como do Goberno central–, os afectados tiñan un dereito, e nin o conselleiro nin ninguén lles podía quitar nin retirar o seu dereito; ese dereito exerceuse. Claro que non reciben todos igual paga, evidentemente: moito máis aos que máis tempo estiveron pechados que aos que estiveron menos tempo pechados; hai zonas máis afectadas e zonas menos afectadas, pero, basicamente, a discriminación, que non é tal, faise con cargo, naturalmente, ao que é o tempo de paralización.

Señora Gallego, vostede non fai ben as contas, e eu estou seguro de que o fai cunha certa mala fe política, porque, evidentemente, non me veña dicir que os mariscadores cobraron menos de 4.000 euros. Pero, ¿de que vai vostede? ¡Por favor! Cobraron todas as axudas, diariamente e cada quince días, no tempo que estiveron paralizados. (*Murmurios.*) Logo, cobrarán de acordo coa valoración que elas mesmas poidan facer, no que a consellería non intervén, porque é un acordo transaccional entre uns e outros; eles estimarán e decidirán como fan o repartimento, nós aí non entramos nin temos por que entrar.

Ben, outra cousa que lle quero dicir é que non sei se vostede está informada do que pasa, pero creo que non, se non, non diría as cousas que veu dicir aquí. Eu o único que lle teño que dicir é que de 63 confrarías que hai en Galicia, 49 están acollidas a este decreto e cobran; 7 non presentan reclamacións, porque non se consideraron afectadas; e hai outras 7 –que son Cangas, Ferrol, Aldán, A Pobra, Noia, O Grove e A Coruña– que non se acolleron de momento, que non presentaron a súa estimación obxectiva nin a súa proposta de transacción –estou seguro de que unha boa parte delas vaino facer nos próximos días–.

Téñolle que dicir outra cousa: vostede presenta as cousas como non son. O trato é libre; para empezar, ou se asina, ou non se asina. Ou sexa, non se lle retira a ninguén o dereito,

iso é unha parvada –con todo o respecto–, no sentido de que, se un cre que vai poder obter un mellor trato do Fidac, ou pola vía extraxudicial, pódeo facer, non ten por que acollerse ao real decreto, non o ten por que facer. Non me veña aquí a comparar o trato do Partido Socialista dicindo que cobraron. Cobrárono grazas a eles mesmos, non ao Goberno do Partido Socialista, que non levantou un dedo; foi a reclamación que fixeron a través do Fidac e que cobraron dez anos máis tarde, e isto valórase tamén.

Volvo dicir que o de facer caixa co *Prestige* non me parece decente plantexalo así. En primeiro lugar, naturalmente que teñen que renunciar. O que se acolla, se todos os seus danos, os presentes e os futuros –que é a estimación que eles fan obxectiva–, se inclúen na transacción, é evidente que non ten que reclamar nada máis, porque, desta maneira, o Estado, que fai fronte a todo iso cos seus fondos, evidentemente, ten que subrogar o seu dereito para poder reclamar máis tarde. E, desde logo, os gastos do Estado non se cinguen soamente ao pagado aos afectados, senón que hai moitísimos máis gastos. Evidentemente, o que temos que facer é procurar recuperar (*Interrupcións.*)...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Cuervo): Vaia rematando.

O señor CONSELLEIRO DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS (López Veiga):... –perdón, atragóaseme vostede, señora Gallego– (*Risos.*) todos os fondos pagados.

Entón, claro que hai bastantes gastos, e podemoslle dar a clasificación dos gastos que ten o Estado, por suposto que si. Pero o que lle teño que dicir tamén é que vostedes, coa súa actuación, poden inducir a alguén a pensar que pode obter un mellor trato práctico na negociación individual co Fidac e na vía xudicial. Eu téñoille que dicir –e apóstolle o que queira– que o Fidac o primeiro que lle vai descontar son as cantidades xa percibidas no momento da paralización. Iso é así, e o que estea dicindo outra cousa está enganando os mariñeiros ou non coñece como funciona o Fidac, que non é precisamente unha casa de caridade, senón que é unha especie de reaseguradora, que o que trata é de pagar o menos posible.

Non aconsellen a xente, pódeno facer, ata me gustaría, pero non me gustaría...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Cuervo): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS (López Veiga):... porque habería danos para persoas que non teñen nada que ver; se algún quedara por fóra, a saber o que ía cobrar, e eu prognosticolle que non ía cobrar case nada, se cobra algo.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Cuervo): Moitas grazas, señor conselleiro.

Interpelación presentada por don Alfredo Suárez Canal, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a defensa dunha posición galega no debate sobre a reforma do marco estatutario constitucional

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Cuervo): Ten a palabra o señor Beiras Torrado para a súa presentación.

O señor BEIRAS TORRADO: Señora presidenta, señorías, na pasada sesión plenaria desta Cámara, na última realizada até agora, aprobaron vostedes unha iniciativa, asinada como primeiros firmantes polos presidentes da Xunta e deste Parlamento, na súa condición de deputados, claro está. O contido desa iniciativa constituíu un ataque a un documento declarativo, actualmente en trámite de debate no Parlamento da Comunidade de Euskadi. É, polo tanto, unha intromisión institucional espuria no proceso de funcionamento interno na Cámara vasca de representantes e unha inxustificable interferencia no libre exercicio da vontade política e de toma de decisións democráticas desa Cámara; interferencia e intromisión tan espuria e inxustificábel, como o sería se o Parlamento euscaldún actuase reciprocamente, de xeito análogo, a respecto deste Parlamento de Galiza.

O BNG presentoulle a esa iniciativa unha emenda de substitución, que nin sequera foi obxecto de controversia nin réplica por parte de vostedes. Esa emenda tentaba resituar o debate no marco competencial propio desta Cámara lexislativa da autonomía galega, que non foi creada nin constituída para exercer de comisario político nin de inquisidor ideolóxico sobre o exercicio das súas decisións nin sobre a libre expresión das súa vontade política polos parlamentos cons-

titucionais doutras nacionalidades históricas, senón que esta Cámara foi creada e constituída para exercer o autogoberno autónomo da cidadanía galega.

Ao mesmo tempo, a nosa proposta tencionaba que o Parlamento e a Xunta desen cumprimento a deberes pendentes e compromisos incumpridos desde o debate de política xeral do outono de 2002, nada menos, que a respecto do necesario avance no autogoberno dos galegos, no propio marco constitucional e institucional vixente –quero dicir que o Estatuto é marco constitucional, ¿non?–.

O máis desconcertante, paradoxal e extravagante, no senso literal deste termo, é que unha Cámara galega, existente para propulsar o noso autogoberno, se dedique a tentar coartar o autogoberno doutros mentres deserta de exercer o autogoberno propio dos galegos. Ou sexa, o Parlamento e a Xunta de Galiza desertan de cumprir o mandato conferido polos cidadáns e de aplicar as normas constitucionais concretadas para o autogoberno de Galiza no noso Estatuto de autonomía política e, en troques, parece que suplanta o Tribunal Constitucional na función de ditaminar sobre o axuste ou desaxuste coas normas constitucionais de actos e decisións de calquera institución dos poderes legislativo ou executivo integrada no aparato do Estado español, posto que os parlamentos e os gobernos autonómicos están integrados no marco constitucional español. Mentres, vostedes, a Xunta e a maioría parlamentaria nesta Cámara galega, entremétense no ámbito xurisdiccional do poder xudicial, que cumpriría respectar como poder independente do legislativo e do executivo, no canto de cumprir co Estatuto e a Constitución, exercendo os poderes legislativo e executivo da autonomía galega a prol do avance no autogoberno político da nosa nacionalidade histórica.

En outubro de 2002, o Pleno desta Cámara aprobou por unanimidade unha resolución, unha moi concreta, a número un, que comprometía a Xunta, primeiro, a remitirlle ao Parlamento unha proposta que determinase todas as transferencias reclamábeis do poder central no marco do Estatuto. Segundo, a someter esa proposta a debate nesta Cámara para que se puidesen incorporar as propostas que fixesen os grupos parlamentarios. Terceiro, a establecer, por acordo desta Cámara, unha estratexia de negociación co poder central para facer efectivas todas esas transferencias pendentes ou obtíbeis. A resolución aprobada dá-lle á Xunta un prazo de dous meses para cumprir o acordo parlamentario. Estamos

ás portas de marzo de 2002, ou sexa, vai aló ano e medio, ou exactamente dezasete meses, ou sexa, máis de oito veces máis que o prazo sinalado naquela resolución, e a Xunta segue sen darlle cumprimento á resolución votada polo propio grupo que apoia o Goberno.

En setembro do pasado 2003, o BNG defendeu, aquí en pleno, unha iniciativa para, literalmente, o incremento do rango competencial galego por desenvolvemento do Estatuto de autonomía. Presentámola e defendémola á vista do incumprimento pola Xunta da devandita resolución do debate de política xeral. Nós cumprimos os nosos deberes no que nos concernía, dado que nesa resolución se dicía que se puidesen incorporar as propostas que fixesen os grupos parlamentarios para avanzar na aplicación e desenvolvemento constitucional dos contidos do Estatuto de Galiza. Vostedes boicotearon esa nosa lealdade á Constitución e ao Estatuto, rexeitaron a nosa iniciativa sen propoñer, nin o grupo nin a Xunta, a súa propia fórmula para cumprir o compromiso suscrito no debate de política xeral de 2002. Iso si, acusaron, xa daquela, a nosa proposta de parentesco co famoso Plan Ibarretxe, que debe ser “*la madre de todas las guerras*”. Gregorio Marañón pai –naturalmente, o único que merecía a pena– definía tres arquetipos de soberbia española: a da miseria, a da incuria e a da ignorancia. Vostedes teiman en practicalas arreo.

No transcurso dese ano e medio, dúas nacionalidades históricas, Cataluña e Euskadi, e mais algunha outra autonomía, Valencia e Andalucía, en concreto, levan adoptado posicións institucionais que teñen suscitado un debate sobre o desenvolvemento e, no seu caso, a reforma da Constitución vixente, nomeadamente no que atinxe ao modelo autonómico e á índole plurinacional, plurilingüística e pluricultural do Estado español. Por certo, o seu grupo aprobou no seu día nesta Cámara, conxuntamente co Grupo Socialista, un documento que recollía explícita e literalmente, o recoñecemento dese carácter plurinacional do Estado; dicíase “plurinacional”, “plurilingüístico” e “pluricultural”, ¿lémbrense? Xa me dirán uns e outros, se queren, como se concibe esa posición coa adoptada no pasado pleno contra o documento político do Goberno e o Parlamento vasco, pero isto é unha cuestión marxinal.

O caso é que as institucións do autogoberno galego, Parlamento e Xunta, non só levan estado e seguen a estar á

marxe dese debate no ámbito do Estado, senón que só se expresan para arremeter contra calquera que suscite unha análise reflexiva da problemática plurinacional e formule propostas nesas coordenadas. Actúan vostedes como os *cris-tianos viejos* na España absolutista e inquisitorial do século XVI, aplican a limpeza étnica, a pureza de sangue e o integrista da fe contra mouros e xudeus –algúns somos non sei se mouros ou xudeus–. Apúntanse a unha nova cruzada contra calquera heterodoxo, sexa o Partit Socialista de Catalunya, coas súas teses congresuais do federalismo asimétrico, inspiradoras do acordo de goberno do actual Goberno da Generalitat; sexa o Goberno e o Parlamento vasco, coa súa proposta de estatuto político para a Comunidade de Euzkadi; sexan os deseños do actual Goberno da Generalitat, sexa o que foi. Onde haxa algo que discrepe de vostedes, hai heterodoxia, inquisición *al canto*, e acabouse, a lapidar. O seu é, evidentemente, ir á contra. Ou sexa, ¿quen deste Parlamento está a aplicar en Galiza o Estatuto e a Constitución? O Bloque Nacionalista Galego, non vostedes.

Nesa cruzada contra o avance, na adecuación do Estado ao seu carácter plurinacional, o presidente da Xunta é tan escandalosamente confesional coas teses do aznarismo e do rajoycismo... Porque iso de Aznar e Rajoy recórdame a aquilo que contaba Luís Cília de “*é sempre a mesma melodia, Salazar e a sua democracia*”, e recórdame o engadido que lle fixo cando desapareceu do mapa Salazar e apareceu Marcelo Caetano: “*Caetano é a mesma porcaria, só as moscas mudam, a merda não varia*”. Con todo o respecto para os principais adais do españolismo actual na palestra estatal, que non eran nin Salazar, nin, evidentemente, Marcelo Caetano, que, polo menos, os dous eran facendeiros, sabían de que ía o asunto e non dirían os disparates que se escoitan nesta Cámara por boca do Partido Popular respecto do modelo de financiamento autonómico, como acaba de acontecer no debate de interpelación anterior.

O que quero dicir é que o presidente da Xunta chega á contradición, incluso, de cuestionar os catorce anos de propaganda oficial que veu lanzando sobre o avance de Galicia. Aínda escoitabamos a un *jovencito* de Forcarei de *las Nuevas Generaciones*, cando a nosa compañeira, Ana Pontón, fixo unha proposta en positivo sobre o emprego xuvenil. En Forcarei debe de haber, polo menos, dous millóns de mozos perfectamente empregados, á parte das vacas que, naturalmente, non son seres humanos e non teñen voto. Non doutra manei-

ra cabe interpretar as palabras do presidente da Xunta, que leva gobernando Galiza durante catorce anos, utilizando cuantiosísimos recursos e fondos de todo tipo, e así, resulta que, para inmiscirse nas demandas de autogoberno doutros, apela a que Galiza é unha autonomía pobre, sen potencial, que ten que vivir na solidariedade do Estado, grazas á esmola.

Despois de catorce anos de goberno, se a situación é que non somos capaces de afrontar o que Alexandre Bóveda diagnosticaba en 1931 respecto ao balance de pagamentos fiscais de Galiza e de gastos do Estado en Galiza... Resultaba que aquela paupérrima sociedade aínda pagaba máis do que recibía, e defendía que tiña que ter unha facenda autónoma propiamente dita, porque sería capaz, entón, de non estar na miseria. Se ao cabo de catorce anos de fraguismo, despois dos corenta anos de franquismo, aínda se segue na mesma, é mellor que pechen vostedes as portas desas institucións que vostedes están baleirando como unha casca de ovo sen nada, que chaman vostedes autonomía e que unicamente serve para que fagan votedes un tipo de demagogia que é absolutamente inconciliabile co máis elemental sentido democrático da aplicación da Constitución e do Estatuto de autonomía. Digan vostedes cal é a súa posición respecto a este tema e á fixación dunha posición galega.

Agarde un pouquiño, que aínda non me fun nin me mandou a vicepresidenta.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Cuervo): Pero ten o tempo... Está rematado...

O señor BEIRAS TORRADO: Parece que ten vostede moita présa en vir aquí... (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Cuervo): Moitas grazas, señor Beiras.

Ten a palabra o señor conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.

O señor CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, RELACIONES INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Pita Varela): Señora presidenta, señorías, en primeiro lugar, quero mostrar a miña protesta pola actitude de tratar de dirixir este debate o señor deputado, que estaba simplemente intervindo na quenda que lle correspondía neste foro; pero, como sem-

pre, saíndo fóra do que lle corresponde, actúa como actúa e temos que aguantalo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Os demócratas aguantamos actuacións coma a do señor Beiras, ¡que remedio queda! Esa é a democracia, non o señor Beiras, que non é capaz de aguantar... (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Cuervo): Por favor, pré-golles que manteñan a orde.

O señor CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Pita Varela): Dito isto, hai un momentíño dirixiuse tamén despectivamente a un deputado do Partido Popular –dixo “un *xovenciño* de Forcarei”–, deputado como vostede e cos mesmos dereitos; vostede non ten ningún máis, aínda que pretende exercelos. Aproveite, que parece que non lle queda moito tempo.

Dito isto, señorías, señora presidenta, se me permite, vou falar do tema que se suscitaba aquí, do cal, practicamente, non nos decatamos polo discurso insultante, permanente, como é habitual, do señor Beiras cara a quen, como mínimo representa a maioría do pobo galego. Isto non sorprende a ninguén, porque o señor Beiras hai moito tempo que desqualificou a maioría dos galegos chamándolles analfabetos por votar ao Partido Popular; así que, que ninguén se sorprenda, unha máis que entra na nómina.

Como é habitual, señorías, no Bloque Nacionalista Galego, aquí formula –digo formula na interpelación, non no que di o señor interpelante– unha serie de preguntas retóricas, sempre coas premisas das que parte o Bloque Nacionalista Galego, que eu non só vou dicir aquí, e vista a actuación, que son erróneas, senón que vou dicir que son falsas. Só poden ser contestadas recordándolle ao señor interpelante, ao Bloque Nacionalista Galego, que a realidade desta Galicia do ano 2004 non é a que o BNG describe, neste caso, nas palabras do señor Beiras, por desgraza para vostedes e, por sorte, loxicamente, para a maioría.

Non é certo que nos últimos tempos se utilizase, como se dixo e como se escribe, a redacción actual do texto constitucional cunha clara visión reaccionaria e restritiva para o exercicio do autogoberno galego. Os dous gobernos do Partido Popular, o central, que goza da maioría absoluta de todos os españois, e o galego, que goza da maioría absoluta dos galegos, contribuíron notablemente ao desenvolvemento

do autogoberno de Galicia no marco da Constitución e do Estatuto. Non todos o fixeron igual ca nós; no que acabo de dicir, na Constitución e no Estatuto, non todos. Cada un que asuma a responsabilidade da parte que lle corresponde.

Nós, nestes últimos anos, como consecuencia da nosa política, asumimos 46 traspasos de transferencias para afondar no autogoberno. A nosa Comunidade ten asumidas practicamente todas as competencias previstas no Estatuto de autonomía, mesmo superou este ámbito competencial nalgunhas das que temos. O nivel de autogoberno de Galicia é o máis alto que acadamos en toda a nosa historia contemporánea e sitúanos á cabeza das rexións con maior número de competencias no conxunto de Europa. Por suposto, que quede claro, unha vez máis, que quede constancia, porque, ademais dígoo moi clariño: nós non somos nacionalistas nin somos independentistas, somos autonomistas, cremos no autogoberno, cremos na Constitución e no Estatuto e estamos integrados no conxunto das autonomías e da solidariedade da Constitución de España. Que quede claro unha vez máis, para que moleste, ademais, a quen non cren nesas cuestións, aínda que as usen e se aproveiten delas.

Pese a que nós xa asumíramos con anterioridade ao ano 1996 competencias sobre materias estatutarias de maior transcendencia política, como a sanidade, a educación, etc., asumimos outras novas nestes anos que eu quero dicir con carácter cualitativo e cuantitativo cales foron. En canto á importancia cuantitativa, os datos sei que foron 46 traspasos, por un importe de máis de 90 millóns de euros, é dicir, 15.000 millóns de pesetas, e cunha transferencia de máis de 3.000 traballadores, que dependían dos servizos centrais e pasaron á nosa Comunidade. En canto á importancia cualitativa das propias transferencias, non vou facer aquí, agora, o relatorio, dada a desviación que se fixo no discurso desta interpelación, pero si cómpre lembrar aquí, por exemplo, algo tan importante como o denominado Inem do Estado, hoxe Servizo Galego de Emprego; en materia de educación, as que quedaban; náutico-pesqueiras; centros educativos do Ministerio de Defensa; profesores de relixión; ensino en institucións penitenciarias; funcións e servizos da Seguridade Social; en materia de asistencia e servizos sociais do Instituto Social da Mariña; o protectorado sobre as reais academias de Galicia; competencias en materia de control metrolóxico –quero pronuncialo ben, por si acaso algún non orella como é debido–, que afecta a todo tipo de aparatos medidores, que é moi

importante para levar un control rigoroso de determinados produtos que se expenden aos consumidores na nosa terra.

Xunto a estes trasposos competenciais, non podemos tampouco esquecer... Aquí falouse antes, por parte do conselleiro de Economía... Non vou afondar nese ramo, pero o novo sistema de financiamento autonómico, que comezou no ano 2002, continuaba o que tivemos con anterioridade e que superou, non só o que había co Goberno do Partido Popular, a partir do ano 1997, senón o anterior do Partido Socialista, que xa significara nese intervalo de tempo preto de 50.000 millóns de pesetas a maiores, pola eficacia dese acordo e polo recoñecemento do Goberno do Partido Popular en Madrid, e que neste momento, e a respecto do último do Partido Socialista, a diferenza a favor da nosa comunidade é de máis de 200.000 millóns de pesetas, co cal –comprenderán– non imos rachar as vestiduras para dicir que estamos descontentos. Todo é mellorable, pero si profundamente satisfeitos da sensibilidade do acordo que houbo, por certo, non na nosa comunidade, que non é unha excepción, de todas as comunidades, incluíndo aquelas tres, que eran naquel momento as únicas gobernadas polo Partido Socialista –non, por certo, polo Bloque, (*Murmurios.*) que non hai ningunha–, que incluso recoñeceron nesa negociación e acadaron o acordo de todas as comunidades, nese acordo económico co Goberno de España do Partido Popular. Supoño que será porque non sería un exercicio de masoquismo por parte dos presidentes e dos responsables dos gobernos autonómicos de 16 comunidades, á parte da de Galicia. Lóxico, que hai sempre quen son un punto e á parte, é dicir, a roncha diferente aos demais; pero alá cada un coa súa responsabilidade. Mentres só sexa unha roncha, xa se sabe: ráscase e pasa. (*Murmurios.*)

Por outra banda, quero recordarlles que nós concretamos, entre as dúas administracións, acordos para a mellora da valoración de competencias asumidas con anterioridade a 1996. En todos os trasposos Galicia ten, incluso, incrementado o seu teito competencial por riba –como lle dicía antes– do teito que estaba previsto no Estatuto de autonomía. Estas novas transferencias fan que Galicia –aquí non se trata de establecer un *ranking*–, se atope, xunto con Cataluña –mírense as tres transferencias que fixemos hai uns días entre a señora ministra de Administracións Públicas do Estado e o conselleiro que subscribe– á cabeza das comunidades autónomas con competencias e con trasposos, que neste

momento superamos as 140. E seguiremos, como é natural, traballando no futuro na mesma liña para avanzar no autogoberno.

Así, polo tanto, non é certo que se producira –como din no plantexamento da interpelación– unha reacción ou involución respecto do autogoberno de Galicia. Tampouco é certo que Galicia non teña unha posición propia no debate sobre a articulación territorial do poder político que se está a abrir no Estado. Nós temos unha posición propia, clara, respectuosa co marco constitucional, o que ocorre é que, loxicamente, non coincide coa postura que defende o Bloque, que nin é representativa da inmensa maioría dos galegos, nin é boa –segundo o noso entendemento– para os intereses de Galicia.

En resumo, non é certo que Galicia non participe no debate sobre a articulación territorial do poder en España, o que pasa é que o fai con propostas construtivas, respectuosas coa Constitución e en sintonía co que pensa a inmensa maioría do pobo galego, e non de acordo co que pensa o Bloque Nacionalista Galego e os seus aliados na Declaración de Barcelona, por poñer un exemplo. Non, nós non o compartimos e, de momento, nós representamos a maioría dos galegos, que pensan como pensamos nós. E lamento non ter tempo, pero vouno ter dentro dun anaco, para falar do que din a respecto de que o presidente recoñecese, implicitamente, o fracaso da acción do Goberno ao lembrar que Galicia precisa da solidariedade do conxunto do Estado. Facer esa afirmación é unha das maiores barbaridades que se pode dicir, pero, como case sempre, co sistema que aplican nestas cuestións.

En canto ao que aquí se falou –e non quero deixalo para despois, por se non teño tempo– dos *cristianos viejos*. Voulle dicir unha cousa, señor Beiras, nós aquí somos galegos todos –supoño–, pero voulle dicir algo: é bastante mellor ser *cristiano viejo* tendo unha boa raíz, tendo un bo pensamento e non renegando a ser outras cousas como hai hoxe, porque, se alguén queda con reminiscencias xenófobas, arcaicas, decimonónicas, xa saben quen son, aqueles dos cales...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Pita Varela):... vostede falou aquí hai un pouco e a respecto dun plan inso-

lidario, que vai contra os principios da democracia, do respecto dos pobos e das liberdades.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

¿Grupos que queiran posicionarse?

Polo Grupo Parlamentario Socialista, ten a palabra o señor Rego.

O señor REGO GONZÁLEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, interveño para fixar a posición do Grupo Parlamentario Socialista diante da interpelación que acaba de defender o señor Beiras Torrado, en representación do Bloque Nacionalista Galego. E, despois de ter escoitado con atención, como faría o interpelante, o representante do Goberno que contestou a interpelación.

Imaxino que estaremos todos de acordo, señorías, desde logo, os socialistas galegos si, que non estamos, señor Beiras, diante dun problema de competencias, eu estou seguro de que vostede está de acordo comigo, estamos diante dun problema clarísimo de incompetencia, por unha cuestión, o señor Pita, nada menos que o conselleiro da Presidencia da Xunta de Galicia, dixo aquí que o Goberno galego conseguira un número innumerable de competencias, considerounas suficientes para o desenvolvemento do noso autogoberno, e chegou a dicir, ou mesmo eu puiden entender, que son bastantes máis das que son capaces de xestionar. E este é un problema serio de país, que nós xa percibíramos e que o señor Pita confirmou hoxe aquí con bastante rotundidade. Isto, desde logo, non pode ser para nós, nada máis que un elemento de preocupación, por un lado, pero tamén, por outro, de grande satisfacción, porque isto quere dicir que os cidadáns, pouco a pouco, irán decatándose de que neste país xa practicamente non queda goberno, cando menos, non queda goberno capaz de xestionar as competencias que xa agora temos, para canto máis xestionar as que no futuro inmediato deberíamos de ter.

Certamente, o noso ámbito competencial, co que xa contamos, non debería ter sido un obstáculo, señorías, para que

no noso país nos teñamos consolidado como a peor comunidade autónoma de España na evolución do emprego, na evolución da precariedade laboral, na comunidade autónoma de España que peor protexidos ten os nosos maiores, que menos modernizou todo o seu tecido produtivo, señorías. A nosa capacidade de autogoberno non debería terse convertido en obstáculo ningún, e nós estamos convencidos de que non é así. Hai competencias, sen dúbida, para que a nosa Comunidade Autónoma, como outras, puideran desenvolver un crecemento económico, unha evolución do emprego moito máis favorable e unha protección social aos cidadáns que, desgraciadamente, hoxe non contamos con ela.

¿Por que dicimos isto, señorías? Porque hai comunidades autónomas no Estado español, con competencias infinitamente menores ás que nós temos, que se foron consolidando moi por enriba de nós, comunidades autónomas cun nivel de competencias, señor Beiras, moi inferior ao que hoxe en día ten Galicia e consolidáronse como comunidades autónomas cun maior nivel de converxencia con España e con Europa ca Galicia; consolidaron cifras de emprego, cifras de protección social, de avances na modernización do seu tecido produtivo e en conseguir que os seus territorios sexan atractivos para investimentos do exterior moi superiores aos de Galicia, señorías. Isto, ¿que quere dicir? Quere dicir que o problema non está no autogoberno, o problema está no desgoberno, está na falla de goberno.

Esta debe de ser a primeira cuestión que aos socialistas nos gustaría deixar clara de forma contundente, porque os cidadáns teñen dereito a saber o resultado de como vostedes utilizaron importantísimas cantidades de recursos, que recibimos procedentes da solidariedade de todos os europeos a través dos fondos de cohesión, como os gastaron, como evoluiu a nosa economía a través da dilapidación de inxentes cantidades de diñeiro que vostedes teñen realizado. Polo tanto, señorías, non cabe dúbida ningunha de que o problema non é de autogoberno, ata agora non o foi, foino de desgoberno, de falla de goberno, de irresponsabilidade de goberno e de dilapidación de recursos.

Hai unha cuestión que me gustaría poñer como exemplo, e gustaríame que todas as súas señorías fixeran esta valoración; señor Beiras, imaxine vostede que o Goberno de Galicia, no tocante á catástrofe do *Prestige*, tivera todas as competencias; estes señores que se sentan aquí —algúns ausentes,

como é o presidente da Xunta—, imaxínese que tiveran todas as competencias, ¿evitarían que o día que o chapapote estaba chegando á costa, o presidente da Xunta marchara de caza? Sen dúbida, non. Marcharía exactamente igual, aínda que as tivera todas. Este é un exemplo para que vostedes poidan ver que o problema, desgraciadamente, con este Goberno, non é de competencias, é de incompetencias, de falta de compromiso co país e cos seus cidadáns, é de desprezo pola cidadanía que representa e que aínda, desgraciadamente, o vota, señorías. Isto élle o que vén acontecendo.

Dito todo isto, señorías, os socialistas tamén afirmamos con absoluta rotundidade, que vinte e cinco anos despois da Constitución, máis de vinte anos despois do Estatuto de Autonomía, hai novas realidades, novas situacións que se teñen plantexado, que hai que abordalas e se non, dígasenos a nós en que quedou a famosa administración única de Fraga, indubidablemente, nunha administración duplicada, paralela. ¿En que quedou a famosa proposta de reforma do Senado do señor presidente da Xunta de Galicia? Envorcada nun caixón, imaxínome que da Presidencia da Xunta de Galicia. ¿En que quedou a participación de Galicia nos consellos de ministros da Unión Europea, aínda que fora a través da delegación española, aprobada por este Parlamento en función dunha proposición non de lei defendida polo señor Touriño desde esta tribuna, señorías? ¿Onde quedou o apoio de vostedes a aquela proposición non de lei ou á resolución que se aprobou aquí neste Parlamento, que acaba de recordar o señor Beiras? ¿Onde quedou todo iso?

Vostedes, cando aproban aquí algunha cuestión, apróbana pensando única e exclusivamente na aspiración que saben vostedes que os galegos teñen, pero simplemente para tomarlles o pelo. Vostedes saben que os galegos teñen a aspiración de esgotar ao máximo as posibilidades que dá o noso Estatuto de autonomía; saben que os galegos teñen a aspiración de, se é preciso, reformar a Constitución para adaptala ás novas realidades. ¿Novas realidades que proceden de onde? Pois, nada menos de que estamos na Unión Europea e non estabamos cando aprobamos a Constitución española. ¿Vaise ampliar a Unión Europea a 25? Si. Tampouco estabamos e vai haber unha nova realidade. ¿Vai haber unha nova Constitución europea? Si, e vaise producir unha nova realidade.

Hoxe en día, señorías, señores membros do Goberno, ¿vostedes non se dan conta de que hai infinidade de cues-

tións que se negocian en Bruxelas sen pasar por Madrid e que as teñen que xestionar vostedes directamente? A todos e cada un dos membros do Goberno, ¿non lles pasa algún destes temas? Hai cuestións que directamente se negocian en Bruxelas, sen que pasen, sequera, pola Administración do Estado e que as teñen que xestionar vostedes. ¿Non sería conveniente que vostedes participaran nesa Administración na que se xestan ese tipo de actuacións, na que se xestan os grandes proxectos de Europa para o conxunto dos territorios e rexións do conxunto da Unión Europea, señorías? ¿Non lles parece interesante participar aí? Parece lóxico e normal.

Para iso hai que facer algún tipo de modificacións, haberá que facer tamén algunha adaptación, mesmo do noso Estatuto de autonomía. ¿Por que lle temos que ter medo a iso? ¿Por que temos que ter medo a que Galicia participe, en pé de igualdade, cando menos, co resto das comunidades autónomas históricas de España, do noso país? Aos socialistas, a palabra “España” échenos de orgullo como galegos, pero échenos de orgullo unha España na que todos nos sintamos cómodos. Nós estamos cómodos e aspiramos —e gustaríanos que vostedes aspiraran tamén— a que se sentiran cómodos tamén os demais. Tamén os nacionalistas se teñen que sentir cómodos na España que nós queremos, porque España ten que ser un país de todos ou non será.

Señorías, cometen vostedes un grandísimo erro cando poñen unha barreira entre os que vostedes consideran bos e malos, con independencia de como pensen. Os cidadáns non son así, non son como vostedes os queren facer; hai novas realidades e ten que haber novas evolucións na Constitución —consensuada, por certo—; ten que abrirse un proceso de avaliación do noso Estatuto de autonomía; temos que mirar como temos o noso desenvolvemento competencial e estatutario, e temos que mirar se, despois de visto todo isto, é necesario abordar algunha cuestión de axuste no propio Estatuto de autonomía. ¿Que Cámara pode haber no noso país, señorías, que Parlamento no Estado español, na que se dean mellores condicións para abordar ese tema, con tres formacións políticas perfectamente estabilizadas, no que todos sabemos o que quere o do lado? Polo tanto, ¿en que Parlamento do Estado español se podían dar unhas mellores condicións para facer unha achega positiva a ese debate nacional? E dígolles unha cousa: queiran vostedes ou non, ese debate vaise producir. ¿Saben vostedes por que? Porque o quere a maioría dos cidadáns de España e tamén a maioría dos cidadáns de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Rego.

Ten a palabra o señor Beiras Torrado para a rolda de réplica.

O señor BEIRAS TORRADO: Señor presidente, señorías.

Señor Rego, verá, se o Parlamento e a Xunta de Galiza tivesen todas as competencias, non gobernarían estes señores. Elemental. Porque, ¿que significaría que houbera un proceso cívico-político que dese lugar a que a cidadanía deste país conquistase, lograra, un estatuto do rango –en contidos e coas existencia cívicas de que se aplicasen– do caso de Cataluña ou de Euskadi? Significaría que esa cidadanía tería unha expresión de voto que confinaría a estes señores á situación que teñen en Cataluña. Eles sempre falan da súa maioría aquí pero son marxinais en Cataluña co señor Piqué por diante e con quen queiran poñer. Marxinais, porque existe unha cidadanía que ten moi claras algunhas cousas –¿de acordo?– e que ten un nivel de cultura democrática –sabémolo, ¿verdade?– (*Comentarios.*) e que hoxe está expresándose nas rúas de Barcelona contra ETA, co presidente da Generalitat e co Goberno en pleno alí, sen convocaren eles, e estes señores dixeron que non fan; non van, non se queren manifestar contra ETA. (*Un señor deputado:* o señor Bono tampouco) O señor Bono non é catalán nin goberna en Cataluña; o señor Piqué sei que é catalán e foi do PSUC e, ademais, agora pretende gobernar en Cataluña *ad kalendas graecas*. En todo caso, tampouco en Euskadi, onde recordaremos que gobernaron xuntos PNV e PSE durante moito tempo ata que, por certo, na primavera de 1997, o PSE dixo que marchaba do goberno; foise e empezou outra etapa, ¿verdade?, pero non foi porque votasen tampouco os nacionalistas.

Polo tanto, nesta cuestión, primeiro apunte: estes señores non gobernarían. Está moi ben, teñen os votos, nunca os cuestionei; sempre anda con inventos sobre se o Beiras di que son analfabetos; analfabetos son os que din que os votos consisten en pedras, que hai que sacalos debaixo das pedras; iso é analfabetismo e desprezo aos cidadáns. Dicirlles aos cidadáns na campaña electoral, aos axentes electorais dun partido, que hai que sacar os votos de debaixo das pedras é un insulto á cidadanía. Acaba de facelo o presidente da Xunta de Galiza, o seu máximo xefe; iso é un insulto á cida-

danía e un desprezo á democracia. ¿Dáse de conta de que atrocidade acaba de dicir?

O que pasa é que, señor Rego, lamentablemente, na España de hoxe, quen ten razón é Max Estrella, o protagonista de *Luces de Bohemia* de Valle-Inclán, cando di aquilo de: “*España es un corral nublado*”. Non o dixen eu, díxoo Valle-Inclán, a través de Max Estrella, hai setenta e cinco anos. Estes señores e os seus conxéneros no Estado ocúpanse de darlle a razón a Max Estrella, non nós, e a proba está no intento de exercicio de reflexión, matinação, argumentación que facemos e no que vén desde aí.

Mire, o señor... –mire non, ¿por que dicimos “mire”? Temos o tic da clase de dicir “mire”–. Non miren nada, escoiten ou ouvan: baixo o fascismo institucionalizado aturei cousas moito peores que a súa intervención, señor conselleiro da Presidencia ou portavoz conselleiro portavoz do grupo, ou que raio sexa, que é todo mesturado, porque iso da separación entre executivo e lexislativo para vostedes non conta nada; Montesquieu hai que enterrallo. Estou curado de espantos e só me provoca vostede cando me deixo provocar; ou sexa, cando quero facer algo de ximnasia ou saír do aborrecedo, o tedio e a somnolencia que me inducen vostedes. Vostedes debían ter como siglas do partido, Orfidal, que é un indutor do sono, pero como eu non teño insomnio, non o preciso, de maneira que podo pasar de vostedes.

Se teñen un informe feito, que oín dicir que o teñen, ¿por que non cumpren o acordo unánime desta Cámara e non o presentan aquí? Ou, se non, ¿para que votaron daquela? Vostede o que ten que facer, a súa obriga, polas súas responsabilidades institucionais, tanto en nome do grupo como en nome do Goberno, é contestar á pregunta da interpelación: ¿Por que levan vostedes ano e medio sen cumprir un acordo unánime desta Cámara? ¿Por que? E, se o tiñan feito, ¿por que vén vostede dicir aquí cal é a situación das competencias, as transferencias que faltan ou non faltan, se iso foi o que se lle reclamou á Xunta por unanimidade deste Parlamento? E, se é tan fácil, ¿por que non o traen? ¿Por que desprezan o Parlamento? Conteste por que. E o resto diga o que lle pareza: esbardalle, baralle, atrapalle, o que lle dea a gana.

En todo caso –insisto–, faga profesións de fe; veña vostede aquí e diga: “*Creo in unum Deum, patrem omnipotentem...*”, ¿verdade? Vostedes practican a crenza, acaba de falar

vostede, precisamente, como un *cristiano viejo* e, para deixalo máis claro, logo falou de que eu me desviaba, eu son ideoloxicamente un desviado. Vostedes o único que fan é parasitar unhas institucións nadas para servir a cidadanía galega para o seu autogoberno, simplemente, porque se non as parasitan, vostedes non teñen posibilidades de existencia política.

De todas as maneiras, no próximo pleno presentaremos a moción derivada desta interpelación e teremos ocasión de continuar o debate, pero noutra clave, na clave da nosa proposta, nunha proposición non de lei, que vai ser unha...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BEIRAS TORRADO:... reiteración, pero nun contexto diferente, e verá vostede como nos divertimos, polo menos eu. Vostede pásao moi mal. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Beiras.

Ten a palabra o señor conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública para a rolda de réplica.

O señor CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, RELACIONES INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Pita Varela): Señor presidente, señorías, vexo que o señor Beiras de psicoloxía entende moi pouco, porque eu divírtome moito escoitándoo a vostede; ás veces dáme pena, pero divírtome. Dáme pena porque que unha persoa que representa como voceiro un grupo político —é dicir, unha parte, aínda que sexa pequena, do pobo galego— diga que aquí non hai cultura democrática e que en Cataluña si... Unha vez máis, non cabe dúbida do profundo respecto democrático que vostede e o grupo que vostede representa —porque non di o contrario— lles teñen aos cidadáns galegos. Como nos imos divertir, pois temos dentro duns días a festa da democracia; recordarémolles cal é o pensamento do Bloque Nacionalista Galego a respecto da cultura democrática dos galegos, que teñen que aprender exclusivamente da elite do Bloque Nacionalista Galego, que é o sistema democrático que sempre defendeu o BNG, indiscutiblemente.

Pois espallarémolo, á parte de aquí, no foro da liberdade e da democracia, que é o foro do pobo, na festa que imos

facer dentro duns días, na cal vostedes non cren, por iso cuestiona e di o que está dicindo dos cidadáns do noso país e imoslle recordar escrupulosamente, sen manipulación ningunha, o que vostede di e o que vostede representa. Non se preocupe, que llo recordaremos, por suposto—

Mire, eu nin para esbardallar, nin para ouvear, vostede non ten categoría para que ese tipo de descualificacións me poidan exercer ningún tipo de pensamento. Todas esas descualificacións persoais —fíxese ben— o único que me producen é pena de que unha persoa como vostede, a estas alturas, na situación en que se atopa, teña que descualificar persoalmente as persoas, en vez de tratar de expoñer unha serie de argumentos a respecto do que tiña aquí. Pero ben, ese é o seu problema e lamentámolo profundamente todo o Grupo Parlamentario Popular, señor Beiras.

Agora, que vostede veña aquí a falar dun teito do Estatuto... Eu sei que vostede sente profunda admiración polo Plan Ibarretxe, polo Estatuto de Euskadi, polo de Cataluña, por unha serie de cuestións que defende, e é moi libre, xa llo dixen o outro día, mais nós non; nós pensamos diametralmente oposto ao seu pensamento, porque se non estaríamos confundidos; que quede claro.

Vostede dixo, outra vez, que nós incumpríamos non sei que cousa, pero si sei o que cumprimos. Voulle recordar algo que parece que vostede esquece: primeiro, non é certo que nós incumpramos a resolución do Debate do estado da autonomía do ano 2002; é falso. O presidente entregou nese debate a proposta de transferencias que se deben negociar con Madrid. Nas primeiras semanas do ano 2003, este conselleiro da Presidencia compareceu a petición propia para expoñelo. Claro, señor Beiras, fíxen agora, hai un momento, a comprobación de que vostede non estaba ese día no Parlamento, como tantas outras veces; consecuentemente, non se pode acordar do que se plantexou e se dixo aquí.

Por outra banda, no debate de setembro de 2003, o presidente entregou unha memoria extensa de transferencias pendentes, e quero subliñar que o deputado do Bloque Nacionalista Galego, na comisión mixta de hai dúas semanas, preguntoulle á señora ministra por estes documentos, co que demostra que os coñecía. Consecuentemente, a ver se se poñen de acordo para que non digan cuestións que son con-

trarias entre o que di un e di o outro, porque son do mesmo grupo ao que están representando.

Señor presidente, eu, respondendo a interpelación, que é ao que di o señor Beiras que me cinga... Eu penso que quen mo ten que dicir é, loxicamente, o señor presidente, o mesmo que lle terá que dicir a vostede que se cinga á interpelación, non facernos aquí o *excelsus Deus absoluto* do que é o sistema do Plan Ibarretxe, da democracia vasca e do que vostede defende. E, como dixos dos que tiñan que ir hoxe, que a vostedes si que lles gusta teledirixir quen ten que facer unha cousa ou outra. O señor Piqué é moi libre de ir a onde lle dea a gana, como fai vostede, e non é só o señor Piqué, todo representante do Partido Popular. Tamén son outros moitos, que non son do partido, e presidentes autonómicos, que se manifestaron moi claramente a respecto da solidariedade de todos os españois, non de premisas nin de vantaxes para uns poucos prexudicando a gran maioría, que iso é o que defende vostede, señor Beiras, non o esqueza, que tamén o recordaremos. E, cando digo “vostede”, digo “o seu grupo”, a respecto do que son os dereitos dos galegos, dos españois e dalgúns grupos especiais, que parece que teñen –ou van ter– patente de corso en algo tan importante que vostedes xa teñen, por iso poden falar como o fan; outros moitos non temos esa patente de corso e temos que ter coidado e precaución.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Pita Varela): Iso si, nunca imos calar. (*Interrupcións.*) Non, precisamente iso é o que lle gustaría a vostede, que calaramos; nunca un paso atrás na defensa da nosa Constitución, dos dereitos dos galegos, como españois e no marco constitucional. Gustaríalles que nós pechamos a nosa boca. (*Murmurios.*) Non o imos facer nunca e imos denunciar actitudes insolidarias, como a do Bloque Nacionalista Galego a respecto do tema principal que se está debatendo neste momento no conxunto de España.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Pita.

Interpelación de D. Ismael Rego González e dous deputados máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a campaña institucional da construción do AVE en Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor López Vidal para formular a interpelación.

O señor LÓPEZ VIDAL: Grazas, señor presidente.

Señorías, esta iniciativa parlamentaria do Grupo Socialista pretende falar e debater sobre a propaganda, sobre a publicidade institucional convertida, subversivamente, en propaganda. Pretende falar da manipulación informativa, da utilización partidista do poder público, do uso abusivo dos resortes do poder; pretende debater sobre as regras de xogo democráticas que constantemente violamos. En definitiva, pretende falar de mentiras e de xogo sucio.

Invocando a norma fundamental do noso Estado democrático e de dereito, é dicir, a Constitución española –da cal vostedes fan, de boca para fóra, uso abusivo, violación constante no espírito, na forma e na letra–, no artigo 20 fala de valores de convivencia, de tolerancia, de pluralismo político, sistematicamente atacados polo seu partido. O *colmo* é a utilización do terrorismo a beneficio de inventario e a repartición de certificados de constitucionalidade que vostedes osan conceder. Por certo, unha persoa que pasou máis de cincuenta anos da súa vida de xeito inconstitucional agora reparte certificados de constitucionalidade. (*Murmurios.*) Pois digo que ese artigo 20 da Constitución consagra un dereito fundamental, que é comunicar ou recibir información libre e veraz, un dereito fundamental do que é titular a cidadanía, todos os cidadáns, que é a base para a formación da opinión dos votantes, dos que meten o papeliño na urna, nesa “festa da democracia” que di o conselleiro. Pero a vostedes non lles interesan as opinións críticas e fomentan –por certo, cada día con menos éxito– unha sociedade narcotizada.

¿Para que se precisa a publicidade institucional? Temos un instrumento valioso, un aparato mediático, total e absolutamente instrumentalizado: a Compañía de Radio-Televisión de Galicia. Pero iso non chega, é insuficiente; por iso facemos, ademais, propaganda. A publicidade institucional ten como deber proporcionar información axeitada sobre dereitos e deberes legais dos cidadáns, sobre actividades, proxectos e servizos. Baséase nuns principios:

O primeiro é obxectividade e veracidade das mensaxes. Vostedes fan o contrario: propaganda mentireira, realidade virtual, construída con embustes e manipulacións.

O segundo é a dignidade das persoas. Infravaloran a capacidade intelectual dos cidadáns deste país.

O terceiro é o respecto pola ética publicitaria e polas normas sobre publicidade enganosa, desleal, subliminar e encuberta. Vulneran constantemente estes principios ante a perversión das mensaxes e o engano.

O cuarto é diferenciar a publicidade institucional da propaganda partidaria e partidista. Neste país, señores do Partido Popular, hai unha identificación procurada entre Goberno e Administración pública co partido que goberna, o Partido Popular. É unha identificación buscada, consentida, promovida e premiada, incluso con medallas; é unha perversión do sistema democrático, non hai límites, non hai diferenzas, todo é da mesma cor azul, a mesma trama cromática: Xunta igual a Partido Popular.

Outro dos principios nos que se basea a publicidade institucional é en que ten que ter elementos de identificación claros, non confundir os destinatarios das mensaxes en canto aos obxectivos e aos contidos. Neste país, todo ao revés, canta máis confusión e mestura, mellor: Administración igual ao PRI –perdón, Partido Popular–.

Outro principio é a libre concorrência, a transparencia, a eficacia e a rendibilidade. ¿Que organismo independente neste país avalía estes vectores, sobre todo o da rendibilidade? Non interesa ningún tipo de exame de conciencia, iso fano vostedes e déixano para a intimidade.

Outro principio é o ton do nivel da mensaxe: evitar actitudes paternalistas que infravaloran as persoas. Vostedes fan todo o contrario; predicán e van polo mundo de salvapatrias.

O último dos principios refírese aos datos técnicos relevantes, comprobables e verificables. Vostedes crean confusión para conseguir, exclusivamente, rendibilidade electoral, e o único que interesa é manter o poder, custe o que custe.

¿Cales son os obxectivos da publicidade institucional? Estar ao servizo dos cidadáns, non servirse deles; informar os cidadáns dos seus dereitos e obrigas legais; informar sobre as institucións públicas, actividades, proxectos executados e servizos prestados; promover valores e condutas que consoliden a democracia, a liberdade, a convivencia e a soli-

diedade; difundir unha vontade cohesionadora e integradora do conxunto da sociedade; e velar polos dereitos dos destinatarios das mensaxes. Violación permanente da propaganda institucional.

¿Cales son os principios dun goberno democrático que fai publicidade institucional, non propaganda partidista? Honestidade, austeridade, proximidade, transparencia, responsabilidade; é dicir, rendición de contas, asunción das consecuencias das decisións publicamente.

¿Cales destes principios respecta o Goberno autonómico de Galicia? Lamentablemente, señores do Partido Popular, ningún. E poño un exemplo, a punta dun xélido iceberg: o anuncio publicitario do AVE, este que teño aquí –un AVE, por certo, que vai de Madrid a Sevilla–. (*Murmurios.*) Reprodúcese a imaxe dun AVE que percorre un territorio non identificado cunha voz en *off* que, textualmente, di: “Nun abrir e pechar de ollos, moi pronto Galicia estará máis cerca de todo e todo estará máis cerca de Galicia. Galicia está viva e ten futuro.” Esta mensaxe publicitaria promocionaba en todas as cidades galegas un servizo de transporte de alta velocidade do que carecemos e só coñecemos simples expectativas. Aparece como inminente: “Nun abrir e pechar de ollos, moi pronto Galicia estará máis cerca de todo”, un servizo que incluso se dá por resolto no caso da cidade de Ferrol, sinalando o tempo que se tarda en chegar: Ferrol-Bilbao, dúas horas –dise textualmente–.

Lamentablemente todos sabemos (*Murmurios.*) que a alta velocidade en Galicia é unha incógnita, un futurible, unha idea hipotética. E, precisamente, o chamado AVE de Ferrol, a teor dos datos que se manexan, será o menos veloz do eixe atlántico, o derradeiro en materializarse, e para iso van cumprir máis de cen anos. O Goberno galego, ao promocionar un servizo que non existe na nosa comunidade, está facendo publicidade enganosa ao confundir os usuarios galegos e silenciar datos fundamentais do servizo, como son as datas reais da súa posta en funcionamento. De tal xeito que a propia Administración autonómica está a vulnerar o dereito á veracidade e á obxectividade das mensaxes emitidas, que lles ten que ser garantido aos usuarios en relación con calquera servizo ou información que se manifeste. O Goberno de Galicia, unha vez máis, confunde publicidade institucional con propaganda e *parafernalia* política, e fai un uso e un abuso dos fondos públicos cunha dilapidación só

explicable desde a óptica do Partido Popular acadar os máximos réditos partidistas á custa do que sexa.

Consideramos necesario que o Goberno de Galicia explique esta campaña de publicidade en relación coa denominada publicidade institucional e enganosa, polo que este grupo formula as seguintes cuestións: ¿Que razóns impulsaron ao Goberno galego a facer esta campaña do AVE en Galicia? ¿Manexan información privilexiada que lle permita afirmar con veracidade que nun abrir e pechar de ollos Galicia estará máis cerca de todo? ¿É de interese para todos os galegos o gasto desta propaganda? ¿En cantas cidades se difundiu esta publicidade enganosa, durante canto tempo e a canto ascendeu o custo desta propaganda desleal? ¿Con cargo a que partidas orzamentarias foi destinado este gasto e de que servizos, de que prestacións públicas, se detraeron eses cartos? ¿Cales son os obxectivos que se queren conseguir coa emisión desta propaganda encuberta? Por último, ¿cales son os principios que inspiran esta publicidade institucional da Xunta de Galicia?

Remato, señorías, sinalando simplemente que, despois dun exame exhaustivo dos orzamentos do ano 2004, no sub-concepto “Publicidade e Propaganda”, que é un terzo do que vostedes destinan á *parafernalia* mediática e á propaganda, sáenos unha cifra de catro millóns das antigas pesetas, é dicir, 24.309.954 euros, un terzo do que vostedes declaran. Isto é o transparente, falta por saber cal é o gasto oculto da Xunta de Galicia en propaganda partidista.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor López.

Ten a palabra o señor conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública para a resposta por parte da Xunta de Galicia.

O señor CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Pita Varela): Señor presidente, señorías, paréceme que era moi novo daquela –digo novo, non pequeno; aínda é novo pero era máis novo– o señor deputado interpelante cando para o Partido Socialista eran tempos mellores e pretendían cumprir obxectivos. A pesar diso, non foron capaces. ¡Que lle imos facer! Por certo, fora unha campaña multimillonaria, porque,

por riba, cando se gastan os cartos públicos, hai que saber gastalos, non se poden gastar en campañas que despois serven para fracasar estrepitosamente, como lles pasou no ano 1989. Á parte das campañas e de gastar moitos cartos nelas, hai que ter credibilidade e a sociedade ten que crer. A vostedes hai moito tempo que lles retiraron a confianza, precisamente, por actuar como o están facendo neste momento. Pero, ¡alá vostedes!

Miren, que veña aquí criticar é normal, porque o seu carácter construtivo hai moito tempo que o perderon. Pero quero recordarlles que non hai moitos días, ante a Xunta Electoral de Andalucía –hoxe temos a apertura da campaña electoral dunhas eleccións xerais, pero en Andalucía ademais de ser xerais son autonómicas–, precisamente Izquierda Unida –non o Partido Popular, porque non nos adicamos a iso, nós temos que estar traballando permanentemente, non andar en pelexas entre parentes– presentou unha denuncia pola manipulación informativa da publicidade que está a facer o Partido Socialista –non outro– neste momento en Andalucía. Pero, claro, xa sei que vostedes, como agora teñen perfectos compartimentos diferenciados –polo menos, é o que di o señor Maragall, que non son socialistas españois, ese é outro partido–, parece que xa teñen 17, e como vostedes se apuntaron solidariamente a favor de Cataluña –en contra de Galicia–, do federalismo asimétrico, pois alá cadaquén coa súa responsabilidade.

É natural que vostede, quitase unha imaxe dun tren de alta velocidade, porque quero recordarlle que imos tratar de facelo rapidamente, como lle vou dicir dentro dun pouco, por un motivo, porque vostedes... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Aí está o seu programa, por se alguén non o sabía, nós sabiamos o que fixeron e sábeno case todos os españois, e o que nos fixeron a nós, e cando digo a “nós”, non digo aos do PP, senón a todos os galegos, cando tiveron a oportunidade. Agora, sen tela, só co intento que teñen no seu proxecto, fan desaparecer o tren de alta velocidade entre Ferrol e Bilbao, entre A Coruña e Lugo, convérteno e déixano con liña... Señor Rego, lea o seu programa, que llo mandaron de Madrid; á parte de vir aquí falar, lea o seu programa, que temos moitos días para falar, pero xa debía ter hoxe aprendido o seu programa, a ver se o aprende dunha vez...

O señor PRESIDENTE: Non dialoguen, por favor.

O señor CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Pita Varela):

Quite o mapa... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Por iso temos que apurar, porque, se non, volvemos ao seu Plan director do ano 1994, onde Galicia, para vostedes –vostedes todos, non digo só os de aquí, porque os de aquí non se dan conta de nada– quedaba sen alta velocidade. E saben que no seu plan –no seu, non no noso– España, polo oeste, como rematou en autovías –ou pretendían– en Benavente, remataba en alta velocidade en Valladolid, cousa que lles satisfacía moito, pero a nós –por suposto– non.

Consecuentemente, nós facemos unha campaña de publicidade para que teñan coñecemento, para que os nosos cidadáns, dentro do respecto institucional do que é a publicidade, saiban o que imos facer e o que estamos facendo, que o saiban e que o vexan. Ademais, por desgraza para vostede, ímolo facer, porque temos a confianza dos cidadáns; vostedes, incluso sen gobernar, quítannos o que aínda non temos.

Este Nadal completáronse, entre outros... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señor presidente...

O señor PRESIDENTE: Vostede siga, señor Pita. *(Risos.)*

O señor CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Pita Varela):

Si, eu sigo, señor presidente, pero a min tamén me molesta cando falan os demais. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Un señor deputado: ¡Mira quen falou!)*

Con motivo das últimas eleccións municipais, quero recordarlles, dado que o señor interpelante estivo falando aquí con descualificacións que se facían... Oia, eu non sei se presentaron a denuncia... Si que a presentaron, eu sei, pero díggollo con sarcasmo ao señor que foi un dos que encabezou unha denuncia que foi desestimada. Consecuentemente, vostede terá que saír aquí e dicir se presentou algunha denuncia e se foi estimada ou non, porque se vostede presentou unha denuncia e foi desestimada, vostede terá que saír aquí e pedir desculpas polos adxectivos e descualificacións que fixo hai un anaco. Vostede, que presentou e fir-

mou, en nome do Partido Socialista, unha denuncia, sabe que foi desestimada, así que faga o favor de non vir aquí facer exercicios de hipocrisía política. Se houbera algunha sentenza que a vostede, coa súa denuncia, coa súa firma estampada, lle recoñecera iso, podería dicir o que dixo aquí; pero é que iso non é de recibo, así que saia aquí e diga que foi o que presentou e que foi o que lle estimaron ou que non lle estimaron.

Eu quero recordar que vostedes xa presentaron un recurso ante a Xunta Electoral, que foi desestimado, cando foran as municipais, xa que entón –como agora– se cumpriron todos os prazos legais. Tamén naquela ocasión o Partido Socialista acusou a Xunta de dilapidación de orzamentos, incluso chegou a falar, como agora –agora rebaixaron un pouco–, de 900 millóns de pesetas. Querolles dicir, para a súa tranquilidade, que iso é o que custaría a campaña feita por vostedes, que sempre foron os reis da dilapidación e de gastar os cartos que eran dos demais. Nós sómoslle moito máis coidadosos e velamos polos intereses dos nosos cidadáns. O total da campaña da que vostede fala –e falan de 900 millóns– anda ao redor de 150 millóns de pesetas, incluídos os gastos da última parte da campaña que tanto lles molestou, centrada nos cines de Galicia.

Valoramos e agradecemos o cuestionamento por parte do Partido Socialista cara a esta campaña, xa que demostra –como tiñamos previsto, porque nós sómoslles moi previsores– a eficacia do medio cinematográfico, ademais doutros. Xa o Instituto Galego de Consumo –quero subliñalo especialmente– declarou non procedente a iniciación dun expediente sancionador como consecuencia da denuncia presentada por dous deputados socialistas –penso que un foi vostede, señor interpelante–, e baseaba a súa resposta, o dito instituto, no feito de que a Lei xeral de publicidade do 11 de novembro 1988 –por certo, da época do Goberno dos socialistas–, define no seu artigo 2 o concepto de publicidade como toda forma de comunicación realizada por unha persoa física ou xurídica, pública ou privada no exercicio dunha actividade comercial, industrial, artesanal ou profesional, co fin de promover de forma directa ou indirecta a contratación de bens mobles, inmobles, servizos, dereitos e obrigas. Isto non se corresponde coa campaña denunciada, que, ao non referirse a ningún tipo de actividade ou transacción comercial, industrial, artesanal ou profesional, non pode considerarse estritamente publicidade, nin, polo tanto, moito menos, publicidade enganosa.

Respecto da veracidade ou non das mensaxes, hai que sinalar, por riba de todo, que se trata dunha campaña informativa que, tal e como demostran as preguntas do Partido Socialista, conseguiu os resultados previstos, que é dar a coñecer algúns dos puntos esenciais do Plan Galicia, do cal –quero subliñar de xeito especial– nos atopamos profundamente orgullosos. Ademais, estamos recollendo o grao de satisfacción que o Plan Galicia significa para todos os galegos, e cando digo para todos os galegos, non vou dicir aquilo de “salvo honrosas excepcións”; vou deixalo, simplemente, dicindo “coas excepcións habituais” que teñen lugar, como poden ser as bancadas dos señores da oposición. Eu remítome a algún elemento, como o bando do alcalde da Coruña –que non é, desde logo, do Partido Popular– ou ás propias promesas sobre o Plan Galicia efectuadas polo señor Zapatero e Touriño, que mesmo se atreven a recortar –como dixen hai un momento– algúns dos prazos que vostedes poñen en dúbida nas súas preguntas –lean ben o que din os seus líderes–.

Finalmente, é lóxico que incidan no tema da Transcantábrica, xa que é algo que –como se viu recentemente– vostedes ignoran nas súas propias propostas. É dicir, señores, fóra o tren de alta velocidade nalgúns tramos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Pita Varela): Non lles vou ensinar o mapa que fixeron vostedes, porque non é o momento, hoxe e agora, de avergoñalos, imos ter moitos ao longo do futuro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor conselleiro.

¿Grupos que queiran posicionarse?

Ten a palabra o señor Rodríguez Peña polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor RODRÍGUEZ PEÑA: Señor presidente, señorías, o portavoz do Grupo Socialista falou de feitos virtuais e non reais. Eu vou darlles datos que son de vostedes para dicirlles que é realmente impresentable o que están facendo ante a sociedade galega.

Vou dicir exactamente o que pasou o 17 de febreiro, e que lles afecta a vostedes. O 17 de febreiro pediuse, con relación ao Informe Bradbourn, das redes transeuropeas, na que está inmerso o AVE, do que vostedes falan, a inclusión do AVE relacionado co Porto-Vigo-Ferrol, Santiago-A Coruña-Vigo, Ourense-Valladolid e Ferrol-Bilbao. Vostedes votaron en contra; 17 de febreiro, Parlamento Europeo, Informe Bradbourn, non está considerada, grazas ao Partido Popular, a inclusión do AVE que afecta a Galiza na subvención da Unión Europea –que o saiba–. Isto non é un problema de virtualidade, é un feito real producido o 17 de febreiro. Entón, ¿que quere que lle digamos?

Este señor que lles fala, señor Pita, foi invitado agora, que é un momento electoral, que é cando vostedes ratifican toda a capacidade mediática que teñen, a debates moi subliminais. Por exemplo, en Ourense estamos sufrindo o impacto do tren-bala –infraestrutura de alta velocidade que anunciou o presidente da Xunta– de Ourense a Santiago, e a min dicíanme que participara no sentido de que pensaba eu da localización da estación do AVE. Eu dicíalle que se hai en Amoeiro pequenos tramos de proxecto licitados nos que están sendo afectados de expropiación determinados veciños, o normal é que haxa un proxecto AVE Ourense-Santiago. Polo tanto, dentro dese proxecto, ten que estar a localización da estación do AVE en Ourense, a compatibilidade coa actual –se así fora–, e tería que estar o proxecto da estación do AVE de Santiago. Non hai nada diso, nada de nada. Eu dixen que nós non imos entrar neste debate, porque non queremos colaborar na virtualidade.

Que determinados profesionais que non saben da realidade da información se presten a dar unha opinión é razoable, pero vostedes están inducindo a trabucarse. Primeiro, porque isto que lle estou dicindo espero que mo rebata. Hai agora exactamente unha semana votaron en contra do que vostedes lle chaman o AVE, incluso lle estou falando do AVE do Atlántico, que tampouco vai ser AVE, entre outras cousas, porque eu téñome remontado aquí a dúas expresións claras despois de reunións que se teñen manifestado veladamente, pero que non puideron ocultar determinadas referencias a raíz de quedar Galiza fóra do PDI do ano 1995. Xa sabe vostede que todo o compromiso do Estado español é o Mediterráneo, Perpiñán, o y grego vasco, Barcelona-Madrid, Madrid-Valencia, Alxeciras –xa sabe que hai un tramo de AVE–, e no resto non existe AVE. O que pasa é que

vostedes se encontraron co que vai dicir o resto dos españois cando temos comprometida a alta velocidade en España. Pois hai que modernizar o ferrocarril, pero, entón, imos falar de AVE, non imos modernizalo dunha forma distinta.

Falan de AVE, e non hai tal AVE, primeiro, porque a calquera que teña dous dedos de sentido para saber o que é o AVE, que implica desdoblamento, electrificación, redes de curvatura de sete quilómetros... Non hai AVE, vostedes díganolo como queiran, díganolo virtualmente, fagan películas, lévenlo aos cines, pónano no NO-DO, é igual, non hai AVE. Entón, nós, que estamos defendendo a modernización e cremos que a economía é capaz de poder dar o que é capaz de dar, cando vostedes votan en contra do que aquí defenden... Estoulles falando dos eurodeputados do Partido Popular que votaron en contra do que vostedes lle chaman o AVE galego –acábolle de falar dos tramos no Informe Bradbourn, de hai sete días–.

Se vostedes saben, ademais, que isto está inmerso en toda unha referencia de privatización do sistema ferroviario, fomentado polo señor Álvarez Cascos, polo Goberno do señor Aznar, onde o proceso principal das comunidades periféricas é, non só o achegamento, senón incluso a importancia para as empresas que se sitúan no tráfico de mercadorías, díreille que AVE e mercadorías son incompatibles tal e como definiron vostedes “AVE” e “tráfico de mercadorías”, que non vai ir pola liña dese suposto AVE. Pero resulta que isto, incluso, xa vai máis alá do tema do Plan Galicia, porque esta votación está incluso en contra do que vostedes presentan aquí como Plan Galicia.

No ditame sobre o Anteproxecto da lei do sector ferroviario, voulle dicir exactamente o que lle di CES ao presentado polo Ministerio de Fomento no artigo 6: “O CES considera necesario asegurar que a clausura de liñas e tramos” –fíxese ben no que lle estou dicindo– “con carácter xeral, sen prexuízo do que sexan simples correccións de infraestrutura de nula relevancia na configuración, debe levarse a cabo asegurando procedementos para a intervención efectiva das comunidades autónomas”. Vostedes non están presentes en nada. Din os artigos 7, 8 e 9: “Estima o CES que existe unha notable imprecisión no anteproxecto sobre criterios legais que deben de informar das zonas de servizo ferroviario, que fan depender dun proxecto de delimitación e utilización de espazos ferroviarios”.

Mire o que lle di o CES: “Considera que a previsión legal debería limitarse a asegurar que os plans urbanísticos e demais instrumentos de planificación e ordenación do territorio deben de garantir a dispoñibilidade de terreos cualificados, no seu caso clasificados, como sistema xeral ferroviario ou equivalente”. Vostedes non teñen directrices territoriais para darlles aos concellos no seu planeamento, témolo denunciado aquí por activa e por pasiva. Pero fíxese que lle estou falando de institucións do Estado, que lle están dicindo o que lle estamos denunciando aquí nós, porque é o sentido de gobernar e de estar nas cousas, non de estar na verza.

Señor Pita, o artigo 40 di: “Sobre os contratos que se celebren na suposta reprivatización do ADIF para a prestación de servizos adicionais complementarios e auxiliares, deben de definirse expresamente os supostos nos que non sexa de aplicación o que di a lei a ese respecto e manter sempre os principios xerais de atención e interese xeral”. O artigo 59 di: “Estima que, de acordo coa redacción deste artigo sobre os dereitos dos usuarios, non queda garantido o dereito efectivo á prestación do servizo en congruencia do servizo de interese público e esencial”.

Fíxese o que lle están dicindo sobre a planificación ferroviaria de vostedes, non llo di o BNG, nós témosllo dito miles de veces. ¿Que quere que lle diga? ¿É virtual? Mire, presupostos, Plan Galiza. ¿Que di agora Renfe dos orzamentos do ano 2004 e que di a xerencia de infraestruturas? Pois fíxese, ¡que perda! AVE Cantábrico, segundo o panfleto do Plan Galiza, 1.476 millóns de euros –2003-2004–. ¿Cal é a realidade da dotación? Cero. Estudos LAV Ponferrada-Monforte, ¿que di o panfleto? 690 millóns de euros. ¿Que din os orzamentos? 0,855 millóns de euros –sobre 690–. ¿Que di o estudo da conexión LAV Lugo-A Coruña? Di o panfleto 780 millóns de euros. ¿Que di a dotación de 2004? 0,561 millóns de euros. ¿Do tramo dupla vía do LAV no tramo Lubián-Ourense? Nada, cero. Entón, ¿de que nos falan, señor Pita, por favor? ¿Por que non lles din isto aos cidadáns? ¿Como que non é virtual? Isto son datos dos orzamentos, da lei orzamentaria que vostedes teñen hoxe en práctica. Eu quero dicirlle que non é posible crelo, ¿como non vai haber virtualidade?

Mire, nós non nos sumamos a este debate, fomos invitados, nós non queremos sumarnos a que se lle tome o pelo á

sociedade galega, non podemos contribuír a unha maior confusión. Estes datos que lle estou dando fóronlle facilitados por este que fala, en representación do BNG, á prensa. Foi imposible conseguir que os cidadáns o saiban, porque a prensa non di nada disto. —¿a quen se lle ocorre dicir algo disto en proceso electoral contra o Partido Popular?—. Estou lle dicindo o que lle digo, sei o que digo, créame. Eu díxenlles aos periodistas: “Estráñame moito que isto o poidades publicar”; e non o di Rodríguez Peña, aí van os documentos que lle estou lendo. Imposible, porque iso é ir contra unha estratexia do poder, vostedes teñen moi ben amañada toda a capacidade mediática que teñen, é así.

Eu podo dicirlle que todo iso implica infinidade de cousas. Por exemplo, nós esiximos, presentamos, apoiamos, a planificación no ano 1995 —sábeo ben— da modernización dun ferrocarril, independentemente do tema da alta velocidade. Si, esiximos a elaboración dun plan de infraestruturas ferroviarias que contemple e mellore a modernización da rede actual, que dea solución ás necesidades reais, duns trens modernos, cómodos, accesibles e polivalentes, con gran capacidade de frecuencia, que dean servizo ao territorio e que adopten as diferentes demandas e necesidades. Esixiramos daquela un ferrocarril público, seguro e de calidade, porque ante a privatización moito tememos que, ao final, o que poida vir de modernización vai ser para a atención dun sector social máis ou menos elitista, e non temos a resposta do que é a liña convencional —que, en todo caso, pasaría a ser unha liña de proximidade—, cal é o futuro que vai ter. Porque vostedes están facendo, en moitos tramos próximos aquí, a Santiago, o que lle chaman alta velocidade, que é unha readaptación da liña convencional, e ¿onde van ir as mercadorías e as proximidades? ¿Por onde van ir se vostedes esa readaptación a fixeron para o que van chamar alta velocidade? ¿E as outras, que pasa?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ PEÑA: Remato xa. Quero dicir que aí queda a nosa contribución, que lle quede claro, sen tantos miramentos a datos concretos, documentos, comportamentos de vostedes nas institucións, Lei de orzamentos, comportamento dos seus eurodeputados para solicitar apoio ao AVE que vostedes lle chaman galego, en cambio votan en contra. ¡Que lle vou dicir!

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Rodríguez Peña.

Ten a palabra o señor López Vidal para a rolda de réplica.

O señor LÓPEZ VIDAL: Grazas, señor presidente.

Señor Pita, é moi conveniente —e máis no seu caso— que explique nesta Cámara por que os anuncios nos cines. Sería moi conveniente e moi alleccionador que nos contara iso. Cento cincuenta millóns de pesetas e os vellos en Lugo tirados, e vostedes dilapidando, ¡que vergonza!

En canto á denuncia administrativa que presentou este grupo parlamentario contra o Instituto Galego de Consumo —que, por certo, o seu director tivo o descaro de contestarnos antes que por vía administrativa, por escrito, nos periódicos—, xa sabemos que iso é o paradigma da manipulación. O Instituto de Consumo, que, por certo, non rexeitou a denuncia, declarouse incompetente, como xa sabíamos.

Eu pretendo falar de mentiras, de publicidade institucional, pero se quere tamén podemos falar do AVE, que é co que nos pretenden enganar. Nós non podemos borrar nada, porque non hai nada feito. Non se lles pode facer visualizar aos cidadáns deste país mediante unha pantalla o que non existe. Por iso nós non pretendemos falar nada. Dígame vostede, ¿cal é o horario dese tren desde Ferrol a Santiago? ¿Que horario ten? ¿Cales son as paradas? ¿Canto custa? (*Risos.*) Iso é publicidade enganosa, subliminar, iso é unha inmoralidade.

Nós o que facemos no noso programa electoral: O noso compromiso é a catro anos, con proxectos cribles e, sobre todo, acompañado cada un dos proxectos con cifras, con orzamentos. O investimento que temos previsto en catro anos duplica o que vostedes fixeron en oito, só iso. (*Murmurios.*)

¿O tren de alta velocidade do Cantábrico? Un tren de verdade, non *parafernalia* mediática. ¿A conectividade das distintas cidades de Galicia con Madrid? En tres horas, e iso acompañado da correspondente partida orzamentaria, é dicir, prazos claros e cifras ao seu lado, non os pasquíns que vostedes publican.

Como o Plan Galicia, todos os días enchendo os periódicos con primeiras pedras. Este conselleiro –que, por certo, xa non está, o galeguista-reformista– enchendo os periódicos con primeiras pedras e carpas para aquilo do pincho e do viño, *vinito español*, anunciando a lonxitude dun tramo de acondicionamento dunha estrada –neste caso na miña provincia– de 3,300 quilómetros. E o do Plan Galicia interior, follas enteiras, *parafernalia* mediática, é dicir, é a plasmación de dez anos de incumprimentos, dez anos de carencias e dez anos de propaganda enganosa.

Pero voulle poñer outro exemplo –o do AVE só era un exemplo, clarificador da publicidade institucional encuberta–. Galicia, “sitio distinto”, sen normas; non temos normas de publicidade institucional nin respectamos a democracia. Acordo da Xunta Electoral Provincial de Ourense, de hai uns días, campaña voraz de inauguracións, paseos e paparotas oficiais: paralizada, a Xunta Electoral Provincial, non en Andalucía, en Galicia, en Ourense, paralicen as inauguracións. Por certo, teñen o presidente paseando polo país, veña inauguracións, e tendo algún contratempo de tráfico; eu non sei cando este señor goberna, se para un momento, despacha e goberna.

Percorrido por Ourense, que fixo o presidente da Xunta de Galicia: vergonzoso, mestura repugnante de oficial e partidario, inauguracións caducas, primeiros penedos, reparticións de títulos parcelarios, feudalismo, prebendas, auténticos propietarios, xantar cos alcaldes populares en San Clodio –convidados, supoño, polo alcalde de Beade, o das misas de Franco–, bendición na empresa FSR, S. L. e adoutramento –iso de recoller os votos debaixo das pedras– dos interventores do Partido Popular.

Neste país, señor conselleiro, a Xunta de Galicia, o Goberno dos galegos, está utilizando, miserable e partidariamente, a actividade publicitaria institucional, que non é tal, senón que é propaganda. Non informan, menten descaradamente; por iso, nós consideramos imperioso –e vai ser obxecto da presentación da correspondente moción– unha lei que regule a publicidade institucional para que un poder independente poña a cada un no seu sitio, como fixeron co seu compañeiro, o da Pobra do Brollón.

Os socialistas queremos rematar co sistema de poder burocrático, centralizado e opaco, desta dereita caduca e rancia. Queremos que impere a cultura do control, da responsa-

bilidade, da transparencia e da libre información, que deixen de tapar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LÓPEZ VIDAL:... –remato, señor presidente– os seus incumprimentos con propaganda. É dicir, estamos a falar de algo moi serio, as regras de xogo democráticas que con vostedes están en serio perigo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor López.

Ten a palabra o señor conselleiro de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública para a rolda de réplica.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Pita Varela): Señor presidente, señorías.

Esa dereita caduca e rancia –como di vostede, con ese arrastre de rancor, que alá vostede–: (*Murmurios.*) Pero, mire, quero dicirlle simplemente que se acorde... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, xa sei que é o erre de alá, perdoe vostede. Mire, esa dereita rancia que di vostede é a maioría dos galegos, que son os que teñen que... Eu enténdoo perfectamente a vostede e o que vostede representa, o seu sufrimento, que non hai maneira de que as súas mensaxes lles cheguen aos cidadáns, que non os entenden ou entenden demasiado, porque xa viviron a etapa dos seus proxectos e da súa propaganda e eran xusto o contrario do que dicían, por iso cantos máis poñan peor. A nós, de momento, fannos caso, porque, á parte, co ollímetro captan perfectamente o que vostedes pretendes negar. Porque mire, á parte da broma de que se está por aquí o tren ou non está, o que non cabe dúbida é de que se está traballando nel, como vostede sabe, iso é o que os amola. (*O señor Rego González pronuncia palabras que non se perciben.*) Pois mire, voulle dicir onde, saia soamente de aquí e circule, onde nunca estivo...

O señor PRESIDENTE: Non interrompa, señor Rego.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Pita Varela):...,

desde logo, non en Valladolid e non en Benavente, señor Rego, onde vostede, co lombo agochado, puxo todo o lombo para que se aproveitaran de nós os seus compañeiros de Madrid, coa súa cara posta alí, nas fotos con eles, (*Murmurios.*) deixándonos tirados a todos na cuneta. Non teñen vergoña...

O señor PRESIDENTE: Non interrompa, señor Rego, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Pita Varela):... ao falar diso, non teñen vergoña. (*O señor Rego González pronuncia palabras que non se perciben.*) Pois mire, entre outros sitios, no Boletín Oficial –que xa sei que vostedes non o len, porque non len, como lle pasa ao señor que falou agora–. Porque dicían: “¿Cando traballa o presidente, cando vai a un sitio e cando vai a outro?”. Mire, cando vostedes se levantan da cama, o presidente da Xunta de Galicia e os que traballamos xa temos o 90% dos deberes feitos, ¿entenden? (*Murmurios.*) Porque nunca deron golpe, así están, e para gañar e para ter credibilidade cos cidadáns o primeiro que hai que facer é traballar, a ver se se decatan, porque do conto xa viviron catorce anos e mandáronos a onde os tiñan que mandar, a traballar, a ver se empezan dunha vez e a ver se se decatan.

O Boletín Oficial –que vostedes non len– o 21 de xuño publicou a resolución do ente público Xestor de Infraestruturas Ferroviarias pola que se anuncia a adxudicación do contrato de consultoría e asistencia para a redacción do estudo informativo do tren de alta velocidade de Ferrol a Bilbao que vostedes se queren cargar. Non van chegar a tempo, porque dentro de oito ou doce anos terémolo feito, cando vostedes terán alternativa. Dígollo para que estean tranquilos e mentres, soséguese.

O tramo Ferrol-límite de Galicia con Asturias, xa foi adxudicado –aínda que vostedes non se decataron, porque cando se levantan da cama o Boletín xa se repartiu e xa o teñen gardado todos, hai que madrugar para lelo– á empresa Augas e Estruturas, por un importe de 1.346 millóns de euros. O tramo límite de Galicia con Asturias-límite de Asturias con Cantabria xa foi adxudicado por 2.189 millóns. O tramo límite... (*O señor Rego González pronuncia palabras que non se perciben.*) –mentira, señor Rego; é que o Boletín mente, a verdade téñena vostedes; por iso os cren, tivérona

sempre, con tempos mellores, agora son tempos malos para vostedes–. E ten un custo, ese corredor, de 1.476 millóns de euros.

Pero mire, eu non lles dou máis datos. ¿Saben por que? Porque eu pola mañá cedo, porque mo ordena o meu presidente, leo, entre outras cousas –e infórmome do que di–, o *Boletín Oficial do Estado*, o *Diario Oficial de Galicia* e os principais medios de comunicación. Como vostedes aínda están durmindo, eu non teño por que vir a explicarlles iso agora, porque é a súa obriga sabelo. Pero si lles vou dicir..., e voullo dicir tamén ao señor representante do Bloque, que dixo aquí moitas cousas, pero moi poucas verdades, señor Peña. (*Murmurios.*) Mire, quero recordarlle que o mesmo que dixo vostede hoxe dixérono os seus compañeiros... Aínda non estaba vostede no Bloque Nacionalista Galego, porque vostede é, ademais, de recente adscrición –xa sabe que cada un vira como lle cadra, outros viramos menos porque estamos máis encorsetados, pero algúns teñen unha cintura magnífica, alá cadaquén, que eu non me meto nese terreo–. Pero simplemente lle digo que vostede non estaba. Os seus compañeiros dicían o mesmo hai anos con respecto ás autovías: “Mentira, non se fan, é falso”; andaban xa circulando por elas e negábano, pero alá cadaquén.

Pero quero dicirlle algo: o tren convencional aprobámonlo todos nesta casa no ano 1995, vostedes ao AVE declaráronlle o boicot, dixeron que non querían o AVE, e queda constancia, figura nesta Cámara e nos medios de comunicación. Ese era o AVE que vostedes querían (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Pita Varela): Boicot, iso é que o vostedes lle declararon ao tren de alta velocidade. Aínda por riba, o grave era que ese tren ía por Madrid. ¡Manda chover na Habana!

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Interpelación de D. Xosé Francisco Ferreiro Abelleira, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as contrata-

cións do persoal substituto na rede pública do Sergas a través de contratos en precario

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra o señor Ferreiro Abelleira.

O señor FERREIRO ABELLEIRA: Grazas, señor presidente.

Vaime ser difícil, despois da brillante e sosegada intervención do conselleiro da Presidencia, estar á altura das circunstancias, pero espero suscitar o interese da Cámara. *(O señor Pita Varela pronuncia palabras que non se perciben.)* O culto é o meu amigo, vostede non é culto. Vostede parécese a un boxeador...

A señora PRESIDENTA: Por favor, vaia á cuestión, señor Ferreiro.

O señor FERREIRO ABELLEIRA: En fin, ten que haber de todo. *(O señor Pita Varela: Ata do Bloque.)*

Esta interpelación que traemos aquí trata de solucionar unha problemática que se está a vivir, tanto en atención primaria como en atención especializada, e que ao Bloque Nacionalista Galego lle preocupa, e na medida do posible quere suscitar –se cabe– a toma de medidas correctoras. Neste sentido, tanto no ano 2000, 2001, 2002 e 2003, fixemos distintas intervencións para poñer enriba da mesa a situación que se está vivindo, tanto en atención especializada como en atención primaria. Estoume a referir á falla de médicos, de persoal de enfermería, de persoal auxiliar, que tanto en atención primaria como en atención especializada estaban a crear problemas serios, que, dalgunha maneira, dificultaba no normal desenvolvemento da asistencia sanitaria. Tamén, coa mesma periodicidade, non tivemos nunca fortuna á hora de facer excitar este interese e sempre foi rexeitada.

Mesmamente, fixemos unha interpelación o 23 de maio de 2002, onde a contestación que nos deu o conselleiro naquel momento dicía: “Vostedes pintan un programa tremendamente negro, pero que non se corresponde en absoluto coa realidade. Ese tipo de substitucións, persoa a persoa” –cando nós pediamos que se substituíran os profesionais– “non é absolutamente necesaria, nin moito menos. Por todo o indicado, en conclusión, contestada a súa pregunta, foron

adoptadas as medidas necesarias para o mantemento da continuidade asistencial dos cidadáns galegos”. Derivada desta interpelación fixemos unha moción, o 23 de maio, que dicía o seguinte: “Instar a Xunta de Galiza a establecer, nos orzamentos adicados ao Sergas para o próximo ano, unha partida presupostaria suficiente que, partindo das pertinentes previsións de déficits de recursos humanos nos distintos servizos, tanto en atención primaria como especializada, garanta a estabilidade dos distintos cadros de persoal e así manter unha continuidade na calidade asistencial.” –Isto parece de bastante sentido común–. “Establecer, segundo a oferta de emprego, tanto para persoal de enfermería, médicos e auxiliares administrativos, que, atendendo aos déficits verificados, permita ter cadros de persoal de traballos estables e suficientes que posibiliten o normal desenvolvemento das prestacións no caso de baixas e permisos nos distintos centros de atención primaria e especializada”. Evidentemente a moción tampouco tivo éxito, foi desbotada porque xa se estaba niso.

Señorías, o problema é de gran preocupación, primeiro para os profesionais, que non teñen ningunha dúbida de dicir, claramente, que queren defender a rede pública tradicional. Pero hoxe é unha realidade que estas disfuncións que se están a crear, sobre todo en atención primaria, dificultan claramente que haxa unha interrelación entre atención primaria e atención especializada. Se nós non dotamos de capacidade resolutiva a atención primaria, automaticamente estamos provocando un colapso dos servizos de urxencia na atención especializada, que o están denunciando permanentemente os profesionais que están adscritos a estes servizos.

¿Por que non hai médicos? ¿Por que os médicos van a Portugal? Pois por unha razón sinxela: porque non están motivados. Claro, se a unha persoa, señorías, a contratan por un día, por horas, ou en moitos casos a dan de baixa cun método absolutamente mercantilista e economicista de recorte de gastos, para non pagar durante a fin de semana á Seguridade Social, é evidente que, en primeiro lugar, non ten unha motivación para a súa carreira profesional e, en definitiva, o único que se está logrando é que non se establecen os cadros de persoal, os servizos e, polo tanto, se dea unha calidade asistencial bastante mala.

Se estamos a falar das urxencias extrahospitalarias, a situación que están a vivir os homes e as mulleres que están

incorporados a este servizo é de auténtica escravitude. Vou nas ilustrar, a ver que lles parece ás súas señorías. Estas persoas están facendo substitucións, substitúen persoas que están nos puntos de atención continuada, e resulta que, ás veces, estas persoas que están nos puntos de atención continuada tamén traballan nun centro de saúde. Polo tanto, unha traballaría co seguinte horario: comeza ás oito da mañá e remata ás tres da tarde, ás tres da tarde incorpórase a un punto de atención continuada ata as oito da mañá do día seguinte e –en moitos casos, sen ningún descanso– incorpórase a outro centro, que xa non é ese, é un centro que pode estar a 40, 50 ou 60 quilómetros de distancia. Evidentemente iso, primeiro, é unha situación insoportable para estes traballadores e traballadoras. Evidentemente, naquel momento tamén se nos dixo que cobraban, ¡Home, faltaría máis! Claro que cobran, pero eu coido que non é de recibo que esas condicións de traballo poidan acreditar a ninguén que faculta un servizo en condicións óptimas. Porque unha persoa que está facendo seis, dez ou quince urxencias durante a noite, parece que ás oito da mañá non está en condicións de incorporarse a un centro de saúde. Isto é irrefutable, isto non hai quen o manteña, nada máis que a consellería e o Servizo Galego de Saúde; polo tanto, estase degradando nese sentido. Pero, claro, sempre din que non hai ningún tipo de problema nese aspecto.

Hai aproximadamente mes e pico, unha situación que xa raia épocas moi pasadas, tivéronse que poñer nun centro da rúa Bolivia, en Vigo, tres facultativos e un membro de enfermería en folga de fame. E parece ser que iso si motivou un certo recoñecemento da realidade por parte da Administración, o cal manifesta claramente un fracaso total. Se realmente esa xente propicia un cambio de actitude é que algo fallaba, ou resulta que vostedes non manteñen o tipo ao dicir que todo funciona perfectamente, ou é que estamos en período electoral, ou resulta que, outra vez, a señora Ana Pastor, que pasou por alí, os obrigou a vostedes a tomar algunha solución, pero, en definitiva –do cal nos alegrámonos–, parece que se modificou a tendencia. Pero hai que poñelo todo na súa xusta medida; se no ano 2002 estaba todo perfectamente, unha folga de fame non pode modificar a tendencia, baixo ningún concepto. Polo tanto, alguén tería que poñer a disposición o seu cargo. Ou todo está perfectamente ou resulta que, por que catro profesionais se poñen en folga de fame, automaticamente incentiva unha reunión urxente ata as tres ou catro da mañá: Ou algo funcionaba mal antes, ou

estaba cortado o circuíto da negociación, ou, realmente, algo está ocorrendo dentro do Sergas. Porque a nós merécenos o mesmo crédito que poida dicir o señor conselleiro que estaba todo perfectamente, e non se aproba a moción. E agora resulta que está todo mal e resulta que, aparentemente, se esgotan os modelos de contratación tipo contratos lixo; que nós estamos a favor diso, evidentemente.

Pero, entón, do que se trata é de que nós queremos saber, con data de hoxe, se aqueles anuncios de que ían rematar os contratos lixo son verdade. ¿Cal é o tipo de negociación? Porque, evidentemente, desde que nós facemos esta interpe-lación xa houbo unha negociación, e parécenos ben que saíra por ambas as dúas partes cun sentido satisfactorio, pero, claro, nós temos que saber se isto é un brinde ao sol ou se realmente isto se vai efectivizar. E, se se vai efectivizar, hai que saber como, cando, onde e como se vai complementar isto.

A situación da atención especializada é a que manifestei antes, pero, claro, se falamos das fundacións, xa é absolutamente caótico, non é de recibo que un xinecólogo teña que vir facer gardas ao hospital de Cee desde Madrid as fins de semana. Algo está ocorrendo no sistema; se vostedes non teñen capacidade, insistan en Madrid, modifiquen o *cupo* que teñen a través da formación MIR para eses profesionais e, en función das patoloxías máis necesitadas aquí; vaíamos demandalos, e nós imos estar a carón do señor conselleiro. Iso é o que hai que facer.

En definitiva, nós o que lle preguntamos ao señor conselleiro –para ir rematando– é: ¿Considera o Sergas que as contratacións do persoal substituto na rede pública, a través de contratos en precario, non resultan negativas para a motivación dos traballadores que puideran estar interesados nestes traballos? De ser certa esta modalidade de contratación, ¿en que centros se realiza, tanto de atención primaria como de atención especializada? ¿Considera o Sergas que os contratos lixo, ou ben os despedimentos en períodos vacacionais ou fins de semana, non vulneran dereitos laborais? Por último, ¿ten previsto o Sergas modificar estas modalidades de contratación?

Como ven as súas señorías, o tema está guiado con bastante sentido común, desde o noso punto de vista. Pero, sobre todo, o que nos gustaría saber é que cambiou en tan

pouco tempo, porque hai nada –mes e pico– todo estaba de marabilla. ¿Ou é que realmente hai que volver ás vellas tácticas de barricada e pecharnos todos ou queimarnos ao bonzo para que realmente se excite o cambio de actitude que ten neste caso o Servizo Galego de Saúde?

De momento nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Ferreiro.

Ten a palabra o señor conselleiro de Sanidade para responder.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Hernández Cochón): Señora presidenta, señorías, a verdade é que menos mal que ao final o señor Ferreiro entrou á cuestión e formulou as preguntas que tiña na súa intervención, porque o resto falou de cousas que non teñen absolutamente nada que ver coa interpelación que no seu momento presentou.

Eu voulle contestar ás preguntas e despois, se temos tempo, falaremos de folgas de fame, que non teñen nada que ver neste tema. Xa lle podó dicir que, desde logo, a negociación que se levou a cabo non fixo con ningún representante dos da folga de fame, porque non tiñan representantes, era un movemento assembleario. Levouse a cabo cos sindicatos e non cos da folga de fame, e ningunha das reivindicacións dos da folga de fame se puido ter en conta porque todas eran absolutamente ilegais e, polo tanto, imposibles de cumprir.

Eu quérolle dicir que os sistemas sanitarios, que funcionan de forma permanente, teñen que funcionar os domingos, os festivos, as fins de semana, noite e día, as vinte e catro horas do día e os 365 días do ano –ou este ano 366–, teñen que garantir a presenza dos profesionais durante todo ese tempo e por iso se utiliza persoal substituto, eventual, e se utiliza non só Servizo Galego de Saúde, senón absolutamente en todos os servizos de saúde, e a súa finalidade –volvo insistir– é manter a presenza física de profesionais que poidan garantir a asistencia deste xeito continuado. Para isto, a lei –non o Sergas– prevé unha serie de contratacións que garantan a presenza tamén cando o persoal do cadro de persoal está ausente ou cando se necesite reforzar a asistencia, porque haxa un problema especial e se necesite máis xente.

Voulle contestar as súas preguntas, concretamente, e, despois, se nos queda tempo, falaremos doutras cousas. A primeira di: “¿Considera o Sergas que as contratacións de persoal substituto na rede pública, a través de contratos en precario, non resultan negativas para a motivación dos traballadores e das traballadoras que puideran estar interesados?”. Mire vostede, señor Ferreiro, os contratos de persoal substituto non son contratos precarios –isto dío vostede–, senón que son nomeamentos estatutarios regulados por unha lei nacional, a Lei 30/1999, de selección e provisión de prazas de persoal estatutario de todos os servizos de saúde do país.

Ademais, esta modalidade está recollida pola Lei 55/2003 do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, aprobada recentemente tamén, que prevé que os nomeamentos de substitución se expedirán cando resulte necesario atender as funcións de persoal fixo ou temporal durante os períodos vacacionais, permisos e demais ausencias de carácter temporal que comporten a reserva de praza. Pero, a maior abastanza, no Sergas, a modalidade de contratación temporal vén regulada por un pacto firmado por todos os sindicatos da mesa sectorial –CC.OO., CESM, CIG, CSIF, SATSE, UXT–, que está publicado no *Diario Oficial de Galicia*, no que se establece un réxime de garantías non só nos contratos que se formalizan, senón tamén na xestión das listas onde se apuntan estes profesionais. É dicir, está todo perfectamente regulado e perfectamente pactado, sen prexuízo de que sempre estamos tratando de perfeccionar todo o que se relaciona coa asistencia e todo o que se relaciona cos dereitos dos traballadores.

A segunda e terceira vounas contestar xuntas. Din: “De ser certa esta modalidade de contratación, ¿en que centros se realiza, tanto de atención primaria como de especializada? ¿Considera o Sergas que os contratos *basura*” –non “lixo”, como di aquí– “ou ben os despedimentos en períodos vacacionais ou en fin de semana non vulneran os dereitos laborais?” Ben, iso de contratos lixo ou contratos *basura* dío vostede. Xa non hai reivindicacións económicas, que ao principio habíaas, pero como agora xa sabe todo o mundo que esa xente, que tan mal tratada está, gaña entre cinco e sete millóns de pesetas ao ano, xa non fala de retribucións, falan doutras cousas. Falan dun traballo que non é regular en canto á prestación, non é todos os días á mesma hora, porque as características dese traballo non son regulares, é para esas

substitucións. O Sergas, como xa se explicou, utiliza modalidades de contratación reguladas pola lei e a súa xestión realízase de acordo cun pacto firmado –volvo insistir– cos representantes legais dos traballadores.

“¿Ten previsto o Sergas modificar estas modalidades de contratación?”. O Sergas está negociando cos sindicatos da mesa sectorial un novo pacto de contratacións temporais que substitúa ao pacto firmado en 2001. Neste estableceranse máis garantías, na xestión das listas, sobre a utilización do contrato de curta duración, e conterà outras novas sobre a utilización destas modalidades de contratación. Esta negociación enmárcase nun conxunto de medidas e actuacións planificadas polo Sergas sobre a temporalidade e sobre a eventualidade. En canto a esta última, á parte da negociación xa mencionada sobre o pacto de contratación temporal, estanse negociando novas condicións de traballo e novos contratos no ámbito das urxencias en atención primaria, porque xa lle digo que non soamente estamos a cumprir a lei e os pactos, senón que estamos a tratar de optimizar e mellorar as condicións en que se presta a asistencia sanitaria en Galicia.

Canto á temporalidade, vostede sabe ben que este ano se está a desenvolver unha oposición pola que se ofrecen preto de 5.000 prazas, o que supón baixar a taxa de interinidade ao 3% do cadro de persoal. Dígame vostede, nun cadro de persoal de máis de 30.000 persoas, onde hai unha taxa de interinidade menor do 3%. Ademais, a LOSGA contén a previsión de realizar oposicións con carácter bianual; é unha lei que xa está aprobada, que xa está en vigor, e obríganos, como mínimo, a facer oposicións ou procesos para entrar no Sergas con carácter bianual. Para iso, existe o compromiso público de realizar unha nova convocatoria de oposicións para o ano que vén, o ano 2005, co obxectivo de manter a interinidade na porcentaxe antes citada.

Polo tanto, eu pódolle dicir, señor Ferreiro, que hai poucas organizacións –penso que máis ben practicamente ningunha– que desenvolvan liñas de traballo tan comprometidas co emprego estable como o Sergas. Emprego estable, na inmensa maioría dos traballadores, é un emprego digno para os que teñen que facer este traballo, que non son funcionarios nin estatutarios, son fundamentalmente persoas que están temporalmente en listas que se crean para este tipo de substitución.

Vostede falaba tamén de que se lles dá de baixa na Seguridade Social as fins de semana e non é certo. Iso era legal, estíbese a facer xa hai tempo, pero neste momento está garantida a continuidade de cotización á Seguridade Social; isto xa é unha realidade, aínda que o contrato sexa polos días que se necesita. Se nun momento determinado un médico que ten cubrir unha consulta ou que ten que cubrir calquera servizo chama por teléfono dicindo que está enfermo e que non pode acudir, tírase da lista e cóbrease con estas persoas, que para iso están. Naturalmente, se a enfermidade dura tres días, non imos facer fixa a esta persoa para que despois dos tres días non teña traballo. Isto, naturalmente, non é lóxico, non é normal, e estamos a facer as cousas do mellor xeito posible, cumprindo a lei e pactando cos representantes dos traballadores.

Máis nada, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor conselleiro.

¿Grupos que queiran posicionarse? (*Pausa.*)

Ten a palabra o señor Cerviño González polo Grupo Parlamentario Socialista.

O señor CERVIÑO GONZÁLEZ: Grazas, señor presidente.

A verdade, señoras deputadas e señores deputados, señor conselleiro, é que a estas horas, despois dun día no que houbo as preguntas ao presidente, un debate sobre a guerra de Iraq, un debate sobre o alto goberno, sen ningún medio de comunicación, este debate ten pouco reflexo seguro. Pero, ben, a política ten o espazo limitado que ten nos medios e temos que contar con iso, forma parte do marco.

De todos os xeitos, este é un debate moi importante, porque afecta ás condicións de traballo de centos de persoas –creo que de miles de persoas, pois o Sergas é probablemente a empresa máis importante do país en número de traballadores–, e, ademais, afecta á calidade asistencial, ao meu xeito de ver. A verdade é que se o señor conselleiro ou o Goberno tivera a ben ter accedido á solicitude de comparecencia que o Grupo Socialista presentou para que dea conta da extrema conflitividade laboral existente no Sergas, que está a repercutir negativamente na calidade de asistencia

sanitaria, así como para informar das medidas que ten previsto adoptar ao respecto, seguramente este debate se tería producido a outra hora. Ao mellor, ese é o motivo polo cal se fai neste momento, pero supoño que non.

En calquera caso, benvida sexa esta interpelación do BNG, que obriga o señor conselleiro a vir á Cámara. Xa veremos a ver se cando se debata a moción temos máis oportunidades. Polo tanto, vou facer unha intervención, que espero que sexa breve.

Eu creo, señor conselleiro, que esta situación enmárcase no que eu... Quero dicirlle, señor conselleiro, que vostede, ás veces, acúsame de atacalo persoalmente; non ataco persoalmente a José María Hernández Cochón, nin quizais, ademais, paga moito a pena que nos enfademos neste momento –políticamente, por suposto, porque eu con vostede persoalmente non me enfado nin teño por que enfadarme–. Pero vostede sabe que eu veño cualificando –así o interpreto eu ou o interpreta o noso grupo– a súa xestión política como mala. Todo este problema que estamos hoxe aquí a debater enmárcase nesa mala xestión, nunha xestión que eu teño cualificado de esgotada á hora de xestionar o que hai, de falta de innovación. Eu creo que esa é a situación, señor Hernández Cochón. Dígollo tal e como eu a vexo, como é a miña obrigación; é para o que me pagan os cidadáns, para que lle diga esas cousas.

A realidade é que esta circunstancia se enmarca nunha situación de listas de espera, de masificación das consultas de atención primaria, de peches de camas, dunha débeda de 26.000 millóns de pesetas, de gasto farmacéutico crecente... Ben, todas esas cousas que vostede e eu temos discutido numerosas veces. E isto creo que é un feito máis, señor Hernández Cochón, que se empeza a poñer de manifesto no derradeiro trimestre do ano pasado coas mobilizacións dos médicos do hospital de Ourense, que se manifesta con todo o seu esplendor nas dúas primeiras páxinas do principal xornal do país o 8 e o 9 de xaneiro e que acadou o seu cénit máis dramático na folga de fame de tres médicos e un enfermeiro do servizo de urxencias da rúa Bolivia de Vigo nas semanas pasadas.

Vostede di que non hai precariedade laboral, señor conselleiro. Pois, mire vostede, cando médicos ou outro tipo de persoal levan vinte anos traballando nesta situación –e

teñen máis de 40 anos– facéndolles contratos cada mes, eu creo que si existe esa situación. Por outra banda, non é unha situación exclusiva dos servizos de urxencias, aínda que é máis grave neles. Eu pódolle dicir que –neste momento non, pero nalgún momento si– se estiveron contratando, en importantes hospitais deste país, especialistas altamente cualificados –e falo de hai dous, tres e catro anos– que fan, por exemplo, transplantes hepáticos –non falo de cirurxiáns, en concreto, porque non me consta, pero si doutros especialistas altamente cualificados–, de luns a venres, señor conselleiro.

Unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que vostede coñece –creo que é do 24 ou do 25 de novembro de 2003–, fala de persoas, en concreto, dunha enfermeira chamada Candela, da Coruña, que foi contratada durante sete anos desta maneira e, ao final, a súa cotización é de tres anos e medio, señor conselleiro. Esa é a situación e ponse de manifesto dunha maneira nidia e indiscutible, porque, segundo a memoria do Sergas, no ano 2002 fixéronse 43.646 contratos de médicos, o cal supón 120 contratos de media cada día; contratáronse 85.006 enfermeiros e demais persoal de enfermería, o cal supón 233 contratos diarios; e de persoal non sanitario, 125 diarios. En total, 174.448 persoas, 448 contratos diarios de media.

Señor conselleiro, isto paréceme que demostra unha clara precariedade laboral, posta de manifesto por outra parte, por esta sentenza recoñecida polo Sergas –supoño que polo director xeral de Recursos Humanos, aínda que as noticias de prensa non o citaban polo seu nome, cando, ademais, dunha maneira que non quero cualificar hoxe, porque estamos nun debate tranquilo...–. Recoñecíase que esta era a situación e dáballe pé ao Sergas, a partir desa sentenza –como se esa sentenza enmarcara un camiño–, a facer desde ese momento uns contratos máis estables.

Evidentemente, existe unha precariedade laboral e unha situación de traballo que me atrevería a cualificar, señor conselleiro, de camiño cara á revolución industrial, pero á primeira revolución industrial, antes de 1840: xornadas de doce ou trece horas, ou superiores; 85 horas de traballo á semana; non se cobra cando se está enfermo; non se cobran os días que se libran. Iso é, señor conselleiro, a segunda revolución industrial; son condicións laborais similares ás de Manchester antes de 1840. O único que lles falta a vostedes é contra-

tar nenos para facer de celadores ou para traballar na limpeza, e seguramente aparecerá Dickens en calquera momento.

Realmente, esa é a situación, señor conselleiro. E eu non creo que vostede sexa unha persoa perversa, claro que non, nin tampouco o seu director de Recursos Humanos. Coido que iso obedece a dúas cousas. Obedece, en primeiro lugar, a que vostedes non teñen cartos, están moi mal de cartos e teñen que facer esta enxeñería laboral, porque aforrar os seguros sociais e os salarios dun traballador da fin de semana supoñen, ao cabo do ano e de miles de traballadores, millóns de euros, que, nunha situación económica moi mala do Sergas, que ten que ver cun presuposto insuficiente, pero tamén en gran medida coa súa incapacidade para controlar o gasto e para xestionalo mellor –fundamentalmente o gasto farmacéutico, pero non só este–, permítenlle esta situación, señor conselleiro.

En segundo lugar, débese tamén á súa ideoloxía liberal. Para vostedes as condicións de traballo da xente teñen menos importancia, e permítome dicirlles que, dalgunha maneira, vostedes non teñen en conta os cidadáns, non lles importan moito os cidadáns, señor conselleiro. Isto relativízao, se me fai o favor: non lles importa relativamente. Insisto en que non creo na maldade moral de ningún de vostedes, por suposto que non.

O que tamén me preocupa, señor conselleiro, é que esta situación de precariedade laboral repercute na asistencia sanitaria. Calquera pode entender que un profesional cansado, enfadado ou desmotivado, seguramente atende peor os seus pacientes. Iso acaba de poñerse recentemente de manifesto nun artigo publicado no número do 1 de xaneiro de 2004 da revista *The New England Journal of Medicine*. Vostede sabe o que é iso, mais ás súas señorías direilles que *The New England Journal of Medicine* é a revista médica máis importante dos Estados Unidos e a máis importante do mundo, xunto con *The Lancet* do Reino Unido. No número do 1 de xaneiro de 2004 hai un artigo escrito polo doutor Abigail Zuger, titulado “Dissatisfaction with medical practice”, di textualmente: “Hai datos que suxiren que a insatisfacción por parte dos médicos produce un manexo clínico pobre, así como tamén insatisfacción entre os pacientes, e que un médico descontento...” –o artigo di *unhappy*, non sei como o traduciría vostede, a min paréceme que...– “... pode conducir a uns coidados médicos por debaixo do estándar”. Isto preocúpame...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CERVIÑO GONZÁLEZ:... –si, señor presidente–. ¿Vostede cre que non están descontentos os médicos que perden sete quilos nunha folga de fame? ¿E os enfermeiros? ¿Non están descontentos...? ¿As concentracións de médicos que hai continuamente...? Trescentos médicos diante da porta do hospital de Ourense, concentracións en atención primaria... ¿Non hai descontento no sistema, señor Hernández Cochón? Claro que o hai, moi serio, e iso repercute na calidade asistencial. Isto está sustentado con citas bibliográficas, non é un xuízo do doutor Zuger.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CERVIÑO GONZÁLEZ: Vostede sabe que o consello editorial –remato xa, señor presidente– de *The New England Journal of Medicine* é moi serio para admitir unha afirmación deste tipo se non está demostrada.

Iso é o que nos preocupa, señor conselleiro, e eu creo que vostede e o señor Fraga son os responsables desta situación. Póñanlle remedio.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Cerviño.

Ten a palabra o señor Ferreiro Abelleira para a rolda de réplica.

O señor FERREIRO ABELLEIRA: Grazas, señor presidente.

Moi brevemente, señorías.

Señor Cochón, implicitamente, do que vostede acaba de dicir emana unha filosofía política aplicada á sanidade. Mire, vostede di que os nomeamentos cumpren a lei. Eu supoño que Nike e Adidas cando van a Taiwán e contratan os nenos de 8 anos, tamén será legal; ou Telefónica –vostede coñece isto igual ca min–, cando espolia en Bos Aires e despois resulta que cando se lle pide diñeiro para o centro galego di que non, porque a eles o único que os move é o ánimo de lucro. Supoño que será legal, pero é inmoral e é perverso. Polo tanto, se vostede me di que agora xa non dá de baixa nas fins de semana, ¿por que agora non e antes si?

En todo caso, do que se está tratando é de humanizar as condicións de traballo deses profesionais, porque –insisto– unha persoa que realmente non ten un perfil, un horizonte, para traballar en mínimas condicións estables é unha persoa que se perde para a profesión, máxime na medicina, que hai un tema vocacional engadido moi importante. Iso é así e xa temos profesionais que teñen que marchar de aquí, como ben sabe vostede, e outros que adoptan a postura –como en enfermería, da que hai máis desercións– de traballar en Correos –moi digno, por certo, pero está funcionando–.

Isto é así. Vostedes aplican iso e aínda aplicándoo, fracasan, porque resulta que –como ben sabe vostede– hai un problema moi serio dentro do financiamento da sanidade que obrigou, precisamente, a ter un imposto novo sobre os carburantes, que é un problema que nós entendemos que hai que corrixir. Pero o plantexamento que se está facendo desta interpelación vai noutra dirección, non é que volvamos outra vez aquí a dicir “isto está ben”, “a lei permítenolo”. Non, trátase de corrixir todo, de darlle a isto unha volta na medida do posible.

Nós, desde o BNG, pensamos que con respecto a todo o dispositivo de atención primaria hai que sentarse e falar: ou se lle dan medidas resolutivas ou automaticamente se está disparando o gasto por [...] de atención sanitaria. Estanse colapsando as urxencias na atención especializada porque non teñen capacidade resolutiva. O modelo de fundacións que vostedes plantexaban foi un fracaso. ¿Que está pasando no Salnés ou no Hospital da Barbanza? Calquera profesional, unha persoa coma min, estaría encantado de ir alí, porque está moi preto de Santiago, e hoxe chámanlle o “corredor da morte”, porque a xente, desde alí a Santiago, nese tramo, pode morrer. A xente non está satisfeita coa calidade asistencial que se dá nese centro, que podía ser modélico. E se un traballador tivera as condicións garantidas de estabilidade no emprego, quedaría alí e estaría mellor que nun macro hospital por dúas razóns fundamentais...

Pero, claro, por exemplo, vostedes non teñen a sensibilidade de homologar o tempo traballado nas fundacións para que unha persoa teña un certo incentivo para despois moverse, porque resulta que calquera que estea traballando nunha fundación está condenada a non ter a mesma puntuación que dentro da rede tradicional do Sergas. Incentiven por ese lado, paguen ben. ¿Como é posible que aquí se colla e que

isto...? *Gaceta Médica*, aquí aparece... O mercado: un anestesista, un pediatra, un xinecólogo, un cardiólogo; estamos pedindo. ¿Pero por que teñen que ser as fundacións sempre as nosas?

Eu supoño que haberá déficit diso, pero o déficit hai que corrixilo, porque se vostedes non teñen a cintura política e están esgotados, algo haberá que facer. ¿Como é posible que se teñan que pechar servizos por falta de facultativos? Haberá que formalos; igual non hai que facer cirurxiáns pediatras, porque resulta que non nacen nenos, pero igual hai que crear máis prazas de pneumólogos ou de cardiólogos, e iso compételles a vostedes; non vale dicir: “somos o mellor”, “outros están peor”. Evidentemente, pero é que estamos falando desde a óptica moi colaboradora e de poñer de relevo cales son as condicións.

Falaba vostede de que se crean postos de traballo. Mire, eu non ía falar da OPE, da consolidación, pero, miren, acaban outra vez de filtrar –por certo, saíu outra vez filtrado de dentro do Partido Popular–... Imos ter moito tempo de falar *jugosamente* do que está sucedendo nese proceso.

Mire, voulle adiantar unha cousa con respecto ás oposicións de médicos; é dicir, parece que todas as persoas que teñen un cargo dentro do Sergas, xeneticamente, están máis predispostas a ter unha puntuación moito máis elevada. (*Risos.*) Todos o opositores que leron ata o de agora teñen unha media de 81 puntos; a maioría está nun rango entre 76 e 84 puntos –estou falando da proba subxectiva que puntúa o tribunal, non do exame de galego, que foi tipo test–; todos os que foron puntuados con máis de 90 e ocupan postos directivos da consellería e fai unha descrición total. Isto é impresentable, porque non garda nin as formas. Oia, isto está aquí: nomes e apelidos, vinculación familiar, etc. ¿Volvemos ao mesmo de Ourense? ¿As familias prominentes son as que teñen máis facilidades para aprobar as oposicións? ¿Volvemos ao mesmo?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERREIRO ABELLEIRA: Entón –insisto–, señor conselleiro, eu creo que das miñas palabras non pode vostede interpretar ningún ánimo de acoso, senón todo o contrario. Falemos da situación que está a ocorrer na atención especializada e na atención primaria, establezamos medidas

correctoras. Non vale dicir que é produto da fatalidade, que os médicos non queren vir, que o director xerente cesado en Ourense di... Claro, é que ao Complexo Hospitalario de Ourense non quere vir ninguén, a xente vai voando e pasa para outra zona. Pois se se van voando, páguenlles vostedes ben ou póñanlles discotecas ou non sei qué teñen que facer, non me corresponde a min dicilo, eu estou neste momento na oposición. Nós estamos para colaborar na medida do posible, porque temos moitos flancos onde atacar e neste momento vostedes non están á altura das circunstancias, señor conselleiro. Estou dicindo que non vale dicir que “non foron os que se puxeron en folga de fame”, porque que tres facultativos médicos e un facultativo enfermeiro se poñan en folga de fame na rúa Bolivia, pasando todo o mundo por alí, eu coído que non é de recibo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERREIRO ABELLEIRA: É isto o que lle quero dicir; evidentemente, non negociaron eles, pero incentivárono e é o que está na mente de todo o mundo.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Ferreiro.

Ten a palabra o señor conselleiro de Sanidade para a rolda de réplica.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Hernández Cochón): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Cerviño, di vostede que o señor Ferreiro me obriga a min a vir aquí a falar disto. Eu veño aquí encantado falar deste tema, porque a verdade é que non ten nada que ver co que vostedes están a dicir; eu veño aquí con moito gusto. Pero vostede di unha cousa que me preocupa; di que “cando veñamos aquí discutir a moción...”. ¿A que moción se refire? ¿Ou é que é vostede o autor da iniciativa? ¿Agora vai obrigar vostede ao señor Ferreiro a facer unha moción con esta interpelación? É dicir, parece que é vostede o que manda sobre o señor Ferreiro e a cousa non é así.

Mire, para que vexa como son as cousas no resto das autonomías —as autonomías que neste momento están gobernadas por socialistas—, por exemplo, en Andalucía, nos

medios de comunicación, nos medios especializados, dise: “A situación na que se encontran os médicos eventuais andaluces contratados exclusivamente para facer quendas de atención continuada ou gardas médicas é penosa. Só cobran o valor da hora de garda, sen percibir soldo base nin ningún outro complemento retributivo” —cousa que non pasa aquí—. “O sindicato médico de Granada, que presentara estas demandas, congratúlase por estas sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía e subliña a ilegalidade da actuación do Servizo Andaluz de Saúde respecto a estes facultativos, aos que só mantén de alta os días que traballan, que non perciben pagas extraordinarias e que non gozan de vacacións”. Isto está recollido dunha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía; aquí non temos ningunha sentenza nese sentido.

Outra de Andalucía: “Manifesto de repulsa contra Vallejo, o *consejero* de Andalucía, dos colexios e dos sindicatos por actuar de forma prepotente, unilateral e de costas aos sanitarios andaluces durante a última lexislatura. Entre outras cousas, acúsano de maquillar as cifras de listas de espera diagnóstica e cirúrxica; de manipular os colectivos sanitarios e marxinalos; de fracasar en plans de programas de saúde bucodental para o neno e dos célebres equipos móbiles cirúrxicos; e critican a deterioración da asistencia pública”.

En Aragón —tamén do Partido Socialista—: “Os sindicatos de Aragón reclamáronlle ao Servizo Aragonés de Saúde que tome medidas urxentes contra os contratos lixo e en precario, que consideran especialmente graves nalgúns hospitais.” Di aquí que algo está fallando na xestión da sanidade aragonesa cando os médicos e outros colectivos sanitarios se ven obrigados a saír á rúa para reivindicar os seus dereitos; cando despois de dous anos as listas de espera seguen practicamente igual de avultadas; cando as urxencias nos hospitais se colapsan. Neste sentido, esixíronlle a Larraz, o *consejero*, solucións en lugar de conflitos; é dicir, parece que isto lle debe soar suficientemente.

Dígolle que a cotización continua é un feito, non veña outra vez con que traballan non sei cantos días e ao final cotizan... Antes cotizaban exactamente polo tempo traballado, como lle pasa a vostede, como me pasa a min e como nos pasa a todos. Agora cotizamos polo tempo traballado e mais polo tempo que non traballan; é dicir, temos a cotización continua.

O señor Ferreiro di non interprete esta interpelación —é o que dixó aquí— con ánimo de acoso. Eu xa sei que non é ánimo de acoso nin o interpreto así; non o interpreto de ningunha maneira porque, na zarapallada de cousas que dixó, non entendín absolutamente nada. Polo tanto, non o interpreto nin con ánimo de acoso nin con ningún outro ánimo.

Non sei que falaba vostede de *Benetton*, que ía a Taiwan a facer non sei que. Nós buscamos os médicos en Galicia, con leis españolas, non con leis de Taiwan. Porque se van a Taiwan é porque Taiwan ten unhas leis que permiten facer esas cousas. Aquí, as nosas leis non permiten facer ese tipo de cousas; facémolo con leis españolas e con leis galegas.

Di que non temos sensibilidade de valorar os méritos dos médicos das fundacións. Non é certo, valóranse; o que pasa é que sabe vostede que na OPE, que se rexe por unha lei que non é nosa e que temos que acatar, non o fan, pero nós facémolo e seguiremolo facendo.

Eu non quero falar da folga de fame, pero algún dos da folga de fame fixo manifestacións dicindo que se facía porque estaban en época preelectoral e recomendábanlle á xente de Vigo que os que pensaran votar ao Partido Popular votaran en branco. Se iso é unha folga profesional, que veña Deus e o vexa. É unha folga absolutamente política cando se fan ese tipo de manifestacións e, sobre todo, cando o que esixen é a colocación inmediata nun centro de saúde deles. Porque vostede, señor Ferreiro, que é profesional do Servizo Galego de Saúde, creo que non entrou facendo unha folga de fame para o que o meteran; creo que entrou facendo unha oposición, traballando arreo, estudando e demostrando os méritos, e iso é o que hai que facer.

Sabe que temos unha OPE; estou seguro de que algúns da folga de fame —non sei se todos— e moitos dos que animaban se presentaron á OPE, e os que souberan facer suficientemente ben os exercicios aprobarán e entrarán, e aos que non, pasaralles o mesmo que aos demais: non entrarán porque non fan os méritos suficientes.

Non se pode entrar pola porta falsa...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Hernández Cochón):..., hai que entrar como entrou vostede no Servizo Galego de Saúde ou como entrou o señor Cerviño, que tamén entrou pola porta pola que hai que entrar, non pola porta da folga de fame.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos ao punto sétimo da orde do día, que é de preguntas orais dirixidas aos membros do Goberno.

Alteración da orde do día

Quero comunicarlles que, estando de acordo as partes e comunicándoselle a esta Presidencia, despois da pregunta número 2, farase a pregunta número 6.

Pregunta de D. Pablo Xabier López Vidal, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as repercusións que terá na conservación dos postos de traballo da empresa Labauto Ibérica, de Ourense, a posible venda de 68.000 m² de terreo dos 106.000 que ocupa na actualidade

O señor PRESIDENTE: Para formular a pregunta, ten a palabra o señor López Vidal.

O señor LÓPEZ VIDAL: Grazas, señor presidente.

A urxencia da pregunta, aínda que o negocio xa está feito, vén motivada pola ausencia do Goberno de Galicia nesta cuestión e pola falta de sensibilidade. Estamos a falar da supervivencia de 400 familias que dependen e que traballan na empresa Labauto Ibérica, do Grupo Valeo. Estamos a falar da venda de 68.000 m² dun total de 106.000 que ten a parcela, e hai noticias que cuestionan a continuidade da produción desta empresa e o futuro —que é o que máis nos importa a nós— dos postos de traballo que existen na actualidade.

Desde o Executivo autonómico non se mostrou ningún tipo de interese por esta operación, que esconde un *pelotazo* urbanístico, baixo o noso punto de vista, ao que en Ourense, lamentablemente, xa estamos afeitos. Na provincia de Ourense carecemos de solo industrial, as empresas foxen cara a

outros países, por exemplo, a Portugal, e o Goberno de Galicia ou non se dá conta do que acontece... Cunha superficie de terreo considerable que está enclavada nun parque industrial, o máis importante da provincia de Ourense, foi froito dunha forte polémica, porque eses terreos no pasado pretérito foron conseguidos e, dalgunha maneira, saíron do erario público...

Parécenos inconcibible que en Ourense, na provincia da que falo, necesitada de empresas que se instalen neste territorio, para que a provincia e os seus cidadáns poidan seguir subsistindo, se permita a especulación con solo industrial baixo o paraugas da impotencia, da incompetencia ou –o máis lamentable– dunha omisión culpable. Como queira que estas operacións urbanísticas poñen en perigo os postos de traballo de preto de 400 familias de Ourense, é polo que lle preguntamos ao señor conselleiro de Innovación, Industria e Comercio cales son as repercusións que, segundo a Xunta de Galicia, terán os acontecementos antes descritos na conservación dos postos de traballo da empresa Labauto Ibérica, cando xa sabemos, no momento actual, que o negocio está feito.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor López Vidal.

Resposta por parte da Xunta de Galicia.

Ten a palabra o señor conselleiro de Innovación, Industria e Comercio.

O señor CONSELLEIRO DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO (Rodríguez Yuste): Grazas, señor presidente.

O señor preguntante fala de especulación, de *pelotazos* e de cousas así, que, naturalmente, de ser o caso, habería que probalo. Polo que atinxe á miña consellería, entendemos que a empresa, unha empresa privada, ten todo o seu dereito para, de ser o caso, monetizar activos que entenden que son inactivos, inútiles. Isto xa o coñece o comité de empresa e sabe que estes 68.000 metros cadrados non afectan para nada ao que é a nave industrial, son aparcadoiros ou comedores que terán o seu sitio sen que o establecemento industrial existente se vexa afectado.

O asunto do emprego é que a empresa lle manifestou ao comité de empresa, e en reunións coa miña consellería e coa

Consellería de Asuntos Sociais, que ten a intención de manter o emprego en 273 activos e que, polo de agora, non está absolutamente acordado o mantemento de 42 eventuais. O asunto probablemente sexa de axuste laboral, que é moito mellor que pechar unha industria.

A súa señoría seguramente sabe que esta empresa, que é unha empresa transnacional, con 128 centros no mundo, está a afectar o seu negocio, que son 10 segmentos de negocio, basicamente no cableado, que é unha actividade industrial de tecnoloxía media-baixa, con grande intensidade de man de obra. De feito, en Francia existen xa deslocalizacións da propia empresa a favor de Chequia.

Nós estamos a procurar, nos contactos que xa tivemos coa empresa, o mantemento do emprego, a oferta das axudas existentes, especialmente xenerosas no Plan Galicia, e, naturalmente, a posibilidade de encontrar novos segmentos de negocio alí mesmo. Polo tanto, o obxectivo é, a curto prazo, manter o emprego, e, a medio prazo, tratar de contribuír coa empresa para encontrar unha nova dimensión de futuro, para que o seu mantemento, que é o máis importante a medio prazo, signifique que esta industria permaneza en Ourense.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor conselleiro.

Réplica por parte do señor López Vidal.

O señor LÓPEZ VIDAL: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, congratulámonos. Como todos, estamos para defender os postos de traballo, porque son vitais para a nosa provincia, pero gustaríanos saber a canto se venderon eses terreos, canto diñeiro custaron. Polas informacións que nós temos, a 2.000 e a 3.000 pesetas, que logo foron revendidos por parte dunha empresa privada que está facendo un pingüe negocio nese polígono industrial a 8.000, e a 12.000 se eran parcelas de fachada. Aquí é onde está o gran negocio. ¿Por que a súa consellería ou a consellería do ladrillo do señor Núñez Feijoo non procedeu á compra deses terreos para incrementar o solo industrial neste polígono tan necesitado? Con iso, evitaríamos a fuxida de capital, a fuxida das empresas para outros países, e, sobre todo, consecui-

remos que os postos de traballo permaneceran en Ourense creando calidade de vida, que é o que nós queremos.

Nós consideramos que vostedes pechan os ollos diante dun escandaloso negocio e que o futuro que nos espera aos de Ourense, coma sempre, é emigrar. Vostedes serán os culpables.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor López Vidal.

Réplica por parte do señor conselleiro de Innovación, Industria e Comercio.

O señor CONSELLEIRO DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO (Rodríguez Yuste): Esta especie de vitimismo ourensán eu penso que debe ser xa superado. Afortunadamente, Ourense, na súa nova situación estratéxica, con infraestruturas tanto industriais como de tipo convencional, é unha oferta importante para o futuro. Esperamos unha resposta dos empresarios, pero, naturalmente, señorías, eu non podo facer agora causa deste famoso *pelotazo*, en primeiro lugar, porque non sei exactamente cales foron os prezos da compra e a venda; pero, sobre todo, porque non é unha cousa que teña en si mesma interese, fóra de que se é ilegal, debe ser, por suposto, denunciado. O importante é que Ourense ten unha nova dimensión do futuro e que ten que fuxir definitivamente deste tipo de vitimismo.

No caso concreto de Valeo, non migran as empresas porque non teñan dispoñibilidade de solo industrial, senón porque a propia actividade ten vocación deslocalizadora. No que temos que traballar todos é, basicamente, en que a nova implantación industrial en Galicia, que é o que estamos a facer, teña vocación de futuro, de permanencia. Este tipo de actuacións concretas de mantemento do emprego, lóxicamente, teñen unha enorme virtualidade e importancia a curto prazo, pero polo que temos que pelexar á parte é por que toda Galicia –en particular, Ourense– aproveite as súas novas posibilidades, como están a ser aproveitadas no caso de Möllertech, no caso de Hispamoldes, no caso de Coasa, etc., e moitas empresas de vocación de futuro.

Traballaremos, naturalmente, dentro das nosas competencias, no mantemento do emprego e na oferta a esta propia

empresa para que aproveite as axudas para que dimensione mellor a súa explotación e, eventualmente, acolla novos segmentos de negocio dentro dos 10 segmentos de negocio da transnacional Valeo. Iso é o que estamos a facer modestamente dentro de competencias que non son de empresa pública, senón de privada, e, polo tanto, con toda discreción e con toda a mellor vontade, como fixemos no caso de Italtel.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. Emilio López Pérez, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posible venda por parte da Xunta de Galicia do patrimonio das cámaras agrarias

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor López Pérez.

O SEÑOR LÓPEZ PÉREZ: Señor presidente, señor conselleiro, esta pregunta está condicionada por tres feitos previos. Un, que a Lei de cámaras agrarias vixente ten dentro das súas explicacións para o uso do patrimonio unhas cláusulas moi precisas que din que este patrimonio agrario, adquirido das cámaras agrarias locais ou provinciais, será para destinos e usos agrarios. Outro condicionante é que esta pregunta ía ser feita no pasado pleno, pero trasladouse para este. Agora mesmo, hai un terceiro condicionante ou aspecto, e é que onte houbo unha xunta dos sindicatos agrarios cos portavoces dos grupos parlamentarios e co señor conselleiro de Política Agroalimentaria, na que se abriu un proceso de negociación que, entre outros aspectos, incluía tamén o destino futuro deste patrimonio adquirido das cámaras agrarias. Por outro lado, tamén hai xa unhas normas polas que a Xunta tamén pode liquidar este patrimonio.

Desde logo, desde o BNG, nós non queremos interferir neste proceso, senón colaborar, como onte manifestamos, con este proceso de negociación para que o patrimonio teña o mellor uso posible e para que a representación dos sindicatos agrarios e o seu entendemento coa Administración sexa a mellor posible. Neste momento, nós queremos saber se hai boa disposición para seguir nestas negociacións, en tanto en canto que é un patrimonio público e que partimos dunha historia na que, dalgún xeito, foi usurpado dos usos para os que debía ser utilizado.

Tamén se falou onte –supoño que o señor conselleiro me contestará– dunha posible negociación na que participaría

tamén a Consellería de Economía e Facenda, e queremos saber como é lóxico –tal e como lle manifestabamos onte ao señor conselleiro de Política Agroalimentaria–, se este proceso vai ser o suficientemente transparente. Por iso nós, na pregunta, queríamos saber se xa existe e se se nos pode entregar... Xa sabemos que existen uns trámites regulamentarios, pero queremos saber se se pode ir coñecendo unha valoración que non sexa a de 1983, senón unha valoración e un inventario actualizado deses bens, e, unha vez coñecido ese inventario, se pode ser contrastado por algún outro organismo como o Consello de Contas.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor López.

Resposta por parte da Xunta de Galicia.

Ten a palabra o señor conselleiro de Economía e Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E FACENDA (Orza Fernández): Grazas, señor presidente.

Señorías, como é coñecido, en primeiro lugar, hai que recordar que a Lei 11/1995 de presupostos xerais, na súa disposición adicional 7, establece que as 310 cámaras agrarias existentes pasen a integrarse no patrimonio da Comunidade Autónoma. Este patrimonio –como é coñecido– quedaba adscrito –así foi recordado polo preguntante–, en principio, á Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, agás que procedera a súa reversión ou que se considerara oportuna a súa desafectación para unha posterior cesión do uso a concellos, organizacións profesionais agrarias ou outras entidades públicas ou privadas sen fin de lucro, ou mesmo para un proceso de alleamento, sempre por iniciativa e de acordo coa Consellería de Agricultura. Como é obvio e lóxico, as actuacións de Economía están sempre coordinadas coa Consellería de Agricultura, como non pode ser menos.

Por outra banda, hai que ter en conta de que estamos a falar. Estamos a falar de que as 310 cámaras agrarias, que se disolveron ou se extinguiron, tiñan 715 inmobles incorporados ao patrimonio da Comunidade Autónoma como consecuencia da súa disolución. Deses, 127 eran inmobles alleos,

que estaban alugados ou que estaban en precario, e había 578 inmobles en propiedade, dos que 269 eran edificacións –locais, almacéns– e 319 terreos.

En cuarto lugar, ¿cal é a situación de todo isto, nestes momentos, desde o punto de vista da información de patrimonio? A situación dos inmobles de titularidade allea, en definitiva, os que estaban alugados ou en precario, está definitivamente resolta. Respecto das edificacións, todas as solicitudes que resultaban atendibles, efectuadas polos concellos, de cesión de uso de inmobles, de edificacións e de reversións, foron tramitadas; unicamente quedan pendentes aquelas peticións que non poden ser obxecto de tramitación por algún problema aínda non resolto. En definitiva, esa é a cuestión principal.

Polo que se refire á situación dos terreos –non edificacións–, respecto do patrimonio formado por eles, a solución que se considera razoable dentro da legalidade que afecta a este patrimonio, e sempre de acordo cos usos que poidan ser máis axeitados desde o punto de vista da súa finalidade agraria, parece aconsellar, nalgún momento, o seu alleamento. Isto, dalgunha forma, estase facendo como unha primeira fase, ou inténtase facer unha primeira fase para determinadas...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E FACENDA (Orza Fernández):... –si, remato– parcelas que afectan a algúns concellos, como A Baña, Santiago de Compostela e Padrón, e farase todo mediante poxa pública.

En todo o demais, seguiremos traballando.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Réplica por parte do señor López Pérez.

O SEÑOR LÓPEZ PÉREZ: Señor conselleiro, quedame sen contestar a pregunta que lle facía, e, como comprenderá, é básica. É dicir, podemos falar das cámaras agrarias de Lugo, de 200 ou 300 millóns de pesetas en 1983, pero nestes momentos, ao falar de todos eses inmobles, estamos falando de grandes cantidades e é patrimonio público de todo o mundo.

Por outra banda, vostede recoñeceu que a reversión pode ser a entidades particulares, a concellos, pero tamén a entidades agrarias. Vostedes andaron moi apurados a entregárllelas aos concellos, sobre todo onde había concellos do PP, e preguntome eu onde están os dereitos das entidades agrarias, sexan organizacións sindicais, sexan cooperativas, sexan sociedades.

Entón, efectivamente, dentro desta negociación, polo menos, habería que plantexarse dúas ou tres cousas. En primeiro lugar, coller e ter unha valoración para que os organismos públicos –incluído este Parlamento– coñecesen cal é realmente o valor patrimonial. Non é entendible, señor conselleiro –supoño que mo dirá agora–, que o conselleiro de Economía e Facenda non saiba o valor patrimonial de todos estes inmobles. En segundo lugar, se hai un proceso de negociación, tamén se entende que dentro dese proceso de negociación habería que mirar os usos, aínda que estean neste momento destinados a usos dos concellos; non ten ningún sentido –no ámbito rural, sobre todo– deixar uns inmobles a disposición dun concello sen que poidan participar outras entidades agrarias, que por lei teñen dereito a participar do uso deses inmobles. Ese sería outro aspecto que sería necesario. E, en terceiro lugar, se vai haber unha poxa, unha venda pública, de bens urbanos, sobre todo na Baña, en Compostela e en Padrón, que teñen certo valor, tamén se debería negociar e falar. E nós non entendemos por que non se contrasta máis todo este proceso.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Réplica do señor conselleiro de Economía e Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E FACENDA (Orza Fernández): Eu, señor presidente, señoría, quero repetir de novo que estamos nun proceso que se está a facer coordinadamente coa Consellería de Agricultura. Quero deixar claro que o alleamento, se é o caso, farase mediante poxa pública, e que estamos, simplemente, ante unha primeira fase. Pensamos que esta pode ser, se non a única, probablemente a mellor forma de cumprir os fins agrarios que se lle postula a ese patrimonio, que está formado, basicamente, neste caso do que estamos a falar, por terreos e sobrantes da concentración parcelaria.

En calquera caso, e como é lóxico, a poxa pública esixiría unha valoración previa e estase a facer esa valoración en condicións de mercado. Polo tanto, para poñer en marcha esa poxa pública é necesario saber cal pode ser o valor de mercado destas parcelas. Cremos que isto se está a facer con exquisito cumprimento da normativa legal vixente e que está garantido o cumprimento dos usos e dos fins agrarios, porque se garante, e así se establece, que o importe dos alleamentos xerará crédito na Consellería de Agricultura para fins precisamente agrarios.

Polo tanto, entendemos que o proceso que se está a poñer en marcha é impecable, desde o punto de vista xurídico, e é a mellor forma de cumprir os fins agrarios que se pretenden para estas parcelas. En calquera caso, isto non esgota as posibilidades abertas, é unha primeira fase. Hai moitas outras parcelas sobre as que aínda non se tomou unha decisión e esa decisión non ten porque ser necesariamente de alleamento ou de venda, senón que pode ser de cesión. Iso, obviamente, será algo que se fará de acordo coa Consellería de Agricultura e coas negociacións que, no seu caso, se establecesen e se acordasen entre a Consellería de Agricultura e as representacións agrarias.

En definitiva, señor presidente, paréceme que con isto se dá unha resposta, creo que adecuada e cumprida, ás inquedanzas do señor interpelante.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. Xesús Manuel Veiga Buxán, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as iniciativas adoptadas polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referente á esixencia do Goberno central dunha programación orzamentaria plurianual dos novos investimentos previstos no Plan Galicia

O señor PRESIDENTE: Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Veiga Buxán.

O señor VEIGA BUXÁN: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor conselleiro, o pasado 21 de outubro de 2003, con motivo da realización do chamado Debate do estado da auto-

nomía, aprobouse unha resolución que di, literalmente, o seguinte: “O Parlamento insta a Xunta de Galiza a reclamar do Goberno central que se realice unha programación plurianual dos investimentos novos previstos no chamado Plan Galiza, cuantificados en 5.200 millóns de euros, na que indique o horizonte temporal de execución de cada unha das infraestruturas previstas, así como a dotación anual correspondente en cada caso”. Esta resolución foi consecuencia dunha iniciativa do noso grupo parlamentario, que contou co voto favorábel do Grupo Popular.

Pasados catro meses desde a aprobación desta iniciativa parlamentaria, nós queremos saber que iniciativas realizou o Goberno galego para facer efectiva esta encomenda que lle fixo o Parlamento. Queremos sabelo porque, en primeiro lugar, é unha obriga do noso grupo –do grupo maioritario, diría eu, e por consecuencia, tamén do Goberno galego– atender, ter en conta e cumprir as resolucións deste Parlamento. Pero é que tamén consideramos conveniente –imprescindíbel, diría eu– saber estas circunstancias sobre o chamado Plan Galiza, porque, precisamente, isto que se pide aquí é o que pode dotar de credibilidade ese plan. A credibilidade de calquera plan gobernamental non reside só no texto no que este foi aprobado; lémbrese que no caso do Plan Galiza é un texto, non legal, senón derivado dun acordo dun Consello de Ministros. Só será críbel, entre outras razóns, se hai unha previsión plurianual de concreción deses 5.200 millóns de investimentos novos contemplados no plan.

Nós xa sabemos que unha cousa son as previsións e logo o que finalmente se realice; somos comprensíbeis con esa situación, non pedimos a exactitude total. O que si pedimos é un horizonte orzamentario temporalizado para este plan, porque, ademais, só así un grupo da oposición –como é o noso caso, mentres esteamos na oposición– será quen de controlar a execución dunha iniciativa gobernamental. Non hai outra forma de facelo, agás que consideremos que é suficiente cunhas proclamas emitidas desde o Goberno dun determinado país. Iso non forma parte da lóxica democrática, por iso lle plantexamos a pregunta, que non lla reitero porque vostede xa a coñece.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Veiga Buxán.

Ten a palabra o señor conselleiro de Economía e Facenda para a resposta por parte da Xunta.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E FACENDA (Orza Fernández): Señor presidente.

Señor Veiga Buxán, efectivamente hai un acordo do Parlamento de Galicia, a iniciativa do BNG e apoiado polo Grupo Parlamentario Popular, respecto da plurianualización do Plan Galicia en canto aos investimentos novos. Convén dicir que, antes dese acordo –e, por suposto, tamén despois–, abórdouse esta cuestión coa Administración central en tantas ocasións como foi oportuno e posible, e así o seguiremos facendo. Con independencia disto, formalmente remitiuse ao Ministerio de Facenda o acordo deste Parlamento para a súa consideración para os efectos orzamentarios, e remitiuse xa no mes de xaneiro, se non lembro mal.

A segunda reflexión que a min me parece oportuna facer é que o Plan Galicia, certamente, é unha oportunidade; así mesmo o acaba de recoñecer vostede, cando di que estas planificacións terán maior credibilidade na medida en que aparecen cuantificadas orzamentariamente. É evidente que é unha oportunidade que non podemos desaproveitar. Eu entendo que coloca a Galicia nunha situación de primeiro nivel, resolvendo definitivamente a súa articulación interna e tamén co resto de España e de Europa e con Portugal. E fai de Galicia un territorio, aínda se cabe, máis competitivo para a actividade produtiva e para a localización desta actividade no noso territorio.

A seguinte reflexión é que o Plan Galicia é unha realidade en marcha, que anticipa e engade certeza aos investimentos programados. Todos se atopan nalgunha fase de execución, das diferentes que unha obra desta natureza require, e as seguintes íranse producindo, como é lóxico. Certamente, prevé e programa un ambicioso plan de novas infraestruturas, anticipando –por así dicilo– o que puidera ser o programa de infraestruturas territorial que ha de seguir ao que está en marcha, por 5.200 millóns. É tamén conveniente dicir neste momento que a meirande parte destes investimentos, ou destas iniciativas, iniciaron xa algunha das súas fases, o que permitirá, polo tanto, recortar prazos nos momentos posteriores.

En definitiva, señor presidente, desde o punto de vista da súa execución, penso que é importante a execución ao maior ritmo posible. As actualizacións ou as anualizacións futuras serán máis fáciles de cuantificar e de orzamentar, a medida

que se vaian achegando ás fases de adxudicación de proxecto e obra ou de adxudicación de execución material da infraestrutura. En calquera caso, ten sentido a resolución aprobada neste Parlamento e ten sentido que nos ocupemos desta cuestión, porque é un tema importante para Galicia, no que estamos comprometidos e no que desexamos aproveitar calquera ocasión para insistir.

Os esforzos decisivos hai que facelos no momento en que, en definitiva, tecnicamente a obra...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E FACENDA (Orza Fernández):... estea en condicións de poder ser executada, que é cando requirirá maiores contías orzamentarias.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Ten a palabra o autor da pregunta, o señor Veiga Buxán, para a réplica

O señor VEIGA BUXÁN: Si, señor presidente.

Señor conselleiro, permítame que lle diga que vostedes, como Goberno galego, durante estes anos, a respecto do Goberno central, non cumpriron aquela recomendación que se contiña na epístola de san Paulo aos Efesios, que dicía: “Insiste con ocasión e sen ela”. Vostedes non foron, seguramente, un exemplo nese sentido. Fíxese que xa os orzamentos xerais do Estado para 2004 non conteñen, precisamente no relativo ao chamado Plan Galiza, a programación plurianual orzamentaria. Non a conteñen, polo cal, quérolle dicir unha cousa: é un problema ou unha eiva a respecto do que poida suceder no horizonte político do Estado español a partir do 14 de marzo, porque calquera que sexa o resultado electoral, calquera goberno que veña no futuro, se tivera unha programación plurianual feita nuns orzamentos xerais do Estado para 2004, aínda que non teña unha vinculación xurídica plena para ese novo goberno, sen dúbida é máis duro para ese novo goberno alterar unha previsión orzamentaria que facer uns novos orzamentos, cando os anteriores carecían por completo de tal previsión. Iso xa é unha eiva que será atribuíbel ao último Goberno do señor Aznar.

De todas as maneiras, quérolle dicir unha cousa sobre isto de remitir formalmente o acordo no mes de xaneiro. Vostedes co Goberno central non deberían de utilizar o correo postal nin o correo electrónico nin o fax, por suposto. O contacto político, a interlocución política, é outra cousa, señor conselleiro. Eu estiven hai pouco nunha comisión mixta de transferencias –como antes aludiu o conselleiro da Presidencia– e puíden decatarme de que a señora ministra de Administracións Públicas non coñecía determinada documentación básica deste Parlamento ou do Goberno galego, e díxolle a unha colaboradora: “Conteste vostede a isto que está plantexando este deputado”. Entón, permítame que lle diga que, en todo o papelorio da Administración central, como todo o que vostedes fagan sexa remitir o acordo parlamentario, que Deus nos colla confesados.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Réplica do señor conselleiro de Economía e Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E FACENDA (Orza Fernández): Señor Presidente.

Señor Veiga Buxán, é evidente –xa o dixen ao principio da miña primeira intervención– que antes desta resolución –e, por suposto, despois– fixeramos actuacións, seguimos facéndoas e seguiremos a facelas neste sentido co Goberno central –como dicía vostede–, *opportune et inopportune*, en todo tempo e lugar. E seguiremolo a facer porque é unha cuestión fundamental. Nós cremos no Plan Galicia, apostamos polo Plan Galicia; cremos que as resolucións, desde o punto de vista infraestructural, sobre as necesidades que aínda ten plantexado Galicia teñen aí solución e non hai que estar inventando novos plans e programas, sobre todo se eses plans e programas ofrecen menos do que temos nestes momentos en marcha. Diso saben os señores do Grupo Socialista algo pero non é o momento de entrar nesta cuestión para non desviar o tema.

Non se trata de substituír un plan que é completo e ambicioso por outro que, en definitiva, non o é tanto, e que poñería en risco que se puidera levar adiante calquera plan, nin este nin o que vén. En calquera caso, está sendo o momento de apostar e de intentar sacar adiante o actual Plan Galicia. Estámolo a facer e insistiremos, oportuna e inoportunamente, en que todas as fases se vaian executando no menor prazo posible.

En segundo lugar, a periodificación, a anualización e a plurianualización teñen sentido cando hai unha adxudicación de proxecto de obra, porque, entón, o que hai é, contablemente, un compromiso –un AD, como se adoita dicir–, e, obviamente, vaíse trasladar xa a exercicios futuros. Esa si que é unha programación e unha anualización de gran transcendencia e de grande importancia. Calquera outra non pasa de ser unha previsión, que, en definitiva, non tería ningunha virtualidade presupostaria nin contable nin xurídica. O importante é que as fases previas, inevitables e necesarias para chegar á fase de adxudicación de proxecto de obra, se cubran, porque son inevitables e levan un tempo non pequeno. Esa é a cuestión fundamental. Mentres esas fases non se cubran, non se superen, dificilmente poderemos estar nestas últimas. Polo tanto, é importante seguir insistindo nesta cuestión.

Por outra parte, é importante que non se atrase –se é posible tecnicamente e se se esgotaron as fases previas– a fase de redacción ou de adxudicación do proxecto de obra, porque é neses momentos, precisamente, cando pode e debe de aparecer a vinculación presupostaria plurianualizada, pois estes proxectos non se fan...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E FACENDA (Orza Fernández):..., como vostedes saben, en seis meses, senón que se necesita máis dun ano, na maior parte dos casos, para levalos adiante.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D.^a Margarita Pérez Herraiz, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para a prevención da violencia de xénero e a protección das vítimas

O señor PRESIDENTE: Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Pérez Herraiz.

A señora PÉREZ HERRAIZ: Señora conselleira, o Servizo Galego de Igualdade non ten información na súa páxina web sobre o número de mulleres asasinadas. Segundo o Instituto

da Muller, o ano pasado morreron en Galicia tres; segundo o Observatorio de Violencia, oito. Sempre demasiadas.

Tanto en medidas preventivas como de apoio estase a avanzar moi lentamente e o pouco que se avanza é por responsabilidade e iniciativa estatal. A orde de protección é, en principio, unha boa ferramenta, pero é necesario, para a súa efectividade, que se lle destinen máis recursos. En Galicia non hai ningunha oficina xudicial de atención ás vítimas; para a atención psicolóxica, aínda non está firmado o convenio; e, sobre todo, é moi escaso o persoal dos distintos Corpos e Forzas de Seguridade, o que é, á vez, é determinante para a falla de seguridade das vítimas.

Sobre as medidas preventivas, facer unha guía para o sistema educativo é pouco. Hai que buscar formas máis activas de traballo nos centros escolares. Sabe vostede que son moi escasos, especialmente, os recursos sociais de apoio, o traballo nos distintos barrios e coas familias que teñen problemas. Xa sei a dificultade que ten conseguir efectivizar a necesaria transversalidade para desenvolver as competencias que vostede ten, especialmente, no que respecta á familia e igualdade, pero, sobre isto, a responsabilidade é de todo o Goberno. Estanse adicando –repite– moi escasos recursos aos servizos sociais de base.

O Plan de acción 2002-2005 sobre a violencia de xénero ten case só boas intencións e as poucas cuestións concretas que tiña na súa maioría non se desenvolveron. Por exemplo, ten unha que di: “Presentación inmediata das Forzas de Seguridade ante a solicitude da vítima no domicilio, lugar de traballo e lugar frecuentado pola vítima”. Non obstante, no protocolo que acaba de firmar a súa consellería e a de Xustiza, na cláusula 3.2 di que “a Policía autonómica, en casos de gravidade e urxencia, en función dos recursos dispoñibles, se encargue de levar a cabo as actuacións, etc.” A pesar de referirse a casos de gravidade e urxencia, supéditao aos recursos dispoñibles. Estamos a falar de vida e morte. Polo tanto, debería ser un tema prioritario, por unha banda, e, pola outra, deberíanse incrementar os recursos dispoñibles para non ter problemas. Temos que incentivar a posibilidade de que as vítimas denuncien, e a súa seguridade é de especial responsabilidade despois para todos.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Pérez Herraiz.

Para a resposta por parte da Xunta de Galicia, ten a palabra a señora conselleira de Familia, Xuventude e Voluntariado.

A señora CONSELLEIRA DE FAMILIA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO (Rojo Noguera): Moitas grazas, señor presidente.

Eu, en primeiro lugar, o que quixera dicir é que non lle caiba a máis mínima dúbida de que a Xunta de Galicia está absolutamente comprometida na erradicación deste problema. Para estes efectos, queremos incidir, fundamentalmente, en tres cousas –que creo que xa manifestamos nalgunha ocasión–, que son prevención, intervención e integración.

Teño que comezar tamén por sinalar, con datos na man, que vostede sabe perfectamente que nunha porcentaxe elevadísima, no 75% dos casos de mortes por violencia doméstica, ás veces non hai coñecemento por parte de ningunha institución da existencia de malos tratos previos no ámbito familiar. Por iso é importantísimo incidir no tema da concienciación, é dicir, en concienciar as mulleres da necesidade de denunciar desde o primeiro momento os casos de violencia, porque non é posible que neste 75% dos casos non teña habido antes do asasinato episodios violentos por parte dos maltratadores. Por iso, en primeiro lugar, está a necesidade imperante de denunciar.

En relación coa orde de protección, vostede sabe que podemos estar a falar dun antes e dun despois no tema da protección. É certo que é unha iniciativa do Goberno central, pero implica de xeito moi directo as comunidades autónomas, e hai moitas medidas que se poden tomar desde aquí, e moitas veces, de feito, son diferentes nunhas comunidades autónomas e noutras. Desde o 1 de agosto, o que si é certo é que as mulleres teñen un instrumento lexislativo integral para acollerse a un grupo de medidas, tanto de carácter civil como de carácter penal. En Galicia –polos datos que temos–, en concreto, acordouse un 78% das solicitudes que se presentaron para acollerse a estas ordes de protección; isto é unha mostra do éxito que supón esta medida, que está sendo utilizada –hai que dicilo– cada vez máis polos xuíces e polas xuízas dunha maneira máis xeneralizada.

Desde o SEI, a implantación desta orde –como lle dixen– ten como resultado que moitas accións temos que tomalas

dentro da Comunidade Autónoma. En primeiro lugar, está a designación dun punto de coordinación, que neste caso é o SEI –o Servizo Galego de Igualdade–, onde as vítimas da violencia poden acollerse en principio, isto é, como punto de partida e de coordinación das distintas administracións que están implicadas.

En relación con este tema, a min gustaríame facer tamén un pequeno relato da actividade que fixemos, que estamos a facer e que imos facer. É certo –como dicía– que o Servizo Galego de Igualdade se configurou como punto de coordinación, e é certo tamén que asinou un convenio coa Consellería de Xustiza para a atención á protección das mulleres, cunha serie de medidas –algunhas delas xa se puxeron en práctica–. Así, por exemplo, como consecuencia deste protocolo, vostede tamén recordará que, hai moi pouco tempo, o conselleiro de Xustiza firmou un convenio co Consello Galego da Avogacía, precisamente, para fixar unha quenda de oficio específica e de atención xurídica ás mulleres vítimas de violencia, concretamente o 9 de xaneiro deste ano. Asinouse tamén un convenio específico co Instituto da Muller para o tema da inserción laboral, é dicir, un programa dirixido a mulleres vítimas de violencia, co obxectivo de formalas...

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora CONSELLEIRA DE FAMILIA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO (Rojo Noguera): Teño que dicir tamén que imos firmar nos próximos días, o 6 de marzo, un convenio co Colexio de Psicólogos, e que imos firmar tamén...

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora CONSELLEIRA DE FAMILIA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO (Rojo Noguera): Na réplica tratarei de continuar.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Réplica da autora da pregunta.

Ten a palabra a señora Pérez Herraiz.

A señora PÉREZ HERRAIZ: Señora conselleira, estamos de acordo en que temos unha especial responsabilidade sobre a

seguridade das poucas mulleres que denuncian. Por unha parte, está ese feito; por outra, a ver se conseguimos que denunciem –se é posible– todas. Vostedes mesmos, no protocolo que firmaron coa Consellería de Xustiza, polos termos en que o redactaron, recoñecen a escaseza dos efectivos dos que dispoñen para prestar atención. Esta é unha limitación moi importante.

Por outra banda, recórdolle que moitas das cuestións que estaba previsto desenvolver no plano de acción aínda non se desenvolveron, como, por exemplo, o protocolo sanitario; un acceso especial á vivenda; o acceso rápido ás unidades de saúde mental; o apoio psicolóxico; a asesoría xurídica, que ata o de agora non era completa –esperamos que agora co novo convenio se firmase isto ben firmado–; a xestión da Risga, da que comprometera que se axilizaría a xestión, empezou a axilizar a xestión por iniciativas especiais... Repito que é fundamental, na miña opinión, que consiga vostede a maior implicación doutras consellerías, especialmente da Consellería de Asuntos Sociais, e tamén a de Educación, para este protocolo que dicía da Consellería de Sanidade.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Réplica da señora conselleira de Familia, Xuventude e Voluntariado.

A señora CONSELLEIRA DE FAMILIA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO (Rojo Noguera): O que lle estaba a dicir, á parte do convenio de psicólogos para o que temos xa data de firma, é que imos asinar inmediatamente coa Consellería de Asuntos Sociais e tamén coa de Xustiza é un protocolo de actuación para, no momento en que unha muller se acolla á orde, compatibilizar e coordinar, de feito, todas as medidas que se poñen en marcha.

Ademais, o que imos facer é que o Centro de Información e Asesoramento á Muller –que está situado na Coruña, que é un centro de información de vinte e catro horas– sexa o centro receptor, o centro a partir do cal, unha vez que o xuíz dá a información, se poñen en marcha todas as medidas que implican as distintas consellerías. Desde ese centro, tamén se vai facer un seguimento personalizado do caso de cada unha das mulleres.

É certo que sempre fan falla máis recursos. A min gustárame sinalar que do presuposto total do Servizo Galego de Igualdade, incluído o capítulo I, de gastos de persoal, estamos a dedicar máis do 17% do presuposto a temas e accións que están incluídos dentro do Plan contra a violencia, independentemente doutras accións coordinadas con outras consellerías. É certo tamén que –vostede sábeo–, incluso dentro do propio Plan contra a violencia de xénero, hai un presuposto global estimado, penso que bastante importante, para acadar en catro anos. Polo tanto, aí temos posibilidades de continuar aínda con accións.

En relación coa Consellería de Educación, vostede sabe tamén que colaboramos desde o Seminario Permanente de Educación para a Igualdade e que hai pouco acabamos de facer dúas publicacións en relación co profesorado, tanto de ensinanza primaria como secundaria, porque cremos que é importantísimo incidir no tema da educación. De feito, publicamos tamén unha guía, *Como previr as agresións e defenderse delas*, para rapazas.

No tema de vivenda, o conselleiro de Política Territorial está comezando a facer un esforzo tamén. De feito, está a poñer en práctica xa algunha medida con algúns concellos para a construción de vivendas, en concreto, dirixidas a mulleres que sofren violencia.

Vostede sabe que as cifras oficiais son unicamente as que dá o grupo de traballo sobre violencia doméstica do Servizo de Inspección do Consello Xeral do Poder Xudicial. É certo que no caso dos datos de 2003 se recollían oito casos, pero eses oito casos eran de violencia, non só da familia; deses oito casos, soamente catro se referían a mortes de mulleres a mans dos seus cónxuxes ou das súas parellas, pero o resto, as outras catro, eran... Por exemplo, un dos casos que se contemplaba na estatística era o caso da nena do Carballiño, é dicir, non eran só datos estatísticos en relación coas mulleres.

O que si é certo é que hai moitísimas cousas que aínda podemos poñer en marcha e que estamos a poñer. Impórtanos moitísimo o tema da transversalidade, porque son recursos engadidos á nosa consellería. Tamén é certo que con todas estas iniciativas non podemos garantir ao cento por cento o tema, pero si temos moitas esperanzas postas na orde

de protección, que está a dar bos resultados, de feito, os últimos datos din que ningunha muller sometida á orde de protección sufriu ningún maltratamento nin houbo ningunha morte. Polo tanto, esa é unha medida esperanzadora. Deste xeito, simplemente quero engadir que non imos escatimar nin medios nin esforzos.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora conselleira.

Pregunta de D. Emilio López Pérez, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre un auto recente do Xulgado de Monforte de Lemos respecto das obras realizadas no antigo mosteiro de San Vicente do Pino e o seu contorno monumental

O señor PRESIDENTE: Para formular a pregunta, ten a palabra o señor López Pérez.

O SEÑOR LÓPEZ PÉREZ: Moitas grazas, señor presidente.

Imos preguntarlle ao Goberno pola destrución de elementos construtivos e arquitectónicos inventariados e de interese cultural no mosteiro de San Vicente do Pino e no pazo dos Condes de Lemos, que está alí ao lado, en Monforte de Lemos.

Imos partir dos feitos, das cualificacións máis suaves que tiveron estes feitos durante moito tempo. É certo que moitas destas alteracións, desde un punto de vista técnico, merecen unha valoración negativa; así figura no último informe elaborado polos peritos da Real Academia de San Fernando –(letras a), b) c), e) g) e i)–, en relación ao mosteiro de San Vicente do Pino. A máis relevante é a substitución da antiga escaleira de honra para colocar unha escaleira de servizo con ascensor. Esta alteración, desde o punto de vista técnico, non é adecuada, porque non era inevitable para as necesidades do edificio.

Cualificación negativa merecen, así mesmo, a alteración da escaleira do antigo refectorio e a antiga sala capitular, e as transformacións na sancristía vella. Tampouco é correcto, de acordo cos peritos, o peche, mediante tabique, do arco que remata a escaleira de honra, nin a renovación das cubertas do edificio substituíndo a antiga estrutura de madeira por

forxados mixtos, nin a eliminación da antiga cisterna exterior. Por último, tampouco se valora positivamente a cuberta do edificio anexo construído no horto monástico, xa que é disonante co conxunto.

Máis críticas merecen as alteracións no pazo dos Condes de Lemos. Moitas delas realizáronse para dar un acceso ao aparcadoiro subterráneo da primeira planta do pazo. Estas alteracións, de acordo co informe pericial... –perdón, é que está en castelán e estou traducindo–, “podían terse evitado e dar unha solución máis adecuada, pero non supoñen a desaparición do edificio”. ¡Só faltaba!, foi o único que lle faltou, neste caso. Seguen os feitos e dise tamén despois: “Non obstante, o mosteiro de San Vicente do Pino e o palacio dos Condes de Lemos pertencen ao núcleo urbano de Monforte de Lemos. Así consta no folio 42 da causa e na certificación do secretario do Concello de Monforte, no que se constata que tales inmobles se atopan na delimitación física do núcleo antigo de Monforte de Lemos, zona antiga que o Decreto 445/73 declarou conxunto histórico artístico de carácter nacional. Con base en tal declaración, está inscrito no Rexistro Xeral de Bens de Interese Cultural do Patrimonio Histórico Español”. En conclusión, estamos en presenza dun conxunto de interese cultural, que é o núcleo antigo de Monforte de Lemos, en cuxo perímetro se atopa o mosteiro de San Vicente do Pino e o pazo dos Condes de Lemos. Para que se poida falar de infracción penal é necesario que a obra afecte a edificios singularmente protexidos.

Polo tanto, o primeiro que hai que analizar é a protección que lles outorgan as leis aos edificios...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O SEÑOR LÓPEZ PÉREZ:... –estou rematando, señor presidente– sobre os que recaen estas. A Lei 8/1995, do 30 de outubro, de patrimonio cultural de Galicia cualifica os bens integrantes de tal patrimonio de interese cultural e catalogaos.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor López.

Ten a palabra o señor conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública para a resposta por parte da Xunta de Galicia.

O señor CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Pita Varela):

Moitas grazas, señor presidente.

Aquí o que se pregunta é cando ten pensado a Xunta de Galicia incoar o expediente de declaración de ben de interese cultural. Nestes momentos, señor López, non está previsto. Estase estudando, dado que se pode declarar ben de interese cultural, como vostede sabe, calquera ben individual que teña valores histórico-artísticos, conforme di a Lei de patrimonio cultural de Galicia, do ano 1995. A solución que lle parece mellor ao Goberno de Galicia é que se realice un plan especial de protección do conxunto histórico que estableza con claridade o nivel de protección integral, estrutural e ambiental destes inmobles, e que recolla os criterios de intervención, os materiais que se deben empregar, os usos, etc. As competencias para redactar as figuras de planeamento, entre as que se atopan os plans especiais de protección, correspóndenlles en exclusiva aos concellos, como vostede sabe tamén. A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura non recibiu ningunha documentación que faga constar oficialmente que o actual Goberno municipal de Monforte estea a traballar na elaboración do planeamento que lle estou referenciando.

Polo exposto, non parece oportuno que a Xunta de Galicia incoe nestes momentos ningún expediente, en tanto en canto non se aprobe o plan especial, que protexerá non só estes inmobles, senón todos os do conxunto histórico de Monforte de Lemos. Pero, ademais, eu quería dicirlles –non só a vostede, que o debe de saber– a todos os deputados que se atopan na Cámara que antes da restauración os inmobles dos que estamos a falar eran ruínas.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor conselleiro.

Ten a palabra o señor López Pérez para a réplica.

O SEÑOR LÓPEZ PÉREZ: Polo prestixio da nosa cultura, da nosa arquitectura e do patrimonio do que estamos a falar, a única ruína que pode haber aquí é o Goberno do señor Fraga. O mosteiro do que estamos a falar non é ningún inmovible en ruínas. Polo menos, cando saia vostede a falar aquí teña un pouquiño de respecto. Xa sei que non o tiveron,

porque se tiveran algo de respecto por aquel patrimonio, non tería que haber unha sentenza que, a pesar de todo, recoñecerá isto que acabo de dicirle, porque o que lle estiven lendo foi a sentenza, señor Pita, unha sentenza pola que houbo que mover Roma con Santiago para que saíra exculpatoria, porque estaban *pringados* todos, desde a comisión provincial ata o Goberno de Madrid, e ata vostedes mesmos.

¡É increíble! Como non hai prensa, atrevese a dicir as barbaridades máis grandes do mundo. Ou sexa, dun ben que se acaba de restaurar agora –mellor dito, despois de quitarlle seis ou sete escaleiras, elementos fundamentais– e que o acaban de preparar para parador nacional de turismo, di que estaba en ruínas.

Vamos ver, fíxese o que alí se fixo, e isto é así, que está aí recoñecido na sentenza; a ver se o entende en castelán, fíxese, que iso foi o que se mandou a Madrid, un informe ben fundamentado: *“La total destrucción de la escalera de honor principal del monasterio”* –do século XVIII–; *“la destrucción de la escalera de acceso al coro, a la sala capitular y al campanario”* –do século XVIII–; *“la substitución de la escalera del refectorio”* –do século XVII–; *“la intervención que convierte la sacristía vieja”* –do século XVI– *“y el oratorio abacial”* –do século XVII e XIX– *“en servicios comunes del parador”* –para os retretes–, *“intervención doblemente reprobable, tanto por lo que supone de agresión a estas dependencias, como por lo que tiene de vejatorio para la sensibilidad de los creyentes. Seis, cómo cualifica esa institución el tapiado de gran parte de las puertas originales de acceso a las celdas monásticas y la indiscriminada apertura de otras nuevas, a veces a escasos centímetros...”*

O señor PRESIDENTE: Remate.

O SEÑOR LÓPEZ PÉREZ:...; *la destrucción casi total de la pintura del siglo XVI, la destrucción totalmente innecesaria del sistema exterior de regadío, etc”*. Pouco lle faltou para que o deixaran en ruínas, señor Pita, moi pouco. E non vaian vostedes contra o Concello, que non fixo ata agora nada máis que defender...

O señor PRESIDENTE: Señor López, non ten vostede a palabra. Non nos lea a sentenza completa.

Moitas grazas.

Ten a palabra o señor conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública para a resposta e a réplica.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Pita Varela): Señor presidente, unha vez máis, como non podía ser doutra maneira no señor López e no que representa o Bloque Nacionalista Galego, todo o que signifique reconstruír, restaurar, darlle vida, enchelo de todo o que hai que facer, loxicamente, moléstalles profundamente.

Eu, se alguén de vostedes... Os que algo estudamos de patrimonio e os que traballamos moitos anos en defensa do patrimonio –sobre todo, loxicamente, eu– dunha das cidades máis importantes, non só de Galicia, senón de España, en canto ao seu patrimonio cultural e real, que foi declarado conxunto histórico-artístico nacional, con dous monumentos nacionais non declarados LIC, senón moito máis especiais aínda...

Quérolle dicir, señor López, que visite vostede de verdade, porque me parece que non foi por alí. (*O señor López Pérez pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, pero, ao mellor, cadroulle que andaba polo camiño contrario, porque vostede, seguramente, mentres se estaba traballando en restaurar un monumento... A vostede o dos mosteiros nunca lle gustou, máis ben andaba por outros sitios que lle gustaban máis. (*O señor López Pérez pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Señor López, non interrompa, por favor.

O señor CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Pita Varela): Pero, dito isto, vou repetir o que lle dixen. Antes da restauración era unha ruína absoluta, porque o fomos visitar e fomos ver o que era aquilo. A denominada escaleira principal ou de honor era, antes da restauración –para que o saiba, porque vostede non se decata de nada, á parte de vir aquí a faltar ao respecto–, de formigón; fíxese o que lle estou dicindo, para que entenda: de formigón. Esa era a escaleira que vostede estaba citando.

O tramo de arranque, que era o que quedaba da orixinal, desmontouse e reconstruíuse. As pinturas murais, que voste-

des poñen no documento cando vostede fai a pregunta que son do século XVI, son do XIX, e foron obxecto dun completo proceso de restauración –aínda que a palabra “restauración” non entra no léxico de vostedes, porque lles soa a algo moi doutra época e doutro pensamento que non é o seu; vostedes non restauran, arrasan–. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Por outra banda, na sancristía vella adoptáronse as medidas protectoras necesarias, é dicir, cubrición de pavimento, arco [...], etc. Probablemente non houbera ningún arco medieval e, con toda seguridade, non se destruíu ningún. Existen, ademais –para que se tranquilice; eu xa sei que non, porque vostede non se tranquiliza nunca–, os informes das institucións consultivas en materia de bens culturais e ditames dos servizos técnicos competentes por razón de materia, que coinciden en que os criterios de intervención empregados por Turespaña non implican destrución ou dano do patrimonio. Non hai nin un só informe técnico que afirme que houbo destrución ou dano do patrimonio.

Para rematar, señor López, alégrome moito, señor presidente, señorías...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Pita Varela):..., da preocupación –señor presidente, un segundo– que vostede ten, porque antes vostedes eran os que destruían ese tipo de mosteiros. Hoxe, grazas a Deus [...].

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Pregunta de D.^a Laura Seara Sobrado, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o problema da anorexia e da bulimia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Seara Sobrado para formular a pregunta.

A señora SEARA SOBRADO: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro de Sanidade, vostede sabe –aínda que non estaba na Cámara– que o pasado mes de decembro o Grupo Socialista trouxo precisamente a esta Cámara unha

proposta dirixida a combater a anorexia e a bulimia. Durante o transcurso do debate da citada proposta, o voceiro do Grupo Popular manifestou que compartía a mesma preocupación ca nós polo incremento galopante destas enfermidades, consecuencia do trastorno nas condutas alimentarias, pero, desde logo, tamén todos coincidiamos en que tiña un gran transfondo sociolóxico. Non en van, aquí, ese mesmo día do debate, manexáronse diferentes cifras, todas terribles, e unha delas, por exemplo, dicía que 160.000 mozos galegos teñen risco de padecer anorexia ou bulimia; que o 3% das mulleres entre 14 e 18 anos sofre anorexia ou bulimia; que moitas destas mulleres padecen estas enfermidades, pero non o saben, é unha enfermidade camuflada; etc.

Por certo, onte mesmo –parece que foi oportuno–, sóubose que a Universidade Autónoma de Madrid fixo un estudo no que alertaba de que, só no ámbito universitario, un de cada cinco alumnos presenta un alto risco de desenvolver trastornos no comportamento alimentario, é dicir, de estar en risco de padecer anorexia ou bulimia. É moitísimo; un de cada cinco alumnos universitarios –especialmente alumnas–, señor Cochón, é unha cifra moi alta.

A proposta socialista que se debateu aquel día aquí, no Parlamento, incluía diversas medidas no plano sanitario e no educativo. Por exemplo, no plano sanitario, nós falabamos da eliminación das listas de espera nos tratamentos da anorexia e bulimia, da creación de unidades interdisciplinares nos hospitais públicos galegos, da declaración da anorexia e da bulimia como enfermidade de atención prioritaria, etc. Como lle digo, había tamén medidas educativas, como que os hospitais foran dotados de máis recursos. Había accións concretas e preventivas para combater estas enfermidades, pero, sobre todo, pedíase que se asumiran as conclusións do informe e da ponencia conxunta do Senado sobre a anorexia e bulimia.

Señor Cochón, despois de todo isto e de estar tan de acordo, o PP votou en contra da iniciativa e o señor Santalices alegou –cito textualmente– que “o Goberno galego xa asume e pon en práctica as recomendacións elaboradas por esa ponencia”. Permítame, señor Cochón, que non compartamos esa afirmación e que pensemos que non votaron aquel día a proposta no Parlamento de Galicia simplemente porque non quixeron, porque era unha proposta do Partido Socialista. Esa é a nosa opinión.

Cremos que non hai agora mesmo accións concretas e integrais por parte da Xunta de Galicia nesta cuestión. Por iso lle preguntamos que accións concretas está a realizar o Goberno galego para facer fronte ao problema da anorexia e da bulimia. Xa que non creron conveniente aprobar esa iniciativa, dicindo que...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora SEARA SOBRADO:... a Xunta cumpría esas esixencias, ¿cales son esas medidas concretas?

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Seara.

Ten a palabra o señor conselleiro de Sanidade para a resposta por parte da Xunta de Galicia.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Hernández Cochón): Si, señor presidente.

Señora Seara, vostede sabe que os trastornos da conduta alimentaria son problemas de saúde mental, tanto a anorexia como a bulimia, e precisan unha abordaxe interdisciplinar, biopsicosocial, e unha atención no nivel adecuado de acordo, coa súa gravidade. Unhas trátanse no ámbito da atención primaria; outras trátanse no nivel da atención especializada ambulatoria; outras no ámbito hospitalario, con hospitalización parcial ou con hospitalización total; e cando son máis graves, trátanse en unidades especiais.

A prevalencia destas enfermidades, segundo os datos que teñen os técnicos, non é a que di vostede. Neste momento, é do 0,5% ao 1% para anorexia nerviosa en adolescentes e adultos novos, e do 1% ao 3% en canto á bulimia.

Eu creo que o outro día –aínda que non estiven presente si lín as actas– o señor Santalices lle explicou polo miúdo todo o que se estaba a facer, é dicir, que a min me escusaría de contestarlle agora. Na nosa Comunidade Autónoma estanse facendo fundamentalmente dous tipos de accións: accións preventivas no ámbito da educación sanitaria e tamén no ámbito da educación sanitaria e tamén no ámbito da información, directas ou a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que fai accións directas

para os alumnos e tamén para os familiares, e da Consellería de Sanidade, que ten tamén multitude de accións neste campo preventivo, como non podía ser doutro xeito. Non crea, señora Seara, que é vostede a única que ten sensibilidade fronte a este problema, que é moi importante, aínda que as cifras que vostede dá non son cifras contrastadas. É un problema de saúde importante e tamén un problema social.

Falaba das accións preventivas, pero hai outras accións asistenciais que tamén foron postas de manifesto polo doutor Santalices. Hai unha comisión de expertos independentes na Consellería de Sanidade *ad hoc*, na que hai endócrinos; seis psiquiatras, dous deles infantís; psicólogos; médicos de atención primaria; un pediatra, etc. De acordo con isto, hai que facer detección en atención primaria e tratamento alí, se é preciso; derivación, se non ás unidades de saúde mental, que temos 35 na Comunidade Autónoma, aos centros de hospitalización parcial que temos sete, se se require máis especialización; ingreso en unidades de hospitalización, cando o control debe ser máis estrito, nos hospitais xerais, que temos nove e todos teñen unidades de hospitalización psiquiátrica; e, se non, derivación –necesaria en moi poucos casos– á unidade específica de desordes alimentarios que temos no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor conselleiro.

Ten a palabra a señora Seara Sobrado para a réplica.

A señora SEARA SOBRADO: Si, señor presidente.

Permítame que lle diga, señor Cochón, xa que vostede fixo especial fincapé na cuestión sanitaria, que no conxunto do Estado hai un hospital por provincia, polo menos, que atende este tipo de enfermos. En Galicia só hai un para toda a comunidade, que está na provincia da Coruña; é o primeiro dato que lle dou: no conxunto do Estado, un por provincia –ademais, pode contalos–, en todas as provincias do Estado, excepto en Galicia, onde hai só un.

Por certo, vostede falou de medidas e de accións; dígame que medidas –por iso lle fixen a pregunta– e que accións concretas. Faloume de accións educativas e eu non coñezo ningunha. Vostedes son moi amigos de sacar aquí os folle-

tos, os panfletos informativos que fan as consellerías, pero hoxe vostede veu aquí sen ningún, porque non hai ningún. Eu, polo menos, non o coñezo, se o ten gustaríame que mo dixeran, porque non o coñecemos.

Falei coas propias asociacións de afectados, coas asociacións de pais e de nais, sobre esta cuestión e pensan exactamente o mesmo ca min; non é unha cuestión ideolóxica, señor Cochón, vostede equivócase, nin o Partido Socialista o plantexou aquí como unha cuestión ideolóxica, convertérono vostedes nunha cuestión ideolóxica.

¿Onde están os puntos que o señor Santalices dixo que se cumprían do informe do Senado? Dígame, porque os teño aquí todos e non me dá tempo a lelos, pero, desde logo, que este grupo saiba, non se cumpre ningún deles, nin no ámbito educativo, nin nas prioridades dos plans anuais de formación, nin nos grupos de autoaxuda aos pais e ás nais das asociacións. De verdade, non encontrei aínda nin un só, señor Cochón, deste informe do Senado que teño aquí enteiro, que era o que nós pretendíamos que vostedes aprobaran e dixeran si, e que a Xunta de Galicia o cumpra. Por iso lle pido, unha vez máis –xa llo pedín na pregunta e mais na primeira intervención–, que me conteste que medidas e accións concretas e exactas levou a cabo a Xunta de Galicia respecto desta cuestión.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Seara.

Réplica por parte do señor conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Hernández Cochón): Si, señor presidente.

Di vostede –e parece que o saca dalgunha asociación– que hai un hospital por provincia, pero, desde logo non se parecen á unidade de desordes alimentarios que nós temos aquí, en Santiago. Eu díxenlle que temos catro provincias e nove hospitais que fan este tipo de atención, á parte dos 35 centros de saúde mental.

Se vostede non coñece as moitas publicacións –non lle traio aquí carteis, pero si que traio folletos para as persoas, para a xente en xeral, moitos centos de miles de diversos tipos xa se

repartiron–, hai guías específicas e técnicas para os centros de saúde mental infantojuvenil, para os médicos de atención primaria, para as unidades de saúde mental, para os hospitais que tratan este tipo de problemas. E, despois, hai un protocolo, que é un modelo desta unidade operativa de desordes alimentarios. Polo tanto, creo que temos algunhas cousas.

No deseño e posta en marcha do Plan estratéxico de saúde mental 2000-2009, tamén se toca especificamente este tema, como teñen que ser os centros e a avaliación que hai que facer. Desde logo, das cifras que dá vostede, das 160.000 persoas en risco, se o 3% van padecer a enfermidade, saen 4.800 enfermos, cousa que está absolutamente lonxe da realidade.

Di vostede –dicíao o outro día na proposición non de lei– que falece o 10%, e serían 480 falecidos ao ano, o cal é unha cifra absolutamente fóra do mundo. Non existe semellante cousa. E se todas as cifras que manexa vostede son dese teor, temos que dicir que as hai que rexeitar todas.

Mire, señora Seara, desde logo a súa xuventude, que é unha vantaxe, non a faculta para manexar os datos tan frivolumente como o está a facer, sobre todo, cando se trata dun

tema tan importante como é o tema das desordes ou dos trastornos das condutas alimentarias, fundamentalmente no que se refire á anorexia e á bulimia nerviosas, que son problemas –volvo insistirle– moi importantes. Hai outros trastornos da conduta alimentaria que son menos graves, menos importantes, pero cando se fala de anorexia e bulimia hai que falar con moita seriedade, porque –vólvolle insistir– para o que lle toca padecer este tipo de problemas non ten fácil solución, pero nós estamos a facer e a dar o tratamento máis axeitado, cunha unidade que ten profesimultidisciplinarios: endocrinólogos, médicos xerais, psiquiatras, psicólogos; ten todo o que hai que ter.

Volvo insistir en que os que necesitan este tipo de atención son unha porcentaxe mínima, a maioría trátanse con eficacia e cúranse moitos nos centros específicos que existen para iso nos hospitais, que tratan tamén outro tipo de problemas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor conselleiro.

Esgotados os puntos da orde do día, remata a sesión.

Remata a sesión ás dez e cinco minutos da noite.

**RELACIÓN DE DEPUTADOS E DEPUTADAS PROCLAMADOS ELECTOS
POR CADA CIRCUNSCRICIÓN**

PROVINCIA DA CORUÑA

Polo Partido Popular (PP):

- 1.- Manuel Fraga Iribarne
- 2.- Jaime Alberto Pita Varela
- 3.- Fernando Rodríguez Corcoba
- 4.- Marta Álvarez Montes
- 5.- Miguel Ángel Reviejo Ares
- 6.- Manuel Santos Ruíz Rivas
- 7.- Fernando Amarelo de Castro
- 8.- Alberto Sueiro Pastoriza
- 9.- Jesús María Fernández Rosende
- 10.- Manuel López Outeiral
- 11.- Diego Calvo Pouso
- 12.- José Manuel Mayán Santos

Polo Bloque Nacionalista Galego (BNG):

- 1.- Xosé Manuel Beiras Torrado
- 2.- Xesús Manuel Veiga Buxán
- 3.- Xosé Díaz Díaz
- 4.- Domingos Merino Mejuto
- 5.- María Tereixa Novo Arrojo
- 6.- Ana Belén Pontón Mondelo

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE):

- 1.- Miguel Cortizo Nieto
- 2.- Natividad González Laso
- 3.- Francisco Cerviño González
- 4.- María Soledad Soneira Tajés
- 5.- Francisco Sineiro García
- 6.- José Manuel Lage Tuñas

PROVINCIA DE LUGO

Polo Partido Popular (PP):

- 1.- Manuela López Besteiro
- 2.- José María García Leira
- 3.- José Manuel Barreiro Fernández
- 4.- María Jesús Tapia Fernández
- 5.- Susana López Abella
- 6.- Victoria Eugenia López Díaz
- 7.- Manuel Díaz Vázquez
- 8.- Remedios Castedo Carballo
- 9.- Ramón Carballo Páez

Polo Bloque Nacionalista Galego (BNG):

- 1.- Alberte Xullo Rodríguez Feixóo
- 2.- Emilio López Pérez
- 3.- Eduardo Gutiérrez Fernández

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE):

- 1.- Ricardo Varela Sánchez
- 2.- Ismael Rego González
- 3.- Margarita Pérez Herraiz

(Continúa)

POVINCIA DE OURENSE**Polo Partido Popular (PP):**

- 1.- Inmaculada Rodríguez Cuervo
- 2.- Miguel Ángel Santalices Vieira
- 3.- Roberto Castro García
- 4.- José Manuel Baltar Blanco
- 5.- María Dolores Rodríguez Seijas
- 6.- Maximino Rodríguez Fernández
- 7.- Cástor Gago Álvarez
- 8.- María Josefa Caldelas Fernández

Polo Bloque Nacionalista Galego (BNG):

- 1.- Alfredo Suárez Canal
- 2.- Xosé Henrique Rodríguez Peña
- 3.- Xosé Francisco Ferreiro Abelleira

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE):

- 1.- Laura Seara Sobrado
- 2.- Pablo Xabier López Vidal
- 3.- Manuel Luis Rodríguez González

POVINCIA DE PONTEVEDRA**Polo Partido Popular (PP):**

- 1.- Xosé Cuiña Crespo
- 2.- Enrique César López Veiga
- 3.- Marisol Bueno Berrío-Ategortua
- 4.- Xesús Palmou Lorenzo
- 5.- Beatriz González Loroño
- 6.- Ramón Sestelo Fernández
- 7.- Juan Pedrosa Vicente
- 8.- Pilar Rojo Noguera
- 9.- Juan Manuel Casares González
- 10.- Paula Janza Muñiz
- 11.- Alejandro Gómez Alonso
- 12.- César Augusto Pérez Arez

Polo Bloque Nacionalista Galego (BNG):

- 1.- Bautista Álvarez Domínguez
- 2.- Francisco Trigo Durán
- 3.- Salomé Álvarez Blanco
- 4.- Bieito Lobeira Domínguez
- 5.- Rosa Darriba Calviño

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE):

- 1.- Emilio Pérez Touriño
- 2.- Dolores Villarino Santiago
- 3.- Modesto Pose Mesura
- 4.- Carmen Gallego Calvar
- 5.- Pedro Borrajo Rivas



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Impresión e distribución: La Voz de Galicia, S.A.
Ronda de Outeiro, 1-3. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-255-1982. ISSN 1696-3490